CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Livro de Tristan e Livro de Merlin

Estudio, edición, notas e glosario

XUNTA DE GALICIA

Livro de Tristan e *Livro de Merlin*.
Estudio, edición, notas e glosario

COORDINADO POR

PILAR LORENZO GRADÍN
JOSÉ ANTÓNIO SOUTO CABO

EQUIPO DE INVESTIGACIÓN

MARIÑA ARBOR ALDEA
SANTIAGO GUTIÉRREZ GARCÍA
SANTIAGO LÓPEZ MARTÍNEZ-MORÁS
GERARDO PÉREZ BARCALA

EQUIPO DE APOIO

EVA MARÍA DÍAZ MARTÍNEZ
LEONARDO PONCIA

Centro Ramón Piñeiro
para a Investigación en Humanidades

Santiago de Compostela
2001

Edita
Xunta de Galicia
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Política Lingüística

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria
Celso Currás Fernández

Director Xeral de Política Lingüística
Xesús P. González Moreiras

Coordinador Científico
Constantino García

Director Técnico de Literatura
Anxo Tarrío Varela

Depósito Legal: C-571-2001
ISBN: 84-453-3047-0

Realización
Gráficas Sanpar, S.L.

Portada
Alfonso X El Sabio, *Cantigas de Santa María. Edición facsímil del Códice T.I.1 de la Biblioteca de San Lorenzo el Real de El Escorial (Siglo XIII).*
Edilán, Madrid, 1979, Cantiga CVIII.

Dende hai varios anos véñense desenvolvendo no Centro "Ramón Piñeiro" para a Investigación en Humanidades diversos proxectos relativos ó estudio da literatura galega medieval. O primeiro resultado desta actividade foi a edición do *corpus* lírico profano galego-portugués, publicado no ano 1996. Ese labor continúase agora coa primeira publicación que aborda o outro gran campo dos nosos estudios medievais, o da prosa literaria.

Non é preciso insistir aquí na gran significación da nosa producción medieval, tan valorada polos especialistas das distintas literaturas románicas e, sen embargo, estudiada en Galicia, pero, certamente, de xeito marxinal. Aínda que a poesía lírica veu espertando o maior interese da crítica contemporánea, hai, pola contra, poucos estudios –aínda que algúns moi meritorios– no eido da prosa. Emendar esta lagoa é o obxectivo principal do proxecto *Prosa Literaria Galega Medieval*, que ofrece o presente volume como primeiro contributo. A edición que se presenta dos fragmentos do *Livro de Tristan* e do *Livro de Merlin* inclúe elementos de grande interese, tanto para os investigadores como para o lector en xeral, xa que, ademais dos textos críticos, se ofrecen as correspondentes edicións paleográficas, acompañadas dos estudios, notas e glosario pertinentes.

Os textos que hoxe o lector ten nas súas mans intégranse no universo da coñecida como "materia de Bretaña", que dende Francia se espalla ó resto das literaturas romances, chegando tamén ó noso Finisterre. As narracións artúricas, destinadas á lectura individual ou colectiva, están en estreita relación coa peregrinaxe do home, coa busca das súas certezas máis individuais, a través dunha viaxe chea de perigos e vivencias estremecedoras. Non será difícil que o lector estableza paralelismos entre as aventuras daqueles heroes e a aventura da conciencia humana, que sempre vai á procura do afianzamento e da progresiva conquista da persoa.

Confío en que este libro contribúa a un mellor coñecemento e contextualización da prosa literaria en lingua galega e dos seus valores representativos. Por último, só quixera manifesta-la miña satisfacción por esta publicación, a primeira da que sen dúbida constituirá, nun futuro próximo, unha fecunda liña de investigación en Galicia.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

LIMIAR

O presente volume constitúe o primeiro froito do proxecto *Prosa Literaria Galega Medieval*, unha das partes integrantes do denominado *Arquivo Galicia Medieval*, que se desenvolve, baixo a coordinación de Mercedes Brea, no Centro "Ramón Piñeiro" para a Investigación en Humanidades da Xunta de Galicia[1].

Fronte á poesía lírica, que mostra dende fai tempo unha grande vitalidade e que ten conquistada unha posición importante no seo da crítica, os textos prosísticos mereceron ata o momento unha atención desigual por parte dos estudiosos, o que explica que, en liñas xerais, sexan pouco coñecidos fóra do ámbito dos especialistas na materia e que ocupen un lugar secundario nos libros de texto e nos manuais de carácter divulgativo. É certo que hai edicións moi meritorias e de gran altura filolóxica –como é o caso das realizadas por R. Lorenzo para *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla* e para a *Crónica Troiana*[2] ou a que levou a cabo J. L. Pensado dos *Miragres de Santiago*[3]– , pero moitas outras obras, a miúdo conservadas de maneira fragmentaria, contan con edicións deficientes ou, incluso, permanecen inéditas. Por este motivo, o obxectivo prioritario deste proxecto consiste na edición electrónica e en libro da totalidade do *corpus* prosístico galego da Idade Media, programa que se completará coa publicación dos textos de carácter documental, traballo este que dirixe, con outro equipo de investigación, o profesor R. Lorenzo no Instituto da Lingua Galega.

---

[1] O proxecto comezou a súa andaina coordinado por I. Pérez Pascual (Universidade da Coruña) e con B. Campos Souto como bolseira. Nesta primeira etapa leváronse a cabo reunións preliminares nas que, entre outras cuestións, se fixou o *corpus* textual no que se ía traballar. Nestas sesións participaron R. Lorenzo, M. Brea, M. C. Pallares, E. Portela, M. R. Mariño, X. Varela, E. Corral e M. López. Trala marcha do Prof. Pérez Pascual e de B. Campos, entraron a formar parte do proxecto en calidade de bolseiros S. Gutiérrez García e, durante un breve período de tempo, A. Vilariño e E. Díaz. Unha vez sentadas as bases do traballo, en marzo de 1999, e por invitación de M. Brea, directora do *Arquivo Galicia Medieval*, pasou a ser responsable dos estudios literarios do proxecto de prosa P. Lorenzo Gradín, que, xunto con J. A. Souto Cabo, é a coordinadora deste volume.

[2] R. Lorenzo Vázquez (ed.), *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijóo", Ourense, 1975-1977, 2 vols; *Idem*, *Crónica Troiana*, Real Academia Galega-Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1985.

[3] J. L. Pensado Tomé (ed.), *Miragres de Santiago*, Anejo XIV de la *Revista de Filología Española*, Madrid, 1958.

O labor que se desenvolve no Centro "Ramón Piñeiro" para a prosa de carácter literario abrangue unha dobre vertente, pois contempla tanto a edición no formato tradicional de libro como a dixitalización das obras, sobre todo daquelas que aínda non foron editadas, das que posúen unha edición crítica deficiente ou daquelas que están esgotadas; os textos figurarán, así mesmo, nunha base de datos permanente que, a través de Internet, será facilmente accesible para os estudiosos e interesados na materia en calquera parte do mundo.

Ademais da revisión (ou, no seu caso, nova edición) de cada un dos testemuños, e dado que existen notables diverxencias na práctica editorial á hora de presenta-los textos, unha das tarefas prioritarias deste proxecto foi fixar uns criterios de edición. Estes deben responder a unha dobre premisa, pois teñen que respecta-la realidade lingüística dos textos e deben, así mesmo, facilita-la futura realización de traballos de busca por medio de mecanismos informáticos.

Pero non só se trata de que os textos cheguen a máis público, senón de que tamén o fagan en mellores condicións e coa maior cantidade posible de información, para que o lector interesado comprenda o lugar que ocupan na historia da literatura, a súa transmisión, as peculiaridades que ofrecen, as relacións e variacións que presentan con respecto ás fontes empregadas, a caracterización lingüística que permite situalos en ámbito galego, etc. Para responder a estas esixencias, as obras obxecto de análise van acompañadas dos correspondentes estudios, que permitirán unha comprensión integral das mesmas.

Unha vez fixado o *corpus* textual obxecto de estudio, e tendo en conta o seu volume, decidiuse que o primeiro testemuño que se debía tomar en consideración debía se-lo fragmento do *Livro de Tristan* (*T*), que, como se sabe, é unha traducción do *Tristan en prose* francés levada a cabo en Galicia cara á segunda metade do século XIV. A edición e análise deste texto permite proporcionar unha visión bastante axeitada do que debeu se-la difusión da coñecida como "materia de Bretaña" no oeste peninsular, que neste campo literario, coma noutros, seguiu as grandes correntes estéticas que daquela imperaban na Europa occidental. En efecto, o estudio da penetración da literatura artúrica en Galicia e Portugal demostra a asimilación e adaptación, sorprendentes pola rapidez con que se produciron, destes modelos culturais nunha zona que, como lle sucede ó noroeste peninsular, se sitúa na periferia do continente europeo.

Considerouse oportuno completar este estudio coa inclusión do fragmento do *Livro de Merlin* portugués (*T*), realizado no mesmo século cá versión galega do *Tristan* e que resulta moi útil para establecer un confronto entre a literatura artúrica que circulaba a unha e outra beira do río Miño.

Para darlle ó lector orientacións de lectura máis firmes e para facer das obras instrumentos de traballo accesibles e actuais, iniciouse o libro cunha introducción xeral na que se tenta explicar de xeito abreviado o proceso de formación da materia bretona e a súa transmisión e difusión en Galicia e no conxunto da Península Ibérica. A integración dos textos nun mundo propio, nunha especie de microcosmos no que se entrecruzan elementos e tradicións de procedencia dispar, permite dar conta do seu estatuto peculiar na cultura literaria do Medievo.

Así mesmo, ambos relatos van acompañados dunha análise na que, partindo das fontes francesas –que, no caso do *Tristan*, son máis aproximadas ca para o *Merlin*–, se tenta establece-la canle de transmisión que permitiu a chegada dos *romans* de *oïl* ó noroeste ibérico, dando tamén conta da orixinalidade literaria dos fragmentos obxecto de estudio. Por outra banda, a análise dos textos complétase cun elenco de personaxes e lugares, no que se pretenden ofrecer a grandes trazos as claves interpretativas das figuras e espacios mencionados nas narracións galega e portuguesa. Para a elaboración desta parte, concibida como unha especie de diccionario[4], foi necesario ter presente o conxunto da materia artúrica nas literaturas romances e, ás veces, tamén o contexto histórico no que se desenvolveu a materia bretona. Cada unha das entradas vai acompañada das referencias bibliográficas que se consideraron esenciais, pois o carácter divulgativo desta parte do libro aconsellou facer unha selección das múltiples achegas teóricas coas que nalgúns casos se contaba. Por último, a edición dos fragmentos e o seu estudio literario completáronse cunha nota lingüística e cun glosario de voces, aspectos estes últimos que son de suma importancia para situar xeograficamente (e, ás veces, tamén dende o punto de vista cronolóxico) as respectivas versións do *Tristan* e do *Merlin*.

[4] A este propósito resultaron de grande utilidade os seguintes traballos: C. Alvar, *El rey Arturo y su mundo. Diccionario de mitología artúrica*, Alianza Editorial, Madrid, 1991; N. J. Lacy (ed.), *The New Arthurian Encyclopedia*, Garland, New York-London, 1991; G. D. West, *An Index of Proper Names in French Arthurian Verse Romances (1150-1300)*, University of Toronto Press, Toronto, 1969; *Idem*, *French Arthurian Prose Romances. An Index of Proper Names (1150-1300)*, University of Toronto Press, Toronto, 1977.

Os testemuños preséntanse en edición paleográfica[5] (ou, se se prefire, semipaleográfica, xa que, para a comodidade do público non especializado, se procedeu a separa-las palabras e a resolve-las abreviaturas), que reflicte as peculiaridades de cada fragmento e que favorece, entre outras, as pescudas de tipo lingüístico. A continuación ofrécese a correspondente edición crítica, na que se eliminaron todos aqueles aspectos que non se consideraron relevantes dende o punto de vista filolóxico (*cfr.* o epígrafe correspondente ós *Criterios de edición*) e que os especialistas poden valorar, xunto coas lecturas dadas, apoiándose no respectivo aparato crítico e no texto paleográfico, que reproduce coa maior fidelidade posible os códices. Para que o lector non se faga expectativas inxustificadas, debemos sinala-las dificultades que se tiveron ó traballar coa reproducción fotográfica do *Livro de Tristan*, impresa na edición do profesor Pensado[6]. En efecto, esta, aínda que permitiu corrobora-las leccións e interpretacións do filólogo salmantino e precisar pequenos detalles do seu texto, non pode supli-la consulta do orixinal (desafortunadamente perdido), que permitiría traballar con maior precisión e rigor filolóxicos.

Para a análise e fixación dos textos tivéronse en conta tódalas edicións e estudios precedentes, sinalando en cada caso como se recolleron e desenvolveron as ideas dos que nos antecederon nesta *aventura*. No caso do fragmento tristaniano, resultou de enorme utilidade a edición realizada polo xa mencionado J. L. Pensado, punto de partida básico para calquera análise da materia tristaniana en Galicia; para o *Merlin*, ademais da consulta directa dos folios de pergamiño que transmitiron unha pequena parte do relato, revelouse fundamental o estudio publicado por A. Soberanas[7], que foi o investigador que no seu día sacou á luz o fragmento portugués depositado na Biblioteca de Catalunya.

O traballo en grupo foi moi enriquecedor e, unha vez definidos os textos que se debían tomar en consideración, a división interna das tarefas procurou adecuarse ós criterios de competencia e ás liñas de investigación

---

[5] Queremos deixar constancia do noso agradecemento a M. C. Pérez González e a M. C. Portela Silva, que confirmaron e, nalgúns casos, aclararon cos seus coñecementos certas lecturas da reproducción fotográfica do fragmento de *Tristan*.

[6] J. L. Pensado Tomé (ed.), *Fragmento de un "Livro de Tristán" galaico-portugués*, Anejo XIV de *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago de Compostela, 1962.

[7] A. Soberanas (ed.), "La version galaïco-portugaise de la *Suite du Merlin*", *Vox Romanica*, XXXVIII (1979), pp. 174-193.

a que cada un dos integrantes do equipo se dedica. Así, unha gran parte do traballo teórico, o estudio correspondente do *Merlin* e o elenco de voces que figura na parte final do libro foron elaborados por S. Gutiérrez García. A análise literaria do *Tristan* e a súa contextualización correron a cargo de S. López Martínez-Morás e G. Pérez Barcala. Finalmente, a fixación dos criterios de edición, a transcrición paleográfica dos testemuños, o establecemento do correspondente texto crítico e a elaboración da nota lingüística foron realizados por M. Arbor Aldea, P. Lorenzo Gradín e J. A. Souto Cabo. Por último, son responsables do glosario de termos que completa o libro M. Arbor, E. Díaz e P. Lorenzo.

Para finalizar, os coordinadores deste volume queremos agradece-la colaboración e xenerosidade das profesoras M. Brea e E. Corral, que estiveron sempre dispostas a concedernos parte do seu tempo non só para axudarnos a resolver dúbidas e problemas particulares, senón tamén para facernos suxestións que contribuíron eficazmente a unha mellor exposición dos diversos contidos deste libro.

Como todo traballo de investigación, tamén este parte das achegas previas realizadas polos estudiosos da materia, polo que, novamente, non somos máis ca "ananos subidos ós ombreiros de xigantes". Desexamos que tódolos que lean este libro saiban tomalo como un balance provisional, que sirva á vez de instrumento de traballo e de estímulo para investigacións futuras, porque o que debe guiar sempre o estudioso é o enriquecemento e a multiplicidade dos puntos de vista. Só esperamos que moitos de vostedes se deixen engaiolar por uns relatos que sentaron en gran medida as bases da novela moderna e polos delirios, paixóns e aventuras de Tristán e Merlín, personaxes que ofrecen peripecias vitais que aínda hoxe fan reflexiona-lo lector moderno.

ESTUDIO INTRODUCTORIO

CAPÍTULO I

A MATERIA DE BRETAÑA NO OCCIDENTE PENINSULAR

Entre os anos 1135 e 1136 saíu á luz na Inglaterra anglonormanda a *Historia Regum Britanniae*[1], unha crónica fabulosa da illa de Bretaña composta polo galés Geoffrey de Monmouth, que contou no seu libro os avatares da illa durante o período de dominación celta. A devandita obra non só resultou transcendental pola súa influencia na historiografía medieval[2], senón porque favoreceu o espallamento polas literaturas do occidente europeo das lendas sobre o rei Artur, o mítico monarca bretón que loitara no século VI contra os invasores saxóns. En efecto, a quinta parte da *Historia* está dedicada ós tempos artúricos, aínda que, se se teñen en conta os anos que precederon a chegada do rei ó trono, estes abranguen a metade do libro. A pesar de que as tradicións sobre este personaxe circulaban dende había séculos entre os bretóns, foi Monmouth o que as deu a coñecer ás dúas beiras da Canle da Mancha[3]. A temperá versión ó francés que levou a cabo Robert Wace (1155)[4] favoreceu aínda máis a difusión da narración de Geoffrey entre as clases aristocráticas do continente. A *Historia Regum Britanniae*, xa que logo, adoita considerarse o punto de partida da denominada "materia de Bretaña".

No século e medio seguinte, mentres se desenvolve o incipiente xénero do *roman*, compóñense as grandes obras da literatura artúrica. Na segunda metade do século XII, Chrétien de Troyes escribe os cinco *romans* que del se

---

[1] A *Historia Regum Britanniae* estaría rematada a finais de 1135 ou a comezos de 1136, pouco despois da morte de Henrique I Beauclerc (E. K. Chambers, *Arthur of Britain*, Speculum Historiale-Barnes & Noble, Cambridge-New York, 1964, p. 41; R. A. Caldwell-J. J. Parry, "Geoffrey of Monmouth", en R. S. Loomis (coord.), *Arthurian Literature in the Middle Ages. A Collaborative History*, Oxford University Press, Oxford, 1959, p. 80; E. Faral, *La légende arthurienne. Étude et documents*, Honoré Champion, Paris, 1993, vol. II, pp. 10-36).

[2] Da *Historia* consérvanse case douscentos testemuños textuais, dos que cincuenta conteñen a obra íntegra. Tal difusión reflicte a grande influencia que tivo a crónica de Monmouth nos ambientes intelectuais daquel momento (Caldwell-Parry, "Geoffrey of Monmouth", p. 88).

[3] A primeira referencia á *Historia* data de 1139, cando Henry of Huntingdon atopa un exemplar da obra na abadía de Bec, en Normandía (*Ibidem*, p. 80).

[4] Segundo o testemuño de Layamon, autor dunha versión ó inglés do *Roman de Brut*, este foille presentado por Wace a Leonor de Aquitania, muller de Henrique II Plantagênet. De tódolos xeitos, o poema non conserva dedicatoria (J. S. P. Tatlock, *The Legendary History of Britain. Geoffrey of Monmouth's "Historia Regum Britanniae" and Its Early Vernacular Versions*, University of California Press, Berkeley-Los Angeles, 1950, pp. 503-530; Ch. Foulon, "Wace", en Loomis, *Arthurian Literature*, pp. 94-95).

conservan: *Erec et Enide* (ca. 1170), *Cligès* (ca. 1176), *Yvain* ou *Le Chevalier au Lion*, *Lancelot* ou *Le Chevalier de la Charrette* (ambos redactados entre ca. 1177 e 1181) e *Perceval* ou *Li contes del graal* (composto entre ca. 1181 e 1190). A partir do escritor champañés, ofrécense dúas grandes vías para o cultivo da materia artúrica: os *romans* biográficos en verso, segundo a liña iniciada por Chrétien –os coñecidos como *romans* posclásicos–, e a composición de grandes ciclos en prosa, dotados dunha perspectiva totalizadora coa que se pretende atinxi-lo maior número de acontecementos posible do reinado de Logres ata a desaparición da cabalería artúrica na batalla de Salesbières. Da primeira corrente merecen destacarse relatos como *Li Beus Desconneus* de Renaut de Beaujeu (ca. 1200) ou o *Meraugis de Portlesguez* de Raoul de Houdenc (ca. 1210); da segunda, o ciclo de Robert de Boron –integrado polo *Joseph d'Arimathie*, o *Merlin* e o *Perceval en prose* e redactado arredor de 1200–, o da *Vulgata* ou do *Lancelot-Graal* –formado pola *Estoire dou Saint Graal*, o *Merlin*, o *Livre de Lancelot du Lac*, a *Queste dou Saint Graal* e a *Mort Artu*, foi escrito entre 1215 e 1235[5]–, o ciclo da *Post-Vulgata* –considerado como unha reinterpretación e reelaboración do anterior, intégrano a *Estoire dou Saint Graal*, o *Merlin* e a *Queste dou Saint Graal* e foi composto entre 1230 e 1240– e o *Tristan en prose*, centrado na figura de Tristán e que circulaba nunha primeira versión cara a 1235[6].

A difusión da materia de Bretaña polas terras do occidente europeo debeuse producir en data moi temperá, tal vez mesmo antes da composición da *Historia Regum Britanniae*. Así parece demostralo o relevo da arquivolta da

[5] Como se sabe, o ciclo do *Lancelot-Graal* conformábao, nun primeiro momento, unha triloxía que se denomina *Lancelot en prose* e que estaba integrada polo *Livre de Lancelot du Lac*, a *Queste dou Saint Graal* e a *Mort Artu*.

[6] Da amplísima bibliografía sobre estes ciclos en prosa, véxanse, entre outros, F. Bogdanow, "The *Suite du Merlin* and the Post-Vulgate *Roman du Graal*", en Loomis, *Arthurian Literature*, pp. 325-335; *Idem, The Romance of the Grail. A Study of the Structure and Genesis of a Thirteenth-Century Arthurian Prose Romance*, Manchester University Press-Barnes & Noble, Manchester-New York, 1966; *Idem,* "La trilogie de Robert de Boron: le *Perceval* en prose", en *Grundriss der romanischen Literaturen des Mittelalters*. Vol. IV/1. *Le roman jusqu'à la fin du XIII^e siècle*, Carl Winter Verlag, Heidelberg, 1978, pp. 513-535; J. Frappier, "The Vulgate Cycle", en Loomis, *Arthurian Literature*, pp. 295-318; *Idem,* "Le cycle de la *Vulgate* (*Lancelot en prose* et *Lancelot-Graal*)", en *Grundriss der romanischen Literaturen des Mittelalters*, pp. 536-589; R. Lathuillère, "Le *Roman du Graal* postérieur à la *Vulgate* (Cycle du Pseudo-Robert de Boron)", en *Ibidem*, pp. 615-622; P. Le Gentil, "The Work of Robert de Boron and the *Didot-Perceval*", en Loomis, *Arthurian Literature*, pp. 251-262; F. Lot, *Étude sur le Lancelot en prose*, Honoré Champion, Paris, 1984. Para a bibliografía específica do *Tristan en prose*, remitimos ó capítulo dedicado ó fragmento galego do *Tristan*.

catedral de Módena (ca. 1142), no que se representa a Artur e ós seus homes, entre os que figuran Galvaginus (Galván) e Che (Keu), acudindo en rescate da raíña Winlogee (Xenebra), que fora raptada por Burmaltus, Mardoc e Carado[7]. Tamén sería de comezos do século XII o relevo da *Porta Francigena* da Catedral de Santiago de Compostela. O máis probable é que o guerreiro aí representado nunha barca coa súa espada e un can sexa Tristán ferido na embarcación que o levará a Irlanda[8].

A presencia dun episodio da lenda tristaniana en Galicia nunha data como a que se ten proposto está relacionada, sen dúbida, cos intercambios culturais chegados a través do Camiño de Santiago, que debeu favorece-lo espallamento das historias de ambiente bretón. De feito, outra cidade situada no camiño a Compostela, Astorga, desempeñou un papel de relevo na recepción e transmisión da literatura artúrica durante os séculos XIII e XIV[9]. De tódolos xeitos, e segundo demostran os estudios antroponímicos de D. Hook, as vías de penetración da materia de Bretaña na Península foron moi diversas e remontan a datas sorprendentemente temperás[10]. Os achados que este tipo de pescudas teñen proporcionado adiantan en case medio século ás primeiras mencións literarias que se fan deste tipo de narracións, ó tempo que presentan unha distribución xeográfica que sorprende pola súa amplitude, xa que en tódolos reinos peninsulares se atopan con similar recorrencia persoas bautizadas con nomes dos cabaleiros artúricos.

En efecto, á marxe do camiño de Santiago como canle de difusión da materia artúrica, os reinos da Coroa de Aragón deberon recibi-las primeiras noticias dos novos relatos a través da veciña Provenza. As referencias contidas

---

[7] Tatlock, *The Legendary History*, p. 214; R. S. Loomis, "The Oral Diffusion of the Arthurian Legend", en Loomis, *Arthurian Literature*, pp. 60-61.

[8] S. Moralejo, "Artes figurativas y artes literarias en la España medieval: románico, romance y *roman*", *Boletín de la Asociación Europea de Profesores de Español*, XVII (1985), pp. 61-70.

[9] Así, por exemplo, P. Bohigas sostén que a primeira traducción a unha lingua vernácula peninsular –en concreto o ciclo da *Post-Vulgata* en leonés– se levou a cabo en Astorga a comezos do século XIV (P. Bohigas Balaguer, *Los textos españoles y gallego-portugueses de la "Demanda del Santo Grial"*, C.S.I.C., Madrid, 1925).

[10] D. Hook, "*Domnus Artux*: Arthurian Nomenclature in 13th-c. Burgos", *Romance Philology*, XLIV (1990-1991), pp. 162-164; *Idem*, *The Earliest Arthurian Names in Spain and Portugal*, Fontaine Notre Dame, Saint Albans, 1991; *Idem*, "Further Early Arthurian Names from Spain", *La Corónica*, XXI, 2 (1992-1993), pp. 23-33; *Idem*, "Esbozo de un catálogo acumulativo de los nombres artúricos peninsulares anteriores a 1300", *Atalaya. Revue Française d'Études Médiévales Hispaniques*, VII (1996), pp. 135-152. *Cfr.*, así mesmo, M. García Blanco, "Sobre los nombres épicos", *Revista de Filología Española*, XXI (1934), p. 280.

na lírica occitana demostran o alto grao de familiaridade que os trobadores de *oc* tiñan, xa no século XII, coa literatura artúrica[11], e, de feito, o primeiro *roman* deste xénero composto na Península, o *Jaufré*, foi redactado en lingua occitana probablemente na corte de Xaime I ó redor da segunda metade do século XIII[12]. Outra vía de penetración da literatura artúrica constituiríaa a política matrimonial dos reis de Castela e León, emparentados coa monarquía anxevina dende mediados do século XII. Así, por exemplo, Afonso VIII casou con Leonor, filla de Henrique II Plantagênet e de Leonor de Aquitania, en tanto que, xa no século XIII, unha irmá de Afonso X o Sabio, así mesmo chamada Leonor, casou con Eduardo I Longshanks, daquela duque de Gascuña[13]. Polo demais, as alianzas de Portugal con Inglaterra e Francia favoreceron os intercambios culturais entre estes reinos e deberon de ser unha canle perfecta para a transmisión da materia de Bretaña na parte occidental da Península Ibérica[14].

Polo que respecta á datación das primeiras referencias literarias á materia artúrica na Península, a máis antiga sitúase no ano 1170, cando Guiraut

---

[11] *Cfr.* J. Anglade, *Les troubadours et les Bretons*, Publications Spéciales de la Société des Langues Romanes, vol. XXIX, Montpellier, 1929; R. Lejeune, "The Troubadours", en Loomis, *Arthurian Literature*, pp. 393-399.

[12] Para a controvertida datación do *Jaufré*, véxase R. Lejeune, "La date du roman de *Jaufré*", *Le Moyen Âge*, LIV (1948), pp. 267-270; *Idem*, "À propos de la datation du roman de *Jaufré*", *Revue Belge de Philologie et d'Histoire*, XXXI (1953), pp. 717-747; P. Rémy, "À propos de la datation du roman de *Jaufré*", *Revue Belge de Philologie et d'Histoire*, XVIII (1950), pp. 1349-1377; *Idem*, "*Jaufré*", en Loomis, *Arthurian Literature*, pp. 400-405; G. Pinkernell, "Zur Datierung des provenzalischen *Jaufré*-Romans", *Zeitschrift für romanische Philologie*, LXXXVIII (1972), pp. 105-110; E. Baumgartner, "Le roman aux XII^{e} et XIII^{e} siècles dans la littérature occitane", en *Grundriss der romanischen Literaturen des Mittelalters*, p. 634; P. Lorenzo Gradín, "*Jaufre* o el orden ambiguo", en *De l'aventure épique à l'aventure romanesque. Mélanges offerts à André de Mandach par ses amis, collègues et élèves, recueillis et présentés par Jacques Chocheyras*, Peter Lang, Berlin, 1997, pp. 201-219; A. Espadaler, "El Rei d'Aragó i la data del *Jaufré*", *Cultura Neolatina*, LVII (1997), pp. 199-207.

[13] M. R. Lida de Malkiel, "Arthurian Literature in Spain and Portugal", en Loomis, *Arthurian Literature*, p. 406; W. J. Entwistle, *A lenda arturiana nas literaturas da Península Ibérica*, Imprensa Nacional de Lisboa, Lisboa, 1942, pp. 28-29; H. L. Sharrer, "The Acclimatization of the *Lancelot-Grail* Cycle in Spain and Portugal", en W. W. Kibler (ed.), *The Lancelot-Grail Cycle: Text and Transformations*, University of Texas Press, Austin, 1994, p. 176.

[14] A. P. Hutchinson, *Europeans Relations of Portuguese Arthurian Literature*, University of Manchester, Manchester, 1984 [Thesis Presented for the Degree of Master of Philosophy], pp. 165-166; J. Mattoso, *História de Portugal. Vol. II. A monarquia feudal (1096-1480)*, Editorial Estampa, Lisboa, 1993, p. 485.

Cabrera compón o seu *ensenhamen* dedicado ó xograr Cabra[15]. Uns anos despois, en 1196, o *Fuero de Navarra* amosa unha clara débeda coa tradición historiográfica xurdida da *Historia Regum Britanniae*. Similares influencias rastréxanse no *Liber Regum* (ou *Chronicon Villarense*), redactado así mesmo en Navarra cara a 1200, nos *Anales Toledanos Primeros*, datados en 1217, e, xa avanzado o século XIII, na *General Estoria* afonsí[16]. Aínda despois do ano 1300 se atopa a pegada desta liña de transmisión textual na *Crónica Geral de Espanha de 1344*, na *Crónica de 1404* e no *Livro de Linhagens* de Don Pedro, conde de Barcelos. Todos estes textos baséanse no *Liber Regum* de maneira indirecta, a través do denominado *Libro de las Generaciones*[17].

Unha fonte non menos importante para calibra-la presencia da materia artúrica nas literaturas hispánicas do século XIII constitúena as mencións contidas na lírica galego-portuguesa[18]. A máis antiga, datada cara á metade

[15] A pasaxe do texto que nos interesa é a seguinte:

"Non sabz finir,
Al mieu albir,
A temperatura de Breton.
(...)
Ni sabs d'Erec
Con conquistec
L'esparvier for de sa rejon
(...)
Ni de Cardueill
(...)
Ni de Tristan
C'amava Yseut a lairon,
Ni de Gualvaing
Qui ses conpaing
Fazia tanta venaison.
(...)
Ni d'Arselot la contençon"

(O texto procede de M. Milá i Fontanals, *De los trovadores en España*, C.S.I.C.-Patronato Menéndez Pelayo-Instituto Miguel de Cervantes, Barcelona, 1966, pp. 243-251).

[16] M. Milá i Fontanals, *De la poesía heroico-popular castellana*, C.S.I.C.-Patronato Menéndez Pelayo-Instituto Miguel de Cervantes, Barcelona, 1954, p. 474; Lida de Malkiel, "Arthurian Literature", p. 407; J. Paredes Núñez, "La Materia de Bretaña en la literatura peninsular (la literatura genealógica)", en A. A. Nascimento-C. Almeida Ribeiro (eds.), *Actas do IV Congresso da Associação Hispânica de Literatura Medieval (Lisboa, 1-5 Outubro 1991)*, Edições Cosmos, Lisboa, 1993, vol. III, p. 234.

[17] *Cfr.* D. Catalán, *De Alfonso X al conde de Barcelos*, Gredos, Madrid, 1962, pp. 360-408; J. Casas Rigall, *La materia de Troya en las letras romances del siglo XIII hispano*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, pp. 96-97.

[18] *Cfr.*, a este respecto, H. L. Sharrer, "La materia de Bretaña en la poesía gallego-portuguesa", en V. Beltrán (ed.), *Actas del I Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval, Santiago de Compostela, 2 al 6 de Diciembre de 1985*, P.P.U., Barcelona, 1988, pp. 561-569; C. Alvar, "Poesía gallego-portuguesa y materia de Bretaña: algunas hipótesis", en M. Brea López (coord.), *O cantar dos trobadores. Actas do Congreso celebrado en Santiago de Compostela entre os días 26 e 29 de abril de 1993*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1993, pp. 31-51.

desa centuria, aparece na cantiga *Ũa donzela jaz preto d'aqui* (97,44) de Martin Soarez[19], texto no que o protagonista obxecto das burlas recibe o nome de *Don Caralhote*, termo burlesco baseado no de Lanzarote. A fonte deste escarnio estaría no *Livre de Lancelot du Lac* do ciclo da *Vulgata*[20]. Contemporáneas serían as mencións contidas na poesía afonsí. Unha delas está incluída na producción profana do monarca castelán e outras tres nas súas cantigas marianas. En *Ben ssabia eu, mha senhor* (18,5) pondéranse os sufrimentos amorosos do poeta comparándoos cos que pasaron Tristán e Iseo. A número XDXIX das *Cantigas de Santa María*[21], pola súa parte, compara a desaparición da Virxe o día da Ascención coa do rei Artur. O soberano bretón vólvese citar na cantiga XXXV, na que se di que foi o fundador da cidade inglesa de Dover. Polo que atinxe á cantiga CVIII, esta conta como Merlín, coa axuda da Virxe, converte uns xudeos á fe de Cristo. Por último, nesta mesma xeración poética, o trobador portugués Gonçal'Eanes do Vinhal alude en *Maestre, todo' lus vossos cantares* (60,5) a uns *cantares de Cornoalha* que tal vez se poidan referir a pezas de ambiente bretón[22].

Na derradeira etapa da lírica galego-portuguesa atópanse novas alusións: así, Don Denis, como xa fixera o seu avó, cita a Tristán e Isolda como paradigma dos amores sufridos en *Senhor fremosa e de mui loução* (25,113); Estevan da Guarda, pola súa banda, refírese ó brado de Merlín en *Com'avẽeo a Merlin de morrer* (30,7), e Fernand'Esquio menciona a Besta Ladrador en *Disse un*

---

[19] As referencias ós textos líricos proceden de M. Brea López (coord.), *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica*, realizado por F. Magán Abelleira, I. Rodiño Caramés, M. C. Rodríguez Castaño, X. X. Ron Fernández, A. Fernández Guiadanes e M. C. Vázquez Pacho, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro", Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1996, 2 vols.

[20] S. Gutiérrez García, "A corte poética de Afonso III o Bolonhês e a materia de Bretaña", en D. W. Flitter-P. Odber de Baubeta (eds.), *Ondas do Mar de Vigo. Actas do Simposio Internacional sobre a Lírica Medieval Galego-Portuguesa*, University of Birmingham Press, Birmingham, 1998, pp. 108-123. Para outra interpretación, aínda que así mesmo baseada no *Lancelot*, *vide* J. M. D'Heur, "De Caradoc à Caralhote. Sur une pièce obscure de Martin Soares et son origine française presumée (Arthurienne I)", *Marche Romane*, XXIII-XXIV (1973-1974), pp. 251-264, e Sharrer, "The Acclimatization", pp. 177-178.

[21] A edición empregada é a de W. Mettmann (ed.), *Alfonso X el Sabio. Cantigas de Santa María*, Castalia, Madrid, 1986-1989, 3 vols.

[22] De tódolos xeitos, a vaguidade da alusión non permite precisa-la verdadeira natureza deses misteriosos *cantares*. *Cfr.* ó respecto J. M. D'Heur, "Gonçal'Eanes do Vinhal, ses 'chansons de Cornoaille' et le respect de l'art poétique (Arthurienne II)", en G. Colon-R. Kopp (eds.), *Mélanges de langues et de littératures romanes offerts à Carl Theodor Gossen*, Franck Verlag-Marche Romane, Bern-Liège, 1976, pp. 185-194, e Alvar, "Poesía gallego-portuguesa", pp. 42-45.

infante ante sa companha (38,3[bis]). Nestes dous últimos casos, a fonte máis probable sería a *Suite du Merlin* do ciclo da *Post-Vulgata*. A estas mencións hai que lles engadi-los denominados *Lais de Bretanha*. Coñécense con este nome as cinco composicións líricas conservadas no comezo do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* de Lisboa (*B*) e no códice misceláneo Vat. lat. 7182 (V^a), e que están así mesmo mencionadas na *Tavola Colocciana: Amor des que m'a vos cheguei* (157,5), *Don Amor, eu cant'e choro* (157,18), *Ledas sejamos ogemais!* (157,28), *Mui gran temp'á, par Deus, que eu non vi* (157,32) e *O Marot aja mal-grado* (157,35)[23].

Os *Lais de Bretanha* amosan o alto grao de asimilación que a literatura artúrica acadou a comezos do século XIV na Península Ibérica. É nesa época cando se compoñen as primeiras obras vernáculas inspiradas nos *romans* franceses, como é o caso do *Libro del caballero Zifar* e do *Amadís de Gaula*[24]. É tamén neses anos cando se datan as primeiras traduccións dos ciclos franceses ás linguas peninsulares. A teoría máis estendida supón que as primeiras versións se levaron a cabo a partir dos textos que Afonso III o Boloñés traería a Portugal despois da súa estadía en Francia. I. Castro identifica o traductor cun frade da orde de Santiago de nome Joam Vivas, contemporáneo do citado monarca, o que permite concluír que realizaría o seu labor cara á metade do século XIII[25]. Sen embargo, o contributo de Afonso III, con ser transcendental, nin sequera abonda para explicar tódalas mencións contidas na lírica galego-portuguesa[26]. A súa importancia radicaría en que probablemente foi na súa corte na que comezaron a circular obras artúricas en lingua vernácula, o que sen dúbida favoreceu o espallamento destes relatos pola Península Ibérica.

---

[23] Véxanse as informacións dadas por A. Ferrari, "Lai", en G. Lanciani-G. Tavani (coords.), *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, Caminho, Lisboa, 1993, p. 375, así como Sharrer, "The Acclimatization", pp. 179-180. Para unha análise máis pormenorizada destes textos, remitimos ó capítulo dedicado ó fragmento galego do *Tristan*.

[24] *Cfr.* J. B. Avalle-Arce, *Amadís de Gaula: el primitivo y el de Montalvo*, Fondo de Cultura Económica, México, 1990, pp. 95-100.

[25] I. Castro, "Sobre a data da introdução na Península Ibérica do ciclo arturiano da Post-Vulgata", *Boletim de Filologia*, XXXVIII (1983), pp. 81-98.

[26] Pénsese na cantiga mariana CVIII, para a que se ten proposto como fonte un episodio contido en *Les Prophecies de Merlin*, obra composta en Italia entre os anos 1272 e 1279. *Cfr.* M. Martins, "Merlim numa cantiga de Santa Maria", *Estudos de Cultura Medieval*, III (1983), pp. 45-49; D. E. Carpenter, "A Sorcerer Defends the Virgin: Merlin in the *Cantigas de Santa Maria*", *Bulletin of the Cantigueiros de Santa Maria*, V (Spring, 1993), pp. 5-24; C. E. Pickford, "Miscellaneous French Prose Romances", en Loomis, *Arthurian Literature*, pp. 352-353.

Os vestixios de literatura artúrica que nos legou a Idade Media peninsular son na súa totalidade adaptacións dos ciclos en prosa franceses do século XIII[27]. Os testemuños que se conservan da *Vulgata* pertencen ás áreas lingüísticas central e oriental[28]. En catalán hai unha *Storia del Sant Grasal*, datada a finais do século XIV e baseada nun orixinal hoxe perdido, así como dous fragmentos do *Lancelot* tamén da mesma época. En castelán temos un *Lanzarote* fragmentario, a penas un folio, que se supón que ten a mesma cronoloxía cós anteriores, e un *Lanzarote* do século XVI, copia dun exemplar de 1414 que, á súa vez, derivaría dunha obra do século XIV. Da *Queste del Saint Graal* fican dous fragmentos cataláns do XIV, en tanto que da *Mort Artu* chegou ata nós un testemuño do século XV.

Do *Tristan en prose* consérvanse dous fragmentos cataláns do século XIV e tres casteláns, un de entre os séculos XIV e XV –cunha lingua chea de aragonesismos–, outro do século XV e un terceiro datado a finais do século XV ou principios do XVI. Así mesmo, transmitíronse desta obra as edicións impresas de Valladolid (1501) e Sevilla (1511, 1525, 1528 e 1534), publicadas baixo o título de *Libro del esforçado caballero don Tristán de Leonís*. A todos eles hai que lles engadi-lo fragmento galego do *Livro de Tristan*, que se data a mediados do século XIV.

Procedentes do ciclo do Pseudo-Boron están as traduccións portuguesa e castelá da *Estoire del Saint Graal*, denominadas, respectivamente, *Livro de Jose d'Arimateia* (composto no século XIV) e *Libro de José de Arimatea* (conservado nun manuscrito de 1469); as *Demandas do Santo Graal*, tamén en portugués (conservada nunha versión datada na primeira metade do século XV) e castelán (publicada en Toledo en 1515 e en Sevilla en 1535); o fragmento portugués do *Merlin*, que recolle dúas pasaxes da *Suite du Merlin* francesa e que se redactaría a comezos do século XIV, e, por último, as versións castelás desta mesma *Suite*, coñecidas co nome de *Baladro del sabio Merlín*, e que se

[27] O estudio máis detido a este respecto constitúeo o traballo xa mencionado de Entwistle, *A lenda arturiana nas literaturas da Península Ibérica*. Unha análise máis concisa e máis actual atópase en Lida de Malkiel, "Arthurian Literature", pp. 408-412.

[28] A este respecto, e seguindo o proceso de penetración dos ciclos prosísticos, Sharrer divide a Península Ibérica en dúas áreas xeográficas: os reinos da Coroa de Aragón, por un lado, e Galicia e Portugal, por outro. Deste modo, o *Lancelot-Graal* e o *Tristan en prose* chegarían a Castela dende o este, en tanto que o ciclo da *Post-Vulgata* o faría dende o oeste (Sharrer, "The Acclimatization", pp. 176-177).

conservan nas edicións impresas de Burgos (1498) e Sevilla (1535)[29]. Ademais destes testemuños, hai que ter en conta os fragmentos casteláns publicados por Pietsch, que se remontarían ó século XIV e que conteñen unha pasaxe do *Merlín*, así como un texto fragmentario da versión da *Post-Vulgata* da *Mort Artu* ó que se lle deu o nome de *Lanzarote*[30].

Segundo se desprende desta breve análise, o momento en que os textos franceses comezan a ser traducidos ás linguas vernáculas peninsulares sitúase na primeira metade do século XIV, xusto nos anos en que se datan os fragmentos do *Merlin* portugués e do *Tristan* galego. A súa existencia, xa que logo, fai deles testemuños imprescindibles para comprendelo espallamento da materia de Bretaña polos reinos hispánicos occidentais. A importancia destas narracións acrecéntase, ademais, cando se comproba que cada un deles foi composto nas beiras opostas do río Miño, o *Tristan* no norte e o *Merlin* no sur. Deste xeito vénse demostra-la similar fortuna que tanto en Galicia como en Portugal tiveron as lendas sobre o famoso rei Artur e os seus cabaleiros.

[29] Ademais, sábese doutra edición impresa en Valladolid (1500), da que desgraciadamente non se conservan exemplares (I. Freire-Nunes, *Le graal ibérique et ses rapports avec la littérature française*, Presses Universitaires du Septentrion, Villeneuve d'Asq, 1999, p. 52).

[30] K. Pietsch (ed.), *Spanish Grail Fragments: El libro de Josep Abarimatia. La Estoria de Merlín. Lançarote*, University of Chicago Press, Chicago, 1924, 2 vols.

CAPÍTULO II

NOTA LINGÜÍSTICA

A presente análise non pretende abranguer de xeito pormenorizado tódalas características lingüísticas dos textos presentados neste estudio[1]. Referiranse unicamente aqueles aspectos de maior interese para establece-las peculiaridades e caracterización lingüística de cada un dos fragmentos, considerando, de modo particular, aqueles trazos que os poidan situar cronolóxica e xeograficamente.

1. Aspectos gráficos

A principal característica gráfica que distingue o fragmento do *Livro de Tristan* do *Merlin* é a representación das consoantes lateral e nasal palatais. O copista de *T* utiliza de forma sistemática o dígrafo *ll* para a lateral palatal: *allur* (l. 76), *batalla* (l. 89), *falla* (l. 119), *fillar* (l. 176), *fillo* (l. 17), *marauilla* (l. 18), *mellor* (l. 155), *mollada* (l. 138), *senllos* (l. 39), *traballo* (l. 152), etc. Pola contra, en *M* sempre se rexistra para representar ese mesmo son a grafía de orixe provenzal *lh*[2]: *batalha* (l. 48), *consselho* (l. 114), *ffalha* (l. 45), *ffilho* (l. 2), *marauilha* (l. 38), *molher* (l. 5), *semelha* (l. 92), *uelha* (l. 56), etc.

A lateral alveolar en posición intervocálica tamén pode aparecer marcada mediante *ll*, pero este uso é pouco frecuente tanto en *M*, cun único exemplo, *aquella* (l. 57), como en *T*, que só documenta os casos *castello* (l. 102) e *caualleiro(s)* (ll. 60, 98), formas que probablemente están condicionadas pola

[1] Neste apartado, as referencias bibliográficas limítanse a aquelas cuestións que se consideran esenciais para a caracterización lingüística dos textos. A ausencia de estudios pormenorizados sobre algúns dos aspectos tratados nesta análise impiden apuntar, para algúns casos concretos, indicacións bibliográficas específicas.

[2] Para a introducción e difusión das grafías *lh* e *nh* en territorio portugués, véxase J. J. Nunes, *Compêndio de Gramática Histórica Portuguesa (Fonética e Morfologia)*, Livraria Clássica Editora, Lisboa, 1960, p. 195; J. Huber, *Gramática do Português Antigo*, Fundação Calouste Gulbenkian, Lisboa, 1986, pp. 48-50; E. B. Williams, *Do Latim ao Português: Fonologia e Morfologia Históricas da Língua Portuguesa*, Tempo Brasileiro, Rio de Janeiro, 1986, pp. 36-37; L. F. Lindley Cintra, "Observations sur l'orthographe et la langue de quelques textes non littéraires galiciens-portugais de la seconde moitié du XIII^{e} siècle", *Revue de Linguistique Romane*, XXVII (1963), pp. 62-71; Cl. de Azevedo Maia, *História do Galego-Português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)*, Instituto Nacional de Investigação Científica, Coimbra, 1986, pp. 490-493, 500.

influencia gráfica dos respectivos étimos latinos. Así mesmo, en *T* o dígrafo *ll* tamén aparece utilizado, se ben esporadicamente, en posición implosiva: *tall* (l. 142), *uallrria* (l. 121), quizais para marca-la realización velarizada do fonema nese contexto[3].

No caso da grafía correspondente á nasal palatal, a situación de *T* non é homoxénea, xa que esta pode estar representada por *n* ou *ñ*. O primeiro destes grafemas é, con moito, o máis frecuente: *Reyna* (l. 1)[4], *menino* (l. 30), *conpaneyros* (l. 41), *ssenor* (l. 45), *montana* (l. 105), etc., mentres que o uso de *ñ* é excepcional, limitándose ó termo *seño[r]es* (l. 47). En *M*, pola contra, utilízase sempre a grafía occitana *nh*: *conpanha* (l. 10), *estranho* (l. 15), *conheçeus* (l. 32), *manhãa* (l. 72), etc.

As diverxencias gráficas precedentes axudan en gran medida a situar cada un dos fragmentos na súa área lingüística correspondente, pois, como é ben sabido, a utilización dos dígrafos *lh* e *nh* é unha das características que permite diferencia-los textos galegos dos portugueses a partir do século XIII.

---

[3] *Cfr.* Huber, *Gramática*, p. 141; Williams, *Do Latim*, p. 39; Maia, *História*, p. 496. A este propósito, indica a profesora portuguesa: "Nos documentos da Galiza há exemplos de *ll* a entravar a sílaba desde o século XIII, embora a maior parte das formas registadas sejam do século XIV e XV. Os documentos portugueses revelam apenas formas com essa grafia a partir do séc. XIV, mas a maior parte dos exemplos registados são do século XV", engadindo con respecto á articulación desa lateral: "Vários autores, que têm feito referência a esta particularidade gráfica de antigos textos galego-portugueses, têm-na interpretado como um processo de representar a pronúncia velarizada de /l/. Os copistas desses textos, ao usarem o grafema complexo *ll*, estariam a fazer referência a essa realização. Não disponho de elementos que permitam confirmar que há uma relação inegável entre esse tipo de grafia e a realização de /l/ em posição pós-vocálica. Estou, porém, convencida de que essa variante velarizada existiu desde a fase mais antiga da história da língua" (*Ibidem*, p. 496). A este respecto, débese ter presente a puntualización de R. Lorenzo: "Non sei se isto pode ser certo, pero en todo caso as grafías do tipo *allcalde*, *mill*, etc. non deben levarnos a esta suposición, pois a alternancia entre *l* e *ll* é tamén corrente en posición intervocálica en toda a época medieval" (R. Lorenzo Vázquez, "Algunhas consideracións sobre a *História do Galego-Português* de Clarinda de Azevedo Maia", *Verba*, XIV (1987), p. 467).

[4] Cremos, como xa apuntou I. Castro, que no substantivo *reina* o *n* é empregado co valor de nasal palatal e non por tratarse dun castelanismo (*cfr.* I. Castro, "O fragmento galego do *Livro de Tristan*", en D. Kremer (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, Galaxia, Vigo, 1998, vol. I, p. 146). A forma *reiña*, con nasal palatal, é, por outra parte, característica dos textos galegos, fronte a *raiña*, documentada maioritariamente en textos portugueses. Para a evolución e ocorrencias desta palabra, e para o seu resultado actual con disimilación vocálica, *raiña*, véxase Nunes, *Compêndio*, pp. 59, 106-107, 110-111; Huber, *Gramática*, pp. 74-75, 130; Williams, *Do Latim*, pp. 37, 78, 105; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. I, p. XXVIII; vol. II, p. 1130; W. Mettmann (ed.), *Alfonso X o Sabio. Cantigas de Santa María*, Xerais, Vigo, 1981, vol. II, pp. 686, 690; R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 82, 118, 158; M. Ferreiro, *Gramática histórica galega*, Laiovento, Santiago de Compostela, 1995, pp. 47-48, 90, n. 89, 112-113. Para as solucións das formas latinas acabadas en –INA tanto en textos galegos como portugueses, consúltese Maia, *História*, pp. 599-602. Para esta forma véxase, así mesmo, *Livro de Tristan. Edición crítica*, p. 87, n. 2.

O uso destes grafemas, documentado moi esporadicamente en Galicia[5], é característico da documentación producida en Portugal no reinado de Afonso III, dende ca. 1260 en diante, sendo sistemático o seu emprego a partir das dúas últimas décadas do século XIII. Os datos anteriores permiten postular con certas garantías unha procedencia galega para *T* e portuguesa para *M*, polo menos no estado en que chegaron ata a actualidade[6].

A hipótese anterior está apoiada por outras características, igualmente de tipo gráfico. Así, en primeiro lugar, cabe sinalar en *M* o uso do grafema *h*, xunto a *y* (*dyabrya*, l. 93), con valor de [j] nos ditongos crecentes, en concreto na forma *sabha* (l. 117)[7], práctica que foi especialmente frecuente en Portugal dende o século XIII; en Galicia, pola contra, o *h* con ese valor só aparece cunha frecuencia mínima en documentos da provincia de Pontevedra de finais do século XIII e inicios do século XIV[8]. En *T*, e para ese mesmo contexto, os grafemas empregados son sempre *y* (*enuyara*, l. 19) e *i* (*uiu*, l. 63).

Outro trazo que caracteriza o labor do copista de *M* é a utilización conxunta das plicas e do til de nasalidade sobre as vocais xeminadas, resultantes da caída dun –N– intervocálico (*bo͝o͝*, l. 2; *hu͝u͝*, l. 1), feito que non se observa en *T* (*bóó*, l. 16; *hũu*, l. 30). Nos textos producidos en Galicia ambas marcas parecen excluírse mutuamente, aparecendo as plicas en documentos de finais do século XIII e do

[5] *Cfr.* R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. I, pp. XXXIII-XXXIV; Maia, *História*, pp. 490-493, 500; R. Lorenzo, "Algunhas consideracións", pp. 477-478; Castro, "O fragmento galego", pp. 145-146. Para os dígrafos presentes en textos galegos, consúltese Huber, *Gramática*, pp. 49-50, 51; Williams, *Do Latim*, p. 39; R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 91-92, 130-131, 160-161.

[6] A este propósito, son explícitas as palabras de R. Lorenzo: "a grafía *nh* é fronteira gráfica entre o portugués e o galego (igual que o é *lh*) e, en principio, se atopamos un texto medieval con esta grafía podemos considerar que é portugués. De non ser así sería unha excepción ocasional" ("Algunhas consideracións", p. 478).

[7] Unha problemática particular preséntaa a voz *escarnho*, que se podería considerar paralela á forma verbal citada. En efecto, este substantivo, deverbal do infinitivo xermánico *SKERNJAN, 'escarnecer', 'burlarse', recibiu un tratamento culto –como demostra a variante *escarneo*, tamén documentada nos textos medievais–, manténdose o grupo n̥j inalterado, polo que nese caso o grafema *h* estaría marcando, despois de consoante, o iode nos ditongos crecentes. Pero nos textos producidos na Idade Media tamén se documenta para esta forma a solución con nasal palatal (*cfr.*, na *Crónica Troiana*, *escarno*, forma na que o grafema *n* representa a palatal [ɲ]; véxase R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 115, 131), que podería se-la presente no fragmento. Para estas formas, grafía e problemática, consúltese A. Magne (ed.), *A Demanda do Santo Graal*, Imprensa Nacional, Rio de Janeiro, 1944, vol. III, p. 192; M. Rodrigues Lapa (ed.), *Cantigas d'Escarnho e de Mal Dizer dos Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses*, Ir Indo Edicións-Edições João Sá da Costa, Vigo-Lisboa, 1995, p. 325; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, pp. 574-575, así como o epígrafe correspondente dos *Criterios de edición*, p. 62, e *Livro de Merlin. Edición crítica*, p. 166, n. 44.

[8] *Cfr.* Nunes, *Compêndio*, p. 193; Huber, *Gramática*, p. 48; Williams, *Do Latim*, p. 36; Maia, *História*, pp. 423-424.

XIV[9]; polo contrario, en Portugal tal particularidade non se observa, coexistindo o uso vixente nos textos galegos, isto é, a aparición unicamente das plicas ou do til de nasalidade, coa posibilidade de combinar ambos signos.

Outro punto de diverxencia gráfica reside no emprego, en posición implosiva ou final absoluta, das grafías *m*, *n* ou do til de nasalidade[10]. En ámbolos textos, o sistema maioritario é a utilización do til (en *T bẽ*, l. 3; *nẽ*, l. 79; *nõ*, l. 3; *uirõ*, l. 43; en *M chamauã*, l. 1; *rrẽ*, l. 8; *anastẽ*, l. 13; *podreçerã*, l. 28), aínda que os copistas tamén recorren ás consoantes *m* ou *n*, se ben cun índice de frecuencia menor. A pesar de que os tres tipos de grafía aparecen recollidos nos dous fragmentos, pódese apuntar unha tendencia diversa en cada un deles. Esta diverxencia non se percibe no uso do til de nasalidade, que é o signo gráfico máis empregado tanto no *Tristan* como no *Merlin*, senón no uso dos grafemas consonánticos. Así, o uso de *n* final predomina no *Merlin*, mentres que no fragmento de *Tristan m* é maioritario[11]. Tendo en conta que na Idade Media o emprego das grafías *–m* e *–n* en posición final de palabra non é un criterio que permita diferencia-los textos galegos dos portugueses[12], este é un trazo que non se tivo en conta á hora de localizar lingüisticamente os fragmentos.

[9] Para o emprego deste signo, véxase Huber, *Gramática*, pp. 43, 45; Williams, *Do Latim*, p. 35; Pensado, *Fragmento de un "Livro de Tristan"*, pp. 19-20; Maia, *História*, pp. 323-324, 574, 611, 612.

[10] Para o emprego destes signos gráficos e para a interpretación que deles fixeron os distintos editores e lingüistas, así como para as súas implicacións fonéticas, véxase R. Lorenzo Vázquez, "Consideracións sobre as vocais nasais e o ditongo –ão en portugués", en D. Kremer (ed.), *Homenagem a Joseph M. Piel*, Max Niemeyer Verlag, Tübingen, 1988, pp. 289-326, traballo no que se fai un exhaustivo repaso polas teorías formuladas precedentemente a este respecto. *Cfr.* igualmente Nunes, *Compêndio*, pp. 110-114, 151-152, 189, 193; Huber, *Gramática*, pp. 45, 50, 51, 55, 58, 59, 60-61, 63-64, 65, 137, 138-140; Williams, *Do Latim*, pp. 34-35, 43, 45, 49, 56, 57, 58, 60, 86, 99-100, 101, 103, 108; R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 135-136, 161-162; Maia, *História*, pp. 28, 29, 306, 321-323, 348, 373-374, 386-389, 391-392, 512, 596, 602-603, 614-615, 834; R. Lorenzo, "Algunhas consideracións", pp. 455-456.

[11] Para os datos relativos ó *Tristan*, consúltese Castro, "O fragmento galego", p. 144.

[12] *Cfr.* R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. I, p. 28. Na *Crónica Troiana*, p. 82, o estudioso galego non inclúe este trazo entre os criterios diferenciadores dun texto galego fronte a un portugués, indicando posteriormente: "Para a representación da nasal implosiva, tanto en posición interior de palabra coma en posición final, nun principio non hai diferencia entre *m* ou *n*. En xeral, os escribas en romance seguen a tradición dos escribas en latín e usan en posición final *m*, porque así estaba en latín, ou tamén con moita frecuencia usan un til enriba da vocal anterior para indicar que falta unha consoante nasal. Pouco e pouco fóronse marcando as diferencias e o portugués decidiuse pola representación final con *m* (agás cos casos de formación do ditongo nasal *–ão*), mentres que o galego se foi decidindo cada vez máis pola representación por medio de *–n*, acorde coa pronuncia coma consoante nasal velar [ŋ]. En posición interna sucede o mesmo e os textos medievais que prefiren *n* en posición final tamén colocan esta letra en posición interna, inclusive ante *b* ou *p*. Só máis tarde se estableceron as diferencias e se adoptou *m* ante *b* ou *p* e *n* ante as outras consoantes" (R. Lorenzo, *Ibidem*, p. 96). Sobre este mesmo tema, escribe Maia: "a grafia *–m* em final de palavra não é um pormenor que diferencie os documentos da Galiza e de Portugal" (*História*, p. 306, n. 4). *Cfr.*, así mesmo, Castro, "O fragmento galego", p. 144.

Por último, entre os aspectos gráficos cabe sinalar outras peculiaridades que tamén diferencian os dous textos comentados. Así, a forma *como* é reproducida de xeito case sistemático en *T* cunha lineta sobre a palabra (*cõmo*, ll. 1, 16), feito que nunca se observa en *M* (*como*, ll. 12, 29). Por outra parte, a conxunción copulativa reprodúcese en *T* co signo tironiano ou como *et*, mentres que *e*, xunto ó signo tironiano, é a forma característica de *M*.

2. Aspectos fonéticos

2.1. Vocalismo

No vocalismo tónico, o aspecto máis significativo é a alternancia entre as formas *nume* de *T* (ll. 41, 48) e *nome* de *M* (l. 3). A primeira variante, con peche da vocal tónica en [u], documéntase en Galicia, sobre todo na área sudoccidental, dende o século XIII ata finais do século XV[13], mentres que en Portugal só aparece nos documentos do século XIII, de aí que non estea presente en *M*, texto que se data na centuria seguinte.

En *T*, xunto á forma máis frecuente *depoys* (ll. 38, 90), aparece, en función preposicional, a variante *depus* (l. 15)[14]. A devandita forma rexístrase en Galicia ó longo de todo o período medieval na conca do Miño entre Lugo e Tui, aínda que tamén é coñecida nos textos portugueses medievais.

En posición átona pretónica, en *M* atópase a forma *logar* (ll. 6, 15), mentres que en *T* se recolle a variante de uso xeral nos documentos galegos dende mediados do século XIII, *lugar* (l. 98)[15]. As formas con vocal velar [o] na sílaba pretónica predominan en Portugal ata o século XIV, e aínda se docu-

---

[13] *Cfr.* Maia, *História*, pp. 392-396; R. Álvarez Blanco-X. Xove Ferreiro, "Lingua e variación dialectal na *Crónica Xeral Galega*", en Kremer, *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, vol. I, pp. 51-52.

[14] *Cfr.* Huber, *Gramática*, pp. 77-78; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. I, pp. XXVIII, XXIX-XXX; R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 100, 139. Véxase igualmente Álvarez Blanco-Xove Ferreiro, "Lingua e variación dialectal", pp. 32-36, nas que se analiza a distribución desta forma e outras variantes derivadas da forma latina POST.

[15] A variante *logar*, tamén documentada en Galicia, circunscríbese a unha área restrinxida, que comprende o sur da actual provincia de Pontevedra e a parte sudoccidental de Ourense. Para a distribución desta forma e do resultado *lugar*, véxase Álvarez Blanco-Xove Ferreiro, *Ibidem*, p. 42.

mentan no século XVI, mentres que o paso de [o] a [u] nesa posición é xeral en Galicia dende a segunda metade do século XIII[16].

Os substantivos *custume* (*T*, ll. 98, 164) e *molher* (*M*, ll. 5, 118), aínda que son exclusivos de cada un dos textos, confirman a distribución xeográfica da alternancia entre [o] e [u] á que se fixo referencia precedentemente. O pechamento do [o] pretónico percíbese tamén en *T* cando a vocal vai en contacto con consoante labial: *pusfaçaron* (l. 53)[17].

Un caso diferente constitúeno aquelas formas verbais de *T* nas que a presencia de [u] por [o] parece remitir a unha alteración fonética da vocal pretónica, motivada pola presencia na sílaba tónica da vocal palatal de grao pechado [i]: *subir* (l. 111), *subiu* (l. 86); este fenómeno faríase extensivo despois a toda a flexión, mesmo a aquelas formas que non presentaban esa vocal: *descuberto* (l. 136), *encuberta* (l. 10). Unicamente nunha ocorrencia se rexistra no texto a forma coa vocal de grao medio [o]: *sobiu* (l. 188)[18]. Polo contrario, en *M* só aparecen os resultados etimolóxicos *sobyr* (l. 93), *sobissen* (l. 79)[19].

---

[16] *Cfr.* Maia, *História*, pp. 406-407, páxinas nas que se analizan os resultados *logar* / *lugar*. Para esta alternancia en posición átona, consúltese R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. I, pp. XXIX-XXX; *Idem*, *Crónica Troiana*, pp. 99-100, 138-139; Maia, *História*, pp. 396-408, 532-533. Sobre a alternancia vocálica de *o* / *u* e *e* / *i* en posición pretónica escribe R. Lorenzo: "Todas estas condicións [as aducidas por Maia para explica-lo cambio *o* > *u*] poderían xa ser obxecto de discusión, porque non se ve, por exemplo, a razón de que un *o* peche en *u* por efecto dunha consoante labial, pero máis que nada son todas elas innecesarias, pois non hai que pensar en causas estrañas para a alternancia *o* / *u* ou *e* / *i* nos textos medievais, senón admitir unha fluctuación espontánea entre as dúas vocais que afecta a calquera palabra" ("Algunhas consideracións", p. 445).

[17] O pechamento da vocal átona en *custume* explícao Maia por un proceso asimilatorio, xerado pola presencia na sílaba tónica da vocal velar [u], fenómeno que era especialmente intenso, segundo a profesora portuguesa, en territorio galego, aínda que formas deste tipo tamén se recollen, se ben en número menor, en documentos portugueses (*cfr.* Maia, *História*, pp. 399-402). Para *moller*, que é a forma exclusiva en textos como a *Crónica Troiana* (*cfr.* R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 99, 139, 163), así como para a forma *muller*, véxase Maia, *História*, pp. 404-406; para a distribución de ámbalas dúas variantes en territorio galego, consúltese Álvarez Blanco-Xove Ferreiro, "Lingua e variación dialectal", pp. 41-42. Para o peche da vocal pretónica en contacto con labial, *cfr.* Maia, *História*, p. 404. Para estas formas, véxase igualmente Nunes, *Compêndio*, pp. 59-61; Huber, *Gramática*, pp. 77-78, 149; Williams, *Do Latim*, p. 57, e as consideracións antes citadas de R. Lorenzo (*cfr.* nota precedente). Débese indicar igualmente que *pusfaçar* se documenta sempre con [u] na sílaba pretónica na *Crónica Troiana* (véxase R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 139, 163).

[18] Precisamente, a presencia de formas metafónicas na conxugación, convivindo con outras sen alternancia vocálica, é un dos trazos que lle permiten a R. Lorenzo afirma-la galeguidade do texto contido no manuscrito 8817 da *Crónica General* e da *Crónica de Castilla* (*cfr. La traducción gallega*, vol. I, pp. XXIX-XXX).

[19] Para a alternancia de *o* / *u* no radical dos verbos en *–ir* e para o proceso de harmonización vocálica comentado precedentemente, *cfr.* Nunes, *Compêndio*, pp. 285-290; Williams, *Do Latim*, pp. 213-217; A. Santamarina, *El verbo gallego*, Anexo IV de *Verba*, Santiago de Compostela, 1974, p. 49; Maia, *História*, pp. 402-403.

En posición átona final aparece maioritariamente en *T* a vocal velar [o] e só se rexistra esporadicamente o uso de [u] final: *susu* (l. 106), *su* (l. 97)[20]. Non hai constancia deste fenómeno en *M*, que, das palabras anteriores, só rexistra *suso* (l. 90). A única forma que contradí esta norma é o substantivo *çeeu* (l. 95), no que a vocal final [u] pode apuntar cara á articulación dun ditongo[21].

A representación do sufixo de número-persoa nos perfectos dos verbos da primeira e terceira conxugacións é *–ou* (CI) e *–iu* (CIII)[22]: *começou* (*T*, l. 123), *rogou* (*T*, l. 1), *graçiu* (*T*, l. 34), *uiu* (*T*, l. 63), *oyu* (*T*, l. 181). Só se rexistra en *M* a forma *oyo* (*M*, l. 30), presente na documentación portuguesa do século XIII, pero que é resultado excepcional fronte á habitual *ouuyu* (*M*, l. 14)[23].

En relación ás vocais palatais, rexístranse varios exemplos de [i] por [e] en ámbolos textos, aínda que obedecen a fenómenos de distinta natureza. En *M* esta característica verifícase para as formas do pronome persoal de obxecto indirecto *lhy* (l. 29), *lhys* (l. 74), na forma de imperativo *saby* (l. 12) e no adverbio *ameudy* (l. 103). Os resultados precedentes indican que se establecía unha distinción entre as vocais palatais [i] e [e]

---

[20] Atópase no texto unha única ocorrencia do artigo determinado baixo a forma *u*. Este resultado, ó estar en contacto coa preposición *su*, pode ser explicado por unha asimilación ou por un erro mecánico do copista. De tódolos xeitos, a lectura desta forma non é clara nas fotografías empregadas para a edición do fragmento de *Tristan*. Para a forma *u* do artigo, *cfr.* Huber, *Gramática*, pp. 77-78, 162. A tendencia a cambiar [o] átona en [u] en posición final e en palabras enclíticas (*nus*, *vus*, *depus*, ...) é considerado un trazo característico do portugués (*cfr.* R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. I, p. XXVIII), aínda que o grafema *u* se documenta esporadicamente tamén en textos galegos. Para a alternancia de *o* / *u* en posición átona final, véxase Maia, *História*, pp. 408-420, e R. Lorenzo, "Algunhas consideracións", pp. 450-454, nas que se indica: "Os casos medievais coa grafía *–u* son escasos e concéntranse no séc. XIII, debéndose explicar por grafía latinizante" (*Ibidem*, p. 453).

[21] Véxase Nunes, *Compêndio*, p. 72; Williams, *Do Latim*, pp. 61-62.

[22] Para estas terminacións, *cfr.* Nunes, *Compêndio*, pp. 42-44, 306-308; Huber, *Gramática*, pp. 56-57, 94, 239-241; Williams, *Do Latim*, pp. 43, 196-197; Santamarina, *El verbo gallego*, p. 66; Maia, *História*, pp. 743-744. Para a alternancia *viu* / *vio*, presente no fragmento de *Tristan*, *cfr.* Huber, *Gramática*, p. 94; R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 84, 121.

[23] *Cfr.* Nunes, *Compêndio*, p. 338; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, pp. 956-957; Maia, *História*, pp. 797-798.

en posición átona final. Esas formas con *i* final documéntanse tanto en Galicia como en Portugal durante o século XIII e a primeira metade do XIV[24].

O texto de *T* ofrece os vocábulos *ynchal* (l. 73) e *sanguj* (l. 139). A primeira forma, de orixe provenzal, convive coa variante *enchal* noutros textos galegos e portugueses[25] e documenta a alternancia en posición pretónica inicial de [e] e [i]. Polo contrario, o substantivo *sanguj* apunta para unha variante dialectal que se documenta sobre todo nas provincias de Ourense e Pontevedra para os derivados das formas latinas en –MINEM[26].

A única ocorrencia do verbo *pedir* rexistrada en *T*, *pidiu* (l. 187), constitúe un exemplo de asimilación vocálica do [e] pretónico á vocal palatal de grao pechado da sílaba tónica. Este fenómeno documéntase cun índice de frecuencia moi alto nos textos producidos en Galicia[27].

Nos dous textos, as vocais xeminadas, consecuencia da perda dunha consoante intervocálica, obedecen na maior parte dos casos a razóns etimolóxicas: *bóó* (*T*, l. 16), *braados* (*T*, l. 169), *crija* (*T*, l. 3), *hũu* (*T*, l. 30), *maa* (*M*, l. 46), *manteeça* (*T*, l. 156), *seerya* (*M*, l. 39), *tijnham* (*M*, l. 86), *ueeredes* (*T*, l. 161), etc. Sen embargo, en *T* documéntase a crase das dúas

---

[24] Para a alternancia de *e* / *i* en posición átona, véxase a ampla documentación achegada por R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 100-102, 139-141, 163. Para esta cuestión, consúltese, igualmente, Maia, *História*, pp. 375-378, 521-523, e R. Lorenzo, "Algunhas consideracións", pp. 449-450, nas que o estudioso galego indica: "Aínda que C. Maia está convencida da presencia dun fonema [i] en posición final, é moi discutible esta suposición. (...) Estes exemplos medievais poden ter outra explicación. Moitos deles son exclusivos do XIII e outros pódense explicar por asimilación (*fiqui*, *firmi*, *libris*) ou por analoxía con outras formas próximas (*mobli* por *mouil*). Pero tamén é importante indicar que as formas do tipo *figi*, *quigi*, *pugi* ou *li*, *lli* alternan con *fige*, *quije*, *puge*, *le* ou *lle* e proceden de formas latinas con –Ī. Isto condicionou a conservación da vocal e a posible alternancia medieval, o que deu lugar á palatalización da consoante. Esta alternancia con *–i* / *–e* desapareceu axiña e non deixou restos no galego". Para a as formas pronominais *lhi*, *lhis*, *cfr.* Nunes, *Compêndio*, pp. 238-239; Huber, *Gramática*, p. 175; Williams, *Do Latim*, p. 158; Maia, *História*, pp. 669-670, onde se indica a propósito destas formas de complemento indirecto: "Saliente-se que as formas com *i*, as mais arcaicas, ocorrem sobretudo durante o século XIII e primeira metade do século seguinte na região portuguesa e na província galega de Pontevedra" (*Ibidem*, p. 670); *cfr.* igualmente R. Lorenzo, "Algunhas consideracións", p. 478. Para os imperativos en *–i* de verbos pertencentes á CII, véxase Huber, *Gramática*, p. 227.

[25] *Cfr.* Pensado, *Fragmento de un "Livro de Tristan"*, pp. 27-28.

[26] Para *sangui*, véxase Huber, *Gramática*, p. 89; *cfr.* tamén a forma *nomj*, que exemplifica o mesmo fenómeno e que foi recollida por Maia, *História*, pp. 375, 523. Ademais, *vide supra*, n. 24.

[27] Exemplos en R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, p. 140. Véxase tamén Nunes, *Compêndio*, pp. 59-60; Huber, *Gramática*, p. 148; Williams, *Do Latim*, p. 113; Santamarina, *El verbo gallego*, p. 49; Maia, *História*, pp. 530-531. Para a conxugación deste verbo, consúltese Nunes, *Compêndio*, p. 339; Huber, *Gramática*, p. 226; Maia, *História*, pp. 798-800.

vocais en distintos exemplos (*seria*, l. 31; *seran*, l. 131; *um*, l. 186; *uedes*, l. 191)[28], fenómeno que se rexistra en Galicia dende o século XIII[29].

A reduplicación vocálica antietimolóxica aparece representada só nalgunhas formas de *M*: *soon* (P6 de *seer*, l. 100), *çeeu* (l. 95), *chaao* (l. 75), *chaão* (l. 76), *graao* (l. 79), *meogoo* (l. 76)[30].

Polo que atinxe ó vocalismo nasal, é xeral nos dous textos a utilización do til para marca-la nasalización procedente da caída do –N– intervocálico: *algũa* (*M*, l. 121), *amẽas* (*T*, l. 130), *auẽo* (*T*, l. 22), *baỹas* (*M*, l. 62), *camĩo* (*T*, l.22), *chão* (*T*, l. 107), *desũu* (*M*, l. 27), *dessũu* (*T*, l. 51), *hũu* (*T*, l. 30, *M*, l. 75), *manãa* (*T*, l. 24), *mão* (*T*, l. 17), *mẽos* (*M*, l. 7), *omẽes* (*M*, l. 20), *sõo* (*T*, l. 46), *theẽr* (*T*, l. 67), etc. En *T*, cando se trata de vocais idénticas, estas aparecen ás veces grafadas con plicas sobrepostas (*bóó*, l. 16; *bóós*, l. 42), polo que non é fácil dilucidar se eses signos gráficos marcan, ademais do hiato –que é a práctica habitual, claramente exemplificada en formas como *todó ó dia* (l. 64), *sóó* (< SOLUM), ll. 150, 169, etc.–, a existencia dunha vocal nasal[31].

A ausencia de marca de nasalización localízase en ámbolos fragmentos, aínda que as formas rexistradas en cada un deles son diversas: *ameudy* (*M*, l. 103), *manhaa* (*M*, l. 73), *manteeça* (*T*, ll. 156, 157)[32].

---

[28] Non incluímo-la forma *fe*, presente nos dous fragmentos e que só entre os séculos XV e XVI parece ter adoptado a grafía *fee*. Pensado, *Fragmento de un "Livro de Tristan"*, p. 19, tamén considera *deron* (l. 199) entre as formas deste tipo, como procedente de DE̅(D)ERUNT, mais todo leva a pensar que o pretérito de *dar* é de formación analóxica, pois non se rexistran formas con vocal xeminada na documentación medieval. Respecto á forma *bom* (l. 203), limitada nas súas ocorrencias á expresión *bom caualeiro*, esta pode documenta-la crase ou ben responder a unha adaptación do termo francés *bon*, que sería considerado neste caso como un apelativo. Con todo, para esta forma alternan nos textos *bõo* e *bon*, como permite comproba-la *Crónica Troiana*. Neste texto recóllense, entre outros, estes exemplos para *bon*: *bon cõsello* (*Ibidem*, p. 219, ll. 6, 31), *bon pleito* (p. 219, l. 28), *bon caualo* (p. 223, l. 70), *bon peñor* (p. 223, l. 94), *bon caualeiro* (p. 228, ll. 3-4), etc. Para as formas *bõo*, *bon* en época medieval, véxase, así mesmo, Nunes, *Compêndio*, pp. 72, 111, 151; Huber, *Gramática*, p. 96; Williams, *Do Latim*, pp. 49, 62, 81, 133-134; Maia, *História*, pp. 611-612; R. Lorenzo, "Algunhas consideracións", p. 485.

[29] *Cfr.* Williams, *Do Latim*, p. 84; Maia, *História*, p. 611.

[30] Para a reduplicación vocálica, véxase Huber, *Gramática*, pp. 44, 45; Williams, *Do Latim*, p. 38.

[31] *Cfr.* Maia, *História*, pp. 323-324, 574, 611, 612. Véxase igualmente a bibliografía citada na nota 9.

[32] Esta última forma é realmente excepcional, non pola ausencia da nasalidade da vocal que precede o *n* etimolóxico senón pola falta de notación da consoante nasal implosiva. ¿Estaremos unha vez máis ante un erro por omisión do copista? Para a forma obxecto de comentario, *vide infra*, *Livro de Tristan. Edición crítica*, p. 101, n. 67. Un bo elenco de exemplos de alternancia na representación da nasalidade pódese consultar en R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 102-103, 141-143, 163-164.

Por outro lado, hai varias formas nos textos nas que a nasalidade resultante da perda do –N– intervocálico se marca mediante a consoante *n* ou *m* en posición posvocálica: *dúúm* (*M*, l. 4), *húúm* (*M*, ll. 26, 107), *um* (*T*, l. 186), *un* (*T*, ll. 158, 164), etc[33].

Os representantes do latín HOMINE(M) e os termos formados a partir do sufixo galorrománico *-a(t)ge* presentan no singular a conservación da vocal postónica, que pode aparecer con ou sen til de nasalidade: *hom̃e* (*M*, l. 2), *home* (*T*, l. 16), *om̃e* (*T*, l. 112), *passage* (*T*, l. 96), *portagẽ* (*T*, l. 71)[34]. A única forma de plural xorde en *M* e conserva a vocal postónica e a nasalización (*omẽes*, l. 20), aínda que hai que precisar que formas como a indicada se atopan tamén en documentos galegos polo menos dende o século XIV[35].

Na evolución das secuencias latinas –INU–, –INA– documéntase o resultado tradicional, coa nasalidade da vocal que precedía o –N– intervocálico; esta solución, que é frecuente en *M*, rexístrase aínda nos textos portugueses de mediados do século XIV. En *T* o resultado para esa terminación parece xa documenta-lo desenvolvemento dunha nasal palatal, proceso que se verifica máis cedo en Galicia ca en Portugal. Neste caso o copista de *T* emprega a grafía *n*, que, como xa se apuntou, era unha das opcións existentes para representa-la nasal palatal. Exemplos: *adeũadores* (*M*, l. 68), *baỹas* (*M*, l. 62), *camĩo* (*T*, ll. 22, 175), *camj̃o* (*M*, l. 76), *menino* (*T*, l. 30), *Reyna* (*T*, l. 1).

2.1.1. Os ditongos

Non se observan moitas particularidades no referente ós ditongos, presentando os dous textos unha grande homoxeneidade. Sen embargo, hai que precisar que no fragmento do *Tristan* os resultados do ditongo *oi* (primario ou secundario) presentan, a carón das formas primitivas, outras alteradas en *ui* como consecuencia da inflexión provocada pola semivocal:

---

[33] *Cfr.* Nunes, *Compêndio*, p. 193; Huber, *Gramática*, p. 45; Williams, *Do Latim*, pp. 34-35.

[34] Exemplos desta alternancia pódense ver na *Crónica Troiana*, pp. 146-147. Para a problemática evolución do latín HOMINE(M) e resultados, consúltese Nunes, *Compêndio*, pp. 110, 112-113, 133; Huber, *Gramática*, pp. 85, 90, 139; Williams, *Do Latim*, pp. 81, 130; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, pp. 910-911; Maia, *História*, pp. 636-640.

[35] *Cfr.* Maia, *Ibidem*, p. 638.

foy (P3 perfecto, ll. 5, 9)[36], *noyte* (ll. 21, 23), *cuydaron* (ll. 11, 147), *muy* (ll. 18, 30), *muyto* (ll. 15, 34). Os resultados con inflexión son típicos do portugués, aínda que aparecen tamén en Galicia dende o século XIII e aínda hoxe se conservan a nivel dialectal. Do emprego de formas con *oi* e *ui* indistintamente dá conta a alternancia que se percibe no fragmento de *Tristan* entre as formas *coyta* (l. 51) e *cuyta* (l. 33)[37].

A presencia do ditongo antietimolóxico *ui* no substantivo *uentuyra* de *M* (l. 46) é, por outra parte, frecuente en textos de orixe portuguesa[38].

Polo que se refire ó ditongo *ei*, neste caso producido pola vocalización do grupo –KT–, este ofrece en *M* a reducción a *e* no modificador *bẽeto* (< BENEDICTUS, l. 51), forma que en Galicia presenta maioritariamente o resultado *bẽeito*[39].

2.2. Consonantismo

En ámbolos textos parece estar aínda presente a oposición fonolóxica entre a oclusiva bilabial sonora /b/ e a fricativa bilabial sonora /β/. Non é posible precisar se *M* foi composto no norte de Portugal ou na zona centro-meridional, polo que non se pode verificar se neste texto a oposición fonolóxica xa se daba entre /b/ e /v/. De tódolos xeitos, os dous fragmentos ofrecen unha nidia oposición gráfica para os fonemas implicados: *bayxo* (*M*, l. 6), *cabo* (*T*, l. 178), *saber* (*T*, l. 153), *traballo* (*T*, l. 152), *caualeiro* (*T*, l. 15, *M*, l. 2), *marauilla* (*T*, l. 18), *saluo* (*T*, l. 33), *uerdade* (*T*, l. 3, *M*, l. 61), etc[40].

---

[36] A propósito desta forma do perfecto, véxase a extensa explicación e a respectiva bibliografía dada por Maia, *História*, pp. 819-827.

[37] *Cfr.* Huber, *Gramática*, p. 42. Para R. Lorenzo, a alternancia *oi* / *ui* "es más típica de los textos gallegos. En ellos se tiende al uso de *oi*, en los textos portugueses al de *ui*; pero esporádicamente hallamos en los portugueses *oi* y frecuentemente en los gallegos *ui*" (*La traducción gallega*, vol. I, p. XXX). No estudio lingüístico da *Crónica Troiana* afirma o editor: "Aínda que nos textos portugueses pode aparece-la solución *oi*, sobre todo nalgunhas palabras, e no galego a solución *ui*, cada vez houbo maior propensión nos textos do S. cara a *ui* e nos do N. cara a *oi*, que é hoxe a solución maioritaria no galego" (*Ibidem*, pp. 90-91). Con respecto a esta alternancia, consúltese igualmente *Ibidem*, pp. 129-130, 160; Maia, *História*, pp. 517-518, 557-558, e R. Lorenzo, "Algunhas consideracións", p. 459.

[38] A presencia dese ditongo foi explicada como unha adaptación da pronuncia francesa da vocal [ü] (*cfr.* R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, pp. 1300-1301).

[39] Esta é a forma recollida, por exemplo, por R. Lorenzo tanto en *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla* como na *Crónica Troiana* (*cfr. La traducción gallega*, vol. II, p. 235; *Crónica Troiana*, p. 102). *Cfr.* igualmente *Livro de Merlin. Edición crítica*, p. 166, n. 42.

[40] Como se observa nalgunha das palabras recollidas (*caualeiro*, *marauilla*, *beuen*), que proveñen de étimos latinos con –B– intervocálico, a grafía usada nos textos é *u*, feito que dá conta da articulación fricativa do fonema (/β/ en *T* ou /v/ hipotético en *M*). *Cfr.* Maia, *História*, p. 472 e ss.

O sistema das africadas (máis tarde fricativas) predorsais e prepalatais e das fricativas apicais presenta unha estabilidade e homoxeneidade notables. Como se observa na *Edición Paleográfica* dos textos, as grafías utilizadas para cada un destes grupos de fonemas non ofrecen novidades con relación ó que se observa na documentación coetánea. Vexamos, prescindindo agora das diferentes halografías, algúns exemplos para os fonemas mencionados: prepalatal sonora, *oge* (*T*, l. 69), *oie* (*M*, l. 27), *ueio* (*T*, l. 115, *M*, l. 96), *passage* (*T*, l. 96), *tragian* (*T*, l. 39), etc.; prepalatal xorda, *bayxo* (*M*, l. 6), *trouxe* (*T*, l. 186, *M*, l. 6), *leixou* (*T*, l. 82, *M*, l. 7), etc.; apicoalveolar sonora, *casas* (*M*, l. 20), *desamor* (*M*, l. 35), *guisa* (*T*, l. 4, *M*, l. 22), etc.; apicoalveolar xorda, *adusse* (*M*, l. 19), *outrossi* (*T*, l. 145), etc.; predorsal sonora, *arrizado* (*T*, l. 82), *dizer* (*T*, l. 20, *M*, l. 119), *prezado* (*M*, l. 3), etc.; predorsal xorda, *começo* (*T*, l. 159), *lediça* (*M*, l. 25)[41], etc.

Hai, con todo, algúns exemplos esporádicos que foxen á norma presente nas formas citadas anteriormente. No fragmento de *Tristan* tal feito só se rexistra na forma *Lanzarote* (l. 13) fronte á normal *Lançarote* e variantes (*Lançalot*, l. 16; *Lançarot*, l. 53). O carácter particular e excepcional desa forma non permite postulala como indicio de mudanza fonolóxica, senón que máis ben parece estar determinada polo emprego doutro grafema para a transcrición da predorsoalveolar xorda. De feito, *z* foi unha das grafías empregadas en Galicia durante todo o século XIII para representa-lo devandito son[42], polo que a presencia esporádica da forma *Lanzarote* pode referir simplemente que aínda non estaba totalmente estabilizado o sistema gráfico de representación das sibilantes (¿ou será a conservación dun arcaísmo gráfico do modelo?). Unha problemática diversa preséntana as formas *diser* (l. 19), *Maldisente* (l. 23), *faser* (l. 34), *disede* (l. 59), *disian* (l. 148). A presencia da grafía *s* no canto de *z* pode indica-la transformación da primitiva africada predorsoalveolar sonora en fricativa e, como consecuencia do anterior, os inicios do proceso de confusión entre a apicoalveolar e a predorsoalveolar sonoras, fenómeno que se fixará en parte das provincias da Coruña e Pontevedra[43].

[41] A grafía *ç* seguida de vocal anterior ou posterior só se rexistra nos documentos despois de finais do século XIII (*cfr.* Maia, *História*, p. 451).

[42] *Ibidem*, p. 450.

[43] *Cfr.* Maia, *História*, pp. 454-459, 506; R. Lorenzo, "Algunhas consideracións", pp. 460-465; Castro, "O fragmento galego", p. 147. Con todo, debemos ter presentes as puntualizacións de R. Lorenzo: "Se nos documentos galegos ou nos do S. de Portugal atopamos grafías do tipo *faser*, etc., isto só indica que a africada pasou a fricativa, pero non que o novo sonido fricativo predorsal se impuxo ó *s* ápico-alveolar. O único que se fai é botar man do grafema que representa un *s*, coincidindo entón a representación gráfica deste novo *s* coa do xa anteriormente existente apical" ("Algunhas consideracións", p. 464).

Máis frecuentes son as alteracións detectables no sistema de sibilantes en *M*. Por un lado, a distinción gráfica entre a apicoalveolar sonora e a xorda non sempre é observada coa sistematicidade que se percibe en *T*. Así, a xorda pode aparecer representada polo grafema simple, *s*, aínda que a representación gráfica máis frecuente era *ss*: *aduse* (l. 23), *desũu* (l. 27), *conpasadores* (l. 87), *pasar* (l. 116), *pasaron* (l. 85). A situación contraria, o uso de *ss* para a correspondente apicoalveolar sonora, ocorre na forma *dessame* (l. 36). Tampouco neste caso se pode falar dunha alteración fónica, xa que a distinción gráfica entre a apicoalveolar sonora e a xorda, cos usos respectivos de *s* e *ss*, non foi constante ó longo da Idade Media[44].

Maior complexidade revela a presencia no fragmento do *Merlin* de *ss* na forma verbal *ffassen* (l. 97), ó lado de *fazer* (l. 20), *fazen* (l. 100). O copista adopta de novo o grafema *ss*, típico da apicoalveolar, para unha consoante sonora, pero neste caso correspondendo á predorsoalveolar. Pódese interpreta-la forma citada como manifestación dun fenómeno de confluencia entre apicoalveolares e predorsoalveolares, proceso que tivo lugar no centro e sur de Portugal e que finaliza durante os séculos XV e XVI[45], aínda que parece máis probable que esa grafía estea marcando a perda do elemento oclusivo inicial e, polo tanto, o paso dunha antiga africada a unha fricativa[46].

---

[44] *Cfr.* R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. I, p. XXXIV; *Idem*, *Crónica Troiana*, pp. 94-95, 132-134; Maia, *História*, pp. 459-461, 464-468. Para R. Lorenzo, sen embargo, "o normal é que a sonora se represente por –s– e a xorda por –ss–, pero tanto en Galicia coma en Portugal pode darse a grafía contraria, é dicir, –ss– para a sonora e –s– para a xorda. Por iso di [Maia] que a grafía con –ss– non indica enxordecemento, aínda que como se coñecen casos gráficos de desonorización das outras sibilantes, non exclúe "a possibilidade de que alguns casos de –ss– resultassem da tendência para a confusão dos dois fonemas surdo e sonoro" (p. 468). A exposición de C. Maia é clara e corrixe bastante a doctrina maximalista que eu adoptaba na *Crónica Troiana*. Con todo, hai que aceptar sen reservas que en Galicia a desonorización do /z/ é coetánea á de /z͡/ e /ʒ/ e moitos textos corroboran este aserto. Cando un texto distingue as máis das veces e só nalgunha ocasión confunde, é posible que esteamos dentro da fluctuación indicada por C. Maia, pero se algún texto elimina case practicamente a grafía –ss– e utiliza sistematicamente –s– cos dous valores, como fan algúns extensos textos galegos do XIV, hai que pensar que xa non se practicaba a distinción" ("Algunhas consideracións", p. 475).

[45] *Cfr.* Maia, *História*, pp. 457, 506.

[46] Véxase R. Lorenzo, "Algunhas consideracións", p. 464.

3. Morfosintaxe

3.1. Artigo definido

A variabilidade das formas do artigo, determinada polo contexto fonético-sintáctico, presenta algúns elementos de interese para a caracterización de ambos textos. As formas con conservación da antiga lateral alveolar, despois de palabra rematada en *–r* ou *–s*, só se documentan en *T*. Non obstante, esta solución está limitada a aqueles casos nos que as formas do determinante están precedidas das preposicións *per* / *por* e *sobre*, da conxunción *mais* e dos indefinidos *anbos* e *todos*. A asimilación da consoante final destas formas á consoante inicial do artigo documéntase, nun caso, con *per* e sistematicamente con *anbos* e *todos*. Temos, así: ***pelo** peito* (l. 47), ***por la** ponte* (l. 103), ***por la** montaña* (ll. 111-112), ***por las** amẽas* (l. 138), ***mais la** fazenda* (l. 3), ***anbolos** cavaleiros* (l. 37), ***todolos** outros* (ll. 10-11), ***todolos** do mundo* (l. 193), ***todalas** justas* (l. 154)[47]. Tamén debemos menciona-lo sintagma ***sobre la** ponte* (l. 90), no que se rexistra a segunda forma do artigo debido a que a preposición presentaba a vibrante en posición final en latín (SUPER)[48]. Aínda concorrendo estas mesmas circunstancias fonético-sintácticas, o devandito alomorfo non se recolle cando a correspondente forma do artigo vai precedida por outras palabras: *depus **o** cavaleiro* (l. 14), *livraremos **a** ponte* (l. 78), *non pagardes **o** paso* (l. 84), *pois vós **a** justa queredes* (l. 85), *non passedes **a** ponte* (l. 102), *non queria leixar **a** passage* (l. 104), *passar **a** ponte* (l. 107), *ferir **os** cinco* (l. 136), *vencer **os** IIII* (l. 163).

A reducida extensión de *M* propicia que non se rexistren a maior parte dos contextos sinalados precedentemente. Con todo, na única situación na que si sería posible a asimilación tampouco se rexistra o alomorfo con *l–*: *todas **as** cousas* (l. 88)[49].

---

[47] Para a documentación destas formas con *l–*, motivadas por contextos de fonética sintáctica, consúltese Nunes, *Compêndio*, p. 254; Huber, *Gramática*, pp. 120-121, 146, 162; Williams, *Do Latim*, pp. 145-146; R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 88-90, 127-128; Maia, *História*, pp. 645-647, 651; R. Lorenzo, "Algunhas consideracións", pp. 469, 481-482, 485-486. Respecto ás formas con asimilación, indica Maia: " (...) nos documentos da região portuguesa surgem apenas as formas mais recentes com assimilação, ao passo que nos textos da Galiza com essas formas coexistem outras mais antigas com conservação de *–s* da palavra que precede o artigo definido" (*História*, p. 647).

[48] *Cfr.* R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 90, 128.

[49] Véxanse os exemplos proporcionados por Maia, *História*, p. 647, para as formas do artigo *o(s)*, *a(s)* neste contexto fonético.

Cando o artigo vai precedido pola preposición *en*, o tipo máis antigo de contracción, *eno*, *ena*, convive en *T* co resultado moderno para o feminino, *na*[50]: ***eno*** *peito* (l. 145), ***ena*** *ponte* (l. 99), ***na*** *montaña* (l. 113), ***na*** *ponte* (l. 79). Esta última forma, *no*, *na*, é exclusiva nos dous exemplos que ofrece *M*: ***no*** *mundo* (l. 68), ***na*** *pena* (ll. 15, 22).

Finalmente, a forma *el* é utilizada precedendo á palabra *rei* na única ocorrencia na que se rexistra tal construcción, concretamente en *M*: *disse* ***el*** *rei* (l. 12). Como se sabe, na época medieval esta forma era de uso maioritario con este substantivo, tanto nos documentos galegos como portugueses[51].

3.2. Pronomes persoais

O pronome tónico masculino de terceira persoa presenta alternancia entre as formas *el* (*T*, ll. 4, 23, *M*, ll. 24, 38) e *ele* (*T*, ll. 8, 58, *M*, ll. 6, 19). A porcentaxe de uso de cada unha das formas, con predominio nítido da primeira[52], é similar en ambos textos. En Galicia, as formas acabadas en *–e* foron frecuentes no espacio sudoccidental[53].

Polo que atinxe ó pronome obxecto directo de terceira persoa, obsérvase, en primeiro lugar, a ocorrencia no fragmento do *Tristan* das variantes *–lo*, *–los* cando van precedidas por unha forma verbal rematada en *–r* ou *–s*, verificándose a asimilación da consoante final do verbo á consoante inicial do pronome: *chegou a el ũu escudeiro que lle disso sen salva****lo*** (l. 125), *vede****los*** *escarnidos* (l. 179), *vede****lo*** *ali* (l. 203)[54]. Tamén no *Merlin* se recolle a forma *–la* para o pronome feminino, producíndose igualmente a asimilación coa consoante final,

---

[50] *Cfr.* Nunes, *Compêndio*, pp. 255-256; Huber, *Gramática*, p. 143; Williams, *Do Latim*, p. 146; Maia, *História*, pp. 649-650; R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 96, 136; R. Lorenzo, "Algunhas consideracións", p. 482.

[51] Esta é a forma máis común para o artigo con este substantivo, aínda que tamén pode aparecer a forma *o*, tanto en textos galegos como portugueses. Para *el*, *cfr.* Nunes, *Compêndio*, pp. 252-253; Huber, *Gramática*, pp. 35, 72; Williams, *Do Latim*, p. 147; Maia, *História*, p. 646.

[52] A forma *el* é, segundo os datos de Maia, moito máis frecuente nos textos, tanto galegos como portugueses, cá forma plena *ele* (*cfr. História*, p. 664). Así, na *Crónica Troiana* o primeiro dos resultados mencionados é, segundo os datos de R. Lorenzo, o único rexistrado (*cfr. Crónica Troiana*, pp. 88, 126, 160). Para a formación desta variante do pronome, consúltese, ademais, Nunes, *Compêndio*, pp. 41, 237-238; Huber, *Gramática*, pp. 92, 173; Williams, *Do Latim*, p. 148; Maia, *História*, p. 664, e R. Lorenzo, "Algunhas consideracións", p. 480, autor que rexeita a opinión tradicional sobre a evolución desta forma do pronome.

[53] *Cfr.* Álvarez Blanco-Xove Ferreiro, "Lingua e variación dialectal", p. 46.

[54] Para estas formas e a súa distribución nos textos, tanto galegos como portugueses, *cfr.* Huber, *Gramática*, pp. 120-121, 146, 175-176; Williams, *Do Latim*, p. 156; Maia, *História*, pp. 670-671.

neste caso da conxunción *pois*: *poi**la** ouve feita* (l. 23)[55]. Con todo, neste texto, xunto a esta solución documéntanse as formas máis recentes *o(s)*, *a(s)*: *E p[o]is **a** cataron* (l. 91), *adur **o** poderia home creer* (l. 24).

A primeira das solucións apuntadas, *–lo*, *–la*, aparece despois dos pronomes átonos de primeira e segunda persoas de plural *nos*, *vos*: *ensinade**nolo*** (*M*, l. 75), *e por én **volo** teve a despeito* (*M*, l. 68), *eu **volo** direi* (*M*, l. 132), *non **volo** direi* (*T*, l. 46).

Despois de consoante nasal rexistrámo-la variante *no* en *T*: *quando eles viron Lançarote non **no** coñoceron* (l. 40), *ben **no** cuidaron* (l. 157), *nengũu non **no** podia saber* (ll. 164-165), *cuidaron**no** a matar* (l. 160). En *M*, pola contra, e no mesmo contexto fonético, documéntanse as formas *o(s)*, *a(s)*: *nunca por én **a** leixou ele mẽos a amar* (l. 6), *ben **o** podedes veer* (l. 113)[56].

Tal e como se verifica noutros textos das áreas lingüísticas galega e portuguesa, durante os séculos XIV e XV o pronome átono de terceira persoa en función de complemento directo, cando vai precedido pola terceira persoa do pretérito, pode aparecer fundido coa vocal do verbo debido a un proceso de asimilación[57]. A contracción rexístrase de forma sistemática como *–o* no *Tristan*: *rogoo ben* (l. 25); *comendoo a Deus* (l. 32); *leixouse ir a Queia tan bravamente como se fosse corisco, e ferio dũa lança* (ll. 88-89). O fragmento de *Merlin* ofrece este resultado nun dos dous casos posibles como *–u(s)*, alternando esta solución coa forma non contracta: *conheceu**s** logo nas armas* (l. 33), *cuidou**o** a matar* (l. 119).

Polo que se refire ás formas átonas que desempeñan a función de complemento indirecto, obsérvase unha clara oposición entre os resultados presentes en ambos textos. Así, as formas máis arcaicas e etimolóxicas con *i*, documentadas sobre todo durante o século XIII e na primeira metade do XIV nos documentos portugueses e na provincia de Pontevedra ata fins do século XIII, son exclusivas de *M* (*lhi*, l.8; *lhis*, l. 83); do mesmo modo, as acabadas en *–e*, características dos textos galegos dende o século XIII, son xerais en *T* (*lle*, l. 13; *lles*, l. 106)[58].

[55] Para este alomorfo do pronome, tras formas non verbais rematadas en *–r* ou *–s*, véxase Huber, *Gramática*, pp. 120-121, 146, 175-176; Williams, *Do Latim*, p. 156.

[56] Para estas formas e a súa documentación, consúltense, entre outros, Huber, *Gramática*, pp. 143, 176; Williams, *Do Latim*, p. 157; R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 96-97, 135-136; Maia, *História*, pp. 671-672; R. Lorenzo, "Algunhas consideracións", p. 486.

[57] Para este tipo de procesos, véxase Huber, *Gramática*, p. 97; Williams, *Do Latim*, p. 155; R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 85, 122.

[58] *Cfr.* Maia, *História*, pp. 521-522, 669-670; Álvarez Blanco-Xove Ferreiro, "Lingua e variación dialectal", pp. 49-50, e a información dada na nota 24.

Por outra parte, verifícase sempre nos dous textos analizados a correcta distinción no uso das formas de singular (*lle*, *lhi*) fronte ás de plural (*lles*, *lhis*)[59]: *pois se don Lanzarote partira da donzela que* **lle** *trouxera as letras das novas de don Tristan* (*T*, ll. 12-13); *o home boo rogou a don Lançalot que* **lle** *non metesse mão en seu fillo* (*T*, ll. 16-17); *ca Ivan, con quen ela fal[a]ra aquel dia,* **lhi** *dissera* (*M*, ll. 34-35); *Enton começou Maroth [a] pensar. E Galvan* **lhi** *preguntou qué pensava* (*M*, ll. 114-115); *Des i tornouse a seu lugar a seus cavaleiros e dissolles* (*T*, ll. 105-106); *Quando eles viron que assi* **lles** *escapara de todalas justas* (*T*, l. 154); *E foron contra alá por veeren a pena, ca* **lhis** *semelhava ũa gran maravilha* (*M*, l. 88).

A acumulación pronominal das formas de plural de obxecto indirecto coas de obxecto directo ofrece como resultado nos dous fragmentos as formas maioritarias nos textos medievais *llo*, *lho*, solución idéntica á que se verifica para a contracción coa forma de dativo singular. Non se rexistran as formas innovadoras *llelo*, *lhelo*, que, trala implantación da forma *lles*, *lhes*, permiten establece-la diferenciación entre as formas de singular e plural e que se documentan noutros textos da época[60]. Encontrámo-los seguintes exemplos de formas acumulativas, resultantes da combinación dos antigos acusativo e dativo: *E eles disseron que se sofrerian pois que* **llo** *non queria diser* (*T*, l. 47); *Mais de qué comen ou de qué beven soo chus maravilhado, ca non vejo com'o alá possan aver, se vento* **lho** *non levar* (*M*, ll. 109-111).

As formas tónicas combinadas coa preposición CUM presentan en *T* dous resultados, o etimolóxico, *migo* (l. 102) e *nosco* (l. 72), e as formas dobremente compostas, *conmigo* (l. 84), *connosco* (l. 109). En *M* o primeiro tipo está representado por *sigo* (l. 21); do segundo non hai exemplos[61].

---

[59] Véxase, con todo, *Livro de Merlin. Edición crítica*, p. 170, n. 75. A expresión do plural a través das formas sincréticas primitivas *lle*, *lli* documéntase noutros textos da época (*cfr.* Álvarez Blanco-Xove Ferreiro, "Lingua e variación dialectal", pp. 36-37).

[60] Na *General Estoria* e na *Crónica Troiana*, por exemplo, a forma *llelo* está amplamente documentada (*cfr.* R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 88, 126-127; Álvarez Blanco-Xove Ferreiro, "Lingua e variación dialectal", pp. 37-38). Para a solución *llo*, *cfr.* Maia, *História*, pp. 674-675. Para a formación de ámbalas variantes, consúltese Huber, *Gramática*, pp. 175, 177; Williams, *Do Latim*, p. 158. *Cfr.* igualmente Nunes, *Compêndio*, pp. 238-239.

[61] Para estas formas e a súa evolución, véxase H. Lausberg, *Lingüística románica*, Gredos, Madrid, 1988, vol. II, pp. 163-164; Nunes, *Compêndio*, pp. 240-241; Huber, *Gramática*, pp. 58, 60, 64, 174; Williams, *Do Latim*, p. 150; Maia, *História*, p. 668.

Respecto ós usos do pronome, debemos subliña-lo emprego, exclusivo do fragmento de *Merlin*, dalgunhas formas tónicas en función de obxecto directo sen o concurso da preposición: *eu matarei* ***ti*** *ou* ***ela*** (l. 9), *sabi que eu* ***ti*** *partirei dela* (l. 12), *non á ren que tanto dessame como* ***el*** (l. 38), *matarades vós* ***min*** *ou eu* ***vós*** (l. 55). Este uso, amplamente documentado en textos do século XIII, tanto galegos como portugueses, e, esporadicamente, nos producidos nos comezos da seguinte centuria, parece dar conta da conservación na lingua antiga do emprego das formas tónicas "como invariáveis do ponto de vista sintáctico, desempenhando funções de diversos complementos, quando regidas de preposição, e funções de complemento directo, neste caso sem subordinação a qualquer preposição"[62].

3.3. Indefinidos

A forma do indefinido que xorde da combinación da partícula negativa NEC máis a forma do numeral cardinal UNU(M) coñece dous posibles resultados, dependendo da evolución inicialmente conxunta ou independente de ambos elementos. A primeira conduce á forma con *–g–* por sonorización da oclusiva xorda intervocálica. Esta solución, hoxe predominante en Galicia, está amplamente representada nos textos medievais e aparece nos dous fragmentos analizados con pequenas variantes: *nengũu* (*T*, l. 164), *nenguun* (*M*, l. 18). A segunda posibilidade evolutiva supón a desaparición da consoante final da partícula negativa e a formación dun grupo vocálico *–ẽu–* que pode evolucionar a *–ĩu–*. Estas dúas solucións tamén aparecen documentadas nos textos, pero agora cada unha delas é exclusiva dun dos fragmentos. Así, no *Merlin* documéntanse as formas con [e], *nenuu[n]* (*M*, l. 4), *nenũa* (*M*, l. 107), mentres que as formas con [i] na sílaba pretónica, características dos textos galegos, se recollen en *T*: *ninũu* (l. 6)[63]. A partir destas últimas formas xerarase a variante con nasal palatal *nenhum*, canónica do portugués actual.

---

[62] A cita está tomada de Maia, *História*, p. 668. A este propósito, véxase *Ibidem*, p. 667; Nunes, *Compêndio*, pp. 239-240; Huber, *Gramática*, p. 174; Williams, *Do Latim*, p. 150.

[63] A propósito destas formas indica Maia: "É interessante verificar que a maior riqueza de variantes se encontra nos documentos da Galiza; as formas com *i* na sílaba pretónica assim como aquelas que têm –g– proveniente da sonorização de –c– intervocálico (em NEC UNU–) estão documentadas unicamente nos textos desta região" (*História*, p. 703). Para a evolución destas formas e distribución, consúltese, ademais, Nunes, *Compêndio*, p. 263; Huber, *Gramática*, pp. 96, 124, 157, 198-199; Williams, *Do Latim*, pp. 74, 83, 164; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, pp. 896-898; R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 101, 140; Maia, *História*, pp. 612-615.

Esta situación presenta dous aspectos de notable interese. A presencia do primeiro tipo de formas (*nenuun*, *nenũa*) no fragmento do *Merlin* merece ser destacada de xeito especial, dado que ese tipo de solucións é coñecido na documentación portuguesa preferentemente no século XIII e nos primeiros anos da seguinte centuria. Por outro lado, a distribución das variantes citadas en segundo lugar (*ninũu*) concorda coa análise feita por Maia, sendo as formas con [e] as maioritarias nos textos do país veciño, en canto que en Galicia xorden de forma indistinta ambas solucións.

3.4. Posesivos

Resulta igualmente interesante observar nos dous textos a distribución das formas do posesivo, pois cada un dos fragmentos presenta unhas características específicas. As antigas formas reducidas para o posesivo átono feminino de terceira persoa, *sa* (ll. 25, 26), son as únicas que se rexistran en *M*. Este resultado tamén está representado en *T*, *sa* (ll. 7, 181), pero neste caso a forma é minoritaria fronte á forma plena *sua* e variantes (ll. 5, 20).

A análise da documentación medieval revela, por un lado, que en Galicia as formas átonas femininas foron en esencia coñecidas durante o século XIII, sendo pouco frecuentes na metade setentrional[64]. En Portugal a súa presencia prolongouse durante máis tempo, documentándose durante todo o século XIV[65], sen que haxa constancia de limitacións xeográficas no seu emprego[66].

A proxección destes datos ós textos analizados é plenamente coherente coa localización proposta para cada un deles, pero lévanos a considera-la posibilidade de que as formas reducidas presentes no *Tristan* sexan vestixios dun estadio textual previo.

Esta hipótese está apoiada pola presencia neste mesmo texto da forma masculina *sou* (l. 18) para o posesivo de terceira persoa, solución que presenta unha única ocorrencia fronte ás múltiples aparicións de *seu* (ll. 17, 21).

---

[64] Os exemplos recollidos en Galicia por Maia, *História*, pp. 675-677, pertencen unicamente ás provincias de Ourense e Pontevedra.

[65] *Cfr. Ibidem*, p. 679, n. 3.

[66] *Cfr.* a colección documental reunida por A. M. Martins, *Clíticos na História do Português. Apêndice Documental. Documentos notariais dos séculos XIII ao XVI do Arquivo Nacional da Torre do Tombo*, Dissertação de Doutoramento em Linguística Portuguesa apresentada à Universidade de Lisboa, Faculdade de Letras, Lisboa, 1994, na que se rexistran abundantes exemplos ó longo dos séculos XIII e XIV –e escasamente nos primeiros anos do século XV– nas dúas grandes rexións estudiadas (Lisboa / Noroeste).

Este resultado *sou*, que continúa a forma etimolóxica latina SUU(M), e que foi desprazado dende moi cedo pola forma analóxica, rexístrase en documentos galegos do século XIII e aparece, de forma esporádica, na lingua trobadoresca[67].

3.5. Demostrativos

Para o demostrativo masculino da terceira persoa alternan no fragmento de *Tristan* as formas *aquel* (ll. 20, 171) e *aquele* (ll. 60, 65); no *Merlin*, pola contra, só se documenta o resultado *aquel* (ll.34, 86). En simetría co comentado anteriormente para as formas do pronome, as formas con *–e* foron tamén predominantes na zona sudoccidental galega[68].

Os representantes do neutro latino ofrecen as dúas solucións actuais, isto é, formas coa vocal inicial *e–* (*esto*, *T*, ll. 65, 160; *esso*, *T*, l. 187) e formas con *i–* (*isto*, ll. 106, 124, forma exclusiva de *M*). Aínda que estes resultados alternan na documentación medieval, o portugués decidiuse dende moi pronto polas formas hipercaracterizadas para o neutro; no territorio galego, no que predominan as solucións en *e–*, as formas con *i–* son máis frecuentes, aínda que non exclusivas, das rexións noroccidental e sudoccidental[69].

3.6. Numerais

A presencia da forma do distributivo *senllos* en *T* (*achou dous cavaleiros andantes que tragian* ***senllos*** *escudeiros*, l. 36) constitúe a única particularidade a salientar neste parágrafo. Ese resultado con lateral palatal é propio de Galicia, onde alterna coas formas *seños*, *senhos*, documentadas nas provincias meridionais galegas e características da área lingüística portuguesa[70].

---

[67] *Cfr.* Maia, *História*, p. 676, n. 1; Castro, "O fragmento galego", p. 143. Para as formas do posesivo e a súa evolución, véxase Nunes, *Compêndio*, pp. 242-244; Huber, *Gramática*, pp. 191-192; Williams, *Do Latim*, pp. 159-160; Maia, *História*, pp. 675-682.

[68] *Cfr.* Álvarez Blanco-Xove Ferreiro, "Lingua e variación dialectal", pp. 46-47; R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 88, 126, documenta *aquel* como forma exclusiva neste texto. Véxanse igualmente, no epígrafe correspondente ó pronome, as notas 52 e 53.

[69] Véxase J. A. Souto Cabo, "Caracterizaçom dialectal da Galiza na Idade Média", en G. Hilty (ed.), *Actes du XX^e Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes (Université de Zurich, 6-11 avril 1992)*, Francke Verlag, Tübingen-Basel, 1993, vol. II, p. 536. Para estas formas, consúltense, igualmente, Nunes, *Compêndio*, pp. 245-248; Huber, *Gramática*, pp. 59, 193; Williams, *Do Latim*, pp. 106-107, 161-162; R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 88, 126; Maia, *História*, pp. 416-420, 683-690; R. Lorenzo, "Algunhas consideracións", pp. 453-454; Álvarez Blanco-Xove Ferreiro, "Lingua e variación dialectal", pp. 43-45.

[70] *Cfr.* R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 112, 152; Maia, *História*, pp. 722-723. Véxase igualmente Nunes, *Compêndio*, pp. 121-123; Huber, *Gramática*, pp. 125, 126, 199; Williams, *Do Latim*, p. 94.

3.7. O Verbo

3.7.1. As conxugacións

As dúas formas de P3 e P6 para o perfecto fraco de *caer* rexistradas nos fragmentos, *caeu* (*T*, l. 147) e *caeron* (*M*, l. 110), supoñen a pertenza deste verbo á segunda conxugación, tal e como se documenta en distintos textos producidos na Idade Media[71]. O paso á CIII, característico do portugués patrón e de amplas zonas galegas, tamén se rexistra na época medieval, verificándose no século XIV[72].

Rexístranse normalmente como pertencentes á CII os verbos *dizer* (*T*, ll. 20, 206; *M*, l. 140) e *viver* (*T*, ll. 8, 177, *M*, l. 11)[73].

3.7.2. O radical

A pesar de que esperariamos unha evolución paralela para os pretéritos de *jazer* e *prazer*, as formas recollidas en *T* para estes verbos, respectivamente *prouguer* (futuro de subxuntivo, l. 29) e *jouvera* (antepretérito, l. 22), documentan solucións diverxentes. Así, a segunda forma, *jouvera*, dá conta do influxo analóxico que sobre este verbo exerceu o tema de perfecto do antigo *aver* (*ouv–*), influencia analóxica que lle acabaría afectando tamén a *prazer* e que xerou as raíces *prouv–* e *jouv–*, que nos finais da Idade Media presentan un alto índice de frecuencia[74].

[71] As formas do verbo *caer* son as únicas documentadas por R. Lorenzo na *Crónica Troiana* (*cfr. Crónica Troiana*, pp. 102, 112).

[72] *Cfr.* Huber, *Gramática*, p. 206; Williams, *Do Latim*, pp. 165-166, 224; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, pp. 265-266; Maia, *História*, pp. 727-728; R. Lorenzo, "Algunhas consideracións", pp. 470-471; Castro, "O fragmento galego", pp. 146-147.

[73] O paso á CIII de *dizer* é exclusivo do galego, permanecendo en portugués como pertencente á segunda conxugación (*cfr.* Maia, *História*, pp. 728-729; R. Lorenzo, "Algunhas consideracións", p. 471). O cambio *dizer* > *decir* e *viver* > *vivir* explícao deste xeito A. Santamarina: "Como queda apuntado atrás, también es caracterizadora de clase mórfica, entre CII y CIII la vocal del radical. Así (*–a–* y *–o–* aparte) los verbos de la CII se caracterizan por las secuencias vocálicas *e-ér*, *o-ér*, (*beber*, *ler*, *comer*, *doer*) mientras que los de la CIII por las secuencias *i-ír*, *u-ír* (*vivir*, *rir*, *fuxir*). Es decir, en virtud de una armonización vocálica, ocurrida en época literaria, las secuencias *e-ír* y *o-ír* pasaron a *i-ír* y *u-ír* (ant. *pedir* > [pidír], ant. *dormir* > [durmír]). De este modo, las escasas secuencias *i-er*, *u-er* se hicieron insólitas y acabaron asimilándose a las más frecuentes *i-ir*, *u-ir*. Así se explica que verbos que en gallego ant. eran de la 2ª hayan pasado a la tercera en gall. actual (...); así, ant. *dizer* > *decir* [diθír], ant. *viver* > *vivir*" (*El verbo gallego*, p. 49). Véxase igualmente Huber, *Gramática*, p. 207; Williams, *Do Latim*, pp. 165-166; para a conxugación de *dizer*, *cfr.* Nunes, *Compêndio*, p. 325; Huber, *Gramática*, p. 218; Williams, *Do Latim*, p. 227; Maia, *História*, pp. 781-782.

[74] *Cfr.* Nunes, *Compêndio*, p. 315; Huber, *Gramática*, pp. 250, 233, 238, 246; Williams, *Do Latim*, pp. 202-203. Para a conxugación de *jazer*, véxase Nunes, *Compêndio*, p. 326; Huber, *Gramática*, pp. 218-219; Williams, *Do Latim*, p. 231; para a conxugación de *prazer*, *cfr.* Nunes, *Compêndio*, pp. 329-330; Huber, *Gramática*, p. 221; Maia, *História*, pp. 805-806.

A forma *fugen* (*T*, l. 173) é a única documentada nos textos para os verbos da CIII que actualmente teñen alternancia vocálica na vocal radical. A forma rexistrada representa o modelo flexivo regular coñecido na Idade Media para ese verbo[75].

3.7.3. O pretérito

Na terceira persoa dos pretéritos fortes coexisten dúas terminacións para o sufixo de número-persoa, que establecen unha clara diferencia entre as áreas lingüísticas galega e portuguesa. Así, por un lado, rexístrase a terminación etimolóxica, caracterizada pola presencia de *–e* ou pola ausencia de marca, presente nos textos portugueses, e, por outro, a terminación en *–o*, resultante da analoxía cos perfectos fracos en *–u* ou *–o* da segunda e terceira conxugacións, característica da documentación galega a partir do século XIII[76]. A situación dos textos obxecto de análise é coherente coa distribución deses resultados nas dúas grandes áreas lingüísticas sinaladas. O fragmento de *Merlin* rexistra de forma exclusiva a terminación en *–e* ou a ausencia de marca para estas formas de perfecto: *adusse* / *aduse* (ll. 21, 25), *disse* (l. 8), *esteve* (l. 33), *fez* (l. 14), *ouve* (l. 23), *pres* (l. 119), *quis* (l. 7), *teve* (l. 68), *trouxe* (l. 6). Polo contrario, en *T* rexistramos tanto a terminación en *–e* ou a ausencia de marca como as formas co resultado en *–o* para o sufixo de número-persoa, alternancia esta que é característica dos textos galegos[77]: *soube* (l. 9), *esteve* (l. 67), *disse* (l. 27), *teve* (l. 69), *fez* (l. 124), *quis* (l. 24), *disso* (l. 2), *tevo* (l. 192), *soubo* (l. 176)[78].

Con todo, é interesante salientar que, coma noutros textos galegos, o predominio relativo dun ou doutro modelo parece estar condicionado lexicamente. A terminación *–e* ou a ausencia de marca para o sufixo de

---

[75] Para *fugir*, véxase Huber, *Gramática*, p. 207; Williams, *Do Latim*, pp. 216-217; para a súa conxugación, *cfr.* Nunes, *Compêndio*, p. 337.

[76] Así o indica Cl. de Azevedo Maia: "Estamos em presença de uma particularidade que distinguia, já no período medieval, as duas zonas da área galego-portuguesa: a Galiza, onde se usavam com bastante frequência as formas em *–o*, sendo mais raras as formas terminadas em *–e*, e a zona a sul do Minho, onde estavam generalizadas estas últimas, sendo muito raras as formas com *–o* analógico" (*História*, pp. 746-747). *Cfr.* igualmente Santamarina, *El verbo gallego*, p. 66.

[77] Segundo R. Lorenzo, característica dos textos galegos é "la desinencia *–o* en la 3.ª pers. del pret. indef., aunque alternando constantemente con *–e* o *cero*. Precisamente esta fluctuación, con tendencia a *–o* (que es la forma moderna), es característica de los textos gallegos" (*La traducción gallega*, vol. I, p. XXIX). *Cfr.* igualmente R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 83, 119-120, 159.

[78] *Cfr. Ibidem*, p. 119; Castro, "O fragmento galego", p. 146.

número-persoa na P3 do perfecto é exclusiva para os verbos *fazer*, *querer* e *estar* (*fez*, *T*, l. 124, *M*, l. 14; *quis*, *T*, l. 24, *M*, l. 7; *esteve*, *T*, l. 67, *M*, l. 33), mentres que as formas en *–o* son maioritarias para *dizer* e *valer*, pois *disso* (*T*, l. 224) supera amplamente o antigo *disse* (*T*, l. 27, *M*, l. 8) e *valvo* (*T*, l. 162) é a única forma documentada para o perfecto de *valer*. Polo contrario, rexistrámolas dúas solucións cunha porcentaxe similar en *poder*, *saber* e *tẽer*: *pode* (*T*, l. 71), *soube* (*T*, l. 9), *teve* (*T*, l. 69, *M*, l. 68), *podo* (*T*, l. 132), *soubo* (*T*, l. 176), *tevo* (*T*, 192). A forma *avẽo* (*T*, l. 21, *M*, l. 36) é común en ambos textos, como ocorre na práctica totalidade da documentación medieval galega e portuguesa.

3.7.4. Particularidades dalgúns verbos

[Coñocer], *[conhecer]*[79]

A presencia da vocal velar como segunda vocal na raíz do verbo é característica de *T* (*coñosco*, l. 60; *coñocedes*, l. 57; *coñocian*, l. 158; *coñoceu*, l. 41; *coñoceron*, l. 40), fronte ó fragmento de *Merlin*, que rexistra na única ocorrencia deste verbo, e en concordancia con outros textos portugueses do período, as formas con vocal palatal no radical: *conheceus* (l. 33)[80].

Ouvir, *[oir]*[81]

Verifícase unha repartición bastante nítida entre as formas que presentan ditongo e desenvolvemento dunha consoante antihiática, propias de *M* (*ouv[ir]*, l. 96; *ouviu*, l. 16; *ouviron*, l. 140), e os resultados de *T*, con monotongación do primitivo ditongo latino (*oiron*, l. 134; *oiu*, l. 192), formas estas propias dos documentos producidos en Galicia[82]. A excepción vén dada

[79] Para a conxugación deste verbo, consúltese Nunes, *Compêndio*, p. 332; Huber, *Gramática*, p. 217; Maia, *História*, pp. 773-774.

[80] Segundo R. Lorenzo, no portugués "do XIV xa se ía impoñendo *conhecer*" (*Crónica Troiana*, p. 112).

[81] Para a conxugación deste verbo, véxase Nunes, *Compêndio*, p. 338; Huber, *Gramática*, pp. 225-226; Maia, *História*, pp. 797-798. Para os distintos resultados de AUDIRE e para a súa distribución en territorio galego, consúltese A. Veiga Rodríguez, "*Oír*, *col*, e outros casos de [o̯] < au en galego", *Verba*, IX (1982), pp. 153-200.

[82] Así o indica Cl. de Azevedo Maia: "Verifica-se, no período que estudei, uma clara repartição geográfica das variantes indicadas: os documentos da zona portuguesa revelam invariavelmente formas com ditongo e desenvolvimento da consoante anti-hiática (...). Não há (...) qualquer vestígio da forma *oir*, própria dos textos da Galiza, mas que aparece também documentada em textos do século XIII redigidos em Portugal. Na zona galega, verifica-se, desde os mais antigos textos estudados, um claro predomínio de variantes deste último tipo: *oyrom* (...)" (*História*, pp. 797-798; *cfr.* tamén pp. 550-551). Véxase igualmente R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. I, p. XXXIII; R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, p. 125; Álvarez Blanco-Xove Ferreiro, "Lingua e variación dialectal", pp. 47-48; Castro, "O fragmento galego", p. 147.

pola forma *oio*, que xorde nunha única ocasión no fragmento portugués (P3 perfecto, l. 31). A presencia desta forma reviste particular interese porque asegura, xunto con outros elementos, a existencia dun estadio textual notablemente máis antigo para o modelo de *M*. De feito, formas dese tipo son practicamente descoñecidas en Portugal despois do século XIII[83].

[*Valer*][84]

O verbo *valer*, presente unicamente en *T*, ademais das formas *valla* (presente de subxuntivo, l. 172) e *valria* (antepretérito, l. 131), normais no período, está representado por *valvo* (P3 de perfecto, l. 162), forma que supón o tratamento do perfecto como forte con consonantización do wau (< lat. VALUI)[85]. A pesar de que falta un estudio pormenorizado ó respecto, este tipo tivo unha grande continuidade en certas partes de Galicia, chegando, como mínimo, a estar representado na documentación ata os últimos anos do século XV.

3.8. Preposicións

O resultado *ata*, maioritario na documentación medieval, aparece recollido nos dous textos[86].

Para os descendentes do latín INTER temos dous resultados, *entr(e)* e *antr(e)*[87], formas exclusivas, respectivamente, de *T* e *M*: *e o máis arrizado e*

---

[83] *Cfr.* R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, p. 957; Maia, *História*, p. 798.

[84] Para a conxugación deste verbo, consúltese Nunes, *Compêndio*, p. 335; Huber, *Gramática*, p. 224; Williams, *Do Latim*, pp. 246-247; Maia, *História*, pp. 849-850.

[85] *Cfr.* Williams, *Do Latim*, p. 247; Maia, *História*, p. 850.

[86] Para esta forma, véxase Nunes, *Compêndio*, pp. 175, 352; Huber, *Gramática*, pp. 35, 44, 96, 110, 262; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, pp. 192-193; Maia, *História*, pp. 855-859. Segundo Maia, a preposición "aparece no período arcaico com múltiplas variantes, sendo, porém, a forma *ata* – que admitia uma dupla acentuação (*ata* e *atá*)– a mais frequente até ao século XVI. Os textos redigidos na Galiza, mais ricos em possibilidades expressivas, oferecem algumas variantes desconhecidas na área galego-portuguesa a sul do Minho; além disso, e pelo que se refere ao período moderno, no galego actual sobrevivem muitas dessas variantes, ao passo que no português literário, a partir do século XVI, as formas *ata*, *atá* vão-se arcaizando e generaliza-se a forma *até*. Contudo, nalguns falares regionais mantêm-se algumas das antigas variantes" (*Ibidem*, p. 856).

[87] Para outros resultados da preposición en textos medievais e distribución dos mesmos, *cfr.* R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, pp. 936-937; Álvarez Blanco-Xove Ferreiro, "Lingua e variación dialectal", pp. 38-40. Véxase igualmente Nunes, *Compêndio*, pp. 63, 149, 351; Huber, *Gramática*, pp. 74, 262; Maia, *História*, pp. 860-861.

o máis ardido que nunca ***entr'eles*** *entrara* (*T*, l. 159); *E maravilhouse porque esta guerra nacera* ***antr'eles*** (*M*, ll. 33-34). Ambos resultados están amplamente documentados na Idade Media, sendo as formas con *a–* inicial moi abundantes nos documentos portugueses[88].

O texto galego rexistra a preposición *su* (< SUB): *meteu a lança* ***su*** *u braço* (l. 104). Este resultado alterna con *so* na documentación medieval[89].

3.9. Adverbios

En *T* recóllese o adverbio de lugar *allur* co significado tradicional de 'para ou cara a outro lugar': *S[eñores] cavaleiros andantes* ***allur*** *ide* (l. 82).

É posible que o carácter fragmentario dos textos non nos permita precisar con total exactitude a estructura do sistema de adverbios locativos. Vexamos, con todo, aquilo que se pode deducir dos datos que proporcionan os dous testemuños. En relación ó inventario, hai coincidencia na presencia das formas *aqui* (*T*, l. 83, *M*, l. 57), *alá* (*T*, l. 50, *M*, l. 88) e *i* (*T*, l. 63, *M*, l. 18), pero *aca* (l. 20) e *ali* (l. 23) son exclusivas, respectivamente, de *M* e *T*. Agora ben, a partir dos fragmentos que se conservan, a principal diferencia entre ambos textos tal vez se poida situar na inexistencia en *M* da oposición funcional *alá* / vs/ *ali*, que, sen embargo, parece existir no texto galego. En efecto, no *Tristan alá* é utilizado para movemento translocal (*Señor –disseron [eles]–,* ***alá*** *imos a gran coita*, l. 50), en canto que *ali* indica situación (*Vedes* ***ali*** *o bon cavaleiro, vedelo* ***ali***, l. 203). En *M alá* reúne eses dous sentidos: *E foron contra* ***alá*** *por veeren a pena* (l. 88), *¿Por u sobiron* ***alá****?* (l. 103), *¿Que fassen* ***alá*** *suso?* (l. 113), etc. Non obstante, a pertenza de cada unha desas formas a un subsistema diferente –binario ou tripartito– podería estar na orixe desa aparente oposición.

Non é posible apuntar un motivo para a ausencia de *aca* en *T*, xa que os tres contextos nos que esta se verifica son moi homoxéneos: *ca non passaredes por* ***aqui****, ca vos non leixarei eu por* ***aqui*** *pa[ssar]* (ll. 82-83); *non me posso d'****aqui*** *partir sen justa ou sen batalla* (ll. 122-123). No texto portu-

[88] A forma *entre* está amplamente documentada en Galicia e Portugal dende o século XIII e durante toda a Idade Media. Sen embargo, Maia só recolle a forma *antre* en documentos portugueses (*cfr. História*, p. 861), aínda que esta solución tamén está rexistrada en textos galegos medievais (*cfr.* Álvarez Blanco-Xove Ferreiro, "Lingua e variación dialectal", pp. 38-40).

[89] *Cfr.* Nunes, *Compêndio*, pp. 149, 351; Huber, *Gramática*, p. 265, e o epígrafe correspondente ó vocalismo, no que se dá conta do cambio de *o* en *u* neste tipo de formas (en particular, n. 20).

gués a preferencia por *aca* ou *aqui* parece obedecer ós principios expostos anteriormente: *E vẽo logo* **aca** (l. 20), *foi logo por sa amiga e adusea* **aca** (ll. 24-25); *se Deus me por* **aqui** *non trouxesse* (l. 57); *Eu o sei –disse Maroth– <...> [cavaleiros] que ja* **aqui** *esteveron* (l. 139), *E, se nos estevermos* **aqui** *ũa peça* (l. 141). Hai, con todo, un exemplo que non se axusta ó anterior, pero hai que dicir que se atopa nun contexto probablemente incompleto a causa dunha lagoa: *¿Non veedes as maravilhas, que* **aca**, *suso esta pena, donas moran i fremosas?* (ll. 102-103)[90].

Outros adverbios (ou, no caso de *i* e *ende*, pronomes adverbiais) habituais no período son comúns a ambos textos: *ende* (*T*, l. 161, *M*, l. 10), *i* (*T*, l. 53, *M*, l. 40), *u* (*T*, l. 22, *M*, l. 18), *dessũu* (*T*, l. 51), *desũu* (*M*, l. 28). A locución adverbial *des i* (l. 32) é exclusiva de *T*. Polo contrario, son exclusivos de *M adur* (l. 24) e *chus* (l. 111)[91]. A presencia deste último, representante evolutivo do latín PLUS, é especialmente significativa. Esta forma só se recolle esporadicamente en documentos portugueses do século XIII e constitúe unha nova proba para situa-las orixes do fragmento de *Merlin* na segunda metade deste século.

3.10. Conxuncións

A conxunción *como* (*T*, l. 1, *M*, l. 14) rexístrase en ambos textos, sendo exclusiva de *M* a variante minoritaria *come* (l. 43). Esta última forma está ben documentada ó longo da Idade Media tanto en textos galegos como portugueses[92].

---

[90] Para os adverbios de lugar, véxase Nunes, *Compêndio*, pp. 343-344; Huber, *Gramática*, p. 255. Para o sistema binario e ternario nos textos galegos e portugueses medievais, consúltese Maia, *História*, pp. 864-866.

[91] Para *dessũu*, *cfr. Livro de Tristan. Edición crítica*, p. 93, n. 31; para *des i*, *vide Livro de Tristan. Edición crítica*, p. 91, n. 20; para *adur*, *cfr. Livro de Merlin. Edición crítica*, p. 163, n. 20; para *chus*, véxase *Livro de Merlin. Edición crítica*, p. 170, n. 77.

[92] *Cfr.* Huber, *Gramática*, pp. 268-269; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, pp. 339-342; Maia, *História*, pp. 867-868. A investigadora lusa indica con respecto a estas formas: "Juntamente com *como*, *commo*, as formas mais divulgadas tanto nos documentos de Portugal como da Galiza, surgem também as variantes *coma* e *come* (...). Da documentação até este momento conhecida parece poder concluir-se que a forma *coma* se usou, nos textos escritos, desde o século XIII até ao século XVI; actualmente essa forma pode encontrar-se, em português, mas apenas na linguagem popular; em galego, pelo contrário, ela tem muito maior vitalidade, podendo ocorrer mesmo na linguagem literária. De *come* são conhecidas algumas abonações em textos compreendidos entre o século XIII e o século XV" (*Ibidem*, pp. 867-868).

A conxunción *mais*[93] é empregada, no fragmento de *Tristan* e no de *Merlin*, sempre con valor adversativo: *Señor cavaleiro, derrebastesme* ***mais*** *non me vencestes* (*T*, l. 93); *maravillouse,* ***mais*** *se fosse en Cornualla non se ma[ravillara]* (*T*, l. 207); *Matarme podedes –diss'el–,* ***mais*** *eu non [me] quitarei ende, ante a amarei senpre mentre eu viver* (*M*, ll. 10-11); *Sen falha foi encantamento, ca nos conbatemos sen razon.* ***Mais,*** *¿como vos sentides?* (*M*, ll. 52-53).

Polo contrario, hai unha nítida distinción na escolla de *pero* e *por én*[94], respectivamente presentes en *T* e *M*, e que conservan xeralmente o sentido primitivo de 'por isto, por tanto', podendo ter un certo matiz adversativo no caso de *pero*. Refiramos exemplos destas formas: ***Pero,*** *con todo esto, porque era soo e eles IIII^{o}, cuidaronno a matar* (*T*, l. 160); *mais* ***pero*** *tanto sofreu d'afan e de traballo que non poderia ja ora durar contra vós* (*T*, ll. 189-190); *non soubo que fezesse (...),* ***pero*** *davalle força que o cavaleiro con que se avia a conbater que perdera muito do sangui* (*T*, ll. 19-195); *Quando rei As[en] soube que seu filho amava en tan baixo logar [e] en tan pobre, e trouxeo mal en castigalo. Mais nunca* ***por én*** *a leixou ele mẽos a amar, ante se nunca dela quis partir* (*M*, ll. 4-7); *mais non á ren que tanto dessame como el, e* ***por én*** *non que[ro] que aja antre nós paz ata que [ũu] de nós non seja morto* (*M*, ll. 38-39); *Sabede, cavaleiros, que non era tal aquela [que] vós vistes, ante é ũa das máis fremosas molheres que á no mundo, e* ***por én*** *volo teve a despeito* (*M*, ll. 67-68).

[93] Para esta conxunción, véxase Nunes, *Compêndio*, p. 353; Huber, *Gramática*, p. 268; Maia, *História*, p. 876.

[94] A propósito destas formas, véxase Nunes, *Compêndio*, p. 354; Huber, *Gramática*, p. 268; Maia, *História*, pp. 878-880. Para *por én*, *cfr. Livro de Merlin. Edición crítica*, p. 161, n. 9.

CRITERIOS DE EDICIÓN

Como se indicou previamente, para os fragmentos de *Tristan* e de *Merlin* elaborouse unha edición paleográfica e unha edición crítica, que teñen obxectivos diferentes. No caso do *Tristan*, a lectura realizouse a partir das reproduccións fotográficas que figuran na edición de J. L. Pensado[1], xa que, como se sabe, o códice que transmitiu o texto está actualmente perdido. Para o fragmento do *Livro de Merlin*, conservado na Biblioteca de Catalunya (Ms. 2434), consultouse expresamente o manuscrito. As edicións van acompañadas das variantes dos editores precedentes. No caso do *Tristan* (*T*), son estas a edición de M. Serrano y Sanz (SS no aparato crítico)[2] e a xa mencionada edición, paleográfica e crítica, de Pensado (P no aparato textual). Polo que atinxe ó *Merlin*, a única edición anterior do fragmento elaborouna o seu descubridor, A. J. Soberanas[3].

Polo que respecta á edición paleográfica, conservouse a disposición que os textos presentan nos manuscritos, separando unicamente as palabras e desenvolvendo as abreviaturas, que van marcadas en cursiva. No caso do til de nasalidade, que, con frecuencia, aparece sobre toda a palabra e mesmo sobre dous vocábulos, este colocouse sobre a vocal ou consoante correspondente, anotando todos aqueles casos que presentan problemas particulares. Ademais, sinaláronse en negriña os títulos que os diferentes capítulos levan en cada un dos testemuños manuscritos.

No texto crítico, e tendo en conta que este vai precedido pola correspondente edición paleográfica e dotado dun aparato exhaustivo, optouse, á hora de realiza-la transcrición, pola modernización e regularización gráficas. En todo caso, as normas editoriais que se seguiron pretenden respecta-la realidade lingüística da época de producción dos textos e teñen como premisa a coherencia e a claridade, criterios esixibles en toda proposta crítica de lectura dun documento. Esas normas son as que a seguir se expoñen.

---

[1] Pensado, *Fragmento de un "Livro de Tristan"*, pp. 40-41.

[2] M. Serrano y Sanz (ed.), "Fragmento de una versión galaico portuguesa de Lanzarote del Lago (manuscrito del siglo XIV)", *Boletín de la Real Academia Española*, XV (1928), pp. 307-314.

[3] Soberanas, "La version galaïco-portugaise", pp. 189-193 (no aparato crítico S).

1. Representación da nasalidade

a) Cando o til de nasalidade figure sobre unha vocal e represente unha consoante nasal implosiva –final de palabra ou de sílaba– grafarase mediante *vocal máis n*[4]. Así: *bẽ = ben*; *tragiã = tragian*; *saluarõsse = salvaronse*; *uẽtura = ventura*; *grã = gran*; *mãçebo = mancebo*; *morrerõ = morreron*; *deuisarõ = devisaron*, etc.

Ante as oclusivas bilabiais /p/ e /b/ empregarase *n*, tendo en conta que esa é a solución maioritaria dos textos *–anbos*, *conpaneyros*, *conbateu*, *conpanha*, *tenpos*, etc.–[5]. Deste xeito, resolveremos *nẽbrousse = nenbrouse*; *cõpaneiro = conpañeiro*; *cõpasadores = conpasadores*.

b) Cando o til de nasalidade represente unha vocal nasal, resultado da caída dun –N– intervocálico, este conservarase tal cal e sobre a vocal que nun principio sufriu a nasalización. Así, por exemplo, *auẽo*, *mão*, *amẽas*, *mẽos*, *bõa*, etc.

c) O signo gráfico similar a dúas comas que aparece sobreposto a dúas vocais en hiato ten valor dobre nos textos. Así, no fragmento de *Tristan*, as plicas poden marcar exclusivamente o hiato ou poden remitir tamén á existencia dunha vocal nasalizada, resultado da caída dun –N– intervocálico[6]. No primeiro caso, naquelas formas nas que a función dese signo gráfico "era

---

[4] Para a solución aquí adoptada e para o emprego deste grafema nos textos medievais, véxase a *Nota Lingüística* que acompaña a presente edición, p. 32, e a bibliografía alí citada.

[5] As opinións formuladas pola crítica respecto á grafía da nasal implosiva en contacto con *p* e *b* e á súa posible articulación difiren notablemente. Así, V. Bertolucci Pizzorusso opta por conserva-la nasal alveolar ante labial xorda e sonora porque "a tal grafía podería corresponder a unha pronuncia real" (*As poesías de Martin Soares*, Galaxia, Vigo, 1992, pp. 36-37). Pola contra, para L. Stegagno Picchio, "la doppia articolazione, alveolare e bilabiale, ipotizzata da R. Menéndez Pidal (*Manual de gramática histórica española*, 9ª ed., Madrid, Espasa-Calpe, 1952, p. 97) non può infatti, in ambito linguistico portoghese, non risolversi in una nasalizzazione della vocale precedente, seguita dall'articolazione bilabiale della consonante nasale (–~mp, –~mb: cf. tra l'altro E. B. Williams, *From Latin to Portuguese*, 2ª ed., Philadelphia, University of Pennsylvania Press, 1962, § 26,7c): semplificando, per motivi pratici, ritengo dunque possibile in questi casi trascrivere *mp*, *mb* senza che ciò comporti l'alterazione fonetica implicita invece nella soluzione *np*, *nb* indicata da Carter, p. XIV" (*Martin Moya. Le poesie*, Edizioni dell'Ateneo, Roma, 1968, pp. 99-100, n. 1). Na tradición castelá, os estudios máis recentes postulan, con tódalas cautelas posibles, unha neutralización de nasais nesa posición. Así o considera P. Sánchez-Prieto Borja: "El estudio de la nasal implosiva ante *p* y *b* está dificultado por la frecuente abreviación mediante lineta (...). En cuanto al valor fonético, de la intercambiabilidad de los signos puede deducirse que era el mismo para los dos, es decir, [m], como alófono de /N/, a tenor del contexto (...)" (*Cómo editar los textos medievales. Criterios para su presentación gráfica*, Arco Libros, Madrid, 1998, pp. 128-129).

[6] *Cfr.* Maia, *História*, pp. 574, 323.

apenas a de indicar o hiato"[7] entre dúas vocais en contacto, ben pola caída dunha consoante (*uéér = veer*; *séér = seer*; *sóó* (< SOLUM) = *soo*), ben por fonética sintáctica (*todó ó dia = todo o dia*), non se reproducirán as plicas no texto crítico. Tampouco se conservarán naqueles casos nos que, pola contra, poidan indica-la existencia dunha vocal nasalizada[8]. É o caso de *çertáá = certaa*; *bóó = boo*; *detéér = deteer*; *sóó* (< SUM) = *soo*.

No *Merlin*, o til de nasalidade e as plicas poden aparecer simultaneamente sobre o mesmo vocábulo, marcando a existencia dunha vocal nasal e dun hiato. Nesas formas reproduciremos unicamente o til de nasalidade: *bṍó = bõo*; *hṹu = ũu*. Naqueles casos nos que aparecen unicamente as plicas para referir un hiato, o signo, como xa se dixo anteriormente, non se reproducirá no texto crítico: *meogóó = meogoo*; *sá ámiga = sa amiga*.

d) Para a forma *coño*, que presenta a consoante nasal bilabial grafada en posición intervocálica como *m̃*, con til sobreposto, empregarase sempre *m*: *coño = como*. O mesmo criterio seguirase para a forma *donas*, na que a nasal alveolar aparece grafada como *ñ* nas dúas ocorrencias que o termo presenta no fragmento de *Tristan*. En ambos casos, o til, como afirma R. Lorenzo, "non ten valor e colócase sistematicamente por tradición gráfica latina"[9]. Máis complexo é o caso de *oñe* / *hoñe*, *nuñe* / *noñe*, dada a problemática evolutiva que presentan estas formas[10]. Con todo, tamén neste caso optaremos por omiti-lo til de nasalidade, que pode aparecer igualmente por tradición gráfica latina.

---

[7] Maia, *História*, p. 574.

[8] Con todo, non podemos saber se a resonancia nasal xa se perdera nesas palabras. Maia indica: "Se, efectivamente, os diacríticos usados sobre as vogais são apenas um processo gráfico de indicar o hiato, então estamos uma vez mais em presença de formas em que a nasalidade não aparece graficamente representada. Naturalmente que não é fácil saber se essas formas eram já o reflexo, na língua escrita, da tendência para a desnasalação que afectou o galego" (*História*, p. 324). Para esta cuestión consúltese, ademais, *Ibidem*, pp. 323, n. 1, 574; Williams, *Do Latim*, p. 81, e R. Lorenzo, "Algunhas consideracións", p. 457, que indica: "Non se entende moito esta dúbida en C. Maia nun caso tan claro, como é o da desnasalización das vocais desde o séc. XIII". *Cfr.* igualmente R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 102-103, 141-143, 163-164, e véxase, así mesmo, a solución que este editor dá para casos similares en R. Lorenzo Vázquez, "Normas para a edición de textos medievais galegos", en D. Kremer (ed.), *Actes du XVIII^e Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes (Trèves, 1986)*, Max Niemeyer Verlag, Tübingen, 1988, vol. VI, p. 81.

[9] *Ibidem*, p. 81. Para este aspecto, consúltese igualmente Maia, *História*, pp. 485-486.

[10] Para estas formas e a súa evolución, *vide supra*, *Livro de Tristan. Edición crítica*, p. 97, n. 55, e p. 98, n. 58.

Mención á parte merecen as formas *amiga*, *amigo*, *Maroth*, *çẽdo*, todas elas presentes no fragmento de *Merlin* e dotadas dun til sobreposto á palabra, que carece de base etimolóxica. En todos estes casos, no texto crítico omitirase esa marca gráfica.

e) Nos demais casos optouse por empregar *–n*, tanto en posición implosiva como en posición final absoluta, aínda cando nos manuscritos alternan as grafías *–m* e *–n*. En posición final absoluta, en particular, predomina *–n* no *Merlin*, mentres que no fragmento de *Tristan* a grafía *–m* é claramente maioritaria. Así: *emsselado* = *enselado*; *emde* = *ende*; *afam* = *afan*; *dom* = *don*; *Glingaym* = *Glingain*; *duum* = *duun*; *Galuam* = *Galvan*.

2. Grafemas i, y e j

Tendo en conta que os grafemas *i*, *y* e *j* son equivalentes e representan, tanto nos ditongos crecentes como decrecentes, o mesmo elemento vocálico ou semivocálico, no texto crítico empregarase sempre *i* con ese valor: *yr* = *ir*; *aly* = *ali*; *partyr* = *partir*; *Reyna* = *reiña*; *noyte* = *noite*; *bayxo* = *baixo*; *enuyara* = *enviara*; *auya* = *avia*; *fyaua* = *fiava*; *njnhũu* = *ninũu*; *sanguj* = *sangui*; *amjga* = *amiga*; *crija* = *criia*; *uijr* = *viir*; *tijnham* = *tiinhan*.

No caso dos ditongos crecentes, os escribas poden emprega-la grafía *h*[11], que aparece dende o século XIII, e que tamén se representará como *i*. É este o caso do fragmento do *Merlin*, no que se recolle a forma *sabha* (= *sabia*)[12].

3. Grafías b, u e v

Utilizarase a grafía *u* con valor vocálico e *v* con valor consonántico (aínda que nos textos se empreguen *u* e *v* con valor equivalente). Deste xeito: *nouas* = *novas*; *marauilla* = *maravilla*; *saluaronsse* = *salvaronse*; *ouuyu* = *ouviu*; *veyr* = *veir*; *viu* = *viu*; *outra* = *outra*; *ssua* = *sua*, etc.

---

[11] *Cfr.* Williams, *Do Latim*, p. 36; Maia, *História*, pp. 423-424. Para as grafías que representan a vocal palatal en calquera das posicións, isto é, núcleo ou marxe silábica, *cfr. Ibidem*, pp. 421-424.

[12] Para a forma *escarnho* e a súa problemática, *vide supra*, *Nota Lingüística*, p. 31, n. 7, e *infra*, *Livro de Merlin. Edición crítica*, p. 166, n. 44.

Manterase a distinción entre *b* e *v* (*u*) de acordo co seu uso no texto: *ben* = *ben*; *beldade* = *beldade*; *conbater* = *conbater*; *marauilla* = *maravilla*; *auyan* = *avian*; *caualeiro* = *cavaleiro*.

4. Representación das oclusivas velares xorda e sonora

Para as consoantes oclusivas velares xorda e sonora utilizaranse as grafías *ca-ga*, *que-gue*, *qui-gui*, *co-go*, *cu-gu*: *caualeiros* = *cavaleiros*; *castelo* = *castelo*; *quedo* = *quedo*; *aquella* = *aquela*; *quites* = *quites*; *esquirol* = *esquirol*; *couardia* = *covardia*; *consselho* = *conselho*; *cuyta* = *cuita*; *cuydaron* = *cuidaron*; *paga* = *paga*; *folgado* = *folgado*; *paguemos* = *paguemos*; *guerra* = *guerra*; *guisado* = *guisado*; *sanguj* = *sangui*; *rrogo* = *rogo*; *castigo* = *castigo*; *guarida* = *guarida*; *guarnido* = *guarnido*. No caso do antropónimo *Queia*, tamén recollido no fragmento de *Tristan* baixo a forma *Keia*, na que se rexistra o grafema *k* para representa-la oclusiva velar xorda, á vista do orixinal francés para o nome do cabaleiro, *Keu d'Estraus*, manterémo-la alternancia gráfica do manuscrito –alternancia que tamén está presente nos textos franceses–.

Conservaranse formas do tipo *guardaua*, *quatro*, *quando*, *quanto*, *quan*, palabras nas que a grafía, ademais de responder a razóns etimolóxicas, pode reflecti-la pronuncia da semivocal[13].

No caso da forma *çinquo*, presente no fragmento de *Tristan*, na que o grupo *qu* non remite a unha pronunciación da semivocal, senón que se trata dunha ultracorrección gráfica[14], reproducirase *cinco*.

Tamén debemos referi-lo emprego de *ch* para a oclusiva velar xorda, aínda que de xeito illado, pois esta grafía rexístrase nun único exemplo. Neste caso, optouse por recupera-lo grafema de uso habitual: *ynchal* = *incal*[15].

---

[13] Véxase Nunes, *Compêndio*, pp. 98-99; Huber, *Gramática*, pp. 105-108; Williams, *Do Latim*, pp. 75-76; Maia, *História*, pp. 641-643; R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 92-93, 131-132, 161.

[14] *Cfr.* Maia, *História*, p. 429. Para R. Lorenzo, esta forma "posiblemente é reminiscencia da grafía latina" (*cfr. Crónica Troiana*, p. 94).

[15] Para o emprego deste grafema en textos galegos e portugueses, véxase Maia, *História*, pp. 430-431.

5. Representación gráfica da nasal e lateral alveolares

Empregaranse as grafías *n* e *l* para a representación destas consoantes. Así, *nouas = novas*; *noyte = noite*; *nedea = nedea*; *tornada = tornada*; *pena = pena*; *leda = leda*; *leuar = levar*; *longe = longe*; *ela = ela*; *uila = vila*; *caualos = cavalos*; *donzela = donzela*.

No fragmento de *Tristan* recóllense as formas *caualeiro(s)*, que é a solución maioritaria, e *caualleiro(s)*, *castelo* e *castello*, esta última cunha única ocorrencia, nas que se documenta a alternancia das grafías *l* e *ll* para grafa-la lateral alveolar en posición intervocálica. Igualmente, no *Merlin* documéntase *aquella*, único exemplo do texto que presenta a grafía *ll* para a lateral alveolar. Tendo en conta que estas formas presentan étimos latinos con –LL– e que, polo tanto, o grafema responde con toda probabilidade a unha escrita etimolóxica, sen implicacións de tipo fonético, reproduciremos estas formas con *l*: *caualeiro = cavaleiro*; *caualleiros = cavaleiros*; *castelo = castelo*; *castello = castelo*; *aquella = aquela*. Igualmente, na forma *tall*, con dobre *l* en posición posvocálica, transcribirase *tal*[16].

6. Nasal e lateral palatais

No fragmento de *Tristan*, para a lateral palatal empregarase a grafía *ll*, única que aparece no texto. Así, *Cornualla*, *fillo*, *maravilla*, *mollada*. Máis alternante no manuscrito é a representación da nasal palatal, grafada con *n* –esta é a solución maioritaria–, e, nun único caso, con *ñ*. Na edición crítica empregarase sempre *ñ*. Deste modo: *manãa = mañãa*; *senor = señor*; *montana = montaña*; *conpaneyros = conpañeiros*; *Seño[r]es = seño[r]es*; *conuijna = conviiña*.

No caso do *Merlin*, e respectando a tradición gráfica na que se insire, a nasal palatal e a lateral palatal representaranse, respectivamente, mediante *nh* e *lh*. Estes dígrafos son, por outra parte, os únicos que aparecen no fragmento para representa-los devanditos sons: *conpanha*, *estranho*, *senhor*; *filho*, *molher*, *batalha*[17].

---

[16] Para as grafías empregadas para representa-la nasal e lateral alveolares, consúltese Maia, *História*, pp. 485-486, 494-497.

[17] Para estas grafías e a súa introducción en Portugal consúltese a *Nota Lingüística* que acompaña a presente edición, pp. 29-31, e a bibliografía recollida na nota 2 dese capítulo.

7. Representación das africadas predorsais xorda e sonora

Para a africada (a partir dun certo momento, que os estudiosos sitúan cara á segunda metade do século XIII, fricativa[18]) predorsal xorda empregarase *c* ante –e, –i, e *ç* ante as outras vocais (–a, –o, –u). Así: *caçando = caçando*; *acalçar = acalçar*; *çertáá = certaa*; *conoçeron = coñoceron*; *graçiu = graciu*; *çima = cima*; *coraçon = coraçon*; *conoçuda = coñoçuda*.

Para a africada (máis tarde fricativa) predorsoalveolar sonora empregarase *z*. Así, *arrizado = arrizado*; *fazenda = fazenda*; *uozes = vozes*; *prazer = prazer*.

Respectaranse, en todo caso, as confusións e os trocos entre sibilantes, recollendo formas como *faser*, *fassen*, *Lanzarote*, *diser*, etc[19].

8. Grafías para as fricativas apicais xorda e sonora

Manterase escrupulosamente, en posición intervocálica, a distinción existente no texto entre *–s–* e *–ss–*. Deste xeito, reproducirase *grossa = grossa*; *assy = assi*; *fosse = fosse*; *sisudo = sisudo*; *casa = casa*; *fremosas = fremosas*; *aduse = aduse*; *desũu = desũu*; *passar = passar*, etc.

9. Representación da fricativa prepalatal sonora / ʒ/

Adoptarémo-la grafía *j* para a fricativa (inicialmente africada)[20] prepalatal sonora naqueles casos nos que o manuscrito presente *i* con ese valor ou o grafema *j*; así mesmo, manterase a grafía *g*, tamén empregada nos textos con este valor, naqueles casos nos que se rexistre. Así, *ia = ja*; *ueio = uejo*; *iustar = justar*; *justas = justas*; *juntados = juntados*; *portagen = portagen*; *oge = oge*; *gentes = gentes*.

---

[18] *Cfr.* Maia, *História*, pp. 446-447, 454-457.

[19] Para estas formas, *vide supra*, *Nota Lingüística*, pp. 40-41.

[20] O cambio verificaríase dende moi pronto, concretamente dende o século XIII (*cfr.* Maia, *História*, p. 468).

10. Consoantes dobres

Eliminaranse tódalas consoantes dobres, a non ser *–rr–* e *–ss–* en posición intervocálica, único contexto no que ten rendemento a oposición fonolóxica entre a vibrante simple e a múltiple e entre a fricativa apical xorda e a sonora. Nos casos de énclise tamén se procederá á simplificación das consoantes dobres; a mesma solución adoptarase para a reduplicación de *r* e *s* en posición inicial e tras consoante. Así: *ffoy = foi*; *ffilho = filho*; *rrespondera = respondera*; *rrogo = rogo*; *ssua = ssua*; *ssem = sen*; *leixousse = leixouse*; *tornousse = tornouse*; *desonrra = desonra*; *vallrria = valria*; *canssado = cansado*; *penssara = pensara*, pero *carreyra = carreira*; *terra = terra*; *poridade = poridade*; *morarya = moraria*; *assy = assi*; *adusse = adusse*; *casa = casa*; *Asen = Asen*[21].

11. Eliminación dos *h* antietimolóxicos

Eliminaranse en tódolos casos, mesmo naqueles nos que esta grafía estea marcando a existencia dun hiato intravocabular. No caso das formas con *h* etimolóxico, conservarase a forma do manuscrito, isto é, manterase o *h* se está no texto e non se reporá cando este estea ausente na forma do testemuño. Deste xeito: *hũu = ũu*; *hũa = ũa*; *njnhũu = ninũu*; *ha = á*; *he = é*; *ho = o*; *hu = u*; *home= home*; *oñe = ome*.

12. Conxunción copulativa

Grafada maioritariamente como *et* ou mediante o signo tironiano, ⁊, prescindiremos da consoante final no texto crítico, dado que esta carece de valor fonético. Así: *et = e*.

13. Outros casos

No texto rexístrase a forma *theẽr*, coa grafía *th* para a representación da oclusiva dental xorda. Dado que esa grafía, de connotación culta, carece de moti-

[21] Para *–ll–*, *vide supra*, p. 64.

vación fonética e, neste caso en concreto, tamén etimolóxica, optarase por transcribir ese vocábulo como *tẽer*[22].

Ademais das propostas anteriores, e dado que a edición crítica supón unha certa interpretación do texto, sinalamos a seguir outras intervencións que se realizaron nos fragmentos:

14. Unión e separación de palabras

Tanto para a separación como para a reunión de vocábulos, seguíronse os criterios actuais. Cómpre ter presentes, sen embargo, certos casos que, con frecuencia, ofrecen problemas de tratamento nas edicións críticas:

a) Escribiremos unidas formas como *connosco*, *conmigo*, *ena*, *ninũu*.

b) Reproduciremos separadas formas como *non no*, *quen no*.

c) Respecto ós pronomes, as formas átonas enclíticas van unidas ó verbo sen o emprego do guión (*dissolle* = *dissolle*; *derrebastesme* = *derrebastesme*; *cuydaronno* = *cuidaronno*; *ffezlhy* = *fezlhi*; *marauilhousse* = *maravilhouse*). No caso da mesóclise, o pronome irá unido ó verbo principal, manténdose separado o auxiliar (*auelaedes* = *avela edes*).

d) A mesma práctica seguirase no caso das asimilacións, aínda que se respectarán as vacilacións presentes nos textos: *todolos* = *todolos*; *anbolos* = *anbolos*; *uolo* = *volo*; *poyla* = *poila*, pero *por la* = *por la*.

e) No que atinxe ás elisións e contraccións, marcaranse cun apóstrofo as formas contraídas nos casos en que non teñan vixencia na grafía actual (*daqui* = *d'aqui*; *dauer* = *d'aver*; *entreles* = *entr'eles*); no caso das elisións aínda hoxe presentes na ortografía non se empregará ningún tipo de marca (*daquela* = *daquela*; *doutra* = *doutra*; *desta* = *desta*).

15. Acentuación

Seguiranse as normas actuais, pero restrinxindo o emprego do til ó uso diacrítico. Deste xeito: *uos* = *vós* / *vos*; *pesara* (antepretérito) = *pesará* (futuro); *desbaratara* (antepretérito) = *desbaratará* (futuro); *et* = *e*

[22] Para o caso desta grafía, consúltese Williams, *Do Latim*, p. 36; Maia, *História*, p. 428; Sánchez-Prieto Borja, *Cómo editar los textos medievales*, pp. 144-151.

(conxunción) / *he* = *é* (verbo); *a* = *a* (preposición) / *ha* = *á* (verbo); *a* = *á* (contracción); *en* = *en* (preposición) / *én* (pronome adverbial).

16. Puntuación, maiúsculas, minúsculas, parágrafos

As normas a seguir serán as observadas na práctica actual. Respecto ó uso de maiúsculas e minúsculas, empregarase maiúscula tras punto e a comezo de parágrafo, así como para os nomes propios e apelativos: *deus* = *Deus*; *queya* = *Queia*; *lançarot* = *Lançarot*; *caualeiro da sayamaltallada* = *cavaleiro da Saia Mal Tallada*; *tauola Redonda* = *Tavola Redonda*; *anasten* = *Anasten*. Usarémo-la minúscula para os títulos (*dom* = *don*), nomes de institucións (*Casa de Rey artur* = *casa de rei Artur*) e para *rei*, usado en aposición (*Rey artur* = *rei Artur*), e *reiña*, cando é substituto do nome propio correspondente (*ffoy a Reyna* = *foi a reiña*).

Ademais destas normas básicas, empregaranse unha serie de signos tipográficos habituais na práctica editorial:

[...] Adición por conxectura de letras, sílabas ou palabras.

<...> Lecturas problemáticas e pasaxes apagadas no orixinal.

Aínda que na edición paleográfica se empregue o signo \.../ para as letras ou palabras que foron incluídas na entreliña ou nas marxes do manuscrito, e se indique o salto de liña mediante | e o cambio de folio mediante ||, estas marcas omitiranse no texto crítico. Neste último tampouco se reproducirán as indicacións relativas ó número de folio, [f.], ó recto ou verso do mesmo [r, v]), e á columna de escritura [a, b], que si están presentes na edición paleográfica.

LIVRO DE TRISTAN

EDICIÓN PALEOGRÁFICA

E eles en esto falando[34], chegaron a aquela ponte que aquele cavaleiro guardava, de que vos ja falamos. E tanto que Lançarote viu a ponte, nenbrouse logo do rogo que lle seu ospede rogara e esteve quedo. E Queia, quando viu o cavaleiro ficar, que todo o dia andara deante, e viu o outro cavaleiro armado que a ponte guardava, teve que o seu conpañeiro[35] ficava con pavor do cavaleiro da ponte e tevello por mal e por covardia, e non se pode têer que o non dissesse a Brandelis. E disso a Brandelis:

– ¿Non metedes en este cavaleiro mentes[36] que nosco vai?

– ¿E que é? –disso ele–.

– Todo o dia –disso Queia– andou oge connosco, e ora, tanto que viu o cavaleiro que a ponte guardava, vai ficando detras por nos meter deante e que lle paguemos esta portagen.

– Verdade dizedes –[disso][37] don Brandeliz– e ben metedes i mentes, mais non vos incal[38], ca nós anbos, se Deus quiser, livraremos a ponte.

65 en esto falando] *em este falando* Ms, *em est[o] falando* P **69** conpañeiro] *conpañeiro* P.

---

[34] Aínda que no manuscrito a forma recollida é *este*, a construcción *falar en*, co significado de 'falar de', documéntase con formas pronominais de neutro. R. Lorenzo recolle, entre outros, exemplos como *nõ mj faledes en elo mays, falando en esto, falando en ello, en elo falando, jndo en esto falando*, etc., todos eles con formas neutras (*cfr. La traducción gallega*, vol. II, p. 622). Para outros exemplos, *cfr.* Mettmann, *Cantigas de Santa María*, vol. II, p. 563. Véxase igualmente a anotación de Pensado a este respecto: "Corregimos esta lección, inadmisible lingüísticamente; su ascendencia a una forma neutra latina justifica nuestro arreglo, frente a la *–e* del MS sin la menor justificación gramatical" (*Fragmento de un "Livro de Tristan"*, p. 50, n. 120).

[35] A solución de Pensado, atendendo ós criterios de edición manexados polo autor, que manteñen o grafema *n* do orixinal pàra representa-la nasal palatal, non respecta a lección manuscrita, *conpaneiro*.

[36] Para *meter mentes*, 'prestar atención', 'fixarse', 'reparar', *cfr.* Magne, *A Demanda*, vol. III, pp. 255-256; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, pp. 832-833; Lapa, *Cantigas d'Escarnho*, pp. 343, 354.

[37] A integración, proposta por Pensado, resulta necesaria para recupera-lo sentido do fragmento.

[38] A expresión *non vos incal* ten o significado de 'non vos importe' (*cfr.* Magne, *A Demanda*, vol. III, pp. 116-117; Mettmann, *Cantigas de Santa María*, vol. II, pp. 589, 543 (*enchal*) e 476 (*cal*)). Lapa indica a propósito dela: "locução negativa imitada do provençal: *non lh'en cal, non m'en cal* = não lhe importa, não me importa" (*Cantigas d'Escarnho*, p. 303).

V

Como Neroveix derribou Queia d'Estrauz na ponte

T[anto que][39] eles chegaron aa ponte, o cavaleiro que os non quis leixar ir quites deu vozes:

– S[eñores][40] cavaleiros andantes, allur ide <...>, ca non passaredes por aqui, ca vos non leixarei eu por aqui pa[ssar][41] se ante non pagardes o passo. E esta é a paga: de justardes conmigo; e doutra guisa non podedes ir quites.

– Nen eu non quero ir quite –disso Queia–, e pois vós a justa queredes, avela edes.

Enton leixaron ir contra si os cavalos por cima da ponte. E o cavaleiro da ponte, que era mui grande e muito arrizado[42], leixouse ir a Queia tan bravamente como se fosse corisco[43], e ferio[44] dũa lança curta e grossa de tal golpe que derribou o cavaleiro e o cavalo dessũu sobre la ponte. Des i tornouse pera u estava ante, e Queia, que outro mal non recebeu senon do caer, levantouse mui vivamente[45] e subiu en seu cavalo e disso:

92 vivamente] *uiuamuyta* Ms; *uiua[mente]* P.

[39] Adoptámo-la reconstrucción de Pensado.

[40] A pesar de que só é perceptible o *s–* inicial, a forma reconstruída por Pensado vén apoiada polo sentido e polos textos franceses sinalados como fontes aproximadas do fragmento galego que conservamos.

[41] Seguiuse a reconstrucción de Pensado.

[42] Os valores recollidos para esta forma son 'forte', 'valente' (*cfr.* Magne, *A Demanda*, vol. III, p. 84; Lapa, *Cantigas d'Escarnho*, p. 296; Mettmann, *Cantigas de Santa María*, vol. II, p. 454, e Freire-Nunes, *A Demanda do Santo Graal*, p. 538).

[43] A acepción recollida para este termo é a de 'alustro', 'raio' (*cfr.* C. Barreiro García, *El léxico de los Miragres de Santiago*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1985, Tese de Licenciatura, vol. I, p. 143). Para outras documentacións do termo, *cfr.* Mettmann, *Cantigas de Santa María*, vol. II, p. 503, e Mettmann, *Cantigas*, vol. III, p. 384).

[44] Trátase da crase da terminación *–iu* co pronome átono de terceira persoa *o*, isto é, "feriuno". Para este tipo de procesos, *vide supra*, n. 15.

[45] Adoptámo-la corrección de Pensado.

– Señor cavaleiro, derrebastesme mais non me vencestes.

E o cavaleiro da ponte, que avia nume Renoveis, disso:

– Sabede ora, cavaleiro desaventuroso, que non ei ora voontade de batalla, ca tal é meu custume de me non conbater con cavaleiro depois que o derribo; e, se passar quiserdes, eu non volo defendo, ca ja non podedes passar sen vergonça.

VI

Como Neroveix derribou Brandeliz ena ponte

Falando eles assi, Brandeliz, que viu seu conpañeiro derribado, guisouse de passar a ponte, e Neroveix lle disse:

– Cavaleiro, non passedes a ponte se migo non queredes justar.

E Brandeliz se leixou veir[46] por la ponte; e Neroveix, quando viu que non queria leixar a passage da ponte, meteu a lança su u braço e foio ferir tan bravamente que lle fes outrossi como a Queia. Des i tornouse a seu lugar a seus cavaleiros[47] e dissolles:

– Cavaleiros aventuros[o]s[48], ora podedes passar a ponte se quiserdes.

– Ora [se]ja[49] –disseron os cavaleiros–, mais se quiserdes justar connosco <...>.

96 ca] *cal* P **101** Neroveix] *Neroueis* P **105** lle] *lles* P.

[46] O significado desta forma, que non se encontra documentada noutros textos, é 'vir'.

[47] A propósito desta pasaxe do texto, véxase a fonte francesa e os comentarios correspondentes no capítulo *Estudio literario. O Livro de Tristan na transmisión da materia tristaniana*, pp. 107-136.

[48] Recuperámo-la vocal, ausente no manuscrito por rotura do folio.

[49] Seguímo-la reconstrucción conxectural de Pensado, que considera a súa lectura "más conforme con el sentido de la frase" (*Fragmento de un "Livro de Tristan"*, p. 54, n. 187).

VII

Como o escudeiro do castelo desfiou a don Lançarote

Depois que Lançarot foi partido de seus conpañeiros, cavalgou por la montaña ata que chegou preto da montaña do castelo, a duas deitaduras[50] de pedra. E sabede que susu na montaña, a derredor do castelo, avia ũu fremoso chão que durava ben duas legoas, e era ben guarnido[51] de prados[52] e de fontes e de arvores por que o castelo era máis rico e máis viçoso[53].

Quando Lançarot se foi chegando, viu preto da porta VI tendas armadas, mui fremosas e ricas ademais[54]. E ante cada ũa tenda estava ũu cavalo enselado e guisado pera subir ũu ome en ele[55]. E sabede que eran

114 prados] *padros* Ms, P **115** e de arvores] *e aruores* P **118** ũu ome en ele] *huum omem ele* P.

---

[50] Segundo Magne, a acepción semántica de *deitadura* é "distância alcançada por uma arma de arremesso" (*A Demanda*, vol. III, p. 159). *Cfr.* tamén Freire-Nunes, *A Demanda do Santo Graal*, p. 545.

[51] O significado do termo é, neste caso, 'adornado', 'provisto'. Para esta forma e para o infinitivo *guarnir*, véxanse, entre outros, Magne, *A Demanda*, vol. III, p. 221; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, p. 700, e Lapa, *Cantigas d'Escarnho*, p. 334.

[52] Pensado prefire mante-la lectura do manuscrito por considerar que podería responder á realidade fonética do período de producción do texto: "Respetamos esta rara variante de *prados* ante la inseguridad de determinar si su presencia se debe a errata de amanuense o si, por el contrario, responde a una realidad fonética contemporánea de la versión" (*Fragmento de un "Livro de Tristan"*, p. 55, n. 200). Na presente edición preferiuse corrixi-la lectura do códice, que parece un erro de copista por inversión, xa que non se conseguiu documenta-la forma *padros* en ningún outro texto.

[53] Para as acepcións semánticas de *viçoso*, 'rico', 'opulento', véxanse, entre outros, Magne, *A Demanda*, vol. III, p. 410; Lapa, *Cantigas d'Escarnho*, p. 390, e R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, p. 1310.

[54] *Ademais* é forma recollida por R. Lorenzo co significado de 'en demasía', 'en exceso' (*La traducción gallega*, vol. II, p. 35). *Cfr.*, igualmente, Mettmann, *Cantigas de Santa María*, vol. II, p. 433.

[55] Pensado omite o enlace preposicional posiblemente por erro tipográfico, pois na edición paleográfica reproduce *hũu omẽ em ele*. Aínda que a lección manuscrita ofrece *om̃e*, optouse pola forma presente no texto crítico, *ome*, considerando que a conservación do til de nasalidade nesta palabra podería obedecer á tradición gráfica latina. Con todo, este substantivo, recollido nos textos galegos e portugueses con grafías diversas, presenta unha evolución problemática, para a que se ofreceron dúas hipóteses diferentes. Unha exposición das mesmas pódese ver en Maia, *História*, pp. 636-640, nas que a estudiosa portuguesa aborda a análise de palabras derivadas de formas latinas en –MINE(M). Para a palabra obxecto de comentario, consúltese, ademais, Nunes, *Compêndio*, pp. 110, 112-113, 133; Huber, *Gramática*, pp. 85, 90, 139; Williams, *Do Latim*, pp. 81, 130; Ferreiro, *Gramática histórica*, p. 133; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, pp. 910-911.

todos dũas sinaes[56].

Quando Lançarote viu os cavalos e os escudos ante as tendas e tan preto da porta, disso en seu coraçon:

– Mester, mester me á bondade e esforço, ca segundo eu vejo non me posso d'aqui partir sen justa ou sen batalla.

Enton esteve[57] e fez catar seu cavalo se era ben guisado. El estando assi, chegou a el ũu escudeiro que lle disso sen salvalo:

– Señor cavaleiro, ¿onde sodes vós? ¿Se sodes dos cavaleiros de casa de rei Artur?

– Escudeiro –disso Lançarote–, si soo sen falla, de casa de rei Artur soo e conpañeiro da Tavola Redonda.

– ¡No nume[58] de Deus! –disso o escudeiro–, ca ainda oge sera ora

125 salvalo] *saualo* P **130** nume] *numme* P.

[56] No texto omítese unha pasaxe, por un salto de igual a igual (*cfr.* o substantivo *escu*), que figura nos manuscritos franceses conservados e que lle aporta sentido completo á narración. Esta omisión dificulta a compresión do fragmento galego, xa que os que tiñan os mesmos emblemas eran os escudos que se atopaban nos cabalos: "Quant Lanselos fu devant le castel venus, il voit en un pré, la devant, auques pres de la porte, en une grant arbroie tendus dusc'a .VI. paveillons biaus et riches. Delés cascun paveillon avoit un ceval tout enselé et tout apareillié pour monter et un escu tout nouvel. Et sachiés que li escu estoient tout d'une samblanche et noir conme meure. Quant Lanselos voit les cevaus tous apareilliés et les escus devant les paveillons et si pres de la porte du castel, il dist bien a soi meïsmes que chi li couvient faire proueche: de chi ne se puet il departir sans jouste u sans bataille faire" (*A*, § 27, ll. 8-18).

[57] O verbo presenta neste caso o significado 'permanecer', 'estar parado' (*cfr.* Magne, *A Demanda*, vol. III, pp. 198-199; Lapa, *Cantigas d'Escarnho*, p. 326; Mettmann, *Cantigas de Santa María*, vol. II, pp. 559-560).

[58] Na edición paleográfica o profesor salmantino reproduce *nume* indicando: "No nos parece justo interpretar como una *–n–* la tilde que presenta esta palabra en el MS. Es muy posible que carezca de valor fonético y que no sea más que un signo de tradición antigua y remontando a una época en que la vocal final estaría nasalizada, esto es: nomine > nomẽe > nomeẽ > nomẽ. Cf. ome. Hay que advertir que la evolución que aquí señalamos es rechazada por algunos lingüistas que suponen la pérdida de la *–e* final anterior a la caída de la *–n–*, por lo que explican *omẽ* como fruto de una nasalización progresiva de la *m* precedente" (*Fragmento de un "Livro de Tristan"*, pp. 56-57, n. 211). Maia, pola súa parte, considera a forma *nome* dentro do grupo de vocábulos que presentan unha evolución do tipo *m'n* > *mm* > *n*, é dicir, daquelas palabras en –MINE(M) que experimentaron a caída da vocal átona postónica e a posterior asimilación e reducción do grupo consonántico (*cfr.* Maia, *História*, pp. 336-340). Para a grafía *mm*, empregada para representa-la nasal bilabial en palabras que remontan a étimos latinos acabados en –MINE(M), véxase *Ibidem*, p. 485. *Cfr.* ademais a información dada na n. 55.

que vos pesará muito, e máis vos valria de nunca <...> [ũu corno][59] de ũa tenda e começoo a tanger o máis de pre[ssa que][60] podo, assi que o muro todo do castelo se começou a encher de donas[61] e de donzelas e doutras gentes. Tanto que oiron o son do corno, entenderon que os seus cavaleiros avian d'aver justa ou batalla.

VIII

Como don Lançalot derribou ũu cavaleiro e foi ferir os cinco

Quando Lançarot viu as donas e as donzelas e as outras gentes por las amẽas, e disso a seus escudeiros:

– Ora podedes veer que nossas justas serán catadas ben.

E, depois desto, viu sair das tendas ũu cavaleiro armado sobre ũu dos cavalos, e fillou ũu escudo e ũa lança, e, pois foi guisado de justar, disso a Lançarote:

– Señor cavaleiro, guardadevos de min.

E quando viu Lançarot que a justar lle conviiña non se quis máis deteer[62], ante se leixou correr ao cavaleiro e foille dar eno peito, en descuberto do

133 donas] *donnas* P **137** donas] *donnas* P.

[59] Reconstruímo-lo sintagma para facilita-la comprensión do texto, seguindo a lectura do manuscrito francés *A*. Pensado non intervén, neste caso, no fragmento.

[60] Seguímo-la reconstrucción de Pensado.

[61] Pensado indica: "La tilde (...) es posible que tenga, o por lo menos haya tenido, un valor fonético bien definido: *dõna*, con la primera vocal nasalizada" (*Fragmento de un "Livro de Tristan"*, p. 57, n. 223). Sen embargo, como indica R. Lorenzo: "No caso das grafías *ãno*, *cõmo*, *dãno*, *mĩll* e *dõna* o til non ten valor e colócase sistematicamente por tradición gráfica latina. Moitas veces tense transcrito para estas palabras *anno*, *commo*, *danno*, *mille* e *donna*, cousa que non concorda coa realidade lingüística" ("Normas para a edición", p. 81; véxase igualmente R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 92, 131, e "Consideracións sobre as vocais nasais", p. 301).

[62] As plicas presentes no manuscrito sobre este vocábulo (véxase a correspondente forma na edición paleográfica) poderían remitir á existencia dunha vocal nasal (< DETINERE) ou unicamente a un hiato. Para a solución gráfica aquí proposta, consúltese o epígrafe correspondente ós *Criterios de edición*, pp. 60-61.

escudo, ũu tan gran golpe que lle non prestou loriga que lle non metesse a lança pelo peito. E o cavaleiro caeu tal como morto, e foi toda a terra en derredor dele mollada do seu sangui.

E Lançarote, como o derribou, tanto o catou como se o nunca visse; mais u viu os outros cavaleiros juntados e guisados de o ferir e a lle fazeren mal se podessen, el, que de ren non nos temia, leixouse correr a eles e deu ao primeiro tal [golpe][63] <...>

IX

Como Lançarot se conbateu con quatro cavaleiros

Quando eles viron que assi lles escapara de todalas justas, meteron mãos aas espadas e el outrossi [e][64] foronse ferir. Assi se começou a batalla <...> dos IIII° cavaleiros do castelo e de Lançarote. Eles se cometeron de muitas partes muit'atrevidamente, assi que ben no cuidaron a desbaratar, mais de guisa coñocian os golpes, que disian que era boo cavaleiro d'armas a maravilla e o máis arrizado e o máis ardido que nunca entr'eles entrara.

Pero, con todo esto, porque era soo[65] e eles IIII°, cuidaronno a matar ou a vencer, e traballaronse ende quanto poderon, mais seu traballo non lles valvo[66] ren, ca mal coñoceron con quen no avian.

146 que lle non metesse] *que nom metesse* P **158** disian] *diziam* P **159** entrara] *entrarara* Ms.

[63] A reconstrucción, hipotética, adecúase ó sentido do texto. Pensado opta por non intervir, neste caso, no fragmento.

[64] Considerando a fonte francesa *A*, reconstruíuse unicamente o enlace copulativo.

[65] Na forma *soo*, co valor de 'só' (< SOLUM), e a diferencia do que acontece coa forma verbal *soo* (l. 44), as plicas presentes no manuscrito só poden remitir a un hiato. Para a forma verbal, *vide supra*, n. 27.

[66] Perfecto forte, con *–o* final analóxico, formado a partir de *value* (< VALUIT). A propósito desta forma, véxase Pensado, *Fragmento de un "Livro de Tristan"*, p. 60, n. 269. Para outras formas deste verbo derivadas do perfecto forte, consúltese Nunes, *Compêndio*, pp. 315, 335; Huber, *Gramática*, pp. 246-247; Williams, *Do Latim*, p. 247; Maia, *História*, p. 850; Ferreiro, *Gramática histórica*, p. 342; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, p. 1288, e a *Nota Lingüística* que acompaña os textos, p. 52.

X

Como o cavaleiro disse que Lançarot avia de vencer os IIII^{o}

Gran peça durou a batalla en esta guisa que nengũu non no podia saber quaes avian mellor: se Lançarote, se os cavaleiros. E os das amẽas que catavan, quando viron a mantee[n]ça[67] de Lançarot e o seu ardimento, e viron a mantee[n]ça dos IIII^{o} cavaleiros, disseron que nunca tal cavaleiro viran como aquel. E un cavaleiro vello que estava ante as amẽas, e que do começo vira a batalla e viu que Lançarot dava enton maiores golpes ca o non começou da primeira, disso aos que estavan en derredor:

– Vós veeredes, a boa fe, que aquel cavaleiro que está ende os vencerá todos ou os desbaratará, e, se Deus me valla, venceria e mataria taes X como eles, ca estes nossos son boos[68] se non fugen.

O custume do castelo era posto sen falla en tal guisa que se un cavaleiro chegasse e vencesse o señor do castelo se devia a conbater.<...>

164 nengũu] *nenguum* P **166** mantee[n]ça] *manteeça* P **167** mantee[n]ça] *manteeça* P **169** e viu] *et et uiu* P.

---

[67] A propósito desta forma indica Pensado: "Es posible que la primera tilde tenga un valor dúplice, es decir, que intente transcribir al mismo tiempo *mãteẽça*. De no ser así, tenemos que suponer que la desnasalización ha hecho desaparecer la primitiva resonancia nasal que debía afectar a las vocales en hiato: *mãteẽça*" (*Fragmento de un "Livro de Tristan"*, p. 61, n. 282). Optamos, tanto nesta ocorrencia do termo como na seguinte, por emenda-la forma presente no manuscrito, recuperando unicamente a nasal implosiva, pois a primeira vocal nasal xa podería ter perdido ese carácter (*cfr.* Maia, *História*, pp. 610-611).

[68] Esta é a forma que se recolle no manuscrito, sen til de nasalidade. Neste caso (sen excluír que se poida tratar dun erro do copista, que omitiría o respectivo til ou, no seu caso, as correspondentes plicas), parece que o vocábulo está xa afectado polo proceso de desnasalización, que se documenta en formas recollidas en textos producidos en Galicia dende mediados do século XIII (*cfr.* Maia, *História*, pp. 323, n. 1, 324, 610-612; R. Lorenzo, "Algunhas consideracións", p. 457. Véxase tamén *supra*, n. 5, e a *Nota Lingüística* que acompaña os textos, p. 37).

XI

Como o señor do castelo soubo porque era a volta

O <...> a viver, quando os das amẽas viron seus [cava]leiros[69] tan maltreitos por ũu soo, começaron a dar vozes e braados disendo[70]:

– Vedelos escarnidos.

Os braados e a volta foi mui grande, atal que o señor do castelo, que era en sa camara e desto non sabia ren, foi maravillado e preguntou qué volta era aquela. Enton entrou ũu cavaleiro vello, que era seu parente, e dissolle:

– Armadevos toste[71], ca o conbater vos conven, ca dos vossos VI cavaleiros que avian a guardar o camĩo son ende os IIII° mortos, e os outros dous son taes parados que tarde averan sabor[72] de fillar armas.

– ¿E como é esso? –disse o señor do castelo–.

– ¡Par Deus! –disso el– Ali fóra está ũu cavaleiro andante que el soo en seu cabo fes esto, mais pero tanto sofreu d'afan e de traballo que non poderia ja ora durar contra vós.

178 disendo] *diser* Ms, *dizendo* P **182** enton] *Etnon* Ms.

---

[69] A forma do posesivo é perceptible na reproducción fotográfica do manuscrito. A reconstrucción do segundo elemento, concordante coa de Pensado, ten en conta o sentido do texto e os testemuños franceses analizados.

[70] Aínda que, como se indicou na correspondente nota da edición paleográfica (*vide supra*, p. 82, n. 34), a abreviatura presente no manuscrito se corresponde cunha forma de infinitivo, neste caso o sentido lóxico do texto esixe unha forma non persoal de xerundio.

[71] Significa este adverbio 'logo', 'en seguida', 'axiña' (*cfr.* Magne, *A Demanda*, vol. III, p. 395; Lapa, *Cantigas d'Escarnho*, p. 385).

[72] Para *aver sabor*, 'ter ganas de', 'querer', véxase Magne, *A Demanda*, vol. III, pp. 349-350; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, pp. 203-208, 1147-1148; Lapa, *Cantigas d'Escarnho*, p. 374.

XII

Como o señor do castelo saiu a don Lançarote

Quando o señor do castelo esto oiu, non soubo que fezesse, ca tevo que era Blioberis ca o dultava[73] máis ca todolos do mundo, pero davalle força que o cavaleiro con que se avia a conbater que perdera muito do sangui, ca se non podia conbater con VI cavaleiros que non fosse cansado e non poderia durar contra el que era folgado.

– Ora toste –disso–, dademe as armas, e pois un soo trouxe tal mal os VI[es] cavaleiros, con ele soo eu.

E pois pidiu suas armas, deronllas. E armouse e sobiu en seu cavalo. E preguntou u estava aquel cavaleiro que lle tal desonra fezera. E disseronlle que estava fóra da vila. E el se foi aa porta e saiu fóra. E parou mentes[74] por Lançarot. E os das amẽas deron vozes a seu señor e disseronlle:

–Vedes ali o bon cavaleiro, vedelo ali.

XIII

Como Neroveix enviou s[ua][75] donzela por veer o que faria don Lançalot

Quando Lançarote oiu dizer aos do castelo "Vedes ali o bon cavaleiro" maravillouse, mais se fosse en Cornualla non se ma[ravillara][76] ...

195 VI] *vj*^{a} Ms, *VI*^{es} P.

[73] *Dultar*, forma de amplo uso durante os séculos XIII e XIV, significa aquí 'recear', 'temer'. Para os significados do verbo, consúltese Magne, *A Demanda*, vol. III, pp. 175-176; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, pp. 506-507; Lapa, *Cantigas d'Escarnho*, p. 320.

[74] Para *parar mentes*, 'reparar', 'prestar atención', 'observar', *vide supra*, n. 23.

[75] Seguímo-la reconstrucción de Pensado.

[76] Adoptámo-la reconstrucción proposta polos editores precedentes do texto, Serrano y Sanz e Pensado.

ESTUDIO LITERARIO. O *LIVRO DE TRISTAN* NA TRANSMISIÓN DA MATERIA TRISTANIANA

Dende o século XII, a historia dos amores de Tristán e Isolda, que, como se sabe, parece que tivo unha etapa de difusión oral previa ós testemuños escritos[1], foi coñecida en Europa a través de versións moi diferentes, escritas tanto en verso como en prosa. A ese século corresponden os *romans* antigos máis coñecidos, o de Béroul e o de Thomas, ámbolos dous fragmentarios. Sen embargo, a prosificación da lenda en Francia no século XIII[2] tivo unha difusión moi superior á dos textos precedentes: o *Tristan en prose*, composto na súa primeira redacción entre 1225 e 1235, acabou substituíndo, en efecto, os relatos anteriores sobre o tema. Ofrécese a continuación un resumo da lenda dos amantes para dar a coñece-las súas liñas xerais e para poder despois desenvolver de xeito máis concreto o estudio do fragmento galego[3]:

> O rei de Leonois, que serve como mercenario na corte do rei Marco, namórase de Blanchefleur, irmá do rei. Embarazada, a moza foxe co seu amante, que casa con ela despois de chegar ó seu país. Pero el fina pouco tempo despois e Blanchefleur morre de dor despois de dar a luz un neno: Tristán. Criado por Gouvernal, é raptado un día por comerciantes que o abandonan en Cornualles. O seu talento permítelle gaña-lo favor do rei, mesmo antes de que a súa identidade sexa descuberta, feito que sucede cando Gouvernal, á procura do seu alumno, chega a Cornualles.
>
> O reino de Cornualles está sometido ó de Irlanda, que lle impón un forte tributo anual. Mentres que tódolos cabaleiros se negan a combater, Tristán pídelle ó seu tío que o nomee cabaleiro para que poida combate-lo xigante Morholt, que vén cobra-lo tributo. A batalla é longa e difícil, pero Tristán, finalmente victorioso, mata a Morholt; un pequeno anaco da súa espada queda cravado na ferida do xigante. Sen embargo, o mozo recibiu tamén unha ferida, que contén veleno: ninguén o pode curar, e a ferida cheira tan mal que ninguén quere permanecer ó seu carón. Entón métese nunha barca coas súas armas e coa súa arpa e vai procura-la morte ou unha improbable cura.
>
> A barca chega a Irlanda; a raíña do país escoita a Tristán, que toca a arpa para calma-la súa dor, e promételle a curación a cambio de que lle ensine a súa arte á súa propia filla, Iseo. Tristán, sen embargo, disimula a súa identidade e preséntase baixo o nome de Tantris, porque sabe que a raíña era a irmá do Morholt. Unha vez curado, despídese e volve a Cornualles. Atopa o seu tío enfrontado ós baróns, que queren que o rei case para ter un herdeiro. Marco acepta casar coa moza

---

[1] Sobre a difusión oral da lenda tristaniana, véxase, fundamentalmente, E. Baumgartner, *Tristan et Iseut: de la légende aux récits en vers*, Presses Universitaires de France., Paris, 1993, p. 16. *Cfr.* tamén D. Lacroix-Ph. Walter (eds.), *Tristan et Yseut. Les poèmes français. La saga norroise*, Librairie Générale Française, Paris, 1989, p. 15, e A. Vàrvaro, "La teoria dell'archetipo tristaniano", *Romania*, LXXXVIII (1967), pp. 13-58.

[2] As reelaboracións seguen aínda no século XIV. Véxase, entre outros, C. Alvar, "El *Tristán en prosa* del ms. 527 de la Bibliothèque Municipale de Dijon", en R. Beltrán (ed.), *Literatura de caballerías y orígenes de la novela*, Universidad de Valencia, Valencia, 1998, p. 21.

[3] Traducimos literalmente de A. Berthelot (ed.), *Tristan et Yseut. Béroul, Thomas*, Nathan, Paris, 1991, pp. 7-10.

máis fermosa do mundo. Tristán coñécea: só pode tratarse de Iseo. A instancia dos baróns, que desexan desfacerse dun herdeiro molesto, Tristán acepta ir pedi-la man da moza para o seu tío. Chega a Irlanda, disfrazado de mercador, e dinlle que un dragón devasta a rexión; o rei promételle a man da súa filla como recompensa a quen mate o dragón. Tristán ataca o monstro e mátao, pero é envelenado polos vapores nocivos que proveñen da lingua do dragón, que el cortara para proba-la súa victoria. Desmaiase e é coidado e salvado outra vez pola raíña e por Iseo, que non quere casar co senescal felón que se atribuíu o mérito da morte do monstro. Pero Iseo descobre a brecha na espada de Tristán e comprende que el é o que matou o seu tío. Contra a súa vontade, ela acepta a reconciliación co heroe, que despois pide a man de Iseo... para o seu tío.

A raíña de Irlanda prepara un filtro que deberá suscitar nos novos esposos un amor mutuo e eterno (ou limitado a tres anos, segundo Béroul). Durante a travesía, Tristán e a futura raíña de Cornualles teñen sede; como resultado dun lamentable erro de Brangien, criada de Iseo, beben o filtro e ceden á súa paixón. Á chegada, Iseo convence á súa servente para que sacrifique a súa virxindade co gallo de agacha-la súa falta (da que en certa medida a criada é responsable): de tal xeito que Marco posúe a Brangien durante a noite de vodas. Iseo quere darlle morte á súa criada por medo a que diga a verdade. Convencida *in extremis* da lealdade da servente, as dúas reconcílianse e prométense unha amizade eterna.

Na corte, Tristán e Iseo viven o seu amor na clandestinidade; axiña algúns baróns se decatan da situación e tentan dicirllo a Marco para prexudicar a Tristán. Prodúcese entón unha serie de episodios cheos de probas, citas espiadas, mentiras, etc., dos que os amantes se salvan con dificultades. Finalmente, o episodio do sangue sobre a flor de fariña derramada polo anano Froncin entre o leito da raíña e o de Tristán revela de maneira indiscutible a culpabilidade dos amantes. Marco condénaos a morte; Tristán escapa mentres o levan a suplicio, saltando dende unha capela. Iseo, entregada ós leprosos por Marco, que pensa que este castigo é peor cá fogueira, é liberada polo seu amante axudado por Gouvernal. Os dous foxen e viven durante dous anos un exilio doloroso no bosque de Morois.

Cando o filtro xa non fai efecto, deciden reconciliarse con Deus e cos homes; polo consello do eremita Ogrin, resolven que Iseo lle será devolta ó seu marido e que Tristán partirá ó exilio. Ogrin convence o rei Marco da inocencia da súa muller e Iseo é recibida con ledicia na corte; sen embargo, os felóns esixen que ela se xustifique mediante un xuramento, e Iseo envíalle unha mensaxe a Tristán para que estea presente, disfrazado de leproso, no Mal Paso o día da proba. Ela convida tamén o rei Arturo e a súa corte a asistir á cerimonia, para que poidan se-los seus defensores se aínda é atacada. O día sinalado, Iseo atravesa o vao a cabalo sobre as costas de Tristán e pode pronuncia-lo coñecido "xuramento ambiguo". Está, polo tanto, xustificada. Tristán non parte axiña ó exilio; os amantes aínda teñen un encontro clandestino e Tristán ten a ocasión de vingarse dalgúns dos felóns.

Un día, Marco colle os amantes en flagrante delicto: Tristán debe fuxir. Atravesa o mar e corre algunhas aventuras en España, antes de instalarse na corte do duque da pequena Bretaña, onde vence os inimigos daquel país. Faise amigo do fillo do conde, Kaherdin, e compón poemas de amor para a irmá deste, Iseo das Brancas Mans, que o atrae pola súa beleza e, sobre todo, polo seu nome, que lle fai lembra-la outra Iseo. Casa con ela, pero non quere consuma-lo matrimonio. Cando Kaherdin descobre isto, enfurécese e quere mata-lo seu amigo para vinga-la súa irmá. Tristán dille que ama unha muller moito máis fermosa ca Iseo das Brancas Mans, e para probalo leva a Kaherdin á Salle aux Images (Sala das Imaxes), na que fabricara estatuas moi semellantes a Iseo a raíña e a Brangien. Kaherdin, convencido, namórase de Brangien e faise amante dela durante unha visita clandestina a Cornualles. Como consecuencia dun malentendido, Brangien discute con Iseo e impídelle ver a Tristán. Sen embargo, todos se reconcilian e durante algún tempo esta vida continúa, con viaxes a Gran Bretaña emprendidas baixo disfraces diversos.

Un día un cavaleiro que se fai chamar Tristán "o anano" pide a axuda de Tristán "o namorado" para recupera-la súa amiga, raptada por un traidor. No curso do

combate, Tristán é ferido gravemente cunha frecha envelenada. Pídelle a Kaherdin que vaia buscar a Iseo, a única capaz de curalo. Iseo das Brancas Mans escoita esta conversa e o seu amor transfórmase en odio: só pensa en vingarse do home que a traizoou. Aproveita o retorno da nave de Kaherdin: mentres que este, que trae a Iseo, iza a vela branca, de acordo co establecido, ela di que a vela é negra: isto significa que Iseo non vén. Tristán morre e Iseo, que chega demasiado tarde, morre á súa vez de dor sobre o corpo do seu amante.

1. O *Tristan en prose*: transmisión, versións e cronoloxía

Poucos textos gozaron dunha fortuna tan grande como este *roman* a xulgar polo elevado número de manuscritos que o transmitiron, uns oitenta e dous[4]. Sen embargo, o *Tristan en prose* non tivo a mesma consideración entre a crítica, que só marxinalmente lle vén prestando a atención que merece. Clásico entre os estudios que se teñen ocupado deste extenso texto é o ambicioso traballo de E. Löseth[5], que dividiu en cerca de seiscentos parágrafos os episodios contidos nas versións dos diferentes manuscritos, o que ofrece unha idea da extensión e complexidade do relato. A pesar da súa antigüidade (a primeira edición data de 1891), esta monografía posúe un valor incuestionable para tódolos medievalistas que tentan mergullarse nesta particular e enigmática obra. Da amplitude do texto dá tamén boa conta a súa máis recente edición, a de Ph. Ménard, baseada no manuscrito 2542 da Biblioteca Nacional de Viena, e formada por un total de nove volumes[6].

As claves sobre a formación do *Tristan en prose* foron solidamente establecidas por E. Baumgartner[7]. Esta investigadora considerou a existencia de diferentes versións do *roman*, que mantén interesantes relacións con outros ciclos da literatura artúrica[8], feito que axuda notablemente a

[4] *Cfr.*, entre outros, E. Baumgartner, *Le "Tristan en prose". Essai d'interprétation d'un roman médiéval*, Droz, Genéve, 1975, pp. 17-28.

[5] E. Löseth, *Le roman de Tristan en prose, le roman de Palamède et la compilation de Rusticien de Pisa. Analyse critique d'après les manuscrits de Paris*, Slatkine Reprints, Genève, 1974.

[6] A parte á que corresponde o texto galego atópase no primeiro volume desta edición: Ph. Ménard (ed.), *Le roman de Tristan en prose. Tome I. Des aventures de Lancelot à la fin de la "Folie Tristan"*, Droz, Genève, 1987.

[7] *Cfr.* Baumgartner, *Le "Tristan en prose"*, pp. 29-87. Véxase tamén R. Lathuillère, "Le *Roman de Tristan* en prose", *Grundriss der romanischen Literaturen des Mittelalters*, pp. 601-607.

[8] Así, por exemplo, algúns fragmentos da *Queste* pódense atopar nalgúns manuscritos franceses ou nas versións do *Tristan en prose* posteriores a 1240, que, como se verá, asimilan elementos desta obra.

fixa-la cronoloxía da obra[9]. A primeira versión –inexistente hoxe en día como *roman* independente nos manuscritos conservados, aínda que utilizada como parte inicial nas versións longas do *Tristan*– correspondería ós episodios narrados ata o parágrafo 183 de Löseth, e remontaríase ós anos 1230-1235. O seu contido céntrase na historia dos antepasados de Tristán, así como na súa infancia, mocidade e primeiras aventuras. A fonte na que se inspira a narración da xenealoxía do heroe de Cornualles é o *Joseph d'Arimathie* de Robert de Boron, composto arredor do ano 1200. Por outra parte, a mención a Mordrain –personaxe do ciclo da *Vulgata*, particularmente relevante na *Estoire du Saint Graal*– nese primitivo *Tristan en prose* leva a toma-la data de 1230, na que foi escrita a *Estoire*, como o termo *post quem* da primeira versión do texto tristaniano en prosa[10]. Dada, por outro lado, a presencia de elementos mencionados nesta versión do *Tristan* en *Guiron le courtois* (ca. 1235) e na *Suite de Merlin* do ciclo da *Post-Vulgata* (ca. 1240), haberá que tomar esas datas como o termo *ante quem* da versión do *Tristan en prose*: se aqueles *romans* artúricos inclúen as citadas alusións é porque o *Tristan en prose* primitivo podería estar rematado nese momento. Os datos aducidos levan, pois, a Baumgartner á conclusión de que unha primeira versión do *roman* tristaniano "a dû être composé pour l'essentiel entre 1230 et 1235"[11].

Desenvolveríanse, despois desas datas, outras dúas versións diferentes influídas pola primitiva, as coñecidas como V.I. (versión I), máis fiel ó orixinal, e V.II. (versión II), posterior a V.I. e máis extensa. Trátase de versións máis longas, con elementos procedentes do ciclo artúrico da *Post-Vulgata*, e posteriores, polo tanto, a ca. 1240. Redactadas

---

[9] Esta circunstancia maniféstase no prólogo existente nalgúns manuscritos, como en *Z*, prólogo, ll. 10-26: "Je, Luces... demosterrai et ferai asavoir ce que li latins devise de l'estoire de Tristan qui fu li plus soveriens chevaliers qui onques fust ou reaume de la Grant Bretaigne et devant le roi Artus et après, fors solement li tres bons chevaliers Lancelot dou Lac. Et li latins meismes de l'estroire del Saint Grall devise apertement que au tens le roi Artus ne furent que troi bon chevalier qui tres bien feïssent a prisier de chevalerie, Galaaz, Lancelot, Tristan. Et de ces trois fait li livres mancion sor toz les autres et plus les loe et plus en dit bien. Et por ce que je sai que ce fuz veritez, voudrai je encommencier a cestui point mon livre de l'estoire monseignore Tristan en tel maniere".

[10] Os episodios serían integrados como parte dunha primitiva versión. Non cabería pensar, polo tanto, nun engadido introducido torpemente *a posteriori*, como pensaba Löseth, *Le roman de Tristan en prose*, p. XVIII.

[11] *Cfr.* Baumgartner, *Le "Tristan en prose"*, p. 40.

ámbalas dúas a partir dun mesmo orixinal, a V.II., cun maior número de manuscritos –feito do que deriva o nome de *versión Vulgata*–, ofrece, sen embargo, algúns episodios da *Queste* do *Lancelot-Graal*[12]. Esta foi a versión utilizada para traduci-lo texto galego.

Esta segunda versión ten como testemuño máis fiable, xunto co manuscrito da Biblioteca Nacional de Viena (*A*) que lle serve de base á edición de Ménard, o manuscrito 335-336 da Biblioteca Nacional de París (*B*), reproducido na tese de P. Michon[13]. En definitiva, V.I. e V.II. remiten a unha fonte común (o coñecido texto de Luce, ca. 1225-1235)[14], a partir da que se procedeu de forma distinta e con diferentes adicións. En palabras de Baumgartner, pódese concluír:

> Il apparaît ainsi qu'après le § 183 de l'analyse de Loseth les versions V.I. et V.II. du roman dépendent d'un original comun, assez fidèlement reproduit par V.I., plus alteré par V.II., qui tantôt développe sa source tantôt l'abrège. D'autre part, V.I. come V.II. reproduisent des épisodes attestés avant 1240 soit dans le roman de *Guiron le courtois* soit dans la *Suite du Merlin* et très vraisemblablement primitifs, tels que le séjour de Tristan puis d'Iseo au royaume d'Arthur, ou la mort des amants, pour ne citer que des épisodes absolument sûrs. Il est donc évident que V.I. et V.II. suivent par moments une version du *Tristan* antérieure à 1240. Mais V.I. et V.II. donnent également des épisodes postérieurs à 1240, interpolés d'après le cycle du Pseudo-Robert de Boron, épisodes de la *Queste* de Robert de Boron en V.II., aventures et mort de Lamorat et de Driant en V.I. par exemple.

---

[12] Para as referencias precisas da *Queste* atribuída a Map nesta versión do *Tristan en prose*, *cfr.* Baumgartner, *Le "Tristan en prose"*, pp. 56-57. Véxase C. A. van Coolput (*Aventures quérant et le sens du monde*, Leuven University Press, Leuven, 1986, pp. 5-6): "Il convient de voir que cette oeuvre [o *Tristan en prose*] n'est pas isolée mais participe d'un genre nouveau au XIII^{e} siècle, le roman arthurien en prose. L'apparition de ce genre illustre une tendance plus générale de cette époque: le désir de constituer des *Sommes*, de globaliser le savoir et de réunir, en une grande synthèse, la totalité des connaissances dans un domaine (...) le propos du roman en vers est en effet foncièrement différent de celui du roman en prose. Alors que le premier se veut épisodique, le second déborde volontiers le cadre d'une génération pour étendre la narration aux ancêtres du héros- même si le roman adopte la forme d'une biographie, comme c'est le cas du *Lancelot en prose* (...). Ce caractère cyclique se retrouve également dans le *Tristan en prose*, qui rattache la matière tristanienne au monde arthurien et au Graal". O feito de integra-la materia artúrica no *Tristan en prose* estaría motivado pola necesidade, nun primeiro momento, de poñer en claro aventuras que permanecerían escuras ata entón. *Cfr.* Baumgartner (*Le "Tristan en prose"*, p. 119): "Luce, l'auteur du prologue [do *Tristan en prose*], n'a pas exactement cherché à écrire un roman "arthurien", sur le modèle du *Lancelot en prose*. Il s'est placé d'emblée dans cet univers clos qu'est le monde arthurien (...) Il a tenté ensuite de décrire une nouvelle fois, une fois encore, cet univers, envisagé désormais non plus par rapport à Lancelot, à Galaad, etc., mais par rapport à Tristan. Éclairer les mêmes zones d'un monde déjà connu mais en révéler surtout de larges pans restés jusqu'alors dans l'ombre, telle fut donc, me semble-t-il, l'entreprise originale tentée par Luce et poursuivie avec plus ou moins de bonheur par les remanieurs successifs".

[13] P. Michon, *Aventures chevaleresques dans le "Tristan en prose" pendant la folie de Tristan. Édition critique du texte (Paris, B. N. fr. 335, ff. 166-228vo) d'après tous les manuscrits*, Paris, 1991 [Thèse de doctorat d'État ès Lettres], Université Paris-Sorbonne.

[14] Este texto foi remodelado por Hélie de Boron, que lle engadiu novos elementos á narración procedentes doutros *romans* artúricos, aínda que respectou o deseño narrativo do seu predecesor.

Il faut dès lors admettre qu'à partir du § 184 de l'analyse de Löseth ni v.I. ni à plus forte raison v.II. ne reproduisent d'une *manière continue* une première version du *Tristan en prose* rédigée avant 1235-1240 mais qu'elles sont l'une et l'autre, à des degrès divers, des remaniements composites, postérieures à 1240, d'une version originale perdue[15].

Existen, ademais, outras dúas versións que non teñen influencia no fragmento galego do *Livro de Tristan*. Son as chamadas V.III. (versión mixta) e V.IV. (versión aumentada), posteriores cronoloxicamente ás dúas referidas con anterioridade e que terían a orixinalidade de presentar, no primeiro dos casos, elementos do *Lancelot du Lac* da *Vulgata* e, no segundo, unha certa cantidade de achegas propias[16].

Coa finalidade de facilita-la comprensión dos aspectos ata agora mencionados, relativos ás versións francesas en prosa do *roman* de *Tristan*, ofrecémo-lo seguinte cadro aclaratorio:

VERSIÓN	DATA	PARTICULARIDADES
Primitiva	ca. 1230-1235	Sen manuscritos propios Incluída nas versións longas §§ 1-183 de Löseth
V.I.	ca. 1240	Inclúe textos da *Queste Post-Vulgata*
V.II.	ca. 1240	Versión *vulgata* tristaniana Inclúe textos da *Queste-Vulgata* e da *Queste-Post-Vulgata*. **Fonte do texto galego**
V.III.	ca. 1300	Inclúe textos do *Lancelot*
V.IV.	1ª metade do século XIV	Achegas propias

2. Indicios e descuberta da versión galego-portuguesa do *Tristan*

Como xa se indicou no estudio preliminar deste volume, cara ó ano 1170 Guiraut Cabrera introduciu, no seu coñecido *ensenhamen* ó xograr Cabra, a que vén sendo considerada como a primeira referencia dun trobador peninsular

[15] Baumgartner, *Le "Tristan en prose"*, pp. 61-62.

[16] Esta versión utiliza as tres precedentes e engade elementos heteroxéneos, ademais de incorporar fragmentos de poemas, o que levou nun primeiro momento a identificala como un dos representantes primitivos da obra. *Cfr.* Alvar, "El *Tristán en prosa* del ms. 527", p. 21; Baumgartner, *Le "Tristan en prose"*, pp. 67-76.

ó personaxe de Tristán[17]. As alusións a esta mítica figura prolónganse na poesía profana galego-portuguesa; Alfonso X –en *Ben ssabia eu, mha senhor* (18,5)– e don Denis –en *Senhor fremosa e de mui loução* (25,113)– sérvense dela como *exemplum* da súa paixón amorosa[18]: o Rei Sabio magnifica a súa coita botando man das figuras de Paris e Tristán ("... *ca já Paris / d'amor non foy tam coitado / [e] nen Tristam*", vv. 14-16), mentres que o seu neto compara o seu amor co do namorado de Isolda como medio para modifica-la desapiadada actitude da súa dona ("... *e o mui namorado / Tristam sei bem que nom amou Iseu / quant'eu vos amo, esto certo sei eu*", vv. 13-15)[19].

Poderíase ter en conta, así mesmo, a referencia de Fernand'Esquio, trobador galego de finais do século XIII e inicios do XIV, á *besta ladrador* no seu escarnio *Dis[s]e hum infante ante sa companha* (38,3^{bis}):

> Dis[s]e hum infante ante sa companha
> que me daria besta na fronteyra:
> e non será ja murzela, nen veyra,
> nen branca, nem vermelha, nem castanha;
> pois amarela nen parda non for,
> a pran sserá a besta ladrador
> que lh'adurán do reino de Bretanha.
> (vv. 1-7)

O motivo, que podería te-la súa orixe na *canis femina* que aparece na *Gesta Regum Anglorum* de William de Malmesbury (ca. 1120-1125), documéntase

---

[17] *Vide supra, Capítulo I. A materia de Bretaña no occidente peninsular*, pp. 20-21. Véxase, entre outros, A. Bonilla y San Martín (ed.), *Libro del esforçado cauallero Don Tristán de Leonís y de sus grandes fechos en armas (Valladolid, 1501)*, Sociedad de Bibliófilos Madrileños, Madrid, 1912, p. XXVI; M. L. Cuesta Torre, "Tristán en la poesía medieval peninsular", *Revista de Literatura Medieval*, IX (1997), p. 125; M. R. Lida de Malkiel, "La literatura artúrica en España y Portugal", en *Estudios de Literatura Española y Comparada*, Eudeba, Buenos Aires, 1966, p. 134.

[18] Para estas e outras referencias á materia de Bretaña na lírica trobadoresca, *cfr.* Bonilla y San Martín, *Libro del esforçado cauallero Don Tristán de Leonís*, pp. XXX-XXXV; Cuesta Torre, "Tristán en la poesía", pp. 127-132; Lida de Malkiel, "La literatura artúrica", p. 135; Sharrer, "La materia de Bretaña", pp. 561-569; Alvar, "Poesía gallego-portuguesa", pp. 31-51; Gutiérrez García, "A corte poética", pp. 108-123.

[19] *Cfr.* Gutiérrez García, "A corte poética", p. 112. Estas vagas referencias, que arrancan coa lírica provenzal, fan pensar, segundo Alvar ("Poesía gallego-portuguesa", p. 38) nunha "amplia difusión de la leyenda antes de que fuera puesta por escrito y conservada en los textos de Béroul y Thomas". De tódolos xeitos, pouco informan estas mencións con respecto á difusión da lenda dos amores de Tristán e Isolda no occidente peninsular, xa que ámbalas dúas composicións recrean "un lugar común forxado moito antes da composición do *Tristan en prose*" (Gutiérrez García, "A corte poética", p. 112).

en textos anteriores ó *Tristan en prose*[20]. Algúns dos manuscritos que transmitiron o *roman* integran a seguinte caracterización deste animal marabilloso:

> L'estoire dist que la b[este] g[latissant] avoit teste de serpent (...), et le col avoit ele d'une beste que l'en apele Douce (...) en son langage, et le cors avoit ele d'une beste que l'en apele liepart, et les piez avoit ele d'une beste que l'en apele cerf, et les cuisses et la qeue avoit ele d'une beste que l'en apele lyon, et quant ele aloit, il issoit de son ventre .I. si très grant glatissement comme s'ele eust dedenz lui trusqu'a .XX. brachez[21].

Con todo, é incerta a procedencia do motivo na cantiga de Esquio: a fonte puido se-lo *Baladro del Sabio Merlín*, traducido xa en 1314[22].

Maior interese presentan, sen embargo, as cinco composicións que encabezan o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* (*B*), os coñecidos como "lais de Bretanha", tamén copiados nos folios 276r-278r do heteroxéneo Vat. Lat. 7182, propiedade do humanista Angelo Colocci[23]. Estas poesías presentan coincidencias coa versión V.II. que non se conservan na narración galega e que fan referencia a parágrafos de Löseth moi posteriores ós desenvolvidos no devandito fragmento. Dende o xa clásico traballo de C. Michaëlis[24], é comunmente aceptada unha certa relación desas pezas co *Tristan en prose* e, en particular, con algúns dos oitenta e sete lais líricos nel insertos. En efecto, *Amor, des que m'a vos cheguei* (157,5) –Löseth, § 399–, *Don Amor, eu cant'e choro* (157,18) –Löseth, § 399– e *Mui gran temp'á, par Deus, que eu non vi* (157,32) –Löseth, § 404– son recreacións das composicións *Amors, de vostre acointement*, *D'amour vient mon chant e mon plor* e *Grant tens a qe je ne vi cele*[25]. Para os outros dous, *Ledas sejamos ogemais!* (157,28) e *O Marot aja mal-grado* (157,35), o establecemento das fontes resulta máis difícil. Poderían

---

[20] Para máis datos, véxase E. Corral Díaz, "El motivo de la *besta ladrador* en la *Demanda del Santo Graal*", en S. Fortuño Llorens-T. Martínez Romero (eds.), *Actes del VII Congrès de l'Associació Hispànica de Literatura Medieval*, Universitat Jaume I, Castelló de la Plana, 1999, vol. II, pp. 85-99.

[21] Löseth, *Le roman de Tristan en prose*, pp. 289-290, n. 4.

[22] A producción poética de Fernand'Esquio dátase arredor da fronteira de 1300. *Cfr.* G. Tavani, *A poesía lírica galego-portuguesa*, Galaxia, Vigo, 1986, p. 285; Alvar, "Poesía gallego-portuguesa", pp. 40-41.

[23] S. Pellegrini, "I *lais* portoghesi del Codice Vaticano Lat. 7182", en *Studi su trove e trovatori della prima lirica ispano-portoghese*, Adriatica Editrice, Bari, 1959, pp. 184-199; Ferrari, "Lai", p. 377.

[24] C. Michaëlis de Vasconcelos (ed.), *Cancioneiro da Ajuda*, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa, 1990, vol. II, pp. 479-525.

[25] Os dous primeiros, xunto a outros quince, foron copiados no *Codex Vindobonensis 2542*. *Cfr.* T. Fotich-R. Steiner, *Les lais du roman de Tristan en prose d'après le manuscrit de Vienne 2542*, Wilhelm Fink Verlag, München, 1974, nos 12 e 17.

ser creacións orixinais dun trobador peninsular que se inspirou en pasaxes da *Post-Vulgata*; se ben o primeiro dos textos parece estar retomando o episodio da Isle de Joie da *Folie Lancelot* da *Post-Vulgata*, o segundo permite de novo confirma-la influencia do *Tristan en prose* e, en particular, do *Lai voir disant* e do episodio da Roche aux Pucelles[26].

As evidencias presentadas por estas pezas levaron a C. Michaëlis a supoñe-la existencia dunha traducción galego-portuguesa do *Tristan en prose* da que formarían parte os lais, e que tería sido realizada no comezo do século XIV[27]. Da sospeita da existencia desta traducción fíxose eco, tamén a principios deste século, A. Bonilla y San Martín. Este autor constatou, ademais, a existencia de notables diverxencias entre esta versión e a castelá[28], adiantando así a hipótese dunha dobre tradición textual tristaniana na Península, hipótese defendida máis tarde por M. L. Cuesta Torre[29]. Esta teoría tivo a súa confirmación co feliz achado de M. Serrano y Sanz. En 1928, este autor descubriu, nos fondos do arquivo da Casa ducal de Osuna, dous folios de pergamiño que foran utilizados como encadernación dunha copia notarial do testamento do Marqués de Santillana, datada a mediados do século XVI, feito que fai pensar na posible existencia na biblioteca de don Íñigo dun códice da obra. Aínda que Serrano y Sanz creu erroneamente que o fragmento pertencía a un *Lancelot du Lac* en galego-portugués[30], anos despois J. L. Pensado identificouno como pertencente a un *Livro de Tristan* galego[31].

Chegados a este punto, fanse necesarias unhas breves reflexións sobre as vías de penetración do *Tristan en prose* (e, en xeral, da materia artúrica) no

---

[26] Sobre as fontes dos *lais* galego-portugueses, véxase, ademais dos traballos citados na n. 23, S. Iragui, *Les adaptations ibériques du "Tristan en prose"*, Université Paris IV-Sorbonne, Paris, 1995 [Tese de doutoramento en microficha], pp. 167-173.

[27] "Com respeito á idade dos lais e da novella em prosa a que pertencem, eu adoptaria de boa mente a data *primeiros decennios do sec. XIV*" (*cfr.* Michaëlis, *Cancioneiro da Ajuda*, vol. II, p. 516).

[28] "(...) si en la época en que los *lais de Bretanha* fueron escritos, existía una novela en prosa galaico-portuguesa, esta novela no era la misma cuyo texto conservamos hoy en castellano (...). No encuentro motivo fundado para asegurar terminantemente que el *Tristan* portugués en prosa existió; pero tampoco lo encuentro para negarlo" (*cfr.* Bonilla y San Martín, *Libro del esforçado cauallero Don Tristán de Leonís*, p. XXXV).

[29] Véxase, por exemplo, Cuesta Torre, "Tristán en la poesía", p. 139. *Cfr.* tamén Lida de Malkiel, "La literatura artúrica", p. 136.

[30] Serrano y Sanz, "Fragmento de una versión", pp. 307-314. O feito de comezar por unha referencia a Lancelot, así como a ausencia do nome de Tristán (que aparece abreviado como T^{i} no manuscrito) propiciaron, sen dúbida, o erro do investigador español.

[31] Véxase Pensado, *Fragmento de un "Livro de Tristan"*, pp. 9-11.

occidente peninsular. I. Castro[32] destaca o papel crucial de Afonso III, o Boloñés, no proceso de aclimatación da materia de Bretaña entre a aristocracia peninsular[33]: cara a 1227 Afonso marchou a Francia, de onde regresa en 1245 para converterse, despois de derroca-lo seu irmán, en Afonso III. A estadía no país galo facilitou que o monarca portugués se familiarizase coa literatura artúrica, alomenos co ciclo da *Post-Vulgata*[34]. A necesidade de dar a coñecer eses relatos entre os seus compatriotas, que non entendían o francés, motivaría a súa traducción; o responsable deste labor sería un tal Joam Vivas, cabaleiro lisboeta da Orde de Santiago, membro da corte de Afonso III. Estes datos veñen proba-la antigüidade da transmisión das obras artúricas na Península Ibérica e, particularmente, do ciclo da *Post-Vulgata*. Pero tamén a da *Vulgata*, xa que as recentes investigacións de H. L. Sharrer indican que o manuscrito 9611 da Biblioteca Nacional de Madrid, que contén unha versión castelá do *Lancelot du Lac* da *Vulgata*, partiría dunha primitiva versión galega[35], o que multiplica as posibilidades de que o Boloñés trouxese á Península unha gran compilación de textos artúricos, incluído tamén o ciclo do *Lancelot-Graal*. Esta descuberta fai pensar na posibilidade de que o texto tristaniano galego puidese te-la mesma procedencia e, ademais, apunta cara á súa posible fonte, xa que, se o Boloñés regresa en 1245, a versión do *Tristan en prose* da que disporía o seu traductor estaría bastante próxima da versión orixinal do *roman*, pouco posterior a 1240, como xa se indicou máis arriba.

---

[32] *Cfr.* Castro, "Sobre a data da introdução", pp. 81-98.

[33] Do gusto das clases aristocráticas por este tipo de lecturas falan, por exemplo, Lida de Malkiel, "La literatura artúrica", pp. 135-136, e Gutiérrez García, "A corte poética", pp. 113, 118.

[34] Relativizando o papel desempeñado polo Boloñés, Gutiérrez García –que analiza as referencias á materia de Bretaña na lírica galego-portuguesa– explica que "os reinados dos Afonsos III e X serían de importancia crucial para o espallamento da *matière de Bretagne*. Adxudicalo á chegada dos textos traídos de Francia polo Bolonhês resulta, sen embargo, un pouco arriscado. (...) as fontes de Afonso X son de procedencia moi variada e en absoluto necesitan da intervención do Bolonhês para seren explicadas" ("A corte poética", p. 111).

[35] Véxase Sharrer, "The Acclimatization", pp. 175-190. *Cfr.* tamén Castro, "O fragmento galego", p. 138.

3. O *Livro de Tristan*: relacións de filiación

3.1. Estado da cuestión

O que se conserva do *Livro de Tristan* son dous fragmentos transmitidos en folios de pergamiño, ata hai pouco depositados nos fondos da Casa ducal de Osuna. Aínda que o fragmento se atopa na actualidade en paradoiro descoñecido, tense noticia das súas características materiais gracias a J. L. Pensado. O profesor salmantino consultou eses folios (dos que fixo unha utilísima reproducción fotográfica), xa independentes da copia notarial, na Biblioteca Nacional de Madrid, na que aínda non recibiran cota propia, factor este que contribuíu probablemente á súa desaparición. Segundo o devandito investigador (que reproduce as indicacións de Serrano y Sanz), o fragmento pertence a un manuscrito de mediados do século XIV e "consta de dos hojas de pergamino, borradas algunas líneas y palabras sueltas por la humedad; a dos columnas, con iniciales en colores; dimensiones: 195×245 mm. No continúa el texto de un folio en el otro, por faltar dos o más intermedios. Es copia incorrecta, hecha probablemente en Castilla por quien no conocía bien el galaico-portugués"[36].

O contido do fragmento é ben coñecido, xa que recolle o episodio do Cavaleiro da Saia Mal Tallada do *Tristan en prose*, incluído nos parágrafos 91-93 de Löseth. As discrepancias xorden á hora de establecer tanto a extensión do texto fragmentario como a fonte á que este se remonta. En relación co primeiro asunto, e como se indicou máis arriba, non hai continuidade entre o copiado nun e noutro folio: segundo I. Castro, a lagoa entre as dúas partes do fragmento conservado é de tres bifolios, conclusión á que chega comparando o texto galego co manuscrito francés *A*, que supostamente lle serviría de base e que o traductor peninsular parece seguir con bastante fidelidade (asunto sobre o que se volverá máis abaixo)[37]. Diverxente é a opinión de L. Rossi, que considera que "as duas folhas sobreviventes não têm uma sequência unitária da narração, pois separa-as uma lacuna de duas outras folhas"[38].

---

[36] *Cfr.* Pensado, *Fragmento de un "Livro de Tristan"*, pp. 7-8. A cita está tomada directamente de Serrano y Sanz, "Fragmento de una versión", p. 307, n. 3, e foi reproducida tamén por Castro, "O fragmento galego", p. 137. Sen embargo, Pensado (*Fragmento de un "Livro de Tristan"*, p. 12) distánciase do seu predecesor na consideración da orixe lingüística do texto, xa que o profesor salmantino pensa que o fragmento é portugués.

[37] *Cfr.* Castro, "O fragmento galego", p. 137.

[38] *Cfr.* L. Rossi, "Livro de Tristan", en Lanciani-Tavani, *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, p. 414.

No que atinxe á segunda cuestión, I. Castro e P. Michon[39] defenden que o manuscrito que conserva o fragmento tristaniano é con toda probabilidade unha copia dunha versión anterior galega ou portuguesa intermedia entre o fragmento descuberto por Serrano y Sanz e o orixinal francés. Da existencia de capítulos perdidos dunha versión máis ampla dá boa conta o propio fragmento, pois nel faise referencia a episodios que non se conservaron. En efecto, a primeira parte menciona a pretendida morte do heroe (Löseth, § 86), a enfermidade da raíña, a tolemia de Tristán (§ 80) e a decisión de Isolda de instalarse co seu amigo na corte de Logres. Na segunda atopámo-lo encontro de Lancelot coa mensaxeira de Tristán (§ 74), a hospitalidade dada polo pai de Neroneus ó Cabaleiro da Saia Mal Tallada e á Doncela Maldicente (§ 87), así como o xuramento que o vello *prudhome* obtén de Brunor (§ 87). Polo tanto, é lícito crer, con P. Michon, que "(...) le texte galaïco-portugais, avant d'être mutilé, reproduisait tous les épisodes évoqués dans ce passage"[40].

---

[39] Véxase Castro, "O fragmento galego", p. 143; P. Michon, "Le *Tristan* en prose galaïco-portugais", *Romania*, CXII (1991), p. 268: "(...) notre fragment n'est pas le *Tristan* galaïco-portugais originel, mais une copie, peut-être même remaniée, de ce texte apparemment aujourd'hui disparu". *Cfr.* tamén Iragui, *Les adaptations ibériques*, p. 165.

[40] *Cfr.* Michon, "*Le Tristan* en prose", p. 262. É preciso ter en conta que a versión da lenda tristaniana contida na obra en prosa se desvía enormemente da versión tradicional. Atoparase unha análise das influencias das versións en verso na obra en prosa, e das variantes que esta presenta, en Baumgartner, *Le "Tristan en prose"*, pp. 101-117. O fragmento galego conservado reproduce, como indicamos, os §§ 92-93 de Löseth. Reproducimos aquí o resumo ofrecido por Baumgartner (*Le "Tristan en prose"*, pp. 7-8) para dos episodios que anteceden e seguen o texto conservado na traducción galega: "Bouleversé par la lettre que lui a envoyée Iseut, Tristan s'embarque avec Kaherdin pour la Cornouailles. Une tempête les jette sur les côtes du royaume de Logres, près de la forêt de Darnantes, où les deux chevaliers pénètrent par curiosité. Mais Tristan apprend bientôt, au hasard de rencontres avec différents compagnons de la Table Ronde, que le roi Arthur se trouve dans la forêt où une demoiselle fée le retient captif. Le héros parvient à le libérer puis reprend avec Kaherdin le chemin de la Cornouailles où Dinas, le sénéchal de Marc, les accueille. Les amants trouvent le moyen de se revoir mais Kaherdin, qui s'éprend alors d'Iseut, ne peut supporter longtemps le spectacle du bonheur de Tristan. Il écrit à la reine une lettre desespérée pour lui avouer son amour. Afin de ménager en Kahedin l'ami de Tristan, Iseut lui envoie *unes letrez de faux reconfort*. Tristan lit par hasard la lettre, se croit trahi, s'enfuit dans la forêt du Morois et, au bout de huit jours, sombre dans la folie. Iseut chasse Kaherdin.

L'auteur, délaissant un moment son héros, évoque ici, parallèlement,la longue errance de Kaherdin à travers la Cornouailles et le royaume de Logres, son retour en Petite Bretagne et sa fin tragique, les efforts d'Iseut pour connaître le sort de son amant, son désespoir lorsqu'elle le croit mort et sa tentative de suicide; puis il mène à leur terme les aventures de Brunor et de la demoiselle *mesdisant* aux *Destrois de Sorelois*.

Dans la forêt du Morois, Tristan fou est recueilli par des bergers puis par un ermite qui lui donnent à manger. Par gratitude, il protège ses bienfaiteurs contre Daguenet le Fol d'abord, tue ensuite le redoutable géant Taulas de la Montagne. Au cours d'une journée de chasse, Marc rencontre des bergers en compaignie du fou qu'il emmène à Tintagel pour se divertir. À Tintagel, Tristan est bientôt reconnu par son chien Husdent. Marc permet à Iseut de soigner son amant mais, une fois guéri, Tristan doit quitter la Cronouailles sans revoir la reine. Alors qu'il se dirige vers sa nef, un jeune chevalier lui demande de l'accepter comme compagnon. Il se nomme Dinadan et il est venu en Cornouailles pour voir le héros et se mesurer à lui. Les deux hommes s'embarquent. Du vaisseau, longtemps suivi du regard par Iseut et Brangain, Tristan rappelle longuement aux barons de Cornouailles la liste de ses bienfaits et leur reproche leur ingratitude".

Pola contra, Cuesta Torre defende a existencia de fontes francesas distintas para as varias traduccións peninsulares do *roman* tristaniano, xa que o fragmento galego reproduce episodios que non se atopan nas restantes versións conservadas na Península Ibérica:

> El texto gallego-portugués (...) pertenece a una parte de la novela francesa que no reproducen las restantes versiones hispánicas, probablemente porque había sido suprimida de su fuente. Por lo tanto, habrá que postular una procedencia distinta para los textos castellanos y catalanes y para el fragmento gallego-portugués. (...) En principio, es preciso suponer que la traducción gallego-portuguesa queda fuera de la familia a la que pertenecen los restantes *Tristanes* peninsulares[41].

Pero ¿cal é o manuscrito francés que lle puido servir de fonte á traducción galega? J. L. Pensado tratou de darlle resposta a esta cuestión establecendo unha comparación entre a versión galega e a súa suposta fonte francesa, que el considerou que era o antecedente da edición impresa de 1533, *Les grandes proesses du très vaillant, noble et excellent chevalier Tristan*[42]. Baumgartner xa demostrou que esa versión do século XVI toma como base un manuscrito próximo ó 103 da Biblioteca Nacional de París, que se remontaría a unha versión datada arredor de 1340[43]. É improbable, polo tanto, que un texto francés datado a mediados do século XIV poida se-la fonte dunha copia galega da mesma época a través dun testemuño intermedio.

Para este asunto non parece doado atopar unha resposta satisfactoria, como se vén demostrando dende diferentes achegas críticas. L. Soriano Robles insiste na necesidade de realizar unha nova *collatio* do fragmento galego cos diferentes testemuños franceses que conservan este episodio do *Tristan*[44]. O labor é complicado, xa que o número de manuscritos

---

[41] *Cfr.* M. L. Cuesta Torre, "La transmisión textual de *Don Tristán de Leonís*", *Revista de Literatura Medieval*, V (1993), p. 91. Véxase tamén, da mesma autora, "Traducción o recreación: en torno a las versiones hispánicas del *Tristán* en prosa", *Livius*, III (1993), pp. 65-75; *Idem*, "Tristán en la poesía", pp. 139-140.

[42] Véxase Pensado, *Fragmento de un "Livro de Tristan"*, pp. 66-71.

[43] *Cfr.* Baumgartner, *Le "Tristan en prose"*, pp. 77-83. Véxase tamén M. L. Cuesta Torre, "Problemas para la edición de las 'traducciones' medievales de la 'materia de Bretaña'", en C. Parrilla *et alii* (eds.), *Edición y anotación de textos. Actas del I Congreso de Jóvenes Filólogos (A Coruña, 25-28 de septiembre de 1996)*, Universidade da Coruña, A Coruña, 1998, vol. I, p. 195.

[44] *Cfr.* L. Soriano Robles, "La edición del fragmento de la copia gallega del *Libro de Tristán*", en C. Parrilla *et alii*, *Edición y anotación de textos*, vol. II, p. 674.

que conservan este episodio supera a vintena[45], cantidade elevada que determina que os resultados que se facilitan no presente capítulo deban ser manexados con cautela. A base da análise aquí efectuada está constituída fundamentalmente polos escasos manuscritos para os que se conta con edición, é dicir, os manuscritos 2542 da Biblioteca Nacional de Viena (*A*), Carpentras 404 (*Z*) e 335 da Biblioteca Nacional de París (*B*). As conclusións deberán ser tomadas, en consecuencia, coa prudencia e coa precaución necesarias nunha investigación de alcance limitado.

O manuscrito 2542 da Biblioteca Nacional de Viena (*A*) foi editado por Ph. Ménard como testemuño máis significativo da versión *vulgata* do *Tristan en prose*. O códice en cuestión data aproximadamente do ano 1300, procede de Picardía e non ten pegadas de "remodelações isoladas", en palabras de I. Castro[46]. O segundo dos manuscritos mencionados, Carpentras 404, está, como moitos outros, incompleto, porque remata no § 92 de Löseth[47], o que dificulta a súa consideración como representante da versión *vulgata* do *roman*[48]. Sen embargo, dúas razóns fan de *Z* un manuscrito a tomar en consideración: en primeiro lugar, o último capítulo do terceiro volume da edición de Curtis contén un parágrafo que coincide co inicio do texto do fragmento galego e que aparentemente está ausente, como se verá máis adiante, do manuscrito *A*, que comeza inmediatamente despois. Por outra parte, e a pesar do seu carácter fragmentario, P. Michon[49], M. L. Cuesta Torre[50] e, en certa medida, L. Soriano Robles[51] ratifican o valor desta versión para explicar algunhas diferencias do manuscrito de Viena (*A*), demostrando a improbabilidade de que un exemplar próximo a este último sexa o modelo da versión galega. De feito, aínda que o texto base do manuscrito galego fose *A*, a relación do texto

[45] O listado de manuscritos é o que proporciona Michon, "Le *Tristan* en prose", p. 264, n. 12. Véxase, para certas puntualizacións de detalle, Soriano Robles, "La edición del fragmento", p. 670, n. 7.

[46] *Cfr.* Castro, "O fragmento galego", p. 140.

[47] Segundo Ménard, *Le Roman de Tristan en prose*, p. 9.

[48] R. L. Curtis (ed.), *Le Roman de Tristan en prose*, vol. I, Max Hueber, München, 1963; vol. II, Brill, Leiden, 1976; vol. III, Brewer, Cambridge, 1985. Desta edición utilizámo-lo terceiro volume, que é o que contén o equivalente ó primeiro episodio do texto galego.

[49] Michon, "Le *Tristan* en prose", *passim*.

[50] Véxase, ademais dos traballos xa referidos en notas anteriores, *Aventuras amorosas y caballerescas en las novelas de Tristán*, Universidad de León, León, 1994.

[51] Soriano Robles, "La edición del fragmento", pp. 667-675.

francés recollido neste códice cos outros manuscritos, por unha banda, e co fragmento galego, por outra, dista moito de ser perfecta; as diverxencias de todos eles fan que os investigadores referidos precedentemente propoñan outras teorías con respecto á fonte francesa empregada polo traductor peninsular.

P. Michon examina as variantes e sinala algunhas diverxencias que impiden que *A* sexa o manuscrito base do fragmento galego. Por unha banda destaca que, fronte ó texto de Viena (*A*): "et avoient avecques eulx .II. escuiers", o galego le "que tragian senllos escudeiros" (l. 38), claúsula na que *tragian* sería traducción directa da forma *mener* (presente en case tódolos demais manuscritos). Este argumento foi refutado por L. Soriano, para quen "la estudiosa francesa no advirtió que *avoient* es una forma del verbo *avoier* vigente en la época de la composición del texto francés y que ya encontramos datado en el año 1112 en *Le Voyage de Saint Brendam*, con el significado de "mettre sur la voie, conduire; se mettre en route", con lo que el traductor obró correctamente traduciéndolo por *trager*, esto es, "llevar, traer, conducir por el camino"[52]. Por outra parte, conclúe P. Michon, o manuscrito *A*, entre outros, engádelle un complemento directo a "Moult commence la roÿne a reconforter durement": "des paroles que Ginglains li a dictez", fronte á omisión do devandito complemento nalgún dos outros exemplares, tendencia imitada polo texto galego, o que nos levaría a rexeitar como fonte do noso fragmento aqueles manuscritos[53]. As discrepancias

[52] *Cfr.* "La edición del fragmento", p. 671.

[53] O texto galego indica: "E a reiña se confortou muito, que logo foi guarida e tornada en sua beldade toda" (ll. 4-5). Texto semellante sen complemento en *Z*, § 940, ll. 5-6, pero que aparece con variantes no caso de *A*, que ofrece a seguinte lección: "Et ele [a raíña] s'estoit ja mout durement reconfortee d'endroit l'afaire de monsigneur Tristran, conme cele ki tout certainnement quidoit k'i s'en fust alés u roiaume de Logres, ensi com Ginglayns li avoit fait a entendre" (§ 88, ll. 3-6). Como afirma Soriano Robles ("La edición del fragmento", p. 672), o manuscrito Carpentras (*Z*) presenta tamén o mencionado complemento, aínda que como principio de frase, noutra parte: "Par ceste novele que Guiglains dist a la roïne se comence ele mout durement a reconforter" (*Z*, § 940, 1-2). Esta disposición aparece tamén no inicio do texto galego: "Por estas novas que disso Glingain foi a reiña tan confortada ca ben criia ela que llo non diria se non fosse verdade" (ll. 2-3). Hai, polo tanto, dúas posicións posibles para o devandito complemento de Glingain. Idéntica orde en *B*, § 66, ll. 1-3, que engade ademais un "(...) en telle maniere a la roÿne Iseut" ausente das outras versións consultadas. Tamén *B* (§ 66, ll. 5-7) repite este complemento: "Moult se commence la roÿne a reconforter durement dez paroles que Ginglain li a dictez", retomando así a tendencia dos outros manuscritos como *A*. *B* presenta, polo tanto, as dúas posicións posibles. Esta repetición podería ser considerada máis ben unha redundancia dun certo número de manuscritos franceses, entre os que estaría *B*, e non un esquecemento da versión galega. Sen embargo, puido existir unha versión "redundante" na traducción galega anterior á conservada, e mesmo na súa fonte, aínda que o proceso mesmo de copia ou de traducción tendería a suprimila.

son tamén notorias no que atinxe á promesa que Lancelot lle fai a Neroneus de non mata-lo seu fillo. Segundo P. Michon, habería que descartar *A* e outros códices como antecedentes da versión galega, que na súa lectura ("E Lançarote disso que en seu fillo non meteria mão se lle ante non fezesse desonra coñoçuda", ll. 25-26) omite os termos *lance* (substituído aquí por *desonra*, o equivalente de *honte*, presente noutros manuscritos[54]) e *veoir*. Engade a estudiosa que esta hipótese non se ve contradita pola existencia de lecturas comúns entre *A* e o texto galego. Así, por exemplo, o de Siena (*A*) indica que Brandeliz e Keu d'Estraus son "de la maison le roi Artu et compaingnon de la Table Ronde" (*A*, § 2, ll. 7-8), lectura coincidente con *I*, *E*, *V*, *K*, *U*, G1 (Biblioteca Pública e Universitaria, fr. 189), en correspondencia co texto galego e fronte a *B*, *Z*, *F* ou *H*, entre outros, que omiten a primeira parte do fragmento. Finalmente, e por unhas razóns ou por outras, tódolos manuscritos sometidos a exame son descartados pola investigadora francesa como fonte do pequeno fragmento galego. Michon conclúe, en efecto, que "aucun de nos manuscrits n'ait réellement servi de modèle au remanieur ibérique. Il est certain qu'il s'est inspiré de très près d'un ouvrage qu'il avait probablement sous les yeux à tout instant. Ces rapprochements que nous avons pu effectuer au cours de cette étude nous le démontrent aisément. Mais cet exemplaire de notre *Tristan en prose* n'existe plus"[55].

Deixando a un lado as conclusións de Michon, resulta evidente que as semellanzas lingüísticas e o problema representado polo § 88 de Viena, que resume e cambia o equivalente § 940 de *Z*, aproximan este último manuscrito francés ó fragmento galego[56]. Por outro lado, cómpre ter en

---

[54] Que non coincide coa lección de *A*, en contra do que pensan Michon ("Le *Tristan* en prose", p. 265) e Soriano Robles ("La edición del fragmento", p. 673), que ofrecen lecturas distintas da mesma pasaxe. O manuscrito de Viena recolle o seguinte: "Et Lanselos li dist k'il ne toucheroit a son fil, s'il ne veoit abaissier sa lance tout apertement" (*A*, § 1, ll. 21-22). *Cfr.*, ademais, Ménard, *Le roman de Tristan en prose*, "Introduction", p. 23.

[55] *Cfr.* Michon, "Le *Tristan* en prose", p. 266. V. Beltrán pronúnciase en idéntico sentido cando explica que a versión da que parte o texto galego non coincide cos manuscritos empregados para a edición da *vulgata* tristaniana francesa ("Itinerario de los Tristanes", *Voz y Letra*, VII, 1 (1996), p. 36). Da opinión de Michon faise eco tamén Iragui, *Les adaptations ibériques*, p. 164.

[56] Na mesma liña, Soriano Robles, matizando punto por punto o traballo de P. Michon, conclúe que "a mi entender, algunos de los argumentos expuestos por Michon carecen de relevancia, en especial el del orden, que la lleva a descartar el manuscrito de Carpentas (sic), testimonio que, sin embargo, se nos muestra muy cercano –salvo en este aspecto– a la versión gallega" ("La edición del fragmento", p. 674).

conta que, aínda que sexa posible descarta-los manuscritos franceses existentes como fontes do *Livro de Tristan*, é evidente que elementos tales como complementos que non lle afectan ó sentido do texto ou adxectivacións presentes nos exemplares oitánicos son susceptibles de ser substituídos ou omitidos nun proceso de traducción. Cuesta Torre establece unha primeira comparación do texto galego co manuscrito de Carpentras (*Z*), moi diverxente de *A* nalgúns aspectos[57]. *Z* presenta moitas limitacións porque, como xa se sinalou, non continúa máis alá do capítulo 92 do resumo de Löseth e presenta tamén alteracións de orde, xa que pasa do capítulo 91 a anuncia-lo contido do 95, que xa non está presente nese testemuño, pero que, en cambio, si se atopa en *A*. A pesar da problemática que envolve o códice de Carpentras, Cuesta Torre establece a comparación deste co manuscrito galego, animada non só polas semellanzas textuais, senón tamén polas diverxencias deste códice con respecto ó de Viena (*A*).

Non parece doado, en definitiva, atopa-la fonte directa do fragmento que estudiamos, problema que se ve agravado polo elevado número de manuscritos franceses do *Tristan en prose* e pola súa condición maioritaria de inéditos. Pese a que o texto exacto da fonte está aínda por determinar, en xeral a crítica vén admitindo unha máis estreita relación textual do fragmento do *Livro de Tristan* galego co manuscrito *A*, editado por Ph. Ménard[58], por tres razóns fundamentais: polas semellanzas entre eles, polo feito de ser *A* un texto representativo da versión *vulgata* e por ser un manuscrito máis completo, aparentemente, có de Carpentras (*Z*) e, polo tanto, un dos máis fidedignos dos editados.

---

[57] Véxase Cuesta Torre, *Aventuras amorosas y caballerescas*, pp. 239-242.

[58] Especialistas como Castro ("O fragmento galego", pp. 140-143) e Rossi ("Livro de Tristan", pp. 414-415) indican a fidelidade do fragmento ó espírito representado pola tradición do manuscrito editado por Ph. Ménard. Por esta razón, o manuscrito vienés será, salvo excepcións, a base fundamental da comparación entre textos no noso estudio, sobre todo por ser *A* o texto de referencia habitual dos investigadores, tanto para apoiarse nel como para descartalo como fonte. A súa utilización será aquí, de tódolos xeitos, simplemente orientativa, seguindo a tradición dos estudios sobre o noso texto, e non implica en absoluto a súa aceptación como orixe do texto galego.

3.2. Comparación dos diferentes manuscritos franceses co texto galego

FRAGMENTO GALEGO	Ms. 2542 da Biblioteca Nacional de Viena (*A*)	Ms. 404 da Biblioteca Municipal de Carpentras (*Z*)	Ms. 335 da Biblioteca Nacional de París (*B*)
1. Como a reiña rogou a Glingain que estas novas fossen poridade	88[59]	940	66
2. Como o home boo rogou a don Lançalot que lle non metesse mão en seu fillo	1	710	67
3. Como Lançarote se achou con Brandeliz e con Queia d'Estrauz	2	711	68-69
4. Como Brandeliz e Queia pusfaçaron de don Lançarot	3-4	712	70-71
5. Como Neroveix derribou Queia d'Estrauz na ponte	5	713	72
6. Como Neroveix derribou Brandeliz ena ponte	6	714	73
7. Como o escudeiro do castelo desfiou a don Lançarote	27	731-primeiro tercio do 732	Final do 96-primeira metade do 98
8. Como don Lançalot derribou ũu cavaleiro e foi ferir os cinco	28-primeira metade do 29	Segundo tercio do 732-primeira metade do 733	Segunda metade do 98-99
9. Como Lançarot se conbateu con quatro cavaleiros	Segunda metade do 29	Segunda metade do 733	100
10. Como o cavaleiro disse que Lançarot avia de vencer os IIII°	30	734	101
11. Como o señor do castelo soubo porque era a volta	Final do 30-primeira metade do 31	Segundo tercio do 735	Segunda metade do 102
12. Como o señor do castelo saiu a don Lançarote	Segunda metade do 31-comezo do 32	736-primeira metade do 737	103
13. Como Neroveix enviou s[ua] donzela por veer o que faria don Lançalot	Segundo parágrafo do 32	Segunda metade do 737	Segunda metade do 104[60]

[59] *Cfr.*, sen embargo, que "'Commo a rreina rrogou a Glingaim que estas nouas fossem poridade' no halla su correlato en la edición de Ménard" (Cuesta Torre, *Aventuras amorosas y caballerescas*, p. 242).

[60] As primeiras metades dos §§ 102 e 104 corresponden a lagoas do texto galego.

Como se observa, existe un problema na orde dos episodios, a xulgar polas discrepancias entre *A* e *Z*, por un lado, e os parágrafos de Löseth, o texto galego e o manuscrito *B*, por outro. Os dous primeiros códices parecen, en efecto, reproduci-lo mesmo erro de estructura. O capítulo 88 da edición de Ménard contén, aínda que moi resumido e incompleto, o correspondente do capítulo I do texto galego, que ten o seu correlato en *Z* no capítulo 940. Advertirase que os xuízos de Ménard son un tanto confusos, xa que, por unha banda, defende a correspondencia perfecta do seu manuscrito *A* coa análise de Löseth e, por outra, que o tal manuscrito continúa a narración do *Tristan en prose* exactamente no punto en que remataba *Z*[61]. Agora ben, os dous manuscritos franceses citados teñen en común o feito de que desprazan o capítulo inicial do fragmento galego –é dicir, o que menciona a comunicación das novas de Glingain á raíña Iseo–, que aparece unhas cen páxinas despois das aventuras de Lancelot, a diferencia do que acontece no texto galego, que, igual ca *B*, e en conformidade coa análise de Löseth, introduce eses episodios de xeito consecutivo. Así pois, parece ter razón Soriano Robles ó considera-la existencia dunha dobre estructura na orde do relato dos acontecementos: por unha parte, a conservada polo fragmento galego e *B*, que coincide coa proposta por Löseth, na que as noticias de que Tristán está vivo son recibidas por Iseo antes do comezo das aventuras de Lancelot; por outra, unha versión que estaría modificada[62] ó presenta-las aventuras en sentido inverso e que xustifica a orde dos episodios que está presente en *A* e *Z*[63]. A lóxica obrigaríanos, polo tanto, a tomar como base un modelo próximo ó manuscrito de París (*B*) no que respecta á disposición dos capítulos. Os estudios para o establecemento da fonte do texto galego deberán ter en conta esta circunstancia, pero o problema neste caso particular é que as variantes textuais do manuscrito *B* en relación co texto galego, algunha delas moi importante, impiden que se poida tomar como fonte directa do mesmo[64].

---

[61] Véxase Ménard, *Le roman de Tristan en prose*, p. 13. *Cfr.*, sen embargo, máis adiante, p. 21.

[62] En palabras de Ménard, "Ginglain donne cette nouvelle à la reine chez Löseth au § 91 et dans l'éd. Curtis, §§ 939-940" (Ménard, *Ibidem*, p. 287, n. 88,6).

[63] Véxase Soriano Robles, "La edición del fragmento", p. 670.

[64] *Cfr.* Michon, *Aventures chevaleresques*, pp. 222-223: "Sans conteste, le *Tristan* ibérique se révèle quelque peu abrégé par rapport à son modèle français. Les tournures de phrase sont plus simples, peut-être moins élaborées que dans notre manuscrit parisien. La fin du paragraphe où l'on rappelle les agissements d'Andret et de sa messagère a totalement disparu, ainsi que la conclusion du chapitre comme nous l'avions précisé précédemment".

3.2.1. Análise das diverxencias

Á luz dos datos apuntados, poden apreciarse, tomando como base de comparación o manuscrito de Viena, notables diverxencias entre *A* e o noso texto. Entre elas debemos destaca-la ausencia aparente de correspondencia na disposición do capítulo inicial, a unión nun só capítulo dos puntos 3 e 4 do códice vienés e a distinta organización nos capítulos 29, 30, 31 e 32 do manuscrito da edición de Ménard. As dificultades aféctanlle fundamentalmente á segunda parte do manuscrito galego, aínda que esta distribución non ten ningunha relevancia porque partimos do feito de que o fragmento correspondía a unha versión completa da *vulgata* tristaniana galega. Polo tanto, para atoparlles un sentido coherente ós cambios apreciados, é necesario establecer un criterio común na estructuración dos diferentes capítulos do fragmento con respecto ós manuscritos franceses. Cuesta Torre apunta as posibles causas desas diverxencias cando afirma que "las diferencias frente a los textos franceses pudieran deberse al traductor gallego-portugués o estar ya presentes en la misma fuente"[65], pero é preciso profundar aínda máis na natureza desas discrepancias. Cómpre distinguir, por un lado, variantes textuais que non lle afectan ó sentido do fragmento (resumos, paso de estilo directo a indirecto, etc.), que son con frecuencia actividades propias dun proceso de traducción, e, por outro, as que inciden sobre o seu contido –situación ante a que nos atopamos neste caso–. Aínda que ben poderían ter unha orixe diferente e partir, por exemplo, dun manuscrito que organizase doutro modo os capítulos da versión *vulgata* (como acontece en certa medida con *A* e *Z*), cabería pensar nunha elección do traductor á hora de distribuí-los contidos narrativos[66].

a) A versión galega ofrece, en relación cos manuscritos franceses, particularidades na disposición dos episodios. O primeiro exemplo localízase xa no seu inicio, que reproduce o último capítulo da edición de Curtis do

---

[65] *Cfr.* Cuesta Torre, *Aventuras amorosas y caballerescas*, p. 244.

[66] "Le contenu de chaque paragraphe correspond effectivement à ce qui est annoncé dans le titre. La présentation est donc plus soignée dans ce livre galaïco-portugais que dans les manuscrits français de la même époque où les coupures du texte sont, nous l'avons vu, le plus souvent arbitraires" (*cfr.* Michon, *Aventures chevaleresques*, pp. 218-219).

manuscrito *Z* (§ 940), excepto o parágrafo que en *Z* anuncia un salto de episodios e que se analizará máis adiante con atención[67]. Cuesta Torre ten razón cando afirma que as maiores diverxencias entre *Z* e o fragmento galego "se manifiestan más en ausencias que en cambios"[68]. Hai, en efecto, ausencias que son reveladoras da existencia na versión perdida dalgúns episodios hoxe non conservados. Así, o seguinte texto de *Z*:

> Ele voloit mieuz que cil de Cornoaille eüssent esperance de la mort Tristan que de sa vie, car puis qu'ele seroit certene que Tristanz seroit arestez ou reaume de Logres, ele feroit bien puis tant en aucune maniere qu'ele iroit a li ou reaume de Logres meïsmes, et demorroit avec li tot son aaige (§ 940, ll. 8-13)

ten a súa correspondencia no fragmento galego:

> [A raíña] defendeu a Glingain que non dissesse aquelas novas a ninũu, ca non queria que os de Cornualla o soubessen que era vivo, ca pois ela era certaa de sa vida, que ela guisaria todavia de o ir veer e viver con ele pera todavia (ll. 5-8)

no que é evidente que non hai ningunha referencia ó feito de que Tristán se atopase en Logres. Parece bastante claro que a supresión da alusión ó devandito reino implica unha mención anterior no texto, que o traductor xulgou suficientemente próxima como para suprimir unha nova referencia. Pero hai aínda un particular máis importante, mencionado ademais por Cuesta Torre[69]:

> Ensi fu a celi point celee la vie Tristan a toz cez de Cornoaille fors que a la roïne Yselt tant solement, et a Dynas et a Brengaín. Cil troi solement le savoient et non plus. Tuit li autre de Cornoaille cuidoient tot certenement que Tristanz fust morz, et que la demoisele qui a cort estoit venue et qui noveles avoit aportees de la mort Tristan que Audrez i avoit envoié, ensi com je vos ai conté ça arrieres, lor eüst dit verité; mes non avoit (*Z*, § 940, ll. 14-20; *B*, § 66, ll. 16-25).

Este texto presenta a conclusión dun episodio anterior, o envío da doncela que notificaba a morte de Tristán, que se menciona en *Z*, e do que a actitude de Isolda é consecuencia necesaria. Pero no texto galego non existe referencia a esta doncela enviada por Audrez, nin tampouco se atopa ningunha alusión ó asunto referido no final do § 940 de Carpentras, que, erroneamente, como xa

---

[67] O manuscrito de Viena non contén este primeiro capítulo na súa totalidade, e non o temos aquí en conta como elemento esencial da comparación.

[68] *Cfr.* Cuesta Torre, *Aventuras amorosas y caballerescas*, p. 242.

[69] *Cfr. Ibidem*, p. 241.

se sabe, anuncia un salto no contido, consistente na narración das aventuras de Kaherdin[70]:

> Si lesse li contes atant a parler de la roïne dou tout –ele se reconforta par les paroles que Guiclains li dist– si retorne a Kahedin por devisier coment il se parti dou roi Marco, a qui il avoit tenu parlement entre li et Palamedes si grant come je vos ai devisié [referido no § 85 de Löseth][71], et por devisier coment il vint en son païs, et coment il morut por les amors madame Yselt, la roïne de Cornoaille [referido no § 100 de Löseth] (*Z*, § 940, ll. 21-27).

Contra esta versión, o *Livro de Tristan* pasa directamente a presenta-los episodios conforme ós primeiros puntos de *A*, e conforme tamén á estructura da análise de Löseth:

> Assi foi aquela ora a poridade tan encuberta que o non soube outro fóra a reiña e Dinaux e Brangen; aqueles tres o souberon e non máis, ca todolos outros cuidaron que era morto todavia.
>
> En esta parte diz o conto que, pois se don Lanzarote partira da donzela que lle trouxera as letras das novas de don Tristan (....) (ll. 8-13).

Esta é tamén a versión do manuscrito *B*, que ofrece un epílogo máis amplo có texto galego, e tamén na mesma orde cós parágrafos de Löseth:

> Mais atant laisse ore le compte a parler de la roÿne Yseut et de son fait, et de tous ceulx de Cornoaille, et retourne a Lancelot du Lac pour deviser comment il delivra de prison le Chevalier a la Cote Maltailliee et la Damoiselle Mesdisant qui estoit emprisonnee ou Chastel Uter, ainsi comme je vous ay devisé ça arriere (*B* § 66, ll. 25-30).

No que se refire ó § 88 de *A*, Soriano Robles[72] suxire na súa análise que a correspondencia é exacta, segundo as equivalencias que establece no seu cadro. O problema é que o § 88 de *A* afirma, en efecto, que Glingain lle transmite á raíña as novas de que Tristán está vivo. Este aspecto é mencionado no final do § 91 de Löseth, e probablemente foi esta circunstancia a que levou a Soriano Robles a propor unha equivalencia do capítulo I galego co § 88 de *A*. Pero esa referencia neste último testemuño faise de xeito resumido, para afastarse despois da versión ofrecida por *Z* e polo texto galego: *A* inclúe unha

---

[70] *Cfr.* § 95 da análise de Löseth, co que remata o ms. francés, saltando os §§ 92-94 de Löseth.

[71] *Cfr. A*, § 76, ll. 1-4: "En ceste partie dist li contes que quant Palamidés et Kahedins se furent departi du roi March, a qui il avoient tenu si grant parlement con je vous ai conté cha ariere (...)". O encontro de Kaherdin e de Palamedes co rei Marco está presente no mesmo parágrafo (§ 85) de Löseth. *Cfr.* Ménard, *Le roman de Tristan en prose*, p. 21, n. 14: "Le ms. Z déroge au principe de l'entrelacement qui est un des principes essentiels de la structure du *Tristan en prose*".

[72] Soriano Robles, "La edición del fragmento", p. 669.

digresión sobre a beleza recuperada de Iseo (referida brevemente no § 91 de Löseth, pero case omitida en *Z* e no *Livro de Tristan*, que só fan alusións puntuais a este feito) e narra despois o namoramento de Kaherdin (isto é, o § 96 de Löseth e non tanto o § 95, referente ó enfrontamento con Segurades, ó que se alude de xeito indirecto). A consecuencia, polo tanto, é que *Z* e *A* presentan non só unha orde modificada dos feitos en relación ás aventuras de Lancelot, senón que tamén coinciden en gran medida no salto que representan as referencias a Kaherdin. Sen embargo, no que se refire ó seu capítulo I, o *Livro de Tristan* segue claramente a lección de *Z* contra *A*, o que fai improbable que este sexa o manuscrito válido como fonte. Vexámo-lo texto que ofrece Viena trala mención das novas de Glingain:

> Et par le reconfort qu'ele en avoit pris en soi meïsmes avoit ele si recouvree toute sa biauté que tout chil ki adonc le veoient dient bien tout apertement k'il n'a maintenant en tout cest monde nule si bele dame de toutes biautés com est la roïne Yseut. A sa biauté voirement ne se porroit prendre nule biautés de nule autre dame (*A*, § 88, ll. 6-12).
>
> [Kaherdin, convalecente aínda das feridas que lle causou Segurades (§ 95 de Löseth; salto, polo tanto, do § 91 ó § 95; o combate é referido no § 76 da edición Ménard), escoita a conversa de dous cabaleiros sobre a beleza de Iseo; fala con eles e vai á igrexa na que se atopa a raíña (§ 96 de Löseth; *A*, § 88, ll. 13-48)].
>
> Quant il est venus entre les autres et il voit madame Yseut que cil de laiens aloient regardant a merveilles et il l'a auques avisee, li cuers li escaufe tous et esprent, tous li talens li mue et cange (*A*, § 89, ll. 1-4).

b) No segundo capítulo do texto galego (*Como o home boo rogou a don Lançalot que lle non metesse mão en seu fillo*), coincidente co primeiro de *A*, advírtese un fenómeno que fai pensar nun proceso de copia. Como xa indicou I. Castro, prodúcese aí a repetición dun segmento de texto bastante extenso, feito que leva o investigador portugués a concluír que "um acidente deste tipo, especialmente por ser um salto regressivo, é característico de processos de cópia, mas dificilmente passaria despercebido durante actos de redacção ou de tradução"[73]. En efecto, o que se le no fragmento galego é o seguinte:

> (Aly soube as nouas dele. En outro dia manãa, quando quis caualgar dissolle seu os[pe]ede et rrogóó bẽ, cõmo rrogara ao da Saya Mal Tallada et a Donzela Maldisẽte). Et aly soubo el nouas deles. En outro dia manaa quando quis caual[gar] dissolle seu ospede et rrogoo bẽ assy cõmo rrogara o da Ssaya Mal Tallada[74].

---

[73] *Cfr.* Castro, "O fragmento galego", p. 143.

[74] Pensado, *Fragmento de un "Livro de Tristan"*, p. 45. Para a reproducción desta pasaxe seguímo-la edición de Pensado, porque na lectura crítica que ofrecemos se aglutinan nunha as dúas repeticións.

O texto reproducido permite constatar que o traductor está abreviando a versión que *A* dá dos feitos:

> Laiens aprist il nouveles de la Damoisele Mesdisant et de celui a la Cote Mautaillie, car li preudom meïsmes li dist k'il avoient laiens dormi le soir devant.
>
> A l'endemain, auques matin, Lanselos se lieve et apareille. Et quant il se dut de laiens partir entre lui et ses esquiers, tout autretel proiiere com li preudom avoit faite le jour devant a celui a la Cote Mautaillie pour son fil fist il a Lanselot (*A*, § 1, ll. 14-21)[75].

Os manuscritos franceses distáncianse da versión galega, sen embargo, na narración dunha pasaxe, na que Lancelot promete non ataca-lo fillo do seu anfitrión, contida tamén neste capítulo segundo. Existen dúas referencias ó respecto, unha indirecta e outra directa, por esta orde. O texto galego utiliza a mesma expresión nas dúas ocasións: *meter mão*. Así:

> a) E Lançarote disso que en seu fillo non meteria mão se lle ante non fezesse desonra coñoçuda (ll. 25-26).
>
> b) – Ora sabede por verdade que en vosso fillo non meterei mão, salvo se mo cuita non fas faser (ll. 30-31).

mentres que os manuscritos franceses indican:

A

> a) Et Lanselos li dist k'il ne toucheroit a son fil, s'il ne veoit abaissier sa lance tout apertement (§ 1, ll. 21-22).
>
> b) "(...) or sachiés tout vraiement que ja a vostre fil ne *metrai main*, se grant besoingne ne le me faisoit faire u il ne me faisoit tel outrage que chevaliers nel deüst souffrir." (§ 1, ll. 28-30).

Z

> a) (...) et Lanceloz li ot en covent qu'il ne tocheroit a son fil s'il ne veoit ou lessier sa honte tot apertement (§ 710, ll. 16-18).
>
> b) " (...) or sachiez que en vostre fil je ne *metré men* en nule maniere dou monde se granz besainz ne le me fait faire, ou il ne me faisot tel otraige que chevaliers ne deüst sofrir." (§ 710, ll. 22-25).

B

> a) Et Lancelot li out en couvent qu'il ne toucheroit a son fils se il ne veoit abaissier sa lance tout appertement (§ 67, ll. 19-21).
>
> b) "(...) or sachiés que en vostre fils je ne *mettray main* en nulle maniere du monde se grant besoingne le me fait faire, ou seil ne me faisoit tel oultrage que chevalier ne deust souffrir." (§ 67, ll. 26-29).

[75] *Cfr.* tamén Carpentras, § 710, ll. 10-13; *B*, § 67, ll. 13-19.

c) No capítulo IV do texto galego pódense apreciar novamente peculiaridades que apuntan cara á existencia dunha versión galega anterior á conservada, pois, unha vez máis, no proceso de copia o amanuense non reproduce un fragmento de texto por un salto de igual a igual, orixinado pola repetición da cláusula *disso Lançarote*:

> – ¿E quen foi esse cavaleiro? –disso Lançarote–.
> E eles en esto falando, chegaron a aquela ponte que aquele cavaleiro guardava, de que vos ja falamos (ll. 64-66).

O que ofrecen neste punto os manuscritos franceses é o seguinte:

A, §§ 3 (ll. 12-16)-4 (ll. 1-3)

> – "Et ki fu cis cevaliers, *fait Lanselos*, ki de Lanselot vous dist nouveles? – Certes, fait Kex d'Estraus, ce fu Breüs sans Pitié. Chil nous dist tout vraiement que Lanselos estoit en cest païs. – Ce ne sai je mie tres bien, *fait Lanselos*."
> En tel maniere cevaucent li troi chevalier, tant k'il sont venu trusc'au pont que cil gardoit dont nous avom autre fois parlé cha devant.

Z, § 712, ll. 11-17

> "Et qui fu cil chevaliers, *fait Lanceloz*, qui de Lancelot vos dist noveles?" "Certes, fait Kex d'Estax, l'en l'apele Breuz sanz Pitié. Cil nos dist que Lanceloz estoit en cest païs." "Ce ne sai je, *fait Lanceloz*, s'il vos dist verité ou non."
> En tel maniere chevauchent li troi chevalier tant qu'il sont venu dusqu'au pont que cil gardoit d'ou nos avons parlé autre foiz.

B, § 70-71

> Et qui fu ce chevalier, *fait Lancelot*, qui de Lancelot vous dit nouvelles? – Certez, fait Keux d'Estraux, l'en appelle Brun Sans Pitié. Ycelui nous dist que Lancelot estoit en cest païs. – Ce ne sçay je, *fait Lancelot*, s'il vous dist verité ou non.
> En telle maniere chevauchent les chevaliers, tant qu'il sont venus jusques au pont que celui garde dont nous avons parlé aultre.

Este erro xustifica posiblemente a fusión dos puntos 3 e 4 de Viena no fragmento galego[76], pero neste caso debemos descartar esta fusión como motivada pola vontade do copista de altera-lo contido da fonte, probablemente porque o salto o levou a continua-la escritura sen decatarse da falta cometida.

d) No equivalente galego do capítulo 28 de Viena, o autor chega a integrar parte do 29 para completar nun só o combate de Lancelot contra os cinco

[76] Parágrafos separados en Carpentras, § 712. Pero en *B*, §§ 70-71, como indica o noso cadro.

cabaleiros, como corresponde ó título do episodio[77]. Hai unha omisión do primeiro parágrafo, que no texto francés supón un alto na narración, e que describe as impresións dos espectadores do combate (*A*, § 29, ll. 1-5):

> Quant chil ki desus les murs estoient voient lour cevalier gesir par tere, ki ne faisoit nul samblant de soi remuer, il quident tout vraiement k'il soit mors et pour ce s'escrient il tout conmunaument a une vois: "Mors est nostres cevaliers! Mal s'est prouvés de ceste jouste!"[78].

Creado no texto de *oïl* como elemento de transición, o traductor galego omitiu esta referencia e uniu ámbalas dúas partes. O seguinte capítulo da versión galega narra o combate a espada cos catro cabaleiros restantes trala morte do primeiro[79].

e) O capítulo *Como o señor do castelo soubo porque era a volta*, que integra o final do 30 e parte do 31 de Viena, como xa se indicou no cadro anterior, reproduce como primeiro parágrafo xustamente o último do § 30 da edición Ménard:

> Li cris est grans de toutes pars et la huee merveilleuse, car cil ki sour les cretiaus estoient, quant il voient lour chevaliers ki ensi sont desconfit et par le cors d'un seul chevalier, il crient tout aprés conmunaument: "Veés les honnis! Veés les honnis!" (*A*, § 30, ll. 41-45; *Z*, § 735, ll. 10-14; *B*, § 102, ll. 11-15).

---

[77] Existe un fragmento ilexible no *Livro de Tristan* galego debido á humidade (Pensado, *Fragmento de un "Livro de Tristan"*, p. 57, n. 213) e que corresponde ó seguinte texto francés: "Miex vous venist a cestui point que vous n'eüssiés onques veüe la maison le roi Artu ne la Table Reonde. Et sachiés que je vous deffi de par les cevaliers de cest castel. Pour autre cose ne fui je a vous envoiiés fors pour dire que vous vous gardesissiés d'aus, car bien sachiés que vous estes venus a la bataille!"

A Donz*e*la disse. Sabede | cau*ale*iros q*ue* non era tal | aq*ue*lla uos uistes. ant*e* e hũa | das mais fremosas donas mo|lher*e*s q*ue* a no mu*n*do. E por*en* uolo | teue a despeyto *e* ela sabe dencan|tame*n*to ta*n*to q*ue* he hũa gra*n* ma|rauilha. E por este meteu antre | uos heste desamor onde uos | ouuerades a matar. P*or* | bõa fe disser*on* el*e*s. ora | ente*n*demos ca e uerdade. Ento*n* | meter*on* sas espadas nas Baỹas | *e* começaro*n*sse a sinar mais de | Mil uezes. Ento*n* sobyro*n* en | se*us* caualos maltreytos *e* mal|chagados. E galua*n* disse aa donz*e*la | <...>[27] sabedes hu poderyamos oie || [f. 122 vb] <...> ensinadenolo. Aqui | <...>to <...> disse ela de mo*n*|ges <...> uos rreçeber*an* be*n* | porq*ue* <...> sod <...>ros andantes.[28] | E e <...> uos fficarey ia | <...> oie de ffa<...>er[29] | <...> donz*e*la os g*ui*ou | a abadya | **Como Marot *e* Galua*n* | acharo*n*. os xij. yrmáạ́os[30] ade|uĩadores na pena q*ue* metera | y. merly*n* p*or* encantame*n*to.** |

52 [me] dizede S; encantou S **64** Se sabedes S **65** Aqui [...] –disse ela S **66** porq*ue* [...] ca[ualei]ros andantes S; E e[...] por [...] uos fficarey S **67** ffazer S **68** as .xij. yrmaas S.

[25] "Lecture douteuse sous les rayons ultra-violets" segundo Soberanas ("La version galaïco-portugaise", p. 190, n. 13).

[26] Soberanas indica en nota "avec tilde superflu d'abréviation" (*Ibidem*, p. 190, n. 14).

[27] O deterioro do manuscrito impide a lectura da palabra.

[28] No manuscrito vese un til de abreviación sobre *ros*, que parece remitir á forma *caualeiros* abreviada. Así mesmo, antes desta palabra aprécianse varios carácteres gráficos, posiblemente *sod*.

[29] A palabra está afectada por unha rotura existente no pergamiño.

[30] A última vocal de *yrmáạ́os* está subpuntuada no manuscrito, pero non foi corrixida. O revisor do texto, por outra parte, esqueceu emenda-la forma do artigo *os*, incorrecta á vista da concordancia lóxica esixida polo contexto (o substantivo *yrmáás* é feminino e require, polo tanto, un determinante nese mesmo xénero). A palabra *yrmáạ́os* está, así mesmo, afectada por unha pequena rotura no pergamiño, pero esta non impide a súa lectura. Soberanas recolle en nota a forma manuscrita (*cfr.* "La version galaïco-portugaise", p. 191, n. 17).

Qva*n*do eles chegaro*n* a abadya | e os ffrades uiro*n* os caua|l*ei*ros[31] chagados fforo*n* contra ele*s* | <...>e. e ffez<...>ro*n* | nos <...>nos a hũa ca|mara *e* <...> ffezero*n*|lhys todo a<...> q*ue* pode|ro*n* Manhãa <...> foy manhaa | espediusse <...> | <...>[32] os | cau*alei*ros ffolgaro*n* <...> | E q*u*ando uiro*n* <...>rya*n* caualgar | <...>es. *e* fforom | <...>s come <...> | E hũu dya lhys <...>uẽo q*ue* entraro*n* || [f. 123 ra] en hũú chááo grande *e* fremoso *e* | en meogóó daq*ue*l cháão fora do ca|mjo. estaua hũa pena tan alta. | q*ua*nto podya hom̃e os ohos[33] este*n*|der. e fforo*n* contra ala por uéére*n* | a pena ca lhys semelhaua hũa gra*n* | marauilha. E q*u*ando chegaro*n* preto | e no*n* uiro*n* entrada de grááo <...>[34] | Ala sobissen. *e* a pena era assy tal<...>a|da[35] *e* nedea en g*u*isa q*ue* se hũú esq<...>|rol[36] podesse ala so<...>. séérya | marauilha. E pis[37] a cataro*n* <...>re|dor be*n*. Disseron de*us* q*ue*[38] <...> | p*er*a[39] castelo. ou p*er*a bõas cas<...> | entrada ouuesse. E ele*s* isto dize*n*|do cataro*n* suso. *e* uiro*n* ata .x. do*n*|ze*l*as muy fremosas *e* muy ben | uestidas *e* falaua*n* desũú. E<...>taua*n*[40] | tanto del <...> q*ue* as poderya*n* ia ouu<...>[41]

70 os caua[lei]ros S **71** [...] e ffez[e]rõ [...] a hũa camara S **72** todo a[quel seruiço] S; [...]oy manhaa S **73** espediusse a donz*e*la [...] S **75** [au]ẽo S **77** o[l]hos S **79** talhada S **80** esq*ui*rol S; ala s[obir] S **81** p[o]is S; De*us* q[...] S **84** Estauã S; ouujr S.

---

[31] No manuscrito percíbense ben tanto o *l* como a marca de abreviación.

[32] No estado actual do manuscrito o sintagma nominal é ilexible.

[33] Soberanas recolle a forma manuscrita en nota (*cfr.* "La version galaïco-portugaise", p. 191, n. 19).

[34] O testemuño está afectado por unha rotura que impide a lectura do texto.

[35] A palabra está afectada por unha rotura do pergamiño.

[36] Unha pequena rotura no soporte impide a lectura completa da palabra.

[37] Soberanas recolle a forma do manuscrito en nota (*cfr. Ibidem*, p. 192, n. 21).

[38] O trazo de abreviatura é perfectamente visible no manuscrito.

[39] En contra da decisión de Soberanas, e tendo en conta que o enlace preposicional nunca aparece coa forma plena no fragmento, desenvolvémo-la abreviatura como *pera*, forma común ós textos da Idade Media (*vide supra*, *Livro de Tristan. Edición paleográfica*, p. 73, n. 2). Nas sucesivas ocorrencias do termo non se indicará no aparato crítico o diferente desenvolvemento da abreviatura por parte do editor catalán.

[40] A palabra está afectada por unha rotura do pergamiño.

[41] O deterioro do manuscrito impide a lectura completa do vocábulo.

| ia quanto. *e* Sabede q*ue* <...>[42] fala|ua*n* das cousas q*ue* ia pasaron | 85
ne*n* <...>ytas <...> tijnham | seu p<...> e seu c<...>ho. das cou|sas q*ue*
auya*n*. de uijr tanbe*n* come | se elas fossen <...>adore*s* *e* co*n*pa|sadore*s* de
todas as cousas do mu*n*do || [f. 123 rb] *e* no*n* auya*n* outro mester. E qua*n*do
| ele*s* as uiro*n*. disse M̃aroth a Galu*an* | No*n* uéédes as marauilhas q*ue* a|ca
suso esta pena. donas mora*n* | y fremosas. mais de*us* p*or* u so|byro*n* ala. no*n* 90
cuydarya p*or* rre*n* | q*ue* y. podesse sobyr hũú esqu*i*|rol. ne*n* que aue ala
podesse uoar | se a gra*n*de affam no*n*. par deus | disse Galua*n* isto semelha
dya|brya. ca no*n* posso entender. a | ne*n*hũa g*ui*sa. p*or* u ala podesse | sobyr.
se de*us* áás lhy dessen. disse | M̃aroth no*n* ssey q*ue* uos y diga | fora q*ue* me
semelha q*ue* naçero*n* da | pena. ou q*ue* caero*n*. y do çeeu. mays | de q*ue* 95
come*n* ou de q*ue* beue*n* sóó chus | marauilhado. Ca no*n* ueio como ala |
possam auer. se ue*n*to lho no*n* leuar | Ay de*us* disse m̃aroth q*ue* ffassen |
ala suso be*n* o podedes uéér disse | Galuam fala*n*. Ento*n* começou | M̃aroth
pensar. E galua*n* lhy p*re*|gu*n*tou q*ue* pensauam. *e* el disse ora | sey q*ue*
son *e* q*ue* faze*n*. Elas son .xij. | *e* soon yrmaas *e* de padre *e* de madre 100
|| [f. 123 va] E A mayor sabe ta*n*tos denca*n*|tame*n*tos q*ue* non. e se marauilha
| no*n*. aq*ue*la p*or* gra*n* sen q*ue* auya *e* pre*s* | execo con Merly*n*. E cuydouo a
ma|tar p*or* enca*n*tame*n*to porq*ue* a destor|uaua ameudy de muytas cousas |
q*ue* querrya ffaze*r*. Ento*n* pe*n*ssou | Merly*n* q*ue* sabya chus ca ela | q*ue* se
ui*n*garya. porq*ue* o q*ue*rrya ma|tar. *e* ffezlhy enca*n*tame*n*to p*or* q*ue* | as pos 105
en esta pena. e be*n* cuydou | q*ue* morressen çẽdo[43] p*or* mj*n*gua de | comer.
mais isto no*n* podya séér. | Ca sse no*n* ouuesse seno*n* húúm | pam en todo o

85 *E* sabede q*ue* non S **86** nẽ [...]as [...] tijnham S; e seu [...]ho S **87** [...]osadores e cõpasadores S **90** De[u]s S **100** .xji. S **106** çedo S.

[42] O adverbio é ilexible actualmente a causa do deterioro do códice.

[43] Soberanas indica en nota : "avec tilde superflu d'abréviation" ("La version galaïco-portugaise", p. 192, n. 26). En efecto, no manuscrito aparece o til colocado sobre toda a palabra; por razóns de índole práctica marcámolo no texto sobre a primeira das vocais.

mundo. *e* ffosse çen. | iornadas de longe faryao el[44] *por* | sa sabedorya uĩjr a ssy. en hũa | ora. E uerdade. e disse Galuam . | si sen ffalha disse M̃aroth. E a|*in*da y a outra cousa q*ue* no*n* cuy|daryades. vos uéédes be*n* q*ue* fa|la*n* assy. Come se teuessen con|sselh<...>[45] dũú gra*n* ffeyto. V*er*dade | e. disse Galuam. E sabedes | de q*ue* disse M̃aroth. No*n* disse || [f. 123 vb] M̃aroth. No*n* disse[46] Galuam. eu | uolo direy disse M̃aroth. Sabede | q*ue* qua*n*do elas tẽén seu consselho. | q*ue* non ffalam da cousa passada | ne*n* da q*ue*. e feyta. ante fala*n* das | cousas q*ue* an de uĩjr dos Reys | *e* dos condes. *e* dos bõós cau*ale*iros | p*or* <...> am de pasar *e* como am de | m<...>rrer[47]. *e* como o ssabedes uos | disse Galuam. eu no*n* cuydo q*ue* o | sabha hom̃<...>[48] ne*n* molher se mer|ly*n* non. Eu o ssey disse m̃aroth | <...> q*ue* ia aq*ui* esteuero*n*. | <...> ouuiro*n* muytas cousas | dizer. q*ue* todas. assy auẽéro*n* co|mo elas o deuisaro*n*. E se nos | esteuermos aqui hũa peça n<...>[49] | po<...> seer q*ue* no*n* ap*re*ndamos al|gũa cousa q*ue* a<...> assy como | elas dyra*n*. **Como as donz*e*las | da pena disseron. a Gal<...> a mor|te *e* de se<...>yo R<...>rtur .|**

Ento*n* <...> cuydaro*n* *e* ouuiro*n* | o q*ue* hũa <...>[50] disse. Se|nhor destes dous cau*ale*iros q*ue* <...>

108 faryao ela S **109** E uerdade? – <e> S **111** consselho S; Verdade S **112** M̃aroth. Non disse S **114** teẽ S **115** fala*n* *om.* S **116** per[q*ue*] S; morrer S **117** hom̃e S **120** peça nõ S **122** *Galuam* sa morte S; *e* de se[u] tyo S **123** rre[y A]tur S **124** que S; hũa donz[*e*la] S.

---

[44] Soberanas recolle en nota a lección do manuscrito (*cfr.* "La version galaïco-portugaise", p. 193, n. 28).

[45] Unha pequena rotura no soporte impide actualmente a lectura da última vocal da palabra.

[46] Soberanas emenda o texto, deturpado por unha repetición do copista (salto de igual a igual ou *homoioteleuton*), recollendo a lección manuscrita en nota (*cfr. Ibidem*, p. 193, n. 29).

[47] O pergamiño está afectado por unha pequena rotura que impide a lectura completa da forma verbal.

[48] A parte final do substantivo é actualmente ilexible.

[49] Unha mancha no pergamiño impide a lectura completa da palabra.

[50] Actualmente a palabra é ilexible a causa dunha rotura no manuscrito.

EDICIÓN CRÍTICA

I

<...> terra ũu[1] rei que chamavan Asen, mui bõo home[2] e mui bõo cavaleiro. E avia ũu filho mancebo, cavaleiro mui bõo e mui prezado, e avia nome[3] Anesten. E amava ũa filha duun pobre cavaleiro de tan grande amor que nenuu[n][4] home non poderia [aver][5] maior amor a molher. Quando rei As[en][6] soube que seu filho amava en tan baixo logar [e][7] en tan pobre, e trouxeo mal en castigalo[8]. Mais nunca por én[9] a leixou ele mẽos[10] a amar,

2 filho mancebo] *mançebo ffilho* Ms **5** [e]] *om.* Ms **6** e] *en* Ms; castigalo] *gastygalo* Ms.

[1] Para esta forma de masculino do indefinido, *vide supra*, *Livro de Tristan. Edición crítica*, p. 90, n. 18.

[2] Para esta forma e a solución aquí proposta, *vide supra*, *Livro de Tristan. Edición crítica*, p. 97, n. 55.

[3] A propósito desta forma e para a expresión *aver nome*, *vide supra*, *Livro de Tristan. Edición crítica*, p. 91, n. 23.

[4] Restituímo-la consoante final seguindo a lectura de Soberanas pois, como se indicou na edición paleográfica, o grafema final é actualmente ilexible. Para esta forma do indefinido, véxase *Livro de Tristan. Edición crítica*, p. 87, n. 4.

[5] Seguímo-lo texto de Soberanas pois, aínda que se perciben algúns trazos da palabra, non é posible a lectura desta a causa do deterioro do manuscrito.

[6] Reconstruímo-lo nome do monarca, como fai Soberanas, de acordo coa fonte e co sentido do texto (*cfr. Apéndice. Texto da Suite du Merlin*, p. 197).

[7] Integrámo-lo enlace copulativo, que vén esixido pola concordancia. A ausencia deste no manuscrito parece deberse a unha omisión por *homoioteleuton*.

[8] Estamos, con toda probabilidade, ante un erro por anticipación da velar oclusiva sonora, dado que a forma documentada nos textos medivais é *castigar* (no propio texto, l. 8, recollémo-lo substantivo *castigo*). Soberanas, que conserva a forma do códice na súa edición, escribe, cando fai referencia ás características máis significativas do texto: "Dans un seul cas, la graphie de la vélaire occlusive sourde initiale, devant *a*, est remplacée par celle de la sonore: *gastygalo* (...) (mais *castigo* dans la même colonne)" ("La version galaïco-portugaise", p. 187). Para este vocábulo, que significa 'advertir', 'amoestar', 'corrixir', 'castigar', consúltese Magne, *A Demanda*, vol. III, pp. 121-122; Lapa, *Cantigas d'Escarnho*, p. 305; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, p. 293.

[9] 'Por iso'. O adverbio pronominal *én*, anteposto ou posposto ó verbo, aparece nos textos medievais precedido nunha alta porcentaxe de casos pola preposición *por*. O seu valor é neste contexto causal, aínda que, noutros casos, é claramente ilativo ou consecutivo, valor que permitiu a pervivencia da construcción despois de que se perdera o uso de *én* como adverbio pronominal. Efectivamente, esta construcción conservouse con valores distintos, concretamente con valor adversativo, na forma portuguesa *porém*. Para esta forma, orixe, construcción e valores, consúltense Nunes, *Compêndio*, p. 354, n. 1; Huber, *Gramática*, pp. 58, 92, 138, 287-288; Magne, *A Demanda*, vol. III, p. 311; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, pp. 1025-1026; Brea, "Anotacións", pp. 181-185; Ferreiro, *Gramática histórica*, pp. 62, 202, 359, e a *Nota Lingüística* que acompaña os textos, p. 55.

[10] Para esta forma arcaica do adverbio *menos*, consúltese Nunes, *Compêndio*, pp. 110-111, 346; Huber, *Gramática*, pp. 59, 72-73, 170, 259; Magne, *A Demanda*, vol. III, p. 258; Williams, *Do Latim*, pp. 84, 137; Lapa, *Cantigas d'Escarnho*, pp. 343-344; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, pp. 834-835; Ferreiro, *Gramática histórica*, pp. 139, 237, 356.

ante se nunca dela quis partir. E quando o padre viu que non leixava ren por seu rogo nen por seu castigo, disselhi:

– Se te non quitas dessa conpanha, eu matarei ti ou ela.

– Matarme podedes –diss'el–, mais eu non [me][11] quitarei ende, ante a amarei senpre mentre eu viver.

– ¿Si? –disse el rei– Ora sabi[12] que eu ti partirei dela, ca a matarei ante ti.

II

Como Anasten, con pavor de Asen, seu padre, fez a camar[a][13] na pena

Quando Anasten isto ouviu fez asconder a donzela, que a non podesse achar seu padre. E pensou que buscaria algũu logar estranho e longe de toda gente u nenguun non morasse, e que levaria i a donzela, e que [fi]caria[14] i e moraria con ela enquan[to][15] vivesse. E ele andava muitas [v]ezes[16] caçando por esta foresta e sabia ben este vale. E vẽo logo aca, e

9 ela] *e̩ela* Ms **10** [me]] *om.* Ms **14** camar[a]] *camar* Ms.

[11] O verbo *quitar* esixe a presencia do pronome complemento, como ilustra o exemplo *Se te non quitas desa conpanha*, recollido no propio fragmento (l. 9).

[12] *Sabi* é a forma correspondente á segunda persoa de imperativo de *saber* (*cfr.* Michaëlis, *Cancioneiro da Ajuda*, vol. I, *Glossário*, p. 80; Huber, *Gramática*, p. 227; Magne, *A Demanda*, vol. III, p. 349). Para esta forma de imperativo, consúltese, ademais, a *Nota Lingüística* que acompaña os textos, pp. 35-36.

[13] Ó igual ca Soberanas, recuperouse a vocal final do substantivo, ausente no manuscrito por probable omisión involuntaria do copista.

[14] Seguímo-la reconstrucción de Soberanas.

[15] A lectura baséase en Soberanas.

[16] Seguímo-la proposta de Soberanas para esta palabra, que actualmente presenta dificultades de lectura no manuscrito.

adusse[17] sigo de seus amigos aqueles [en][18] que se máis fiava e omẽes que sabian fazer casas e camaras. E fez fazer logo na pena nadiva[19], a picões, ũa camara mui bõa e mui fremosa e mui ben feita. E poila ouve feita aa guisa que el quis e tan rica que adur[20] o poderia home creer se a non visse[21], foi logo por sa amiga[22] e adusea aca. E bastiu[23] a pena de quanto avian mester, e morou i en [t]oda[24] sa vida d'anbos a gran prazer e a gran lediça con sa amiga. E sabede que, quando morreron, que morreron anbos en uun dia e foron soterrados desũu[25] en aquela camara. E ainda oje os corpos son, que non podreceron nen podrecerán en nossos tenpos, ca son balsamados.

24 visse] *uissen* Ms **29** podreceron] *pedreçeron* Ms.

---

[17] Para *aduzer*, 'traer', 'conducir', e as súas formas, consúltese Magne, *A Demanda*, vol. III, pp. 42-44; Lapa, *Cantigas d'Escarnho*, p. 290; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, pp. 41-42.

[18] Mantívose a proposta de Soberanas.

[19] Significa este cualificativo 'nacida', 'natural'. Segundo Viterbo, aplícase a expresión *pedra nadiva* a aquela "que ali mesmo, onde se acha, foi criada ou produzida, à diferença da que já foi cortada ou conduzida de outro lugar" (M. Fiúza (ed.), *Fr. J. de Santa Rosa de Viterbo. Elucidário das palavras, termos e frases que em Portugal antigamente se usaram e que hoje regularmente se ignoram*, Livraria Civilização, Porto-Lisboa, 1965-1966, vol. II, p. 435).

[20] Esta locución adverbial significa 'dificilmente', 'a penas' (*cfr.* Michaëlis, *Cancioneiro da Ajuda*, vol. I, *Glossário*, p. 3; Magne, *A Demanda*, vol. III, p. 42; Lapa, *Cantigas d'Escarnho*, p. 290; Freire-Nunes, *A Demanda do Santo Graal*, p. 334).

[21] A concordancia lóxica co suxeito, *home*, esixe a presencia dunha forma verbal de terceira persoa de singular. Probablemente a lección do manuscrito, *uissen*, responda a un erro do copista por similar contexto fónico.

[22] Para esta forma e a solución aquí adoptada, véxase o epígrafe correspondente ós *Criterios de edición*, p. 65.

[23] Para *bastir*, co significado de 'abastecer', véxase Magne, *A Demanda*, vol. III, pp. 101-102; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, p. 231 (s.v. *bastida*[2]); Freire-Nunes, *A Demanda do Santo Graal*, p. 540.

[24] De acordo con Soberanas, recuperouse a consoante inicial da palabra, actualmente ilexible no manuscrito.

[25] O significado desta forma é 'xuntos', 'xuntamente' (*vide supra*, *Livro de Tristan. Edición crítica*, p. 93, n. 31).

III

Como a Donzela do Lago disse Merlin[26] que lhi mostraria a camara

Quando a Donzela do Lago oio[27] estas novas foi mui leda e ouve ende gran prazer, ca logo pensou que al <...>

que se conbatian, esteve[28] e conheceus logo nas armas. E maravilhouse porque esta guerra nacera antr'eles, ca Ivan, con quen ela fal[a]ra[29] aquel dia, lhi dissera com[o][30] se receberan por [conpanheiros][31] todos, <...> Galvan:

– Do[n][32] Galvan, ¿onde avẽo este desamor antre vós e Maroth[33]?

E Galvan disse:

– Non sei, mais non á ren que tanto dessame como el, e por én non que[ro][34] que aja antre nós paz ata que [ũu][35] de nós non seja morto.

---

[26] O dativo vai normalmente, nos textos medievais, introducido por preposición, como se pode ver nos seguintes exemplos da *Crónica Troiana*, *Cõmo Andrómata rrogou a Éytor que nõ fosse aa batalla*; *Cõmo a rreýna Éc[u]ba et as outras donas rrogarõ a Éytor que fficasse*; *Cõmo Vlixas diso a Achilis sua rrazõ* (*cfr.* R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 448, 451, 522), e no último dos títulos do presente fragmento, *Como as donzelas da pena disseron a Gal[van] [s]a morte e de se[u] [t]io r[ei] [A]rtur* (ll. 143-144). Para o emprego do enlace preposicional en construccións de dativo, *cfr.* Huber, *Gramática*, pp. 167, 261. Aínda que a construcción deste complemento sen enlace preposicional é esporádica durante este período, non se considera incorrecta, polo que se optou por mantela na presente edición.

[27] Para esta forma, véxanse os comentarios e a bibliografía citada no correspondente epígrafe da *Nota Lingüística* que acompaña os textos, p. 52.

[28] Para os valores semánticos do verbo *estar* neste tipo de construccións, *vide supra*, *Livro de Tristan. Edición crítica*, p. 98, n. 57.

[29] A reconstrucción, coincidente coa de Soberanas, está apoiada no sentido do texto.

[30] A reconstrucción vén determinada pola semántica da pasaxe.

[31] Seguímo-la proposta de Soberanas para esta forma, actualmente de difícil lectura no manuscrito.

[32] Aceptouse a lectura de Soberanas.

[33] Como se sinalou na *Edición paleográfica* (véxase p. 153, n. 19), o antropónimo vai acompañado sistematicamente no códice por un trazo horizontal que se estende sobre todo o vocábulo. Dado que ese signo gráfico, redundante, carece de valor fonético, omitímolo na edición crítica.

[34] Seguímo-lo texto de Soberanas, pois a sílaba final desta forma verbal é actualmente ilexible.

[35] Tamén neste caso aceptámo-la lectura de Soberanas, pois a palabra está case totalmente apagada no pergamiño.

<...> d<...> maravilha ouv'i[36].

Enton osmo[u][37] que eran encantados e disse:

– Ora quero <...> ca sobejo seeria gr<...> a si mataren <...> [s]eu[38] encantamento <...>ga <...> anbos en seu [se]n[39]. E come <...> deitaron <...> e sas espadas en terra. E Maroth disse:

– Amigo[40], ¿que me demandades?

– E vós a min –disse Galvan– ¿que me demandades?

– ¡Par Deus! Non sei –disse Maroth–.

– Nen eu faço –disse Galvan–.

– Pois, ¿por que nos conbatemos assi? –disse Maroth–.

– ¡Par Deus! Non sei –disse Galvan–. Sen falha fomos encantados; a poucas non fomos mortos por maa ventuira[41].

---

[36] En contra da decisión de Soberanas, que edita *ouuy*, separámo-la forma do manuscrito en dous elementos, a forma verbal *ouv'* (*ouve*) e o adverbio *i*, considerando razóns de tipo morfolóxico. En efecto, mentres para a primeira persoa do perfecto de *avere* a forma *ouvi*, con *–i* final aínda conservado (< HABUI), ten un alto índice de frecuencia, xa que a regularización da terminación en *–e* non se cumpriu ata principios do século XIV, para as terceiras persoas de singular só se documentan formas en *–e*, determinadas pola súa etimoloxía (< –IT). Para esta última cuestión, consúltense Michaëlis, *Cancioneiro da Ajuda*, vol. I, *Glossário*, pp. 11-12; Huber, *Gramática*, pp. 93, 241-242, 246; Williams, *Do Latim*, pp. 61, 200-201; Lapa, *Cantigas d'Escarnho*, pp. 297-298; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, pp. 203-208.

[37] Recuperámo-la vocal final do verbo, de acordo co sentido do texto e coa lectura de Soberanas, pois, como se indicou na correspondente nota da edición paleográfica (*vide supra*, p. 153, n. 22), o verbo está afectado polo deterioro que sofre a marxe interna da columna de escritura. Para *osmar*, 'pensar', 'considerar', 'xulgar', consúltese Magne, *A Demanda*, vol. III, p. 288; Lapa, *Cantigas d'Escarnho*, p. 352; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, pp. 944-945.

[38] Seguímo-la integración proposta por Soberanas.

[39] Reconstruímo-lo texto tendo en conta a fonte francesa do mesmo ("(...) ilz reviennent amdui en leurs sens et en leur memoire (...)" (B. N. fr. 112, § 494, ll. 3-4).

[40] Para esta forma e a solución aquí adoptada, *cfr. Criterios de edición*, p. 65.

[41] Para esta variante de *ventura*, consúltese Magne, *A Demanda*, vol. III, p. 409; Lapa, *Cantigas d'Escarnho*, p. 389; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, pp. 1300-1301; Freire-Nunes, *A Demanda do Santo Graal*, p. 573, e a *Nota Lingüística* que acompaña os textos, p. 39. Véxase, así mesmo, esta pasaxe do *Livro da ensinança de bem cavalgar toda sela*: "E aquel que per *ventuira* ouver taaes bestas e meestres, averá hũa squeença que o muyto ajudará a perder o rreceo em esta manha" (*cfr.* J. Piel (ed.), *Livro da ensinança de bem cavalgar toda sela que fez El-Rey Dom Eduarte de Portugal e do Algarve e Senhor de Ceuta*, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa, 1996, p. 51). Esta obra, datada a mediados do século XIV, documenta a pervivencia da forma obxecto de análise.

– Verdade é –disse Maroth–. Sen falha foi encantamento, ca nos conbatemos sen razon. Mais ¿como vos sentides? ¿Avedes chaga mortal?

– Non –disse Galvan–, ben cuido, mais se esta batalha máis durasse matarades vós min ou eu vós.

– ¡Se Deus me ajude! –disse a donzela– Vós erades encantados e ouveradesvos a matar se Deus me por aqui non trouxesse.

Enton disse Maroth:

– Donzela, ¡bẽeto[42] seja quen vos encantamentoo!

– Ora [me][43] dizede –disse ela– ¿sabedes quen vos encantou ?

– Non –disseron eles–, mais tanto nos avẽo. Nós jaziamos folgando, e vẽo a nós ũa dona velha e rogounos que cada ũu de nós a filhassemos por entendedor. E nós lho tevemos por escarnho[44] .

[42] A forma presente no manuscrito ofrece a particularidade de presenta-la reducción do ditongo *ei* a *e* (< BENEDICTUS), característica dos textos portugueses. Para outras solucións e ocorrencias deste modificador, consúltese Magne, *A Demanda*, vol. III, pp. 102-103; Lapa, *Cantigas d'Escarnho*, p. 300; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, p. 235, e a *Nota Lingüística* que acompaña esta edición, p. 39.

[43] Tamén neste caso seguímo-la lectura de Soberanas.

[44] Aínda que este substantivo, deverbal do infinitivo xermánico *SKERNJAN, 'escarnecer', 'burlarse', recibiu un tratamento culto, como demostra a variante *escarneo*, manténdose o grupo ni inalterado –nese caso, o grafema *h*, como se pode ver no propio fragmento (*cfr. sabha*), e seguindo unha práctica de escritura moi estendida dende o século XIII, estaría marcando, despois de consoante, o iode nos ditongos crecentes–, tamén se documenta nos textos o resultado con nasal palatal (*cfr.*, na *Crónica Troiana*, *escarno*, forma na que o grafema *n* representa a palatal [ɲ]; véxase R. Lorenzo, *Ibidem*, pp. 115, 131). Consideramos, así, que esta última solución podería se-la presente no texto. Para estas formas e a súa grafía, consúltese a *Nota Lingüística* que acompaña os textos, p. 31, n. 7, e o epígrafe correspondente ós *Criterios de edición*, p. 62.

IV

Como a donzela disse que a dona non era velha, ante era mui fremosa

A donzela disse:

– Sabede, cavaleiros, que non era tal aquela [que][45] vós vistes, ante é ũa das máis fremosas molheres que á no mundo, e por én volo teve a despeito. E ela sabe d'encantamento tanto que é ũa gran maravilha. E por este[46] meteu antre vós este desamor, onde vos ouverades a matar.

– ¡Por bõa fe! –disseron eles– Ora entendemos ca é verdade.

Enton meteron sas espadas nas baĩas[47] e começaronse a sinar máis de mil vezes. Enton sobiron en seus cavalos, maltreitos e malchagados. E Galvan disse aa donzela:

– [Se][48] sabedes u poderiamos oje <...> ensinadenolo. Aqui [pre]to[49] <...> –disse ela– de monges [brancos][50] <...> vos receberán ben porque <...> sod[es][51] [cavalei]ros[52] andantes. E e<...> vos ficarei ja <...> oje de fa[z]er[53] <...> donzela os guiou á abadia.

67 [que]] *om.* Ms.

---

[45] A integración da forma de relativo vén esixida pola sintaxe do texto.

[46] Débese entender "por este encantamento".

[47] Para *baĩa*, 'vaíña', 'funda', e variantes, *cfr.* Magne, *A Demanda*, vol. III, p. 100; Lapa, *Cantigas d'Escarnho*, p. 299; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, p. 242.

[48] Seguímo-la lectura de Soberanas, dadas as dificultades de lectura que actualmente ofrece o manuscrito nesta parte do texto.

[49] A reconstrucción desta forma fíxose considerando a fonte francesa do fragmento ("Certes, fait elle, bien vous en est avenu, car cy pres a une religion de blans moynes qui vous recevront moult volentiers, se vous y alés", B. N. fr. 112, § 494, ll. 54-56).

[50] A reconstrucción ten en conta a fonte francesa do fragmento (*vide* nota precedente).

[51] Reconstruímo-la forma tendo en conta o manuscrito e o sentido do texto.

[52] Reconstruímo-la pasaxe de acordo coa proposta de Soberanas.

[53] Recuperouse a consoante intervocálica, actualmente ilexible por rotura no manuscrito.

V

Como Marot e Galvan acharon as XII irmaas adevïadores na pena, que metera i Merlin por encantamento

Quando eles chegaron á abadia e os frades viron os cavaleiros chagados, foron contra eles <...> e e fez[e]ron[54] nos <...>nos a ũa camara e <...> fezeronlhis todo a[quel serviço][55] que poderon. Manhãa <...> foi manhaa espediuse [a donzela][56] <...> os cavaleiros folgaron <...> E quando viron <...>rian cavalgar <...>es e foron <...> [aventura]s[57] come <...> E ũu dia lhis [a]vẽo[58] que entraron en ũu chaao grande e fremoso, e en meogoo[59] daquel chaão, fóra do camĩo, estava ũa pena tan alta quanto podia home os o[l]hos estender. E foron contra alá por veeren a pena, ca lhis semelhava ũa gran maravilha. E quando chegaron preto e non viron entrada de graao <...> alá sobissen; e a pena era assi tal[h]ada[60] e nedea[61], en guisa que se ũu esq[ui]rol[62] podesse alá so[bir][63] seeria maravilha. E p[o]is a cataron [ar]redor[64] ben, disseron:

79 as] *os* Ms; irmaas] *yrmááọs* Ms **87** o[l]hos] *ohos* Ms **91** p[o]is] *pis* Ms.

[54] Recuperouse a vocal do verbo.

[55] A conxectura é de Soberanas.

[56] Seguímo-la lectura de Soberanas, pois ambas palabras son actualmente ilexibles nos folios de pergamiño que conservan o fragmento.

[57] Para a reconstrucción desta forma tívose en conta a fonte francesa do fragmento "(...) ilz se partirent des freres et se remistrent en leur voye, querant aventures ainsi comme ilz avoient fait autrefoiz" (B. N. fr. 112, § 495, ll. 10-12).

[58] Recuperámo-la vocal inicial do lexema do verbo.

[59] Para esta forma, que ten a acepción semántica de 'medio', as súas variantes e problemática evolutiva, consúltese Huber, *Gramática*, p. 116; Magne, *A Demanda*, vol. III, pp. 253-254; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, pp. 851-852.

[60] Recuperouse o grafema *h*, ausente por rotura do manuscrito.

[61] Esta forma parece te-la acepción de 'pulida', 'lisa' (< lat. NITIDA(M)). Compárese co texto francés: "(...) et la roche estoit si roide et si polie que (...)" (B. N. fr. 112, § 496, l. 7).

[62] Recuperáronse os elementos abreviados, ausentes no manuscrito por rotura do pergamiño.

[63] Seguímo-la reconstrucción proposta por Soberanas.

[64] Reconstruímo-lo vocábulo de acordo coa semántica do fragmento.

– Deus que <...> pera castelo ou pera bõas cas[as][65] <...> entrada ouvesse.

E eles isto dizendo cataron suso e viron ata X donzelas mui fremosas e mui ben vestidas, e falavan desũu. E[s]tavan[66] tanto del <...> que as poderian ja ouv[ir][67] ja quanto. E sabede que [non][68] falavan das cousas que ja pasaron nen <..> [fe]itas[69] <...> tiinhan seu p[reito][70] e seu c[onsel]ho[71] das cousas que avian de viir tanben, come se elas fossen [adevi]adores[72] e conpasadores[73] de todas as cousas do mundo, e non avian outro mester. E quando eles as viron, disse Maroth a Galvan:

– ¿Non veedes as maravilhas, que aca, suso esta pena, donas moran i fremosas? Mais, ¡Deus!, ¿Por u sobiron alá? Non cuidaria por ren que i

[65] A reconstrucción proposta ten en conta a fonte francesa do texto que editamos ("'Dieux, pourquoy fut tel chose faicte, quant il n'y a ne maison ne recet ou gens se peussent herberger?'", B. N. fr. 112, § 496, ll. 10-11).

[66] A consoante está ausente no manuscrito por rotura do pergamiño.

[67] Recuperámo-la desinencia verbal, de acordo co texto de Soberanas. O deterioro que sofre o manuscrito impide actualmente a lectura completa da palabra.

[68] Seguímo-lo texto de Soberanas, pois o adverbio é actualmente ilexible.

[69] Reconstruíuse a forma verbal tendo en conta o texto francés ("Et sachés qu'elles ne parloient pas des choses trespassees ne de celles qui estoient faictes, ains tenoient illec leur plait et leur conseil des choses qui estoient a advenir aussi bien comme s'elles feussent devinerresses de toutes les choses du monde (...)", B. N. fr. 112, § 496, ll. 16-20).

[70] Para a reconstrucción do substantivo tívose en conta a fonte francesa do texto (*cfr.* nota precedente).

[71] Reconstruímo-lo texto, tendo en conta a fonte francesa (*vide supra*, n. 69).

[72] A reconstrucción está baseada na fonte francesa, que presenta o substantivo *devinerresses*, e na forma que se recolle no título do presente capítulo, *adeṽiadores* (l. 79). Nas *Cantigas de Santa María* documéntase *deviadores*, 'adiviñadoras' (*cfr.* Mettmann, *Cantigas*, vol. III, p. 385).

[73] Sobre esta forma, que tampouco puidemos documentar, escribe Soberanas: "Je mets encore en relief un mot que je n'ai trouvé nulle part ailleurs: *cõpasadores* (...) –"deuineresses" dans le texte français–. Il pourrait s'agir d'un dérivé de *compassar* 'arranger, agencer, disposer'. Le contexte admet aussi le sens de 'qui ordonnent, agencent, disposent'. Le synonyme illisible qui le précède détient peut-être la clé de la construction" ("La version galaïco-portugaise", p. 188). R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, pp. 357-358, recolle unicamente *conpassada*, coa acepción 'disposta simetricamente', 'colocada en orde'. No fragmento, *conpasadores* podería significar 'que dispoñen os acontecementos no tempo, cunha certa orde cronolóxica'.

podesse sobir ũu esquirol nen que ave alá podesse voar se a grande afan non[74].

– ¡Par Deus! –disse Galvan– Isto semelha diabria, ca non posso entender a neñua guisa por u alá podesse sobir, se Deus aas lhi desse[75].

Disse Maroth:

– Non sei que vos i diga, fóra que me semelha que naceron da pena ou que caeron i do ceeu. Mais de qué comen ou de qué beven soo[76] chus[77] maravilhado, ca non vejo com'o[78] alá possan aver, se vento lho non levar.

– ¡Ai, Deus! –disse Maroth– ¿Que fassen alá suso?

– Ben o podedes veer –disse Galvan–. Falan.

Enton começou Maroth [a][79] pensar. E Galvan lhi preguntou qué pensava[80], e el disse:

107 desse] *dessen* Ms **115** [a]] *om.* Ms **116** pensava] *pensauam* Ms.

[74] A lingua antiga permitía a introducción dun ou máis vocábulos entre os compoñentes da conxunción *senon*, que era percibida como un composto. Posteriormente pasou a ser considerada, na súa acepción de 'excepto', como simple. Indica excepción a afirmacións negativas, equivalendo, polo tanto, a 'excepto', 'a non ser' (*cfr.* Michaëlis, *Cancioneiro da Ajuda*, vol. I, *Glossário*, pp. 81-82; Magne, *A Demanda*, vol. III, pp. 365-366; Lapa, *Cantigas d'Escarnho*, p. 378; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, pp. 1183-1184).

[75] A concordancia co suxeito, *Deus*, esixe unha forma verbal en terceira persoa de singular. O antecedente da forma pronominal *lhi* parece ser *esquirol*, aínda que a pasaxe non deixa de suscitar certa perplexidade tendo en conta que Galván se está referindo ás *donzelas* e que a resposta de Maroth que vén a seguir está construída en terceira persoa de plural, xa que o seu referente seguen sendo as mencionadas *donzelas*. Tendo en conta isto último, podería pensarse que o antecedente pronominal é *donzelas*, co que a forma de singular *lhi* se estaría referindo a un plural (*cfr.* Álvarez Blanco-Xove Ferreiro, "Lingua e variación dialectal", pp. 36-37).

[76] Para esta forma, sen nasalidade na lección manuscrita, *vide supra*, *Livro de Tristan. Edición crítica*, p. 92. n. 27.

[77] O emprego desta forma adverbial palatalizada, descendente da partícula comparativa latina PLUS e posteriormente substituída polos derivados de MAGIS, só se documenta en portugués ata principios do século XIV. Para as súas ocorrencias e evolución, consúltese Nunes, *Compêndio*, pp. 95, 346; Huber, *Gramática*, pp. 99-100, 118, 170; Magne, *A Demanda*, vol. III, pp. 128-129; Williams, *Do Latim*, pp. 74, 137; Lapa, *Cantigas d'Escarnho*, p. 307; Ferreiro, *Gramática histórica*, pp. 145-146, 237, 357, e a *Nota Lingüística* que acompaña esta edición, p. 54.

[78] A diferencia de Soberanas, que edita *como ala*, optamos por separar en dous constituíntes a forma manuscrita *como*, pois consideramos que a presencia do pronome complemento mellora a semántica do texto. Téñase en conta, ademais, a forma *lho* do pronome, que aparece a continuación.

[79] O verbo *começar* esixe a presencia dun enlace preposicional, como se observa no outro exemplo presente no texto: *começaronse a sinar* (l. 72).

[80] A concordancia co suxeito esixe unha forma verbal de terceira persoa de singular.

– Ora sei qué[81] son e qué fazen. Elas son XII e soon irmaas, e de padre e de madre, e a maior sabe tanto d'encantamentos[82] que non é se maravilha non. Aquela, por gran sén que avia, e pres execo[83] con Merlin e cuidouo a matar por encantamento, porque a destorvava ameudi de muitas cousas que querria fazer. Enton pensou Merlin, que sabia chus ca ela, que se vingaria porque o querria matar. E fezlhi encantamento, por que as pos en esta pena, e ben cuidou que morressen cedo[84] por mingua de comer. Mais isto non podia seer ca, se non ouvesse senon uun pan en todo o mundo e fosse cen jornadas de longe, fariao el[a] por sa sabedoria vĩir a si en ũa ora.

– ¿E verdade é? –disse Galvan–.

– Si, sen falha –disse Maroth–. E ainda i á outra cousa que non cuidariades: vós veedes ben que falan assi come se tevessen conselh[o][85] dũu gran feito.

– Verdade é –disse Galvan–.

– ¿E sabedes de que? –disse Maroth–.

– Non –disse Galvan –.

– Eu volo direi –disse Maroth–. Sabede que, quando elas tẽen seu conselho, que non falan da cousa passada nen da que é feita, ante falan das

118 tanto d'encantamentos] *tantos dencantamentos* Ms **125** el[a]] *el* Ms **132** Non –disse Galvan] *Non disse Maroth. Non disse Galuam* Ms.

[81] Para o emprego de *que* con referente persoal na lingua medieval consúltese Nunes, *Compêndio*, pp. 258-259, e Maia, *História*, pp. 693-694.

[82] É probable que a forma presente no manuscrito se xerase por un cruzamento entre as construccións "tantos encantamentos" e "tanto d'encantamentos", ou por un erro de copista por anticipación.

[83] Para *execo*, 'loita', 'contenda', 'encomodo', 'dano', consúltese Fiúza, *Elucidário*, vol. II, pp. 221, 645; Magne, *A Demanda*, vol. III, pp. 178, 189; Lapa, *Cantigas d'Escarnho*, p. 327; R. Lorenzo, *La traducción gallega*, vol. II, p. 510.

[84] Para a forma do manuscrito e a solución aquí adoptada, consúltese o epígrafe correspondente ós *Criterios de edición*, p. 62.

[85] Recuperámo-la vocal final do substantivo, actualmente ilexible por rotura do manuscrito.

cousas que an de vĩir, dos reis e dos condes e dos bõos cavaleiros, por [que][86] an de pasar e como an de m[o]rrer[87].

– ¿E como o sabedes vós? –disse Galvan– Eu non cuido que o sabia hom[e][88] nen molher se Merlin non.

– Eu o sei –disse Maroth– <...> [cavaleiros][89] que ja aqui esteveron <...> ouviron muitas cousas dizer, que todas assi avẽeron como elas o devisaron[90]. E, se nos estevermos aqui ũa peça, n[on][91] po[de][92] seer que non aprendamos algũa cousa que a[verra][93] assi como elas diran.

VI

Como as donzelas da pena disseron a Gal[van][94] [s]a[95] morte e de se[u] [t]io[96] r[ei] [A]rtur[97].

– Enton <...> cuidaron e ouviron o que ũa [donzela][98] disse:

– Senhor, destes dous cavaleiros que <...>.

---

[86] Seguímo-la proposta de Soberanas.

[87] Recuperámo-la vocal do infinitivo, ausente na actualidade no manuscrito por rotura do soporte.

[88] Recuperouse a vocal final da palabra, actualmente ilexible no manuscrito.

[89] A reconstrucción fíxose en base á fonte francesa do texto ("–Je le sçay par chevaliers qui cy ont esté aucune foiz (...)", B. N. fr. 112, § 496, ll. 75-76).

[90] O verbo ten, neste caso, o significado de 'enunciar', 'expor' (*cfr.* Magne, *A Demanda*, vol. III, p. 170).

[91] Seguímo-la proposta de Soberanas, xa que hoxe en día o adverbio negativo non se le completo no manuscrito.

[92] Reconstruímo-lo texto tendo en conta o sentido deste e a súa fonte ("Et je vous di que se nous demorons granment cy, il ne puet estre que nous n'y apreignons aucune chose que nous verrons avenir", B. N. fr. 112, § 496, ll. 78-80).

[93] Tendo en conta a fonte e o sentido do texto, reconstruíuse a forma verbal (*vide* nota precedente).

[94] Completámo-lo nome do personaxe, afectado polo deterioro que sufriu o manuscrito.

[95] Seguímo-la proposta de Soberanas, xa que na actualidade non é posible ler completa a forma do posesivo.

[96] Reconstruímo-lo sintagma de acordo co sentido do texto e seguindo a proposta de Soberanas.

[97] A reconstrucción adecúase ó sentido do texto e segue a Soberanas.

[98] Aceptouse a conxectura de Soberanas.

O *LIVRO DE MERLIN* PORTUGUÉS E O SEU CONTEXTO LITERARIO

A obra que recibe o nome de *Suite du Merlin* é a peza central dun tríptico, o chamado ciclo da *Post-Vulgata* ou do Pseudo-Robert de Boron, que foi denominado por F. Bogdanow como *Roman du Graal*[1]. A *Post-Vulgata* naceu seguindo o ronsel deixado polo ciclo do *Lancelot-Graal* ou da *Vulgata*, e as datas da súa composición oscilan entre os anos 1230 e 1240. A intención do autor anónimo foi reelabora-la visión que do reino de Logres ofrecera a *Vulgata*, para o que redefiniu o enfoque ideolóxico, alterou o punto de vista narrativo e harmonizou a estructura de todo o relato. En efecto, o *Lancelot-Graal* centraba a súa atención na vida e fazañas de Lanzarote do Lago, así como no amor deste coa raíña Xenebra. O conflicto que esta relación provoca no reino de Artur obriga o narrador a adoptar unha actitude benevolente cara á conducta do seu heroe, en tanto que condena implicitamente a todo aquel que se opón a esta paixón. De resultas, Lanzarote e a súa familia, as liñaxes dos reis Ban de Benoic e Bohort de Gaunes, son enxalzadas en detrimento da casa do propio rei. Por outro lado, a *Vulgata* conformouse a base de achegas sucesivas, o que deu lugar a unha narración non sempre ben cohesionada. Como se sabe, o núcleo inicial, o chamado *Lancelot en prose*, estaba constituído polo *Livre de Lancelot du Lac* (ou *Lancelot propre*), a *Queste del Saint Graal* e a *Mort Artu*. A esta triloxía engadíuselle posteriormente a *Estoire del Saint Graal*, que explica as orixes da reliquia e que une os tempos de Xosé de Arimatea cos da cabalería bretona. Nunha última fase escribiuse o *Merlin*, integrado polo *Merlin* de Robert de Boron e por unha longa *suite* –a *Suite-Vulgata*–, e que conta os primeiros anos do reinado artúrico e as loitas que mantivo o novo monarca para afianzarse no trono[2].

Tralos pasos do *Lancelot-Graal*, a *Post-Vulgata* foi concibida como un ciclo mellor trabado, dividido en tres partes de dimensión parella: a *Estoire del Saint Graal*, o *Merlin* e a *Queste del Saint Graal*. Desta maneira evitábase que unha obra da extensión do *Lancelot propre* descompensase a

---

[1] Bogdanow, *The Romance of the Grail*, *passim*.

[2] A *Suite-Vulgata*, á súa vez, coñeceu dúas versións: a canónica, que corresponde ó segundo volume da edición clásica de Sommer (*cfr.* O. H. Sommer (ed.), *Lestoire de Merlin*, en *The Vulgate Version of the Arthurian Romances*, Ams Press, New York, 1979, vol. II), e a coñecida como *Livre d'Artus*, conservada fragmentariamente nun único manuscrito, o B. N. fr. 337 (O. H. Sommer (ed.), *Le livre d'Artus*, en *The Vulgate Version of the Arthurian Romances*, Carnegie Institution of Washington, 1913, vol. VII).

harmonía do conxunto[3]. Por outra parte, o centro do relato deixou de ser Lanzarote e pasou a se-lo rei Artur. Este cambio puido vir determinado pola reestructuración formal que se produciu con respecto á *Vulgata* e que obrigou a obvia-la maior parte das aventuras de Lanzarote; mais tamén se debeu, sen dúbida, a motivacións ideolóxicas, a unha exaltación da figura real, que o *Lancelot en prose* deixaba bastante maltreita en favor das liñaxes cabaleirescas. O resultado foi o que F. Bogdanow denomina *the new arthuriad*[4], é dicir, o relato da vida do lendario monarca e do seu reinado, o *royaume ventureux*.

Cando a finais do século pasado G. Paris editara a obra coñecida como *Huth-Merlin*[5], xa propuxera que o texto pertencía a un ciclo diferente dos sinalados precedentemente e que era cronoloxicamente anterior ó *Lancelot-Graal*[6]. Foi E. Wechssler quen lle deu a este ciclo o nome do seu suposto autor o Pseudo-Robert de Boron, oposto ó ciclo do Pseudo-Map, que foi a denominación empregada para a *Vulgata*. Este estudioso estableceu dous grandes estadios evolutivos. Segundo el, existiu en primeiro lugar unha versión A, hoxe perdida, organizada en seis partes: a *Estoire del Saint Graal*, o *Merlin*, a *Suite du Merlin*, o *Lancelot*, a *Queste del Saint Graal* e a *Mort Artu*. Nun segundo momento leváronse a cabo dúas reelaboracións, que Wechssler denominou respectivamente B e C. O *Merlin* da versión A foi adoptado por Malory para compoñe-la *Morte Darthur*, en tanto que B estaría representada polo fragmento do ms. B. N. fr. 112, e a versión C polo propio *Huth*. Esta teoría complícase se temos en conta que outros testemuños conservados presentan

[3] As referencias á tripartición da obra salpican todo o texto. Chegará cun exemplo para facerse unha idea da estructura do ciclo: "Et sacent tuit cil qui l'estoire monsigneur de Borron vauront oïr comme il devise son livre en .III. parties, l'une partie aussi grant comme l'autre, la premiere aussi grande comme la seconde et la seconde aussi grant coume la tierche. Et la premiere partie fenist il au commenchement de ceste queste, et la seconde el commenchement dou Graal, et la tierche fenist il apriés la mort de Lanscelot, a chelui point meisme qu'il devise de la mort le roi March. Et ceste chose amentoit en la fin dou premier livre pour chou que, se l'estoire dou Graal estoit corrompue par auchuns translatours qui aprés lui venissent, tout li sage houme qui meteroient lour entente a oïr et a escouter porroient par ceste parole savoir se elle lour seroit baillie entiere ou corrompue et connisteroient bien combien il i faurroit." (G. Roussineau (ed.), *La Suite du Roman de Merlin*, Droz, Genève, 1996, § 173, ll. 6-20).

[4] Bogdanow, *The Romance of the Grail*, pp. 197-221.

[5] O *Merlin-Huth* recibiu o nome dun dos seus posuidores, A. Huth. Polo demais, o diferente ton entre ámbalas dúas *suites* serviu para diferencialas dende o punto de vista terminolóxico. Así, a *Suite-Vulgata* tamén recibe o nome de "histórica", en tanto que a do Pseudo-Boron recibiu o cualificativo de "novelesca" (A. Micha, *Étude sur le "Merlin" de Robert de Boron, roman du XIII^e siècle*, Droz, Genève, 1980, p. 7, n. 5).

[6] G. Paris-J. Ulrich (eds.), *Merlin d'après le manuscrit Huth*, Johnson Reprint, New York-London, 1965, pp. l-lxix (*vide infra*, n. 12).

unha redacción heteroxénea, na que se mesturan varias das devanditas versións[7]. O primeiro en postula-la débeda do Pseudo-Boron con respecto á *Vulgata* foi Bruce, a pesar de que se sumou á teoría da triple redacción proposta por Wechssler[8]. Estudios posteriores, como os de E. Vinaver e, sobre todo, Bogdanow, foron establecendo a natureza do ciclo da *Post-Vulgata* tal e como se concibe hoxe[9]. A última grande polémica xirou arredor da existencia do misterioso *Conte del Brait*, que é mencionado en varias pasaxes da *Suite*, da *Queste* e mesmo do *Tristan en prose*. O feito de que dúas das versións castelás do *Merlin* leven por título *Baladro del sabio Merlín* consolidou a crenza neste libro fantasma. Hoxe en día, a opinión máis xeneralizada entre a crítica é que as mencións ó *Conte del Brait* constituirían un recurso literario que lles permitía ós sucesivos redactores obviar partes do relato que, de desenvolverse, volverían a narración demasiado prolixa e longa. Nin o *Conte* nin as partes que, segundo se indica, contiña se compuxeron nunca[10].

O *Merlin* da *Post-Vulgata* segue a estructura da obra homónima da *Vulgata*. A primeira parte baséase no *Merlin* de Boron e, despois da coroación de Artur, engade unha longa continuación que enlaza os primeiros momentos do reinado do monarca co período de apoxeo do reino de Logres, xusto antes da busca do Santo Graal. Sen embargo, e a diferencia do seu modelo, a *Suite du Merlin* non se centra nos acontecementos bélicos que seguiron á chegada de Artur, senón que, tras un breve relato das contendas contra os nobres rebeldes[11], presenta unha longa sucesión de aventuras de ton claramente novelesco. A primeira edición que se fixo deste texto baseábase na versión transmitida polo manuscrito Huth, en principio o único testemuño conservado; como consecuencia, a *Suite du Merlin* recibiu durante moito tempo a denominación de

---

[7] As grandes liñas desta teoría foron expostas na obra *Über die verschiedenen Redaktionen des Robert von Borron zugeschriebenen Graal-Lancelot-Cyklus*, Halle, 1895.

[8] J. M. Bruce, *The Evolution of Arthurian Romance From the Beginnings Down to the Year 1300*, Peter Smith, Gloucester, Mass., 1958, vol. I, pp. 458-479.

[9] Un resumo destas cuestións pódese ver en Bogdanow, "The *Suite du Merlin*", pp. 326-327, e Lathuillère, "Le *Roman du Graal*", pp. 615-618.

[10] F. Bogdanow, "The Spanish *Baladro* and the *Conte del Brait*", *Romania*, LXXXIII (1962), pp. 383-399; *Idem*, *The Romance of the Grail*, pp. 42-47 e 51-53; A. Micha, "*L'Estoire de Merlin*", en *Grundriss der romanischen Literaturen des Mittelalters*, p. 597.

[11] A ausencia desta sección no *Merlin-Huth* provocou a controversia relativa a se formaba parte da redacción orixinal da *Suite*. Véxase a este respecto Roussineau, *La Suite du Merlin*, pp. xlix-lv.

Merlin-Huth, termo que hoxe quedou superado pola aparición de novos testemuños que completaron o relato contido no devandito manuscrito e que melloraron o coñecemento da obra[12]. O manuscrito Huth consérvase na British Library –Additional 38117 (ms. Huth)– e contén as prosificacións do *Joseph d'Arimathie* (ff. 2-18c) e do *Merlin* (ff. 18d-74a) de Robert de Boron, aínda que hai que sinalar que presenta dúas lagoas: unha dun folio tralo f. 101 e outra de dous despois do f. 133; a isto hai que lle engadir que falta o f. 1. A *Suite* propiamente dita abrangue os ff. 74a a 226b, e leva o fío do relato ata o episodio do manto encantado que Morgana envía á corte e ata a partida da Dama do Lago (o que se corresponde co capítulo 443 da edición de Roussineau).

A narración fornecida pola versión Huth viuse completada por achados posteriores, como o que proporcionou o ms. Additional 7071 da University Library de Cambridge. O códice en cuestión incluía unha versión da *Estoire del Saint Graal* (ff. 1-158b) e o *Merlin* en prosa (ff. 159a-202d), ademais dun relato das loitas de Artur moi achegado ó que recollía a *Suite-Vulgata* (ff. 202d-230a). A *Suite du Merlin* ocupa neste testemuño os ff. 230a-342d e prolonga o contido do ms. Huth ata a triple aventura que protagonizan Galván, Morholt e Yvain. En concreto, o relato interrómpese no cap. 480 da edición de Roussineau, cando Morholt se dispón a salvar unha dama que vai ser axustizada. Pola súa parte, o manuscrito fr. 112[13] da Bibliothèque Nationale de Paris contén, así mesmo, unha longa pasaxe da *Suite*, que abrangue do capítulo 419 ó 581 da edición de Roussineau (ff. 17b-58b do segundo libro). Este fragmento iníciase no momento en que Artur expulsa da corte os familiares de Morgana, entre eles a Yvain; a este cabaleiro súmaselle Galván e xuntos parten en busca de aventuras. Este códice continúa ata o final do relato –que remata coa volta do Morholt a

[12] O *Merlin* do mss. Huth foi publicado por G. Paris-J. Ulrich, *Merlin, roman en prose du XIII^e siècle, publié avec la mise en prose du poème de Merlin de Robert de Boron d'après le manuscrit appartenant à M. Alfred H. Huth*, Librairie de Firmin Didot et Cia., Paris, 1886. Máis recentemente levouse a cabo unha reimpresión desta edición (*vide supra*, n. 6).

[13] O ms. B. N. fr. 112 está divido en tres libros de foliación independente e que, aínda que o seu título fai referencia a un libro de *Lancelot du Lac*, conteñen una compilación moi variada de fragmentos de diversos *romans*: o *Tristan en prose*, a *Queste del Saint Graal*, *Guiron le courtois*, as *Prophecies de Merlin*, así como un fragmento da sección da *Post-Vulgata* que correspondería á continuación da *Suite*. O códice foi estudiado por C. E. Pickford, *L'évolution du roman arthurien en prose vers la fin du Moyen Âge d'après le manuscrit 112 du fonds français de la Bibliothèque Nationale*, Nizet, Paris, 1960.

Irlanda e coa súa viaxe a Cornualles en busca do tributo que este reino lles pagaba ós irlandeses– e inclúe, xa que logo, a segunda parte do fragmento portugués[14]. Por outra banda, o mesmo códice recolle, nos folios 214c-220b, 246a-275c e 281a-282c, varias aventuras pertencentes xa á prolongación da *Suite*, e que forman parte do ciclo que enlaza esta obra coa *Queste*. Un derradeiro testemuño desta versión longa é o contido no ms. 135, AA^2 5 nº 9 (7) da Biblioteca Comunale de Imola[15]. O fragmento que nel se inclúe corresponde ós capítulos 532 a 536 da edición de Roussineau, nos que se relata a ordenación cabaleiresca de Gaheriet, a visita á corte da doncela da Isle Faée, as profecías que un tolo fai sobre as proezas que levará a cabo Gaheriet e a chegada de Gallin en busca de axuda para socorre-lo seu irmán Gallinor, que fora acusado de traizón por Baudan, fillo do duque de Averlan.

Un último fragmento da *Suite*, a penas dúas follas de pergamiño, atópase contido no manuscrito conservado no Archivo Nazionale de Siena (sen cota), no que están transcritos os capítulos 247 a 255 de Roussineau[16]. Neste códice está rexistrada a doazón que Leodagan de Carmelida lle fai a Artur da Mesa Redonda, o establecemento do Asento Perigoso e os momentos anteriores á ordenación cabaleiresca de Galván. A esta tradición fragmentaria hai que lle engadi-lo fragmento portugués da Biblioteca de Catalunya (ms. 2434) e as versións castelás coñecidas como *Baladro del sabio Merlín* nas súas dúas edicións, a de Burgos (1498) e Sevilla (1535).

O testemuño portugués que se recolle no presente libro foi descuberto por A. Soberanas mentres estudiaba o *Chronicon* de Antonino Pierozzi, bispo de Florencia que viviu na primeira metade do século XV. Nun dos volumes desta obra estaban, facendo de sobrecuberta, as tres follas de pergamiño que conteñen pasaxes do *Merlin*. A descrición paleográfica do fragmento[17] revela

---

[14] A edición desta sección da *Suite du Merlin* débese a O. H. Sommer, *Die Abenteuer Gawains, Ywains und Le Morholts mit den drei Jungfrauen aus der Trilogie (Demanda) des Pseudo-Robert de Borron. Die Forsetzung des Huth-Merlin nach der allein bekannten Hs. Nr. 112 des Pariser National Bibliotek*, en *Zeitschrift für romanische Philologie*, XLVII, Halle, 1913.

[15] Véxase M. Longobardi (ed.), "Frammenti di codici in antico francese dalla Biblioteca Comunale di Imola", *Cultura Neolatina*, XLVII (1987), pp. 223-255; *Idem*, "Nuovi frammenti della Post-Vulgata: la *Suite du Merlin*, la continuazione della *Suite du Merlin*, la *Queste* e la *Mort Artu* (con l'intrusione del *Guiron*)", *Studi Mediolatini e Volgari*, XXXVIII (1992), pp. 119-155.

[16] O texto contido no manuscrito de Siena foi editado por A. Micha, "Fragment de la Suite-Huth du *Merlin*", *Romania*, LXXVIII (1957), pp. 37-45, e Bogdanow, *The Romance of the Grail*, pp. 228-241.

[17] Os datos foron proporcionados por Soberanas, "La version galaïco-portugaise", pp. 176-177.

que se trata de folios de 295x137 mm., escritos a dúas columnas de 230x70 mm. Os títulos dos capítulos están escritos en tinta vermella, ó igual cás capitais, que van así mesmo decoradas con trazos de tinta azul. A numeración está feita en cifras romanas, situadas no verso das follas, e abrangue o f. lxvii ra-vb, para a primeira parte do texto, e os ff. cxxii e cxxiii completos, para a segunda. En canto á letra, é gótica cursiva da primeira metade do século XIV.

Tras compara-las versións francesas e españolas co texto portugués, Soberanas chegou á conclusión de que este representaría unha versión máis achegada ó arquetipo francés perdido cós *Baladros* casteláns e, mesmo, cá versión contida no ms. Huth. Estes tres últimos textos constituirán un terceiro estadio na transmisión textual da *Suite*, mentres que o ms. de Siena –datado no século XIII– sería a versión máis próxima ó arquetipo. As lecturas do fragmento portugués achéganse máis ó segundo estadio evolutivo, que, segundo a análise de F. Bogdanow[18], está representado polo ms. de Cambridge. Deste xeito, non resulta desatinado pensar que o fragmento que analizamos derive dos textos que, segundo se supón, traería a Portugal Afonso III o Boloñés. Esta hipótese vese corroborada, ademais de pola datación do tipo de letra, polas características da lingua empregada, que revela unha localización cronolóxica moi semellante.

Un último factor incrementa o interese do *Merlin* portugués: a inexistencia de testemuños franceses que reproduzan á vez as dúas pasaxes que contén a versión peninsular. Os episodios transmitidos polo fragmento que presentamos corresponden ós capítulos 380-381 e 494-496 da edición de Roussineau[19]. A primeira parte recolle a historia do rei Assen e de seu fillo Anasteu, episodio inmediatamente anterior ó encerro e pasamento de Merlín. Tanto a historia de Anasteu como a morte do profeta intégranse nunha serie de relatos afíns que se presentan de xeito sucesivo para exemplifica-las consecuencias negativas que pode traer aparellada a paixón amorosa.

A primeira destas historias é o conto de Diana, Faunus e Felix (*Suite du Merlin*, §§ 322-327). Durante a viaxe de Merlín e da Dama do Lago pola Pequena Bretaña atopan no medio dun bosque o lago de Diana. O profeta explica a orixe do nome do lago. Diana, que vivira naquela paraxe, tiña un namorado, de nome Faunus, que o deixara todo, familia e amigos, por seguila.

[18] F. Bogdanow, "Essai de classement des manuscrits de la *Suite du Merlin*", *Romania*, LXXXI (1960), pp. 188-198.

[19] *Vide infra*, *Apéndice. Texto da Suite du Merlin*, pp. 197-200. *Cfr. La Suite du Merlin*, pp. 330-331, 456-460.

Ela, en cambio, amaba un cabaleiro pobre chamado Felix. Ambos decidiron matar a Faunus e, para levar a cabo o crime, Diana ofreceuse a curarlle unha ferida que aquel recibira mentres cazaba. Ela indicoulle que para sandar debería tomar un baño medicinal nunha tumba baleira que había no bosque, e que debería pecha-la sepultura coa lousa. Unha vez que Faunus estivo dentro, Diana botoulle chumbo ardente e matouno. Cando Felix soubo o que ela fixera, cambiou o seu amor por odio, cortoulle a cabeza, arrincoulle o corazón e botouno no lago, que dende entón se chamou Lago de Diana.

A segunda historia é a que recolle o fragmento portugués e narra os amores de Anasteu, fillo do rei Assen, por unha doncela de orixe humilde. Merlín cóntaa durante a segunda viaxe que el e Niviana realizan á Pequena Bretaña.

Polo que fai á terceira das historias que recolle a *Suite du Merlin*, está protagonizada polo propio profeta e pola Dama do Lago (*Suite du Merlin*, §§ 379-388). Despois de atopa-la tumba de Anasteu e da súa amante, a Doncela do Lago, que finxía sentir un profundo amor por Merlín, pensa en encerralo no mausoleo e desfacerse así da súa molesta compañía. Daquela, pídelle que por medio das súas artes erga a lousa que cubría o corpo de Anasteu e da súa namorada. Ela proponlle que pasen a noite dentro do mausoleo e, mentres o meigo dorme, encántao e encérrao xunto ós corpos dos amantes; logo pecha o sarcófago por medio dun encantamento, de tal xeito que ninguén poderá xamais move-la lousa[20].

[20] O encerro de Merlín é un motivo que se remonta ó *Lancelot en prose*. Alí explicábase como a Dama do Lago o encerrara nunha cova na Forest Perilleuse de Darnantes (A. Micha (ed.), *Lancelot, roman en prose du XIII^e siècle*, Droz, Genève, 1978-1982, vol. VII, cap. VIa, 1-11, pp. 38-43). O encerro na cova será retomado posteriormente polas *Prophecies de Merlin* (L. A. Paton (ed.), *Les Prophecies de Merlin, edited from Ms. 593 in the Bibliothèque Municipale de Rennes*, Modern Language Association-Oxford University Press, New York-Oxford, 1926-1927, vol. II, pp. 167-170). A *Suite-Vulgata*, en cambio, imaxina unha torre invisible, de muros de aire, que Viviana construíu no bosque de Broceliande (*Lestoire de Merlin*, p. 425). A partir destas variantes, L. A. Paton e W. A. Nitze establecen tres niveis de historias: o tipo A, representado polo relato da *Suite-Vulgata*, o tipo B, correspondente á versión do *Lancelot*, e o tipo C, que é o que ofrece a *Suite du Merlin*. Pola súa parte, o encerro das *Prophecies* consistiría nun desenvolvemento do tipo C (L. A. Paton, *Studies in the Fairy Mythology of Arthurian Romances*, B. Franklin, New York, 1960, pp. 204-216; W. A. Nitze, "The Esplumoir Merlin", *Speculum*, XVIII (1943), pp. 75-77). A orixe do motivo podería estar na muda de Merlín, pois hai que ter en conta que este concepto levaba implícito un compoñente de clausura. Un desenvolvemento posterior desembocaría no motivo denominado da *delivrance Merlin*. Véxase, a este respecto, P. Zumthor, "La délivrance de Merlin", *Zeitschrift für romanische Philologie*, LXII (1942), pp. 370-386; Nitze, "The Esplumoir", pp. 69-79; A. C. L. Brown, "The Esplumoir and Viviane", *Speculum*, XX (1945), pp. 426-432; R. S. Loomis, "The Esplumoir Merlin Again", *Bulletin Bibliographique de la Société Internationale Arthurienne*, IX (1957), pp. 70-83, así como os artigos de E. Brugger sobre o *Enserrement Merlin* en *Zeitschrift für Französische Sprache und Literatur*, XXIX (1906), pp. 56-140; XXX (1906), pp. 169-239; XXXI (1907), pp. 239-281; XXXIII (1908), pp. 145-194; XXXIV (1909), pp. 99-150; XXXV (1910), pp. 1-55.

Como se pode apreciar, os paralelos entre as tres historias son evidentes, de modo que todas elas se complementan. As dúas primeiras ofrecen sendos exemplos contrapostos, que se poñen ó servicio da terceira –a que protagoniza Merlín–, en tanto que esta serve de epílogo. O conto de Diana e Faunus exemplifica as consecuencias da paixón amorosa cando o obxecto de desexo é unha muller desleal e traidora. Neste caso, os resultados son funestos para o home, que o perde todo: a familia, os amigos, os bens materiais e, por último, a vida. A historia de Anasteu, en cambio, presenta un caso oposto: este sacrifica as dúas vidas, a terreal –xa que renuncia ó trono pola inimizade co seu pai– e a espiritual –xa que se suicida–. Sen embargo, a súa amada tamén perde a vida por amor, posto que o segue, aínda a pesar dos riscos que conleva tal decisión, pois a súa relación estaba prohibida polo rei Assen. A diferencia do exemplo anterior, no caso de Anasteu o que este deixaba tras de si non ten importancia e si que se insiste, pola contra, na riqueza con que adornara o seu refuxio no bosque e na felicidade que atopara naquel retiro. Mentres que Faunus perdeu todo por un amor equivocado, Anasteu gañou moito, ata que a ira de Assen provocou a súa desgracia.

Entre os dous casos exemplificados por estas historias, o de Merlín achégase ó primeiro deles. A este respecto, destaca o paralelo entre a ruptura co mundo que protagonizan o profeta e Faunus. Este, segundo se di, "fu (...) aussi coume perdus, car il laissa son pere et ses amis et toutes autres compaignies pour l'amour de Dyane" (*Suite du Merlin*, § 323, ll. 21-23), o que se corresponde coa declaración que Merlín lle fai á Doncela do Lago:

> "(...) jou ai laissiet pour vostre compaignie le roi Artus et tous les haus houmes dou roiame de Logres dont jou estoie sires, ne ne m'a esté nul miex de vous siurre" (*Suite du Merlin*, § 382, ll. 9-12).

Pola contra, e como se acaba de sinalar, a renuncia que levan a cabo Anasteu e a súa amada vese minimizada polas vantaxes que atopan na súa fuxida do mundo: "(...) il laissierent toute gent et le siecle pour mener ensamble lour goie et lour feste" (*Suite du Merlin*, § 382, ll. 7-8). A grande diferencia entre as dúas primeiras historias apréciase no emprego das persoas verbais: na de Diana úsase a primeira de singular, en tanto que na

segunda é empregada a primeira de plural, xa que o amor entre Anasteu e a doncela é mutuo. Se Merlín se compara con estes dous é porque, como Faunus, cae víctima dos enganos da súa amada.

Non estará de máis recordar que a visión misóxina que imperou durante toda a Idade Media facía da muller a grande enganadora, calidade esta que o xénero feminino herdara de Eva[21]. As mulleres ocasionaran durante séculos a perdición dos homes, ben porque os empurraban cara ó pecado, ben porque caían víctimas das súas maquinacións. A partir deste motivo recorrente desenvolveuse o tópico do home que, a pesar da súa sabiduría e grandeza moral, caía nas redes da muller. A literatura medieval está chea de casos paradigmáticos. Ós exemplos fornecidos pola Biblia –Adán, Holofernes, Salomón, David, etc.–[22], engadíronselle-los dos sabios da Antigüidade clásica, como Aristóteles ou Virxilio. Nesta liña inscribiríase Merlín, o sabio de Bretaña, que, como eles, perdeu o sentido que lle outorgaba a súa sabencia polo amor dunha doncela.

Os paralelos entre o caso de Merlín e o exemplo proporcionado por Virxilio estréitanse coas referencias indirectas que se introducen no relato por medio das alusións a Diana. Segundo se di, esta "regna ou tans Vergille (...) et ama seur toutes choses le deduit de bois" (*Suite du Merlin*, § 323, ll. 1-4). Diana, deusa da caza na mitoloxía romana, presenta moitas similitudes coa Doncela do Lago, que irrompe na corte de Artur mentres cazaba un cervo branco e que recibe o apelativo de Damoisele Charesse –ou Doncela Cazadora– (*Suite du Merlin*, § 313, l. 2, § 417, ll. 38-39, § 440, l. 30). A vinculación coa caza e cos bosques parece uni-la amante de Merlín coa deusa romana dende as súas primeiras aparicións. Xa no *Lancelot* o encerro do profeta se localizaba nunha foresta; sen embargo, Viviana vivía nun lago encantado, paraxe na

[21] A renovación espiritual dos séculos XII e XIII contemplou a redención da muller a través da exaltación de figuras senlleiras como María Magdalena, Thais ou María a Exipcíaca, paradigma todas elas de pecadoras arrepentidas. Sen embargo, o carácter excepcional destas figuras –ás que se lles pode engadi-la máis excelsa das mulleres, a Virxe María– impedía que lle servisen de modelo ó conxunto das mulleres. Deste xeito, só personalidades sobresaíntes podían sobreporse ós condicionantes que xurdían da súa natureza feminina (J. Dalarun, "La mujer a ojos de los clérigos", en G. Duby-M. Perrot (eds.), *Historia de las mujeres en Occidente. Vol. II. La Edad Media*, Taurus, Madrid, 1992, pp. 40-41).

[22] Véxanse, entre outros, M. Lot-Borodine, *De l'amour profane à l'amour sacré. Études de psychologie sentimentale au Moyen Âge*, Nizet, Paris, 1979, p. 139; M. Pilosu, *A Mulher, a Luxúria e a Igreja na Idade Média*, Editorial Estampa, Lisboa, 1995, pp. 29-31.

que criaba a Lanzarote. O compoñente acuático, que prevalecía nesta obra, vese substituído pola asociación co bosque e coa vinculación explícita con Diana que establece a *Suite-Vulgata*. A deusa profetizoulle a Dionas, pai da Dama, a grande sabencia que atesouraría a súa filla. Nesta mesma obra, a mención do lago feérico desapareceu en favor do medio forestal. Broceliande, o mítico bosque da Bretaña continental, será o sitio elixido por ela para encerrar a Merlín. Pero é que, ademais, a torre de aire está exenta do ton tráxico doutros encerros merlinescos; é un lugar de delicias, ó que a mesma Viviana acudía a miúdo para visita-lo seu amante[23].

Daquela, a Doncela do Lago asumirá o papel de Diana. Merlín, pola súa parte, identificarase con Faunus e non, como el deduce polo rostro amable que lle mostra a Doncela, co príncipe Anasteu. En ambos casos, a impresión que provocan estes namorados –e mesmo a figura tamén desgraciada de Anasteu– é a duns homes sobrepasados por forzas máis poderosas cá súa vontade: a paixón amorosa e a fatalidade dun destino tráxico[24].

A segunda parte conservada no fragmento portugués desenvolve o episodio da Roche aux Pucelles (ou Rocha das Doncelas). Galván, Yvain e Morholt atopan tres doncelas no bosque de Aroie. Os cabaleiros aceptan o reto que elas lles propoñen e deciden custodialas durante un ano, de xeito que cada un parte por un camiño diferente acompañado por unha das doncelas. Nas aventuras que seguen, Galván e Morholt atópanse un día e xuntos chegan a unha tenda que unha doncela de avanzada idade erguera á beira dunha fonte. A vella ofrécelle-lo seu amor e, ante o rexeitamento dos cabaleiros, advírtelles que a súa negativa lles vai custar cara. Tempo despois, e mentres marchaban no seu errar, ámbolos dous senten unha súbita xenreira mutua e loitan entre eles. Unha doncela, curmá da Dama do Lago, explícalles que foi a vella da tenda a que provocou a inimizade entre ambos por medio de encantamentos.

---

[23] O redactor anónimo declara que Viviana "li tint moult bien conuent . quar poi fu de iours ne de nuis. que elle ne fust auec luj" (Sommer, *Lestoire de Merlin*, p. 452).

[24] O sentido de fatalidade, de destino tráxico e ineludible, non é privativo do episodio mencionado, senón que domina todo o ciclo do Pseudo-Boron ata tinguilo de tons sombríos (Bogdanow, *The Romance of the Grail*, pp. 208-220).

O seguinte encontro de Galván e Morholt ten lugar no castelo da rocha, no que un grupo de doncelas fala do porvir. Alí quedarán atrapados ata que Gaheriet, un dos irmáns de Galván, acuda a liberalos. Segundo a *Suite du Merlin*, o castelo erguíase nunha rocha moi alta e inaccesible, e estaba habitado por doce doncelas; ademais, os encantamentos do castelo foran establecidos por Merlín. Estas circunstancias fan pensar que a orixe do motivo está no *Meraugis de Portlesguez*, *roman* posclásico en verso escrito por Raoul de Houdenc a comezos do século XIII[25].

Nesta última obra, o protagonista parte en busca de Galván e ten novas de que se atopa no *esplumeor Merlin* (a muda de Merlín). Despois de atravesar moitas terras, chega a un castelo de grandes muros e aspecto marabilloso que se alza sobre unha rocha altísima. Meraugis non viu camiño de entrada, pero si que albiscou, na cima de todo, un grupo de doce doncelas que estaban sentadas nun prado e que falaban entre elas sobre cousas do futuro[26]. Cando o cabaleiro lles preguntou onde estaba, elas confirmáronlle

---

[25] M. Friedwagner (ed.), *Meraugis von Portlesguez, altfranzösischer abenteuerroman von Raoul von Houdenc*, Max Niemeyer, Halle, 1897.

[26] A pasaxe é a seguinte:

"La roche ert loing en la montaigne,
Mout haute, tote d'une pierre,
En toz tens verz; qu'ele estoit d'ierre
Bordee entor a la reonde.
Desus cele roche reonde
Qui ert la plus haute dou mont
Vit Meraugis lasus amont
Bien jusqu'a .XII. damoiseles.
Iluec se sieent les puceles
en .I. praiel soz .I. lorier.
En toz tens servent de pleider.
– De quoi? De ce qui a esté?
– Non pas. Ja n'en sera parlé
Par eles, ne ja n'avront pes;
Ainz i tienent toz tens lor plez
De ce qui est a avenir.
(...)
Ala entor, mes il n'i voit
Par ou monter; qu'il n'i avoit
Huis ne fenestre ne degré.
Ne sai se Deus la fist de gré.
Mout estoit haute et de beau tor."
(*Meraugis*, vv. 2636-2662).

que aquel castelo era *l'esplumeor*[27]. As coincidencias, como se pode apreciar, son evidentes. De tódolos xeitos, o relato da *Post-Vulgata* desenvolve algúns trazos que o *Meraugis* deixara implícitos. Un deles é a vinculación do profeta bretón co castelo da rocha, que en Raoul de Houdenc é pouco clara e que a *Suite du Merlin* explicita e desenvolve.

Por outra banda, o feito de atribuírlle os encantamentos do lugar a Merlín intégrase nunha tendencia que se foi reafirmando a medida que o meigo se convertía no personaxe vencellado por antonomasia ó mundo do marabilloso. En efecto, a *Segunda Continuación do Perceval* de Chrétien de Troyes falaba dun Piar do Monte Doloroso que volvía tolos a tódolos cabaleiros que ataban nel os seus cabalos, agás, por suposto, o mellor cabaleiro do reino[28]. O motivo de vincula-lo nome de Merlín con accidentes xeográficos, especialmente cando se asocia a un compoñente de marabilla ou a inscricións proféticas, desenvólvese sobre todo a partir do ciclo do *Lancelot en prose*[29]. Dous factores contribuíron ó espallamento deste recurso. Por unha banda, o personaxe de Merlín pertencía ó tempo pasado; cando nace Lanzarote e suceden as aventuras do reino de Logres, había xa tempo que o profeta fora encerrado nunha cova por Viviana. A mellor maneira de mante-lo recurso anticipatorio que supuñan as profecías –de grande importancia para a articulación dunha obra da extensión

---

[27] O *esplumoir* ou *esplumeor*, termo traducible por 'muda', constitúe un dos motivos máis misteriosos da literatura artúrica. O único que se sabe del é que leva implícito un compoñente de clausura e que constitúe o derradeiro refuxio do profeta Merlín. Todo o demais son hipóteses e suposicións que intentan botar luz sobre un termo tan escuro. Así, Browm relaciónao coa mansión de vidro dos relatos feéricos irlandeses, denominada *grianan*, e coa historia do encerro que Merlín sofre a mans de Niviana. Neste sentido, J. L. Weston pensa que *esplumoer* xurdiu dunha lectura errónea por parte de Boron dun termo celta que non comprendía. En cambio, G. Paris e W. A. Nitze, entre outros, achégano ás gaiolas nas que os falcóns cambian de plumaxe, o que posibilitaría un orixinal *EX-PLUMARE, que evolucionou ata *esplumöer*. P. Zumthor, pola súa parte, pensa nunha deturpación de *emplumoer*, o que lle permite ligalo ós escribas que na *Vita Merlini* rexistraban os vaticinios de Merlín e ó refuxio que este mandara construír no bosque de Calidon (J. L. Weston, *The Legend of Sir Perceval*, David Nutt, London, 1906-1907, vol. II, p. 329, n. 2; G. Paris, "*Meraugis von Portlesguez, altfranzösischer Abenteuerroman von Raoul von Houdenc*, zum ersten Mal nach allen Handschriften herausgegeben von Dr. Mathias Friedwagner", *Romania*, XXVII (1898), p. 309; P. Zumthor, *Merlin le prophète, un thème de la littérature polémique, de l'historiographie et des romans*, Slatkine Reprints, Genève, 1973, pp. 166-167; Nitze, "The Esplumoir", pp. 69-79; W. Roach (ed.), *The Didot Perceval According to the Manuscripts of Modena and Paris*, University of Pennsylvania Press, Philadelphia, 1944, pp. 111-112; Brown, "The Esplumoir and Viviane", pp. 427-428).

[28] W. Roach-R. H. Ivy (eds.), *The Continuations of the Old French Perceval of Chrétien de Troyes. Vol. IV. The Second Continuation. Redaction of Mss. E, M, Q, U*, University of Pennsylvania Press, Philadelphia, 1971, vv. 31421-32027.

[29] *Cfr.* Zumthor, *Merlin le prophète*, pp. 219-223.

do *Lancelot*– era por medio da herdanza do profeta, ben na persoa de discípulos –por exemplo, Helies de Toulouse, que desentraña o significado do soño de Galehaut–, ben en forma de inscricións que anuncian a chegada dunha aventura. O segundo factor que favoreceu a fortuna de tal motivo foi a necesidade que tiña o redactor anónimo do *Lancelot* de explica-las marabillas a partir do personaxe de Merlín. Este convértese na orixe de tódalas manifestacións deste xénero que acaecen no reino de Bretaña, ás veces de xeito indirecto, ás veces a través das súas discípulas, Morgana e a Dama do Lago[30].

Esta evolución que apuntamos reflíctese na reelaboración que o redactor anónimo da *Suite du Merlin* leva a cabo do episodio do *Meraugis*. Nun primeiro momento, a muda é un simple retiro, tal vez un modo de xustifica-la inmortalidade dun personaxe sobrenatural, vencellado coas forzas escatolóxicas. Os textos máis temperáns, a *Historia Regum Britanniae* e a *Vita Merlini*, compostos, respectivamente, en ca. 1138 e entre 1148 e 1151 por Geoffrey de Monmouth, non mencionaban un final desta natureza. A *Historia*, sobre todo, era ambigua a este respecto, xa que, despois de ter axudado a Uther Pendragon a entrar en Tintagel, o meigo non volvía aparecer. A *Vita Merlini*, en cambio, tal vez ofreza os primeiros indicios dunha posible inmortalidade do profeta. Merlín remata os seus días no bosque de Calidon, onde ordenara construír un observatorio dende o que puidese le-los signos do firmamento. Estes datos, daquela, inclúen aspectos decisivos para a evolución posterior do motivo, como son o retiro do mago á marxe do mundo –aínda que na *Vita* é de tipo eremítico–, a casa que manda facer no medio do bosque –xerme, tal vez, dese concepto de clausura que conleva a muda–[31], o final aberto do poema, no que non se di nada da morte do adiviño, etc.

Estas suposicións veríanse corroboradas pola cronoloxía da *Vita*. Nela cóntase a vellez do protagonista, que se desenvolve nos tempos da decadencia bretona, cando os sucesores de Artur –Constantino e Conan– se disputan con cobiza a coroa. A análise do tempo da *Vita Merlini* revela que o profeta

[30] E. M. Kennedy, "The Role of the Supernatural in the First Part of the Old French Prose *Lancelot*", en W. Rothwell-W. R. J. Barron-D. Blamires-L. Thorpe (eds.), *Studies in Medieval Literature and Languages in Memory of Frederick Whitehead*, Manchester University Press-Barnes & Noble, Manchester-New York, 1973, pp. 173-182.

[31] *Vide supra*, p. 181, n. 20.

disfrutaba dunha vida moi longa; mesmo o remate aberto da obra axuda a intensificar esta sensación de senectude sen fin. A disparidade entre a *Historia* e a *Vita* levou a pensar que Monmouth se nutrira de dúas tradicións diferentes, de tal maneira que en 1138 tería un coñecemento moi incompleto da figura do profeta e que máis tarde accedería a novas lendas de orixe setentrional[32]. Estas segundas serían recollidas na *Vita*. De tódolos xeitos, nada impide pensar que o feito de que Merlín sobrevivise a Artur e disfrutase dunha vida sen morte coñecida estivese na mente de Monmouth antes de compoñe-la súa última obra. Se é así, poderíase falar, a este respecto, dunha tradición á marxe deste autor. En efecto, a *Historia* presenta a Merlín como contemporáneo de Vortigern, Aurelio Ambrosio e Uther Pendragon, pero non de Artur. Sen embargo, cando o último rei bretón, Cadwalladro, escoita a voz celestial que lle aconsella que peregrine a Roma, Monmouth declara que os bretóns só recuperarían o control da illa cando chegase o día en que se cumprise o prazo que Merlín lle dera a Artur[33]. Dito con outras verbas: parece lóxico pensar que Geoffrey sabía que a vida de Merlín se prolongaba máis alá do que el contaba na súa crónica.

A suposta inmortalidade do meigo coñeceu un pulo definitivo co *Perceval en prose*, derradeira peza da triloxía do *Petit Saint Graal*, atribuída a Robert de Boron. A importancia desta obra é crucial, xa que constitúe o primeiro testemuño do *esplumoir*. Neste *roman* mantense o espírito cristián do retiro da *Vita*, en parte determinado polo carácter edificante e relixioso do ciclo –especialmente nas súas dúas primeiras obras, o *Joseph d'Arimathie* e o *Merlin*–. Pero mesmo se podería pensar nunha influencia do poema de Monmouth nesta narración. De feito, se o *Perceval en prose* é da autoría de Boron, reafirmaríase esta tese, pois o *Merlin* contén aspectos inspirados na *Vita*[34]. No *Perceval*, a

---

[32] Mesmo se chegou a poñer en dúbida que a *Vita* fose da autoría de Monmouth, tendo en conta que a súa atribución procede dun *explicit* engadido en data tardía (J. J. Parry (ed.), *Geoffrey de Monmouth. Vita Merlini*, University of Illinois Studies in Language and Literature, Urbane, 1925, pp. 9-15; J. S. P. Tatlock, "Geoffrey of Monmouth's *Vita Merlini*", *Speculum*, XVIII (1943), p. 267; Zumthor, *Merlin le prophète*, p. 2; Caldwell-Parry, "Geoffrey of Monmouth", pp. 89-90; B. Clarke (ed.), *Geoffrey de Monmouth. Life of Merlin. Vita Merlini*, University of Wales Press, Cardiff, 1973, pp. 36-39).

[33] "Nolebat enim Deus Britones in insulam Britanniae diutius regnare, antequam tempus illud advenisset, quod Merlinus Arturo prophetaverat" (Geoffrey de Monmouth, *Historia Regum Britanniae*, en Faral, *La légende arthurienne*, vol. III, cap. 205, pp. 301-302).

[34] F. Lot, "Nouvelles études sur le cycle arthurienne. La *Vita Merlini*, source du *Perceval* de Robert de Boron", *Romania*, XXXV (1918-1919), pp. 16-22; Micha, *Étude sur le "Merlin"*, pp. 49-52.

muda é moi semellante a un retiro eremítico: Merlín constrúea á beira do castelo do Santo Graal, no que, trala morte do Rei Pescador, viven Perceval e Blaise; a edificación defínese como un habitáculo (*abitacle*). Merlín espera gozar nela da *joie parmenable*, mentres agarda a fin dos tempos. Segundo declara el mesmo, ten que espera-la chegada dese día porque non pode morrer[35].

O tratamento que lle dispensa o *Meraugis de Portlesguez* ó retiro sorprende pola súa novelización. Por primeira vez, aparece un compoñente feérico, que estaba ausente na obra de Monmouth e que no *Perceval* só chegaba ó nivel do sobrenatural cristián. A marabilla que se presupón da descrición da muda aféctalles, alomenos en principio, á natureza do castelo e o seu inverosímil emprazamento. As doce profetisas que o habitan completarían un cadro de claro ambiente merliniano. Sen embargo, non hai referencia explícita a encantamento ningún e mesmo se furta a presencia do adiviño. A descrición da muda poderíase completar coa veciña Cidade sen Nome (Cité sanz Non)[36], un deses lugares sen retorno no que se quixo ver un reino de mortos, pero que, á marxe dos seus bárbaros costumes, non presenta trazos sobrenaturais[37].

A versión que aparece na *Suite du Merlin* intensifica todos estes envíos, a penas suxeridos pola pluma irónica de Raoul de Houdenc. Agora as doncelas están alí non polo seu gusto, senón porque son víctimas dun encantamento de Merlín, que pensou en vingarse así dunha delas. E elas mesmas superan o seu don divinatorio para facerse expertas en feiticerías; de feito, se sobreviven alí arriba é gracias a este saber. Por outro lado, como era habitual dende a composición do *Lancelot*, a maior delas –a máis experta– aprendeu as

---

[35] "Et lors vint Merlins a Perceval et a Blayse son maistre, et prist congié a els et lors dist que nostre Sire ne voloit que il se demostrast au peuple, ne il ne poroit morir devant le finement del siecle; "mais adont arai jou la joie parmenable, et je volrai faire defors te maison un abitacle, et la volrai converser, et si profetiserai çou que nostre Sire me commandera. Et tot cil qui men abitacle verront, si le clameront l'esplumoir Merlin'" (*Didot Perceval*, ms. E, p. 278, ll. 2661-2668).

[36] Despois da súa estadía no *esplumeor*, Meraugis atopa tres camiños e o que escolle lévao ata a Cité sanz Non, así chamada porque ninguén regresara dela.

[37] O non retorno da Cité sanz Non explícase polo costume que imperaba naquel lugar. Segundo este, todo cabaleiro que chegaba ata alá debía enfrontarse co gardián da Isle sanz Non. Se o cabaleiro que acababa de chegar saía derrotado, perdía a cabeza, pero, se era el quen vencía o gardián do lugar, estaba na obriga de substituílo ata que chegase outro adversario máis forte ca el. Este costume tense relacionado con ritos de fecundidade (M. M. Olstead, *The Role and Evolution of the Arthurian Enchantress*, Florida University, 1959 [tese], pp. 193-198). Tamén se relaciona co costume do templo de Diana Nemorensis. Esta deusa é un posible antecedente das fadas medievais, o que en último termo reafirma o carácter feérico da Cité (C. Alvar, "Mujeres y hadas en la literatura medieval", en M. E. Lacarra (ed.), *Evolución narrativa e ideológica de la literatura caballeresca*, Universidad del País Vasco, Bilbao, 1991, p. 30).

artes do mesmo Merlín, circunstancia que parece calca-lo modelo ofrecido por Morgana e pola Dama do Lago, especialmente neste segundo caso. De feito, o desenlace do episodio é idéntico ó dos amores entre Merlín e Viviana, agás na inversión dos papeis. Este aspecto vingativo na personalidade do adiviño non era novo. *Le livre d'Artus* conta como o establecemento da Isle Tornoyant se debeu a unha vinganza que Merlín urdiu contra un nobre que intentou matalo. Daquela, o meigo estableceu os encantamentos da illa e trasladou alí coas súas artes a filla do nobre, que quedou prisioneira naquel lugar en espera de que chegasen os mellores cabaleiros do mundo e levasen a termo as aventuras que alí se atopaban[38]. Non debemos esquecer que o *Livre d'Artus*, versión da *Suite-Vulgata* conservada nun só manuscrito, menciona así mesmo o *esplumoir* nun dos episodios previos á aventura da Isle Tornoyant[39]. Deste modo, se temos en conta que a muda do *Meraugis* está asociada a outra illa, a Isle sans Nom, parece claro que o redactor do *Livre d'Artus* coñecía a obra de Raoul de Houdenc.

O episodio da *Suite du Merlin* e o do *Meraugis*, que lle serviu de antecedente, presentan unha contaminación do motivo da muda co do Chateau aux Pucelles (Castelo das Doncelas). Neste caso, a orixe remontaríase ó Alén celta, concibido como unha terra paradisíaca poboada por virxes. As formas que adoptaba o Máis Alá da mitoloxía céltica eran moi variadas: unha illa no océano, unha chaira á que se accedía tras cruzar unha terra neboenta ou un país subacuático ou subterráneo, situado baixo un cómaro[40]. Pero, independentemente da súa localización, adoitaba ser un espacio cheo de deleites, libre de enfermidades, no que non se coñecía a vellez e no que reinaba unha eterna primavera[41].

---

[38] *Livre d'Artus*, pp. 301-302. Con todo, a obra que inspirou o motivo da Isle Tornoyant foi a *Estoire del Saint Graal* do ciclo da *Vulgata* (F. Whitehead-R. S. Loomis, "The *Livre d'Artus*", en Loomis, *Arthurian Literature*, pp. 336-337).

[39] A influencia do *Meraugis* sobre esta pasaxe do *Livre d'Artus* parece máis ca evidente. Eliezer parte na busca de Galván e a Dama de Limos revélalle que está na Cite Sanz Non, da que ninguén volve. En lugar de atopa-la cidade, chega ó *esplumeor*, "ou les puceles estoient qui les cheualiers faisoient muser car tant en sauoient li cheualier erranz a eles parler que eles lor uolsissent un seul mot dire" (*Livre d'Artus*, p. 272). Aparece entón un cabaleiro que garda o lugar ("il est garde de lesplumeor", *Ibidem*) e contra o que ten que combater Eliezer. Como se pode apreciar, o autor anónimo do *Livre d'Artus* uniu os motivos da Rocha das Doncelas e o da Cidade e a Illa sen Nome.

[40] R. S. Loomis, "The Spoil of Annwn. An Early Arthurian Poem", *Publications of Modern Language Association of America*, LVI (1941), pp. 891-899; H. R. Patch, *El Otro Mundo en la literatura medieval*, Fondo de Cultura Económica, Madrid, 1983, pp. 36-60; R. A. Bartoli, *La "Navigatio Sancti Brendani" e la sua fortuna nella cultura romanza dell'età di mezzo*, Schema Editore, Fasano, 1993, pp. 77-79.

[41] De feito, as descricións medievais sobre o Alén celta desbotan a concepción de reino de defuntos en favor dunha terra de deleites á marxe do tempo (Loomis, "The Spoil of Annwn", pp. 895-896).

Algunhas das denominacións que recibían son sintomáticas das características que se lles atribuían a esas paraxes: Illa de Vidro, Terra da Xuventude, Terra das Doncelas... A viaxe dun mortal a un destes lugares constituía o motivo central de varios dos xéneros das literaturas célticas, sendo os máis populares os relatos irlandeses coñecidos como *immrama*, nos que a meta era unha illa sobrenatural e o País das Mulleres[42].

Coa adopción dos motivos mitolóxicos e lendarios celtas por parte da materia de Bretaña, boa parte destes trazos foron adaptados e racionalizados. Unha desas transformacións converte as illas de noutrora en castelos situados nun lugar pouco accesible, ós que só se chegaba atravesando unha fronteira acuática de difícil paso –o máis frecuente, un río–[43]. Sen embargo, algúns aspectos permiten identifica-los antigos motivos. A Terra das Mulleres, xa que logo, pasou a ser un castelo habitado por doncelas. Moi pronto, sen embargo, desaparecen os trazos que definían o Castelo das Doncelas como un país do Alén, tales como o compoñente de clausura, o motivo da fada amorosa e posesiva que impedía que o home a abandonase para volver á súa patria, ou as dificultades que implicaba o retorno ó mundo dos mortais. Nesta perda do significado orixinario tal vez influíu a tradición que localizaba unha fortaleza con esta denominación na cidade de Edimburgo[44]. Tal identificación lévase a cabo na *Historia Regum Britanniae*, na que a cidade escocesa recibe o dobre apelativo de Mons Dolorosus e de Castellum Puellarum (*Historia Regum Britanniae*, cap. 27, p. 97). O Castelo das Doncelas consagrouse como o escenario dun torneo, aínda que a dispar localización que ofrecen as diferentes obras obriga a pensar que non se trata sempre do mesmo[45]. Este motivo aparece, por exemplo, no *Lancelot* da *Vulgata* e no *Tristan en prose*. Na *Queste del Saint Graal* dito castelo é depositario de costumes maléficos que desfará Galahad, o cabaleiro perfecto, mentres que en *Guiron le Courtois* a fortaleza perténcelle á curmá do protagonista e sofre os asaltos dun cabaleiro rival. Este aspecto entronca coa mentalidade medieval, que esixía que as mulleres estivesen

[42] Cando a viaxe incluía unha estadía prolongada nunha desas illas, o relato denominábase *echtrai* (Bartoli, *La "Navigatio"*, p. 105).

[43] E. Philipot, "Un épisode d'Érec et Énide: la Joie de la Cour. Mabon l'Enchanteur", *Romania*, XXV (1896), p. 267.

[44] Tatlock, *The Legendary History*, pp. 12-14.

[45] Véxase, a este respecto, West, *French Arthurian Verse Romances*, p. 36, e *French Arthurian Prose Romances*, p. 68.

tuteladas polos homes; daquela, un castelo habitado por doncelas era obxecto da cobiza de cabaleiros desmesurados, que aproveitaban o baleiro de poder que provocaba a ausencia dun campión masculino[46]. No *Livre d'Artus*, en cambio, o Chateau aux Pucelles perténcelle á raíña de Dinamarca, personaxe maléfico, similar no seu papel ó da fada Morgana, que practica a nigromancia e que busca o mal dos cabaleiros de Artur[47].

Unha versión con trazos máis arcaicos encóntrase no episodio da Roche de Chanpguin ou Castelo das Raíñas, que recolle *Li contes del graal* de Chrétien de Troyes[48]. Galván chega a este lugar tras cruza-los portos de Galvoie e un río de augas revoltas que só se pode atravesar en barca. As xentes do lugar ignoran quén é o señor da fortaleza; só saben que alí viven unha raíña coa súa filla e a súa neta, as súas doncelas e máis de cincocentos donceis. Á marxe de varios encantamentos que alí reinan, o castelo configúrase como un país sen retorno, do que ninguén pode saír unha vez que entrou[49]. Por outra banda, a descrición fai fincapé no aspecto de desprotección que xorde dunha posesión libre do poder masculino. Galván, por exemplo, pregúntalle ó barqueiro quén defende e garda o castelo, ó que este lle responde que unha guarnición de cincocentos homes. Mais, a pesar destas forzas, os habitantes esperan un cabaleiro que, ademais de pórlles fin ós encantamentos, cumpra o papel que lle correspondería a un señor feudal: darlles marido ás doncelas, devolvérlle-la honra e as terras perdidas ás damas, ordenar cabaleiros ós donceis e protexe-lo lugar. Cando Galván é quen de supera-la proba do Lit de la merveille, as doncelas acoden a el e ofrécenlle os seus servicios como se fose o seu señor.

Estes últimos elementos ofrecen unha dobre lectura. Por un lado, relaciónanse coa realidade dos séculos XII e XIII e coa organización feudal

---

[46] Véxase H. Newstead, "The Besieged Ladies in Arthurian Romance", *Publications of the Modern Language Association of America*, LXIII (1948), pp. 803-830; M. L. Chênerie, *Le chevalier errant dans les romans arthuriens en vers des XII^e et XIII^e siècles*, Droz, Genève, 1986, pp. 446-451.

[47] A relación do Castellum Puellarum co mundo das fadas levaríase a cabo, segundo Loomis, a través de Morgana. Este personaxe estaría relacionado coa rexión escocesa de Lothian dende data moi temperá. De feito, a *Historia Regum Britanniae* conta como Ana, a irmá de Artur, antecesora de Morgana, casara co rei Loth de Lodonesia, figura epónima da devandita rexión (R. S. Loomis, *Arthurian Tradition and Chrétien de Troyes*, Columbia University Press, New York, 1952, pp. 109-117).

[48] W. Roach (ed.), *Chrétien de Troyes. Le roman de Perceval ou le conte du graal*, Droz-Minard, Genève-Paris, 1959, vv. 7226-7231.

[49] A imposibilidade de retornar unha vez que os cabaleiros penetran neste territorio está exposta nos vv. 6658-6616.

antes mencionada[50]; por outro, permiten a conexión con motivos de orixe feérica empregados na materia de Bretaña. O castelo gobernado por mulleres e do que ninguén pode saír remite ó motivo da estancia en reinos de fadas, nos que un mortal é retido por unha destas criaturas. A paixón das fadas, segundo se ten dito, non é gratuíta, é dicir, para que a fada lle entregue o seu amor, o mortal ten que demostrar que é merecedor del[51]. Ás veces, a proba consiste no mantemento dun segredo e, outras, na demostración de forza e virtudes cabaleirescas, como as empregadas na defensa dun paso ou dunha fortaleza. Cando o mortal non é capaz de mante-las súas promesas ou é vencido por un adversario máis poderoso, a fada non terá reparos en abandona-lo seu antigo amante e en entregarse ó novo pretendente.

A reelaboración literaria deste esquema narrativo callou, polo que respecta ó ciclo bretón, no motivo do lugar defendido por un cabaleiro que, para facerse merecedor do amor dunha dona, loita contra os que se achegan ata alá. Moitas veces este modelo inclúe elementos marabillosos, como os muros de aire ou néboa que rodean o verxel de Mabonagrain no *Erec* de Chrétien, ou costumes bárbaros, especialmente o de cravar en estacas as cabezas dos vencidos[52]. O normal é que a defensa destes lugares implique a retención física do cabaleiro, que se ve atrapado nunha prisión dourada; é o que sucede, por exemplo, no famoso episodio da Joie de la Cort. Outras veces a retención é simplemente moral, pois o cabaleiro pasou a ser servidor incondicional da súa dona e teima por seguir ó seu lado: é o caso de Urbain, que no *Perceval en prose* defende o Gué Perellos por mandado da súa dama, a señora de Avalón[53].

---

[50] A necesidade de protección é máis evidente nunha pasaxe de *Le Chevalier au Lion* de Chrétien de Troyes. Yvain, o protagonista, matou a Esclados li Rous, gardián dunha fonte máxica. Deste xeito, quedou sen custodia a terra deste, gobernada dende entón pola súa viúva, Laudine. A necesidade de protección será o argumento que esgrima Lunette, doncela de Laudine, para convencela de que case con Yvain, xa que, ó derrotar a Esclados, demostrou que era o cabaleiro de máis valor e forza (M. Roques (ed.), *Chrétien de Troyes. Le Chevalier au Lion (Yvain)*, Classiques Françaises du Moyen Âge, Honoré Champion, Paris, 1960, vv. 1706-1712).

[51] Ch. Méla, *La reine et le Graal. La 'conjointure' dans les romans du Graal de Chrétien de Troyes au 'Livre de Lancelot'*, Éditions du Seuil, Paris, 1984, pp. 58, 226 e 281.

[52] J. M. Fritz (ed.), *Chrétien de Troyes. Erec et Enide*, Librairie Générale Française, Paris, 1992, vv. 5359-6403. Polo que fai ó costume das cabezas cravadas en paos, a súa orixe non é tanto celta como folclórica (*cfr.* Loomis, *Arthurian Tradition*, p. 176, e Chênerie, *Le chevalier errant*, p. 304).

[53] *Didot Perceval*, ms. E, pp. 195-201, ll. 966-1093. Para unha análise deste episodio, véxase Roach, *Ibidem*, pp. 70-73.

Como se acaba de comprobar, o fragmento portugués do *Merlin* ofrece diversos aspectos de interese. Por unha parte, hai que ter en conta o seu valor literario, pois nel percíbese a reelaboración de temas e motivos de longa tradición nas obras da materia de Bretaña, tales como os raptos feéricos ou a concepción do Alén como unha terra marabillosa poboada de doncelas. Deste xeito, é posible emparentalo coa máis fonda raizame da literatura artúrica. Por outra banda, a narración non está exenta de valor documental e constitúe o testemuño da grande aceptación de que gozaron as obras de temática bretona na zona occidental da Península Ibérica. Sería, xa que logo, un indicio da rápida asimilación que das modas literarias da Europa medieval se levaba a cabo no oeste peninsular, situado no cabo do mundo coñecido. Por último, a datación do texto, a comezos do século XIV, permite situalo nun momento sumamente interesante no proceso de adaptación das ficcións cabaleirescas que daquela protagonizaban os reinos hispánicos. Neses anos xurdirían os primeiros froitos dos libros de cabalería, como o *Amadís de Gaula* e o *Cabaleiro Zifar*, iniciadores da ubérrima proxenie de Amadises e Palmeiríns, que, superadas xa as fronteiras da Idade Media, había de prolonga-la súa descendencia ata finais do século XVI.

APÉNDICE
TEXTO DA *SUITE DU MERLIN*

§ 380, ll. 19-25[1]. – Si fist voir, che dist Merlins. N'a encore pas .C. ans qu'il avoit en cest païs un roi que on apieloit Assen, moult preudomme et boin chevalier, et avoit un fil, moult preu et moult vaillant chevalier. Il avoit a non Anasten. Il amoit la fille d'un povre chevalier de si grant amour que morteus hom ne pooit plus feme amer.

§ 381. Quant li rois Assen sot que ses fiex amoit si bassement et en si povre lieu, il l'en blasma moult et moult l'en chastia. Mais onques pour chou n'en ama chis mains la damoisele, ains repaira toutes voies entour li. Quant li rois vit qu'il ne lairoit riens pour sa priiere, il l'en menacha et li dist: "Se tu ne laisse briement sa compaignie, je te destruirai." Et il dist: "Je nel lairai ja, ains l'amerai toute ma vie. – Voire? che dist li rois. Or saches que je t'en destruirai et li devant toi." Quant li chevaliers entent ceste nouviele, il fist la damoisele destorner et reponre, que ses peres ne la trouvast. Et pensa qu'il querroit un lieu estrange et loing de toute gent, ou nus ne repaireoit, et la enmerroit la damoisele, si que il useroient illuec le remanant de leur vies. Il avoit moult de fois cachiet en ceste forest, si qu'il savoit bien ceste valee. Si vint maintenant cha et amena cheus de ses compaignons que il plus amoit et cheus qui de chambre faire et de maisons savoient auchune chose. Si fist maintenant faire dedens la roche naïve a chisel chambre et sale belle. Et quant il l'ot faite a la maniere et a la guise qu'il voloit, si riche qu'a painnes le porroit on croire se on ne la veoit, il ala maintenant a s'amie, la ou il l'avoit mis. Il l'aporta cha et garni la roche de tout chou qu'il quidoit qu'il convenist. Si i demoura puis tout son aage et fu a grant joie et a grant leeche avoec s'amie tant que il vesqui. Et fu voirs qu'il morurent tout en un jour et furent mis en terre ensamble en la chambre meesmes. Et encore i sont li cors, qui ne pourriront pas a mon vivant pour chou que embaussemé furent."

§ 382, ll. 1-3. Quant la damoisele entent ceste nouviele, elle en est moult lie et moult joieuse. Si pense maintenant que la metera elle Merlin, se elle onques puet.

§ 493, ll. 8-26. Quant elle voit les .II. chevaliers qui ainsi se combatoient, elle s'arreste, et tant qu'elle cognoist le Morholt a ses armes et monseigneur Gauvain aussi. Et lors se merveille moult dont ceste guerre estoit entr'eulx venue, car messire Yvain, auquel elle avoit le jour mesmes parlé, li avoit tout compté comment ilz s'estoient entracompaigniés, lui et le Morholt et monseigneur Gauvain. Et lors parle la damoisele a monseigneur Gauvain et li dist: "Monseigneur Gauvain, dont est ceste grant haine venue qui est entre vous et monseigneur le Morholt? – Damoiselle, fait il, ne sçay, mais il n'est riens que je tant hee comme je fais luy, ne jamais ne quier qu'il ait paix entre moy et luy devant que l'ung en soit mors. – Voire! fait elle, si le haez si mortellement et il vous, ne n'y savez nulle achoison! Par foi, onques mais n'oÿ je tel merveille!" Lors dist a soi mesmes: "Par foi, je cuid que ceulx sont enchantés. Or le me convient savoir, car ce seroit trop grant dommage se ilz s'entreoccioient en tel maniere."

[1] Seguímo-lo texto da edición crítica de Roussineau, *La Suite du Roman de Merlin*. A edición do primeiro fragmento (§§ 380-382) segue o texto do manuscrito Huth (British Library-Additional 38117), mentres que o segundo (§§ 493-496) se basea no texto do manuscrito B. N. fr. 112.

§ 494. Lors gicte son enchantement et essaie se elle les pourroit desanchanter. Et quant elle a ce fait qu'elle quide qui peust valoir a ceste chose, ilz reviennent amdui en leurs sens et en leur memoire, si s'entreregardent. Et messire Gauvain gicte maintenant s'espee jus et son escu, et le Morholt refait tout autretel. "Sire, fait le Morholt, que me demandés vous? – Et vous a moy, beau sire? fait messire Gauvain. Par foy, je ne sçay. – Ne je autressi, fait le Morholt. – Et pourquoy doncques nous sommez nous entrecombatus? – Ne sçay, fait il, se Dieu m'aït. – Ha! Dieu, fait messire Gauvain, nous avons esté enchantés. A pou que nous ne nous sommez entreoccis par mesaventure. – Par mon chief, vous dictes voir, fait le Morholt. Enchantemens a ce esté, car nous nous sommes entrecombatus sanz achoison. Et comment vous sentés vous? Avez vous nulle plaie mortelle? – Nenil, fait il, si comme je cuid, mais se ceste bataille eust plus duré, vous m'eussiés occis et je vous, car nous avons ja assés perdu de sang. Et a vous, comment est il? – Il me feust moult mauvaisement esté se ceste bataille eust plus longuement duré, car j'estoie navré durement et si avoie ja assés perdu du sang. – Par mon chief, seigneurs, fait la damoiselle, enchantés estiés vous voirement. A mourir vous convenist sanz retour en ceste bataille se Dieu ne m'eust ça amenee, car vous estiés hors du sens. – Damoiselle, font ilz, benoicte soit l'eure que vous venistes ça et benoit soit Dieux qui ceste part vous amena, car nous sommez de mort eschappez par vostre venue. Et cil qui vous aprist enchantemens, benoit soit il, car il nous a tant valu a cest afaire que nous ne le pourrions contrepeser. – Certes, fait elle, ce m'est bel, mes or me dictes: savés vous par cui vous avés ainsi esté enchantés? – Nenil, font ilz, car nous ne cuidions mie estre haï, et de haine nous est ce venu, ce savons nous bien. – Certes, fait elle, vous dictes voir, et je vous diray dont ce vous vint. Une dame vint huy a vous, vieille par semblant. Elle requist chascun de vous que vous devenissiés ses amis, mes nul de vous ne s'i pot acorder. Elle n'est mie telle comme vous la veistes, ains est, ce sachés, une des plus belles damoiseles du monde, si le tint a moult grant despit, et elle scet d'enchantemens tant que c'est une merveille. Si ne sçot comment elle se peust si bien venger fors ce qu'elle feist en aucune maniere que l'ung de vous .II. occeist l'autre. Et lors mist elle par son enchantement entre vous .II. la grant haine qui y estoit, car bien vous cuida faire entreoccire par ceste chose. – Par foi, font ilz, si eust elle fait, se Dieu ne vous eust amenee ça. Et vous prisons ore bien, que vous nous dictes voir, car de telle dame nous avint il tout ainsi comme vous avez devisé." Lors remectent leurs espees en sauf et se seignent de la merveille qui leur est avenue, et viennent a leurs chevaux et montent, moult las et moult travailliés et navrés durement, et avoient assés perdu du sang. Et messire Gauvain dist a la damoiselle: "Ha! damoiselle, savés vous ou nous puissons hui maiz herberger? – Certes, fait elle, bien vous en est avenu, car cy pres a une religion de blans moynes qui vous recevront moult volentiers, se vous y alés. Et je mesmes, se vous y voulés venir, yray la pour l'amour de vous et y demoreray anuyt pour vous faire compaignie." Et ilz la mercient moult de ce qu'elle leur offre. "Alés, font ilz, devant, et nous vous suivrons." Et celle le fait tout ainsi comme ilz luy requierent.

§ 495. Quant ilz sont a l'abaÿe venus et les freres voient les chevaliers navrés, ilz leur viennent a l'encontre et les reçoivent moult liement et les font descendre en une des chambres de leans et desarmer et aaisier de quant qu'ilz peurent. A l'endemain, si tost comme le jour fu venus, se leva la damoiselle et prist congié aux .II. compaignons et s'en ala en sa besoingne. Et les chevaliers remestrent leans et sejornerent une sepmaine toute entiere, car moult s'estoient entrenavrés. Et quant ilz se sentirent gueris, qu'ilz porent auques chevaucher, ilz se partirent des freres et se remistrent en leur voye, querant aventures ainsi comme ilz avoient fait autrefoiz.

§ 496, ll. 1-83. Ung jour leur advint qu'ilz vindrent en une lande grant et belle et virent ou milieu du chemin une roche tant haulte comme vous peussiés aux yeulx regarder. Ilz vont celle part pour veoir celle roche, car ce leur semble une merveille. Et quant ilz furent pres venus, ilz n'y voient ne degré ne voye par ou l'en peust aler lassus, et la roche estoit si roide et si polie que, se ung escureux montast, le tenissent ilz a grant merveille. Et quant ilz l'ont bien environnee de toutes pars, ilz dient entr'eulx: "Dieux, pourquoy fut tel chose faicte, quant il n'y a ne maison ne recet ou gens se peussent herberger?" Et endementres qu'ilz parloient ainsi, ilz regardent lasus en haut et voient damoyselles jusqu'a .XII., les plus belles et les mieulx appareillees qu'ilz eussent pieça mais veues. Et parloient ensemble les damoiselles si hault que ceulx dessoubz les pouoient auques oïr. Et sachés qu'elles ne parloient pas des choses trespassees ne de celles qui estoient faictes, ains tenoient illec leur plait et leur conseil des choses qui estoient a advenir aussi bien comme s'elles feussent devinerresses de toutes les choses du monde, ne elles ne servoient nulle saison d'autre mestier que de parler des choses qui estoient a avenir. Quant les .II. compaignons les voient lasus, le Morholt dist a monseigneur Gauvain: "Avés vous veu, sire, merveilles, qu'il a lassus ou sommet de celle roche damoiselles manans belles et coinctes? Ha! Dieu, comment y peurent elles aller? Ja ne cuidasse je pas que ung escureux y peust aler. – Par foi, fait messire Gauvain, ce me ressemble deablerie. Je ne voi pas en nulle maniere comment elles y peussent estre montees, neiz se Dieu leur eust donné esles a voler. – Je n'en sçay que dire, fait le Morholt, fors que il me semble qu'elles naissent de la roche ou elles y sont choites du ciel. Autre chose je n'y voy. Mes de leur manger et de leur boire suis je plus esmaiés que elles mesmes ne sont, car je ne voy en nulle guise comment elles puent avoir a manger, se elles ne le prennent en la roche ou le vent ne leur apporte. – Par foi, fait messire Gauvain, encor cuide je mieulx que elles vivent de vent, car en la roche ne pourroient elles prendre se roche non, la plus dure et la plus naïve que je onques veisse. – Ha! Dieux, fait le Morholt, de quoi servent elles lasus? – Or le poués veoir, fait messire Gauvain. Elles ne servent fors de parler." Et lors commence le Morholt a penser et messire Gauvain lui demande qu'il pense. "Je pense, fait il, a ces damoiselles. Or sçay je bien qui elles sont et de quoy elles servent. Elles sont .XII. et sont seurs de pere et de mere, et fut voir que l'ainsnee sot d'enchantemens tant que ce n'estoit se merveilles non. Celle, pour le grant sens qu'elle avoit en luy, prist estrif encontre Merlin et le cuida occire par son enchantement pour ce qu'il

luy nuysoit souvent a maintes choses qu'elle vouloit faire. Lors s'appensa Merlin, qui encor savoit plus que la damoiselle, qu'il se vengeroit de ce qu'elle beeoit a sa mort. Si fist ne sçay quoy de lui par force d'enchantement, mes au derrain la mist il entre luy et ses seurs en celle roche lasus et l'y aporta par art de deable. Et cuida bien qu'elles morussent en poy de temps, mez ce ne peust pas estre, car celle y est que tant scet d'anchantemens que, s'il avoit que ung pain ou monde et il estoit .C. journees loing, si le feroit elle a soi venir en une heure de jour. – Est ce voir? fait messire Gauvain. – Ouil sanz faille", fait le Morholt. Et il se seigne de la merveille qu'il en a. "Encor y a moult autre chose que vous ne cuidés, fait le Morholt. Vous veez bien qu'elles parlent ensemble ainsi comme si elles tenoient conseil d'ung grant afaire. – Voirs est, fait il, ce voy je bien. – Et savés vous de quoi c'est? – Nenil, fait messire Gauvain. – Et je le vous diray, fait le Morholt. Sachés que quant elles tiennent leur plait ensemble ainsi comme vous pouez veoir, elles n'y parleront ja de chose trespassee et faicte, ainz parlent tousdizt des choses qui sont a avenir et des roys et des contes et des bons chevaliers comment ilz doivent morir et trespasser. – Et comment le savez vous, fait messire Gauvain, que elles tiennent leur plait des choses qui sont a avenir? Je ne cuit mie que homs ne femme en sache granment si ce n'est Merlin – Je le sçay par chevaliers qui cy ont esté aucune foiz, qui leur oient dire pluseurs choses qu'ilz voient puis avenir tout ainsi comme elles le devisoient. Et je vous di que se nous demorons granment cy, il ne puet estre que nous n'y apreignons aucune chose que nous verrons avenir." Lors commencent a escouter les damoyselles qui ensemble parloient, tant que l'une dist: "Et de ces .II. chevaliers qui nous escoutent, dame, que dictes vous?".

ÍNDICE DE PERSONAXES E LUGARES

ARTUR

A figura do rei Artur aparece nos fragmentos peninsulares do *Tristan* e do *Merlin* coma un simple nome mediante o que se evoca a súa corte. Esta circunstancia é, en certa medida, esperable, pois hai que ter en conta que as aventuras que protagonizan os cabaleiros implican o abandono do mundo cortesán. Daquela, a corte de Artur convértese, como sucede en tantas narracións, en punto de partida para o deambular dos cabaleiros de Logres e en referente que os guía nas súas fazañas.

Artur foi un monarca lendario da Britania celta que combateu os invasores saxóns. Arredor del aglutínase unha boa parte da coñecida "materia de Bretaña", tamén denominada "materia artúrica" ou "ciclo artúrico". As orixes incertas deste personaxe déronlle pé a toda unha serie de hipóteses sobre a súa procedencia e a súa verdadeira natureza. Os defensores da teoría sármata, por exemplo, ofrecen unha explicación historicista e derívano do latín *Artorius*, nome que levaba Lucius Artorius Castus, prefecto da Legio VI Victrix, que, procedente de Panonia, se estableceu na Illa de Bretaña. Este mesmo nome romano de *Artorius* foille aplicado, así mesmo, a un monarca bretón denominado Riothamus –traducible por 'rei supremo'–, que dirixiu unha campaña contra os galos no século V. A expedición ultramarina deste Riothamus coincide coa narración de Geoffrey de Monmouth acerca da conquista da Galia e a guerra contra os romanos por parte de Artur. Outros estudiosos optan por situa-la orixe do monarca nos reinos setentrionais de Gran Bretaña, durante a Idade Heroica do século VI. As primeiras mencións ó mítico rei –o poema galés *Gododdin* (séc. VII), a *Historia Brittonum* (séc. IX) e os *Annales Cambriae* (séc. X)– axudarían a situalo na rexión de York; nun momento posterior, a súa sona espallaríase por Strathclyde, na zona suroccidental de Escocia, e de aquí sería adoptado polos galeses. Sen embargo, tampouco hai que desbota-la hipótese que fai de Artur un monarca que, no século VI, ocupou o trono de Dalriada, reino de orixe irlandesa igualmente situado no sudoeste da actual Escocia. Mesmo hai quen viu nel un deus evemerizado da mitoloxía celta ou unha figura folclórica ligada á esperanza da "independencia bretona", e que é protagonista de lendas toponímicas espalladas por toda Gran Bretaña. Por último, algúns achégano ó celta *artos* –'oso'–, pois a súa figura sería de abundante peluxe e de aspecto terrorífico.

De tódolos xeitos, ningunha das hipóteses precedentes ofrece unha explicación convincente, pois o certo é que os feitos atribuídos a Artur proceden de fontes tardías. As primeiras novas que ofrece a historiografía atópanse na compilación coñecida como *Historia Brittonum*, composta no século IX e atribuída ó galés Nennius. Este di que Artur librou doce batallas, todas elas victoriosas, que axudaron a prolonga-la resistencia bretona fronte ós invasores xermánicos; de todas elas, a máis sonada foi a que tivo lugar no monte Badon. No século seguinte, os *Annales Cambriae* ofrecen dúas entradas co nome de Artur. Unha delas data o combate de Badon no ano 516, mentres que a segunda sitúa a morte de Artur e Medraut (Mordred) no ano 527 en Camlann.

Sen embargo, máis inquietante é comproba-lo silencio de Gildas (séc. VI) e Beda (séc. VII) sobre a figura do rei, xa que son os historiadores máis achegados á época na que Nennius e os *Annales Cambriae* sitúan o personaxe. Estes, cando falan da batalla de Badon, mencionan un tal Ambrosio Aureliano, xefe bretón descendente dunha familia romana. As explicacións que se ofrecen para xustificar esta omisión non desbotan as dúbidas acerca da historicidade de Artur. Da obra de Gildas, *De excidio et conquestu Britanniae*, tense dito que era máis un sermón ca un libro de natureza historiográfica, de aí que, máis ca trazar un panorama dos acontecementos da época, só lle interesase reflecti-la decadencia moral dos seus compatriotas. En canto á *Historia ecclesiastica gentis Anglorum* de Beda, arguméntase que a orixe saxona do autor puido influír para que omitise o nome de Artur, nun intento de minimiza-la gloria dos bretóns fronte ó seu pobo. Como se pode apreciar, as causas aducidas poderían explicar, chegado o caso, o silencio de ámbolos dous cronistas, pero non a atribución da victoria de Badon a Ambrosio Aureliano.

Contra o que puidera parecer, segundo o visto ata o de agora, a aparición de Artur é anterior á *Historia Brittonum*. Xa un poema galés do século VI titulado *Goddodin* fala dun xefe bretón que se compara con Artur pola súa ferocidade. No século X hai outro poema en galés, *Preiddeu Annwfn* –ou *O botín de Annwfn*–, que conta a expedición dun grupo de guerreiros mandados por Artur cara ó Alén para conseguir un caldeiro máxico, considerado un dos tesouros da illa de Bretaña. Non menos sorprendente é a asociación de Artur con numerosos accidentes toponímicos espallados por toda Gran Bretaña; algúns destes aparecen recollidos por Nennius nun capítulo da súa obra dedicado a glosar algunhas das marabillas das illas británicas. Un deles, por exemplo, é a pegada do can do monarca Cabal, mentres cazaba o porco Troit; esta nova relaciónase co *mabinogi* de *Kulhwch e Olwen*, no que Artur debe caza-lo xabaril Twrch Trwyth para axudar a Kulhwch a consegui-la man de Olwen, filla do xigante Yspaddaden Penkawr. Por outra banda, a disparidade de lugares asociados con Artur fai pensar nunha gran popularidade deste, tal vez vinculada ó motivo do *espoir breton* –ou 'esperanza bretona'–, que facía do personaxe o monarca durminte que había de volver para expulsa-los saxóns e restablece-lo dominio celta.

A condición real do personaxe é un aspecto que non aparece nos textos máis arcaicos. Nennius, por exemplo, di que Artur era un *dux bellorum*, un xefe guerreiro que loitaba ó lado dos reis bretóns. En cambio, o *mabinogi* de *Kulhwch e Olwen* fai del un emperador que dominaba terras máis alá de Gran Bretaña. Disto dedúcese, polo tanto, que a súa figura sufriu un proceso de engrandecemento e que, co tempo, acadou a condición real. Sen chegar ó grao de exaltación que supón *Kulhwch e Olwen*, as vidas de santos galesas –a *Vida de San Gildas*, a *Vida de San Patern*, a *Vida de San Cadoc* ou a *Vida de San Carantoc*, compostas entre o século X e comezos do século XII– tamén lle conceden o título real. A personalidade que esbozan estes textos sorprende polos seus trazos negativos: Artur é un monarca de carácter arbitrario e colérico, a miúdo en conflicto coa xerarquía eclesiástica, que tan pronto planea apoderarse da túnica de San Patern ou secuestra-la filla do rei Brachanus, como excita a paciencia de San Cadoc, que procura mediar no conflicto que enfronta a Artur con outro xefe bretón chamado Ligessauc.

Como se pode apreciar, antes da adopción das narracións bretonas polas literaturas do occidente medieval, a figura do mítico rei estaba consolidada e, aínda que a miúdo os testemuños se amosan difusos e incoherentes, pódese falar dun corpo de tradicións bastante consistente ó redor da súa figura. A comezos do século XII, como demostra o *mabinogi* de *Kulhwch e Olwen*, Artur aparece asociado á súa espada Escalibur (en galés Kaledvwlch), ó seu escudo Pridein (ou Pridwen), á lanza Ron (ou Rongomiant) e á raíña Xenebra (Gwenwyvar). Así mesmo, desde os textos máis arcaicos, aparecen varios personaxes formando parte do seu séquito: Galván, o senescal Keu, Bedwir (ou Bedivere), etc. Así, Keu e Bedwir acompáñano na *Vida de San Cadoc*; o mesmo Keu e Galván participan no rescate de Xenebra, como se observa no relevo da arquivolta da catedral de Módena –datado a comezos do século XII–, e todos estes pormenores aparecen en *Kulwch e Olwen*. A tradición tamén lle atribúe un fillo, que ás veces se chama Anr (ou Anir), segundo contan os *Mirabilia* da *Historia Brittonum*, e outras Loholt, nome que é o que aparece nos *romans* franceses. Pola contra, a proliferación de parentes que ofrecen os textos posteriores –con varias irmás e numerosos sobriños– non ten correspondencia nos estadios primixenios da tradición.

Tódolos materiais precedentes recibiron un pulo definitivo na *Historia Regum Britanniae* (ca. 1136-1139), de Geoffrey de Monmouth. Neste relato fabuloso, con pretensións de verosimilitude histórica, Artur é o soberano máis poderoso da historia bretona, conquistador dun extenso imperio que abarcaba as Illas Británicas, Francia e os países escandinavos. Monmouth relata como o rei foi concibido gracias a unha estrataxema de Merlín, que axudou a Uther Pendragon a acceder ó castelo de Tintagel para que xacese con Igerna, muller do duque de Cornualles. Tamén conta esta obra a traizón do seu sobriño Mordred, a batalla entre ambos e o traslado do rei moribundo á illa de Avalón, na que será curado das súas feridas. Segundo as profecías que Merlín pronuncia nun dos capítulos da *Historia*, a morte de Artur sería incerta e a súa figura *cibus narrantibus*, o que deixa entrever que as lendas arredor do mítico rei e da súa volta nun futuro non menos vagaroso estaban moi enraizadas nesa época. Do espallamento desas tradicións é expoñente a anécdota recollida nos *Miracula Sanctae Mariae Laudunensis* de Herman de Tournai, clérigo que nos primeiros anos do século XII recorreu varias rexións de Bretaña. Este autor conta a pelexa entre un home de Devon e un dos monxes da súa comitiva que puxera en dúbida que Artur seguía vivo. O máis interesante é notar que Herman dá por habituais este tipo de disputas entre franceses e bretóns.

A figura de Artur, logo da intervención de Monmouth, coñeceu unha nova reformulación na obra de Chrétien de Troyes. Este iniciou o chamado *roman* biográfico, escrito en octosílabos pareados e que relataba a peripecia dun cabaleiro segundo o seguinte esquema: a narración ábrese cunha crise que subverte a orde de corte; a ela séguelle unha serie de aventuras protagonizadas por un individuo excepcional, que restaura a harmonía e que consegue a súa perfección moral e un lugar de preeminencia no mundo artúrico. Como se pode apreciar, o papel desempeñado polo monarca queda bastante minguado, reducido a un *primus inter pares* con pouca capacidade de acción. Abandonada a súa faceta de guerreiro, propia

dos textos temperáns, e desprazado do eido da aventura polos cabaleiros da súa corte, Artur actúa como factor aglutinador, símbolo dun mundo civilizado e cabaleiresco, que se reflicte na Táboa Redonda e no mantemento dun código de conducta que pon a forza da clase guerreira ó servicio da comunidade. O monarca bretón reparte xustiza e queda convertido nun ideal de equidade, de cultura e de espiritualidade. O desenvolvemento destas directrices dálle pé ó motivo do chamado *Arthur fainéant*, que fai referencia clara á pasividade da súa figura.

Os intereses da clase cabaleiresca, que están detrás deste tipo de literatura, chegan mesmo a influír no retrato que do monarca trazan os *romans* artúricos posteriores. O ciclo do *Lancelot en prose* da *Vulgata* comprácese en desvirtua-la personalidade do rei en beneficio da do mellor dos seus servidores, Lanzarote. A oposición rei-vasalo chega a debuxar dous bandos que se converten en antagónicos: dunha parte, os cabaleiros de Logres, encabezados polo rancoroso e desmesurado Galván, o sobriño do rei e dono da súa vontade; doutra, os da Pequena Bretaña, ligados á estirpe de Lanzarote. As actuacións negativas do monarca non se reducen a conceder excesivo creto ás lerias de Agravain ou a deixarse manexar polos desexos de vinganza de Galván; todo o relato está cheo de accións erróneas por parte do soberano, como os amores coa doncela da Rocha dos Saxóns ou a toma de partido en favor da falsa Xenebra.

As obras serodias, xa avanzado o século XIII, prescinden do motivo da pasividade do rei e fan del unha figura máis activa, que ben loita para pacifica-lo reino, ben sae na procura de aventuras. De tódolos xeitos, a recuperación da acción está a miúdo condicionada pola súa condición real e, xa que logo, sitúase de preferencia na etapa de mocidade, antes de consolida-la súa posición no trono bretón. É o que fan, por exemplo, a *Suite-Merlin* da *Vulgata* e *Le livre d'Artus* (ca. 1230-1235), que desenvolven a faceta do Artur guerreiro, ou *Le chevalier au papegau* (s. XV), que o presenta no papel de cabaleiro errante. No caso do *Perlesvaus* (ca. 1210), en cambio, amósase unha situación máis interesante: a abulia do rei provocou a decadencia da súa corte, polo que unha voz divina lle aconsella que emprenda a busca do Santo Graal e se bote a recorre-los camiños da aventura.

A sona do rei Artur, sen embargo, transcende os límites da Idade Media. A súa vixencia percíbese especialmente en Inglaterra, onde pasou a ser considerado como o monarca máis glorioso do pasado lendario desta terra. Deste xeito explícase a insistencia con que foi recreada a súa figura na literatura inglesa do século XIX (Tennyson, Coleridge, Woodworth, etc.) e, incluso, o cultivo que hoxe en día teñen as narracións de ambiente artúrico en países de cultura anglosaxona.

Bibliografía: Alcock, L., *Arthur's Britain*, Penguin Books, London, 1971; Alvar, *El rey Arturo*, pp. 24-30; Ashe, G., *The Discovery of King Arthur*, Doubleday, New York, 1985; *Idem*, "The Historical Origins of the Arthurian Legend", en M. Pors (ed.), *The Vitality of the Arthurian Legend. A Symposium*, Odense University Press, Odense, 1988, pp. 25-43; Chambers, *Arthur of Britain*; Dunning, R. W.,

Arthur: the King in the West, St. Martin, New York, 1988; Jackson, K. H., "The Arthur of History", en Loomis, *Arthurian Literature*, pp. 1-11; *Idem*, "Arthur in the Early Welsh Verse", en Loomis, *Arthurian Literature*, pp. 12-19; Kennedy, E. M., "King Arthur in the First Part of the Prose *Lancelot*", en A. H. Diverres-F. Whitehead-F. E. Sutcliffe (eds.), *Medieval Miscellany Presented to Eugène Vinaver*, Manchester University Press, Manchester, 1965, pp. 186-195; Morris, J., *The Age of Arthur*, Scribner, New York, 1973; Morris, R., *The Character of King Arthur in Medieval Literature*, Brewer, Cambridge, 1982; Nelson Sargent-Baur, B., "*Dux bellorum / rex militum / roi fainéant*: la transformation d'Arthur au XII[e] siècle", *Le Moyen Âge*, XC (1984), pp. 357-373; Schmolke-Hasselmann, B., "King Arthur as a Villain in the Thirteenth-Century Romance *Yder*", *Reading Medieval Studies*, VI (1980), pp. 31-44; West, *French Arthurian Prose Romances*, pp. 25-26.

BLIOBERIS

Cabaleiro que aparece en bastantes *romans bretóns*, aínda que sempre dun xeito fugaz ou como protagonista de aventuras secundarias. O personaxe non sempre pertence á corte artúrica e, de feito, algunhas narracións contan o momento en que se integrou nela. Segundo *Li Beaus Desconneus* de Renaut de Beaujeu (ca. 1185-1190), era o gardián do Gue Perillos, que Guinglain tiña que atravesar camiño de Senadon, cidade na que estaba prisioneira a filla do rei de Gales; o fillo de Galván venceuno e, en pago á súa derrota e ó seu comportamento descortés, impúxolle a condición de presentarse ante o rei Artur. Baixo o punto de vista de Renaut de Beaujeu, o seu carácter non era do todo positivo; a pesar do seu grande valor, non cumpre a palabra dada e, despois de renderse, ordénalles a tres vasalos seus que ataquen o desprevido Guinglain. Na *Primeira Continuación* de *Perceval* (a primeira redacción data de ca. 1200), Blioberis é o gardián das doncelas dos vasos de ouro, descendentes das que, segundo conta a *Elucidación*, foran raptadas polo rei Amangon, feito que ocasionara a desaparición do castelo do Rei Pescador. Neste caso é Galván o que o derrota e o que propicia a súa integración na corte artúrica.

Outras aparicións de Blioberis tamén son dignas de ser salientadas. Así, no *Lancelot propre* participa na busca de Lanzarote e na campaña contra Claudas de la Terre Deserte. Do mesmo xeito, na *Mort Artu* aparece despois da batalla de Salesbières, convertido en eremita, xunto ó arcebispo de Canterbury; eles dous reciben a Lanzarote no seu retiro e, cando o cabaleiro do Lago morre, son os encargados de darlle sepultura na Joieuse Garde. A presencia de Blioberis na parte final deste relato, así como o papel sobranceiro que nela desempeña, non deixan de sorprender, especialmente porque o devandito personaxe non intervén en toda a obra ata ese momento. Na *Suite-Vulgata* de *Merlin* e no *Livre d'Artus* participa nas guerras contra os saxóns; nesta segunda obra, ademais, toma parte na aventura da Laide Semblance e está entre os que defenden a casa de Agloval contra os

asaltos do saxón Agripa. O *Tristan en prose*, en cambio, conta os amores que, durante certo tempo, tivo coa filla de Segurades.

De todas estas aparicións, a máis interesante é sen dúbida a que protagoniza na *Primeira Continuación do Perceval*. Unha vez que Blioberis se integra na corte de Artur, acada sona pola súa mestría á hora de relatar historias. Unha delas –desenvolta, como acabamos de ver, pola *Elucidación*– conta como o costume das fontes foi suprimido polo rei Amangón. Esta peculiaridade permitiulles a algúns críticos, como Loomis, a asociación do cabaleiro con Bleheris (Blihis ou Bledris), o *conteor* bretón que se fixo célebre nas cortes francesas. O certo é que algunhas obras artúricas están postas baixo a autoridade deste *fabulator* –entre elas, curiosamente, a *Elucidación*– e este feito estreitou os lazos de unión entre ámbalas dúas figuras. Sen embargo, os argumentos non son o suficientemente sólidos como para afirmar tal hipótese de maneira categórica. A mesma filiación dubidosa, por exemplo, tense establecido con Blaise, o eremita que, segundo Robert de Boron, lle servía de escriba a Merlín.

O sobrenome do personaxe varía segundo as obras. Unhas veces é chamado Blioberis de Gaunes e outras Blioberis de la Deserte. A *Segunda Continuación* do *Perceval* e o *Tristan en prose* fano fillo de Nestor de Gaunes –irmán á súa vez de Ban e Bohort– e, polo tanto, curmán de Lanzarote. Gracias a este parentesco, algún texto di que é descendente do rei David. Na *Segunda Continuación* el e seu pai enfróntanse sen se coñecer e Blioberis mata a Nestor.

Bibliografía: Alvar, *El rey Arturo*, pp. 45-47; Frappier, J., *Étude sur la "Mort le roi Artu", roman du XIII^e siècle. Dernière partie du Lancelot en Prose*, Droz-Minard, Genève-Paris, 1961, pp. 199-200; Loomis, *Arthurian Tradition*, p. 479; West, *French Arthurian Prose Romances*, p. 42.

BRANDELIZ

Cabaleiro que inicia a súa andaina pola materia bretona na *Primeira Continuación* do *Perceval* ou *Continuación Galván* (a primeira redacción desta obra data de ca. 1200) e que reaparece, entre outros textos, no *Lancelot en prose*, na *Suite-Vulgata*, *Le livre d'Artus*, no *Tristan en prose* e en *Floriant et Florete*. Como se pode apreciar, a súa tradición é máis ben serodia, o que contradí as suposicións que o fan derivar do Bran da mitoloxía galesa. Tal hipótese baséase no nome de Bran de Lis, que aparece en varias obras e que podería corresponder ó mesmo cabaleiro que nos ocupa.

Este nome, como era esperable, levou a emparenta-lo personaxe con Meliant de Lis, cabaleiro que intervén, entre outras obras, no *Perlesvaus* (ca. 1212), no *Perceval en prose* (ca. 1202), no *Jaufré* (ca. 1225), no *Lancelot* (1215-1225) e no *Livre d'Artus* (ca. 1235). Pola súa banda, a *Folie Lancelot* da *Post-Vulgata* (1230-1240) faino fillo do rei Lac e, polo tanto, medio irmán de Erec, en tanto que o *Livre d'Artus* di que era curmán de Guinganbresil, Greoreas, Illesgaleron e Giromelant. O parentesco

con Guinganbresil e Giromelant non parece casual, xa que a débeda de Brandeliz con *Li contes del graal* é evidente. De feito, o papel que desenvolve na *Continuación Galván*, a súa máis antiga aparición na literatura artúrica, semella inspirado na figura de Giromelant. No *roman* de Chrétien, este cabaleiro pretendía a Clarissant, irmá de Galván, e era rival do sobriño de Artur. Na *Continuación*, os papeis están invertidos: Galván seduce a Guilorete, irmá de Giromelant, e este último decide vinga-la deshonra por medio das armas. A continuación do episodio afástase da narración de Chrétien. O combate é aprazado ata que ambos cabaleiros se volvan atopar e isto sucede ó cabo de cinco anos. No medio da liorta aparece Guilorete co neno concibido con Galván. Deste xeito, Artur obriga os dous inimigos a reconciliarse e Bran de Lis pasa a formar parte da corte artúrica. A hostilidade cara ó sobriño do rei mantense, sen embargo, en obras posteriores. No *Livre d'Artus*, Brandeliz e os seus curmáns seguen a Guinganbresil e únense para loitar contra Galván. Máis adiante enfróntanse contra o propio Artur, xa que Bohort, curmán de Lanzarote, matara o rei Amant de Lambale, tío de Brandeliz.

Das outras aparicións deste cabaleiro, tal vez a máis importante sexa a que relata *Claris et Laris*, obra na que protagoniza diversos encontros con desigual sorte e na que cae prisioneiro en varias ocasións; nalgunha delas ten que ser liberado por Claris. As demais constitúen aventuras secundarias. No *Lancelot* da *Vulgata* é capturado, xunto con outros cabaleiros, por Terrican de la Forest Desvoiable, ata que Lanzarote os libera. Igualmente, toma parte na campaña contra Claudas, no torneo do Chastel des Landes e na busca de Lanzarote. No *Tristan en prose* acompaña durante algunhas aventuras ó Cabaleiro do Lago e a Keu, chega a derrubar a Tristán nun encontro e participa na busca do Santo Graal; en cambio, noutra das aventuras que protagoniza, resulta ferido no castelo do Mal Accueil.

Bibliografía: Alvar, *El rey Arturo*, pp. 54-56; Gallais, P., "Gauvain et la Pucelle de Lis", en J. Renson (ed.), *Mélanges de Linguistique Romane et de Philologie Médiévale offerts à M. Maurice Delbouille*, Éditions J. Duculot, Gembloux, 1964, vol. II, pp. 207-229; Newstead, H., *Bran the Blessed in Arthurian Romance*, New York, 1939; West, *French Arthurian Prose Romances*, p. 47.

BRANGEN

Servente de Iseo a Loira, á que acompaña en case tódolos textos que configuran a denominada materia tristaniana. Brangien parte con Iseo cara a Cornualles cando se concertan as nupcias desta e Marco. Ela é a que subministra por erro o filtro amoroso que desencadea a paixón entre Iseo e Tristán. A miúdo representa a fidelidade á súa señora, disposta a sacrificarse con tal de que ela non sufra as represalias do rei. Así, segundo conta Thomas de Inglaterra, na noite de vodas, Brangien ofrécese para substituí-la raíña no leito nupcial, de tal xeito que o rei de Cornualles non sospeite que a noiva non é virxe. Sen embargo, unha vez que a estrataxema deu resultado e pasou o perigo, Iseo intenta mata-la súa servidora,

temerosa do segredo do que é depositaria. Desta maneira queda en evidencia a lealdade de Brangien, que emenda os erros dos seus superiores, pero tamén o carácter egoísta de Iseo, ensimesmada no amor por Tristán e que en ocasións é descrita como enérxica e cruel.

Sen embargo, algúns trazos descobren para Brangien unha personalidade máis complexa do que puidera deducirse polo seu papel de coadxuvante dos amantes de Cornualles. Así, Béroul móstranola despregando unha habilidade dialéctica semellante á que caracteriza a Iseo, como cando confunde a Marco ó contarlle como Tristán falaba mal dela para desacreditala, o que indirectamente axuda a que os argumentos en favor da inocencia de Iseo lle resulten a Marco máis cribles. Incluso, chegado o caso, Brangien non dubida en enfrontarse á raíña, tal e como mostra unha escena do *roman* de Thomas. Ambos personaxes discuten a causa de Kaherdin, futuro marido de Brangien e irmán de Iseo das Brancas Mans. A criada insulta a Iseo a Loira e repróchalle as penalidades sufridas durante os anos que estivo ó seu servicio. A severidade coa que Brangien trata a súa señora revela, por unha parte, un carácter forte, a penas agochado pola lealdade debida á raíña, e, por outra, a posición central que ocupa na historia de Tristán, Iseo e Marco, xa que é unha peza clave nesa relación a tres bandas.

O *Tristan en prose*, polo demais, faina casar non con Kaherdin, senón con Gouvernal, o titor e preceptor de Tristán. Cando Tristán e Iseo marchen a Logres e Gouvernal herde o reino de Leonois, Brangien converterase en raíña. Esta mesma obra proporciónalle un parentesco ata o de entón inédito, xa que fala de dous irmáns, Perynins e Mathael.

Bibliografía: Alvar, *El rey Arturo*, p. 57; Baumgartner, *Le "Tristan en prose"*, pp. 236-238.

CAVALEIRO DA SAIA MAL TALLADA

Personaxe que irrompe na literatura artúrica nunha etapa xa serodia, aínda que as primeiras mencións se remontan ós textos en verso de finais do século XII e da primeira metade do XIII, como *Li Beaus Desconneus* e a *Segunda Continuación* do *Perceval*. Nestes casos, sen embargo, as súas intervencións son moi breves, de aí que a súa configuración como personaxe novelesco non se produza ata as obras en prosa da segunda metade do século XIII: *Tristan en prose*, *Guiron le Courtois*, *Les merveilles de Rigomer* e, xa no século XV, *Le Morte Darthur* de Thomas Malory. De tódolos xeitos, segundo demostra o fragmento publicado en 1897 por P. Meyer e G. Paris, antes destes textos xa había un *roman* de tipo biográfico que contaba a historia deste cabaleiro.

O Chevalier a la Cote Mal Taillie era o alcume de Brunor le Noir, ás veces chamado o Chevalier a l'Escu Vermeil. Era fillo de Brunor, o Bon Chevalier sainz Paor, que tamén recibía o sobrenome de 'le Noir'. O alcume que lle deu sona recibiuno de Keu, que llo adxudicou a causa da roupa que levaba posta cando apareceu na corte do rei Artur. A prenda que lle dá nome ó cabaleiro era a que

vestía seu pai no momento en que foi morto a traizón e, de feito, aínda conservaba as esgazaduras que produciran nela os asasinos. O seu fillo prometera non sacala ata o día en que vingase a morte do pai. Segundo conta o devandito fragmento, Brunor non recibiu a acollida esperada por parte de Artur, de aí que se sentise ofendido e abandonase a corte. O relato interrómpese no intre en que Galván, facendo mostra da súa proverbial cortesía, sae detrás do cabaleiro acabado de chegar.

A versión que ofrece o *Tristan en prose* distorsiona con novos datos a visión parcial do texto fragmentario publicado por Meyer e Paris. Nun par de ocasións recibe o nome de Arquelao e dise, ademais, que era irmán de Dinadan. Nesta mesma obra aparece como membro da Mesa Redonda e atribúenselle varias habilidades, entre elas a de ser experto no manexo da espada e no xogo do xadrez, así como a de ser bo músico. Como é normal no *Tristan en prose*, a empresa que motivara a súa chegada á corte de Artur foi desprazada en favor dunha infinidade de aventuras, moitas delas gratuítas. Incluso é mencionado entre os participantes na busca do Santo Graal.

Bibliografía: Alvar, *El rey Arturo*, p. 65; Meyer, P.-Paris, G. (eds.), "Fragment du Vallet a la Cote Mal Taillie", *Romania*, XXVI (1897), pp. 276-280; West, *French Arthurian Prose Romances*, pp. 54, 78.

CORNUALLA

Reino situado no sudoeste de Gran Bretaña. Pola súa condición de *finis terrae* e de zona periférica respecto a Inglaterra, Cornualles mantivo durante certo tempo, despois da invasión normanda, a pegada da civilización celta. Na rexión de Devon, por exemplo, sitúa Hermann de Tournai a liorta que, segundo conta nos seus *Miracula Sancta Mariae Laudunensis*, tivo lugar entre un membro da súa comitiva e un lugareño acerca do retorno do rei Artur. Da importancia que esta terra puido ter para o desenvolvemento da materia bretona dan fe numerosos testemuños. A batalla de Camlann, por exemplo, celebraríase en territorio cornuallés; así mesmo, o castelo de Tintagel, que se ergue na súa costa norte, considérase a un tempo o berce de Artur e a fortaleza do rei Marco.

Especialmente importante foi o papel desenvolvido por Cornualles na transmisión da materia tristaniana. Foi nesta terra onde mellor se aclimatou esta lenda de orixe setentrional e onde recibiu as reelaboracións previas ó seu espallamento polo continente. Polo tanto, os *romans* de Tristán están cheos de referencias cornuallesas, como o devandito Tintagel ou a illa de Saint-Sanson, situada fronte á punta de Land's End, na que o protagonista e mailo Morholt loitan a morte. Co paso do tempo aparece certa oposición entre os reinos de Cornualles e Logres, ou mellor, de Inglaterra. *Le Morte Darthur* de Malory (mediados do séc. XV) reflicte o sentimento de superioridade que sentían os ingleses con respecto ós cabaleiros cornualleses, dos que se burlan pola súa impericia e falta de valor e ós que desprezan profundamente.

Á parte de se-la terra de Marco, Cornualles é, segundo a *Historia Regum Britanniae*, posesión do duque Gorlois, señor de Tintagel e vasalo do rei Uther Pendragon. Este namorouse da muller do duque, de nome Igerna, polo que xurdiu a guerra entre ambos. Ante a imposibilidade de tomar Tintagel pola forza, pois era unha fortaleza inexpugnable, Uther Pendragon pediulle axuda a Merlín. O meigo aproveitou unha ausencia de Gorlois para cambia-la aparencia do rei e facilita-la súa entrada no castelo. Esa noite Uther Pendragon e Igerna concibiron a Artur.

Ás veces, o Cornualles bretón (Cornwall) confúndese co armoricano (Cornuailles). De feito, a cidade Cabarentin, que recollen os *romans* artúricos, tense identificado coa cidade francesa de Quinper-Corentin, capital do Cornualles continental.

Bibliografía: Lot, *Étude*, p. 148; Padel, O. J., "The Cornish Background of the Tristan Story", *Cambridge Medieval Celtic Studies*, I (1981), pp. 53-81; Pearce, S. M., "The Cornish Elements in the Arthurian Tradition", *Folklore*, LXXXV (1974), pp. 145-163; Tatlock, *The Legendary History*, pp. 56-60.

DINAUX

Dinas de Dinan é o senescal do rei Marco de Cornualles. Descrito como unha persoa íntegra e leal, actúa como contrapeso entre o seu señor e Tristán e Iseo. Por unha parte, é consciente dos seus deberes como vasalo de Marco, de aí que non o traizoe, a pesar de que recoñece a ruindade do comportamento do rei. Ó máis que chega é a interceder por Tristán e Isolda ante o monarca. Esta ecuanimidade faino o personaxe idóneo para mediar no conflicto entre Marco e o seu sobriño. É o que sucede, por exemplo, no episodio en que Tristán lle devolve a súa amada a Marco ou durante o exilio do mesmo Tristán. Coma no caso de Brangien, Dinas exemplifica a lealdade e o bo sentido dos servidores que se manteñen á marxe das paixóns dos seus señores.

Noutras ocasións, en cambio, o seu comportamento non ten tan en conta a obediencia debida ó rei. Así, no xuramento da Blanche Lande, transmitido pola versión de Béroul, decátase de que o leproso non é outro có sobriño do rei disfrazado; Dinas non só non o descobre, senón que participa no xogo de equívocos que protagoniza o falso tolleito, burlándose indirectamente da ignorancia do marido escarnecido e dos *lauzengiers*. O *Tristan en prose* ofrece algúns datos complementarios. Así, á morte de Tristán, o senescal encabeza un partido de nobres rebeldes que busca derrocar a Marco e envialo ó exilio. Sen embargo, unha vez que triúnfa a revolta, Dinas rexeita toma-la coroa de Cornualles, nun último xesto que revela a súa nobreza.

Por último, a toponimia galesa proporciona exemplos, como o da vila de Lidan, que posibilitaron a teoría dunha orixe galesa para o personaxe.

Bibliografía: Alvar, *El rey Arturo*, pp. 121-122; Baumgartner, *Le "Tristan en prose"*, pp. 238-239; Loth, J., "Le sénechal Dinas et la ville de Lidan", *Romania*, XXIV (1895), pp. 337-338; West, *French Arthurian Prose Romances*, p. 94.

DONZELA DO LAGO

A Doncela ou Dama do Lago remóntase á figura da fada que cría no seu reino feérico un mortal que, co tempo, se converterá no seu amante. A súa orixe é, xa que logo, claramente folclórica e emparenta coa figura de Morgana, no sentido de que se namora de homes ós que subtrae do mundo dos mortais para gozar do seu amor. As primeiras aparicións deste personaxe non se vinculan con Merlín, senón con Lanzarote. Os dous *romans* biográficos que abordan a historia do cabaleiro do Lago inciden no motivo das *enfances féeriques*. Lanzarote, segundo *Le chevalier de la Charrette* de Chrétien de Troyes, posuía un anel que lle permitía desfacer calquera encantamento e recibírao na súa nenez da man da Doncela do Lago, a fada que o criara. A sinxela alusión do escritor champañés está máis desenvolvida no *Lanzelet* do suízo Ulrich von Zatzikhoven, obra independente da de Chrétien pero que, posiblemente, se baseara nunha fonte común a esta. Neste caso, a Dama do Lago denomínase Yblis e ten o seu reino feérico nunha illa. Cando Lanzelet era aínda un cativo, arrebatárao dos brazos da súa nai e criárao; unha vez que tivo idade de levar armas, Lanzelet partiu e derrotou a Iweret, inimigo da súa protectora. Tras varias aventuras na corte de Artur, o libro remata coa voda de Lanzelet e Yblis.

A historia anterior foi retomada polo redactor do *Lancelot* do ciclo da *Vulgata*. Neste caso, sen embargo, prodúcese un feito transcendental para a evolución do personaxe, pois a Dama do Lago identifícase con Viviana, a doncela da que se namora Merlín e que finalmente o matará. Trala morte de Ban de Banoic nun combate contra as tropas de Claudas de la Terre Deserte, a súa muller Helaine queda soa á beira dun lago co pequeno Lanzarote nos brazos. Daquela aparece a fada, que colle o neno e introdúcese con el dentro da auga. O lago non é senón un encantamento que permite oculta-lo pazo da Dama, no que Lanzarote vive ata que, feitos os quince anos, é equipado pola súa nai adoptiva e conducido á corte de Artur para que sexa armado cabaleiro. A continuación, o *Lancelot* explica que foi esta fada, Viviana ou a Dama do Lago, a que encerrou a Merlín nunha cova. O meigo namorárase da doncela e esta, para preserva-la súa honra e por temor ó fillo do demo, decidiu desfacerse del. Para iso aprendeu as súas artes, entre elas a de pechar un lugar por arte de maxia, de xeito que nunca puidese ser aberto. A discípula superou o mestre, pois Merlín non tardou en caer víctima dos seus enganos. Deste xeito, o antigo ser feérico converteuse nun mortal que, aínda que continúa chamándose fada, adquiriu os poderes que o caracterizan por medio dunha aprendizaxe.

A primeira parte do *Lancelot* está marcada pola influencia da Dama do Lago, que actúa como protectora do xove protagonista. Por exemplo, axúdao para que poida conquista-la Dolerouse Garde ou envíalle un escudo marabilloso fendido pola metade e que só unirá as súas partes cando se consume o amor de Lanzarote e Xenebra. Sen embargo, a súa presencia vaise esvaecendo a medida que avanza a narración e é practicamente nula nas outras obras da triloxía do *Lancelot en prose*, a *Queste del Saint Graal* e a *Mort Artu*. A vinculación da Dama co protagonista do

Lancelot é a que contribúe a dar do seu carácter unha etopeia positiva. Esta duplicidade no comportamento do personaxe, a protección de Lanzarote e a morte de Merlín, provocan un conflicto aparente que obriga a xustificar esta segunda actuación por medio do ennegrecemento da descrición do encantador. O *Lancelot*, por exemplo, comprácese en conta-las orixes demoníacas do meigo e a súa tendencia á traizón e ó engano. Estes trazos negativos, ademais, concéntranse no relato que explica o encerro a mans de Viviana e contrastan co retrato moito máis favorable do profeta do Santo Graal e da Táboa Redonda de capítulos posteriores.

Nos ciclos máis tardíos, a medida que Lanzarote perde protagonismo, o aspecto de fada maternal da Dama do Lago deixa paso ó da enganadora de Merlín, sen que iso lle afecte ó seu carácter bondadoso. A *Suite-Vulgata*, que se sitúa nos comezos do reinado de Artur, enriquece a súa personalidade coa asociación con Diana. Esta, por exemplo, profetízalle a Dionas, rei da Pequena Bretaña e pai de Niniana, que a súa filla acadará unha grande sabedoría. Outros trazos inciden no dobre aspecto de habitante dos bosques e de virxindade que tamén caracterizaban a deusa romana. Nesta obra, de feito, cobra grande importancia a relación amorosa da Doncela do Lago con Merlín. Este atópaa cando ten doce anos e namórase dela ata o punto de lle ensinar boa parte dos seus saberes. Para evita-lo acoso do meigo, a Doncela dispón dunha almofada máxica que fai durmi-lo encantador mentres el pensa que está xacendo con ela. O encantamento máis complicado que aprende del será o de encerrar unha persoa nun lugar invisible. Deste xeito, chegado o momento, Niniana encerra a Merlín nunha prisión con muros de aire que se ergue no bosque de Broceliande. Alí queda o feiticeiro para sempre, mentres ela o vai visitar de cando en vez para gozar da súa compañía.

O carácter deleitoso do cárcere de Merlín desaparece na *Suite du Merlin*. Neste caso, o meigo non só é encerrado, senón tamén asasinado pola doncela. A torre de aire convértese nunha tumba subterránea e a concordia que reinaba no relato da *Suite-Vulgata* é substituída polo odio que aquela sente cara ó seu pretendente. Por outra banda, a asociación con Diana faise neste caso máis evidente. A primeira aparición de Niviana na corte de Artur ten lugar baixo o aspecto de cazadora, mentres persegue un cervo cunha manda de cans –nesta obra mesmo é denominada a Damoisele Chaceresse–. Nos preliminares da morte de Merlín xorden máis paralelismos: antes de chegar á tumba de Anasteu e da súa amada, o meigo conta a historia de Diana, Felix e Faunus, e o pazo que Merlín constrúe para Niviana sitúase á beira do lago de Diana. A pesar do papel ingrato que asume no ciclo da *Post-Vulgata* –non esquezamos que é a asasina do protector de Artur–, en ningún momento se emiten contra a doncela xuízos negativos. Isto conségueo asumindo o papel que noutrora desenvolvía Merlín, é dicir, o de protector do reino contra as conspiracións da malvada Morgana. Tamén se xustifica pola vontade de preserva-la honra de Niviana fronte á luxuria do seu namorado, aspecto este que vai cobrando progresiva importancia nas sucesivas etopeias do profeta. Nin sequera a perda de relevancia que ten no ciclo a historia de Lanzarote –coa supresión do relato das *enfances féeriques*– supón mingua no seu creto. O papel de Niviana, con todo, queda unha vez máis restrinxido á parte do relato vinculada con Merlín e Morgana.

As *Prophecies de Merlin*, en fin, completan a visión do personaxe ofrecida pola *Vulgata* e a *Post-Vulgata*. Neste caso incluso hai unha intensificación dos valores dispares que encarnan Merlín e a Dama. Aquel, máis luxurioso ca nunca e vinculado cos inimigos de Artur e Lanzarote –Morgana e Claudas–, debía desaparecer polo ben do reino de Logres. Por iso a fada, que está caracterizada cos trazos positivos, o encerra nunha cova. O personaxe tamén se contrapón a Morgana e ás súas amigas –a Dama de Avalón, a raíña Sibile ou a Dama de Sorestan–. Niviana é sempre non só a fada benéfica, protectora de Artur e dos seus cabaleiros, senón tamén a posuidora das artes máis eficaces.

Segundo Malory, a Dama do Lago é a que lle entrega Escalibur a Artur. A orixe desta circunstancia estaría na escena final da *Mort Artu* da *Vulgata*; nela, o rei ordénalle a Girflet que chimpe a espada nun lago e, cando o cabaleiro a guinda, unha man sae da auga para recollela. A semellanza deste motivo, a *Suite du Merlin* facía que a arma de Artur xurdise dun lago e que a doncela que lla entregaba ó rei se chamase a Doncela do Lago. De tódolos xeitos, o redactor desta obra non conseguiu a identificación deste personaxe coa amante de Merlín. A muller que lle dera Escalibur ó monarca morre baixo a espada de Balain cando acode á corte de Artur; polo tanto, é imposible a identificación con Niviana. Por outra banda, na Doncela do Lago da *Post-Vulgata* desenvólvense os trazos que a emparentan con Niviana –e Diana–, en tanto que a única lembranza da súa antiga natureza acuática xorde a través do lago no que Merlín lle constrúe o pazo, lago que, como xa se dixo, tamén se chama de Diana.

Os redactores das obras serodias, como a *Suite du Merlin* ou *Les Prophecies de Merlin*, adxudícanlle diversos amantes: Pelleas, Meliadus ou Branduz. Deste xeito contradínse os dous trazos fundamentais da Dama do Lago-Niviana: o amor cara ó mortal que criara no seu reino feérico, para a primeira, e a preocupación pola virxindade, para a segunda. Outro aspecto no que se produce unha inquietante inestabilidade é no seu nome, transcrito nas obras de formas moi variadas: Niniane, Viviane, Niviane, Ninienue, Nymue...; todo isto dificultou a fixación da forma primixenia do nome e, xa que logo, o estudio da súa orixe.

Bibliografía: Alvar, *El rey Arturo*, pp. 114-115; Hamp, E. P., "*Viviane* or *Niniane*? – A Comment from the Keltic Side", *Romance Philology*, VIII (1954-1955), p. 91; Harf-Lancner, L., *Les fées au Moyen Âge. Morgane et Mélusine. La naissance des fées*, Honoré Champion, Paris, 1984; Holbrook, S. E., "Nymue, the Chief Lady of the Lake in Malory's *Le Mort Darthur*", *Speculum*, LIII (1978), pp. 761-777; Loomis, *Arthurian Tradition*; Nitze, W. A., "An Arthurian Crux: Viviane or Niniane?", *Romance Philology*, VII (1953-1954), pp. 326-330; Paton, *Studies*; Rousse, M., "Niniane en Petite-Bretagne", *Bulletin Bibliographique de la Société Internationale Arthurienne*, XVI (1964), pp. 107-120; West, *French Arthurian Prose Romances*, pp. 89-90, 233-234.

DONZELA MALDIZENTE

Personaxe do *Tristan en prose* que acompaña na súa viaxe ós Destrois de Sorelois a Brunor, que daquela era cabaleiro novel. A Doncela recibe tal epíteto porque se burla da pouca idade do cabaleiro. Aínda que con este nome só a atopamos no *Tristan en prose*, a figura da Doncela Maldicente baséase no modelo ofrecido en *Li contes del graal* de Chrétien de Troyes pola Orgueilleuse de Nogres, a doncela de Galvoie que se burla de Galván e que o somete a todo tipo de probas desmesuradas. Un antecedente deste personaxe encóntrase en *Le Chevalier de la Charrette* (1177-1181), do mesmo Chrétien. Nesta obra, unha doncela proponlle a Lanzarote acompañalo durante un treito do seu camiño cara ó reino de Logres. A doncela sabía que, segundo o costume de Logres, Lanzarote estaba obrigado a defendela de todos aqueles que intentasen arrebatarlla da súa custodia por medio das armas. Estes dous personaxes que se acaban de mencionar foron os primeiros dunha serie de mulleres orgullosas que atacan verbalmente os cabaleiros ou que os empurran a situacións de moito perigo. Constitúen o motivo que Guerreau-Jalabert denomina *Woman Satirist*, que reaparece no *Lai du Cor* (1150-1175), en *Le Chevalier de la Charrette*, *Li Beaus Desconneus* (1185-1190), a *Segunda Continuación do Perceval* (a primeira redacción data de ca. 1200) e *Floriant et Florete* (1250-1275). Un antecedente máis afastado deste tipo de muller estaría constituído por Soredamor, a nai de Cligès, que se amosa desdeñosa ante as primeiras manifestacións amorosas de Alexandre. Neste caso estariamos ante a orixe do motivo: a dona que se mostra altiva e desprezativa no xogo amoroso. A esta figura primixenia engadíronselle outros motivos secundarios, como o da doncela que lle concede o seu amor a quen a conquista despois dunha serie de probas, o da doncela dos torneos ou o da fada que domina a vontade dun cabaleiro.

A postura dos escritores fronte a este tipo de muller adoita ser condenatoria, pois rompe os esquemas do que debería se-lo comportamento feminino, ó tempo que pon en perigo os cabaleiros que atopa. Sen embargo, a esencia do motivo consiste en inverte-la escala de valores sobre a que se fundamenta a literatura cabaleiresca, en darlle a volta a unha situación de predominio masculino. Normalmente este tipo de narracións reflicte o pensamento dunha sociedade de homes dedicados á guerra e que adoptan unha postura ambigua respecto á muller. Esta é, por unha parte, obxecto de desexo e, por outra, motivo de inquedanza e hostilidade. A muller suscita o temor a caer nas redes da grande enganadora, aliada de Satán e propagadora do pecado. Un amor absorbente e desmesurado, tal e como o vivía o xénero feminino, levaba o home ó esquecemento do seu labor social de cabaleiro –a *recreantise*– e á perdición eterna.

Aínda que a muller das ficcións artúricas adopta unha posición máis activa da que a realidade lle ofrecía ó seu xénero, esta ruptura de esquemas quedaba salvagardada unhas veces polo aspecto lúdico da *fin'amor*, que restrinxía o seu emprego a eidos moi concretos da vida, e outras polo distanciamento feérico, que facía caer sobre tódalas femias con iniciativa sexual e amorosa a sospeita dunha natureza sobrenatural a penas agochada. Tal característica vólvese perigosa cando

se une a outros dous factores. Un deles é a desmesura propia das mulleres, contraria á ponderación que esixían os códigos de conducta, mesmo os masculinos; o outro, a posición de hostilidade implícita dos homes con respecto ó outro sexo, que, chegado o caso, podía volverse contra eles mesmos.

O resultado é a todas luces subversivo, de tal modo que o home, atrapado pola rixidez do comportamento cabaleiresco e cortés, se converte nun xoguete nas mans desta doncela orgullosa. O propósito deste tipo de episodios tal vez era denunciar un sistema de valores que, aplicado ata as súas últimas consecuencias, podía caer no absurdo. Pero da mesma maneira, e tal vez porque o que se pretendía era resalta-lo eterno perigo das mulleres –que eran incapaces de empregar correctamente un esquema de comportamento en principio positivo–, o certo é que neles se produce o esnaquizamento da cultura cortés. A esta situación chégase cando, como facía a Orgueilleuse de Nogres –así mesmo denominada a Perversa Doncela– con Galván, a muller somete o cabaleiro a probas inhumanas e, incluso, ridículas. Neste caso o que fica ridiculizado é o motivo da emulación cabaleiresca con vistas a consegui-lo amor dunha doncela. Unha variante menos agresiva é a da muller que critica un cabaleiro –como fan a mensaxeira de Blonde Esmerée en *Li Beaus Desconneus*, que guía a Glinglain cara a Senaudon, ou a Donzela Maldicente que estamos tratando–, normalmente porque este é o seu campión e non confía nas posibilidades do protagonista de levar a cabo unha empresa. Aquí é ela a que queda en evidencia, xa que o cabaleiro adoita ser quen de demostra-lo seu valor: deste modo, as críticas da muller vólvense contra ela e queda ben claro que foi a súa desmesura a que a levou a prexulgar erroneamente unha situación. Neste sentido, este segundo tipo pódese considerar unha variante menos perigosa cá anterior, destinada precisamente ó contrario, é dicir, a demostra-la incapacidade do xénero feminino para emitir xuízos acertados.

Bibliografía: Chênerie, *Le chevalier errant*, pp. 441-443; Ménard, Ph., *Le rire et le sourire dans les romans courtois en France au Moyen Âge (1150-1250)*, Droz, Genève, 1969, pp. 220-223; West, *French Arthurian Prose Romances*, p. 91.

GALVAN

Galván é sobriño de Artur e un dos cabaleiros máis destacados da súa corte. Pola súa dignidade, os textos franceses dedícanlle o tratamento honorífico de *messires Gauvains*. Dende os testemuños galeses máis arcaicos, aparece ligado á figura do monarca bretón baixo o nome de Gwalchmei. Así, está entre os guerreiros artúricos que se mencionan en *Kulhwch e Olwen*. Tamén é mencionado entre os cabaleiros da arquivolta de Módena, onde recibe o nome de *Galvaginus* –tal vez derivado do galés Gwalliadvwyn ou 'Cabelos Brillantes'–. Outros textos que mencionan o personaxe reflicten a tradición anterior a Monmouth, como serían as *Tríades* e a *Gesta Regum Anglorum* de William de Malmesbury (1124). Nesta última obra cóntase o descubrimento da tumba de Galván, que tivo lugar en

Dover no 1086. Unha tradición posterior fai de Galván o fillo do rei Lot de Lodonesia (ou Lot de Orcania) e dunha irmá de Artur que ás veces permanece anónima e outras recibe os nomes de Anna ou Morcades –Morgan ou Morgawse–. A similitude destes últimos nomes co de Morgana, irmá tamén de Artur, así como a relación desta con Lot e coa rexión escocesa de Lothian, que correspondería ó reino artúrico de Lodonesia, fan de Galván fillo da famosa fada. Dende o *Merlin* en prosa atribuído a Robert de Boron é irmán de Agravain, Gaheriet, Gerrehet e Mordred, e será este parentesco o que recollan os *romans* do século XIII. Outros textos outórganlle un fillo, Glingain, protagonista do *roman* postclásico de Renaut de Beaujeu titulado *Li Beaus Desconneus* (1185-1190); noutros casos dise que ten unha irmá que, segundo *Li contes del graal* (1181-1190), se chama Clarissant e é a prometida de Giromelant, mentres que no *Perceval en prose* non se lle dá nome e namórase de Perceval.

Os textos que falan da súa infancia, o *Hortus Walwanus* (ca. 1277) e as *Enfances Gauvain* (comezos do séc. XIII), contan como Galván foi fillo ilexítimo da raíña Morcades –ás veces éo de Anna–, que o abandonou nun cesto botado ó mar; un pescador recolleuno e fíxoo chegar, segundo unhas versións, ó Papa, segundo outras, ó Emperador. Ó medrar, acadou sona polo seu valor e volveu a Bretaña, onde entrou ó servicio do seu tío.

Dende o punto de vista da estructura dos relatos, a presencia de Galván constitúe un dos trazos característicos da corte de Artur. En efecto, todo *roman* artúrico inclúe na descrición da corte a Galván e a Keu, conformando ambos unha parella antagónica: o primeiro, paradigma da cortesía; o segundo, modelo de fachenda e de comportamento desmesurado. Este é incapaz de levar a termo unha soa aventura e, polo tanto, é o representante do aspecto sedentario da vida cortesá; aquel, pola contra, é o exemplo de cabaleiro andante e, como tal, da vida errabunda das aventuras.

Entre as características que destacan do sobriño de Artur está a de adaptala súa forza ó curso do sol, de tal maneira que vai medrando ata mediodía comezando a declinar a partir de entón. Esta peculiaridade propiciou a interpretación mitolóxica do personaxe, no que se quixo ver un mito solar evemerizado. Outras características que acompañan o personaxe son reflexo da dignidade acadada pola súa figura. De tódolos cabaleiros da corte, Galván é o que posúe o cabalo máis coñecido da materia bretona –e case o único con nome de seu–, o Gringalet, no que algúns queren ver un animal sobrenatural, regalo outorgado por unha fada. Outros textos fan a Escalibur propiedade de Galván. *Li contes del graal* de Chrétien de Troyes (1181-1190), por exemplo, comenta esta circunstancia sen aclarar como chegou ás súas mans; en cambio, a *Suite-Vulgata* aclara que Escalibur era a espada que, arrincada da zafra, lle outorgou a Artur o trono de Bretaña. No combate contra o xigante Rion, o rei conseguiu unha espada moito mellor, de aí que lle cedese a anterior ó seu sobriño. De tódolos xeitos, Escalibur reaparece nas mans de Artur nos últimos momentos da súa vida, pois a *Mort Artu* conta como o monarca lle ordenou a Girflet que a botase nun lago despois da batalla de Salesbières, para que ninguén a posuíse trala súa morte.

Os *romans* de Chrétien de Troyes fan de Galván un dos cabaleiros máis destacados da corte e conságrano como modelo de cortesía cabaleiresca. Con todo, a imaxe que del ofrece o escritor champañés non está exenta dunha certa ironía. De feito, a pesar do relevo que Galván adquire nos sucesivos *romans* de Chrétien, sempre queda relegado a un segundo plano, como contrapunto ou coadxuvante dos diversos heroes –Yvain, Lanzarote ou Perceval–. Nestes casos, o protagonista principal supera a Galván, pois, mentres aquel sofre un proceso de perfeccionamento cabaleiresco ó longo do relato, este queda estancado no papel de cabaleiro valoroso e cortesán, sen posibilidade de avance. Outro factor constitúese en determinante á hora de configura-la súa personalidade. Os seus comportamentos amorosos, adscritos ós valores tradicionais da *fin'amor*, impídenlle manter unha relación estable; xa que logo, as súas experiencias sentimentais serán esporádicas e superficiais e, polo tanto, o cabaleiro non será quen de aproveita-las posibilidades de perfeccionamento que ofrece o *iter amoris*. Por esta mesma causa, Galván non tomará parte na problemática que propoñen boa parte dos *romans* de Chrétien, baseados no conflicto que xorde entre a *fin'amor* e a vida cabaleiresca consagrada á busca da *proesse*.

Como se observará ó falar de Yvain, en *Le Chevalier au Lion* de Chrétien de Troyes (1177-1181) Galván representa as forzas da corte, que arrebatan o protagonista dos brazos de Laudine e que provocan que este esqueza a súa muller e se mergulle na vida de torneos, propia da clase aristocrática. En *Le Chevalier de la Charrette* Galván parte xunto con Lanzarote á procura de Xenebra, pero, como demostra o relato, a súa proeza é inferior á do cabaleiro do Lago e non é quen de atravesa-la Pont souz l'Eve que permite o acceso ó reino de Gorre. A diferencia de Lanzarote, Galván non se move por unha causa tan sublime como é o amor pola raíña, de aí que se vexa superado na empresa polo Cabaleiro do Lago. Polo que atinxe a *Li contes del graal*, a progresión de Perceval, dende o seu estado inicial de *naïf* a cabaleiro chamado a culmina-la busca do graal, supón a equiparación e posterior superación das calidades atesouradas polo sobriño do rei. A primeira parte das aventuras de Perceval remata, dun xeito simbólico, coa invitación de Galván para que o xove cabaleiro acuda ó campamento do rei, sinal de que, alomenos dende un punto de vista cortés, ambos están ó mesmo nivel. A decisión de Galván de partir na axuda da doncela de Montesclaires e a promesa de Perceval de non descansar dúas noites no mesmo lugar ata que non atope por segunda vez o graal supoñen un hiato na carreira do outro. A segunda parte da obra, centrada nas aventuras de Galván, acentúa o tratamento irónico con respecto ó código cabaleiresco que encarna o sobriño de Artur.

Despois de Chrétien, a evolución de Galván segue unha dobre tendencia. Os *romans* posclásicos en verso, seguindo o ronsel do de Troyes, conságrano como un dos seus personaxes máis recorrentes. De feito, a clasificación establecida por A. Micha baséase en tres grupos de textos. Destes, un está configurado como unha *queste* protagonizada por este cabaleiro: *Le chevalier à l'épée* (ca. 1210), *La vengeance Raguidel* (ca. 1210), *L'atre perilleux* (ca. 1250), *Humbaut* (1250-1275), etc. Noutra das categorías, a súa figura desempeña o mesmo papel de

acompañante ou contrapunto do heroe que lle adxudicara Chrétien (por exemplo, *Meraugis de Portlesguez*, *roman* datado en ca. 1210). Sen embargo, os ciclos prosísticos creados arredor do tema do Graal irán ennegrecendo a personalidade de Galván. O *roman* non cíclico de *Perlesvaus* aínda non lle é especialmente hostil e fai del un dos catro cabaleiros –xunto a Lanzarote, Perceval e Artur– que protagonizan a busca da reliquia. Máis radical será a postura que adopte o ciclo do *Lancelot en prose* (1215-1230). Neste caso, Galván, mercé á súa natureza cortés, contraponse á cabalería celestial que propugna a ideoloxía da obra. Por esta razón non só se ve desprazado da empresa do Santo Graal, senón que se converte no modelo de cabaleiro pecador e, a diferencia de Lanzarote, incapaz de arrepentimento. A maldade que a *Queste del Saint Graal* lle atribúe ó cabaleiro reflíctese no seu comportamento durante a busca reliquia, xa que mata quince dos seus compañeiros. Convertido en elemento negativo da corte, é o mesmo Galván quen, na *Mort Artu*, excita a animadversión entre as liñaxes de Artur e do rei Ban. Os desexos de vinganza apodéranse del cando seu irmán Gaheriet morre a mans de Lanzarote; sente entón un odio sen mesura polo cabaleiro do Lago, impide a reconciliación deste con Artur e fai que o rei leve a guerra á terra de Benoic. Víctima do seu propio carácter, cae mortalmente ferido nun combate con Lanzarote e, de volta a Bretaña, morre ó desembarcar en Dover. Este carácter camorrista e traizoeiro é retomado polo ciclo da *Post-Vulgata*, só que, neste caso, as disputas prodúcense entre as familias de Galván e de Perceval, pois o pai deste, Pellinor, matara nun combate o rei Lot, que se rebelara contra Artur.

Un retrato máis favorable atópase no *Merlin* da *Vulgata* (ca. 1230). A chamada *Suite-Vulgata*, centrada nos anos de mocidade de Artur, comprácese en describir a Galván como un dos cabaleiros de máis valor do reino. Neste relato é xefe dun grupo de mozos acabados de chegar á cabalería, que lle dan o seu apoio ó novo rei fronte ós nobres rebeldes, a pesar de que o propio rei Lot é un dos caudillos da revolta. Similar é o tratamento que lle dispensa a versión da *Suite-Vulgata* coñecida como *Livre d'Artus*. Galván será aquí o máis firme valedor do xove rei no seu difícil camiño para afianzarse no trono de Bretaña.

Bibliografía: Alvar, *El rey Arturo*, pp. 185-187; Bogdanow, F., "The Character of Gauvain in the Thirteenth Century Prose Romances", *Medium Aevum*, XXVII (1958), pp. 154-161; Busby, K., "The Character of Gauvain in the *Prose Tristan*", *Tristania*, II, ii (May, 1977), pp. 12-28; *Idem*, *Gauvain in the Old French Literature*, Rodopi, Amsterdam, 1980; Delbouille, M., "Les origines du nom et du personnage de Gauvain", *Travaux de Linguistique et Littérature*, XI (1973), pp. 549-559; Frappier, J., "Le personnage de Gauvain dans la *Première Continuation de Perceval*", *Romance Philology*, XI (1957-1958), pp. 331-344 (reed. en *Idem*, *Amour courtois et Table Ronde*, Droz, Genève, 1973, pp. 153-167); Kelly, F. D., "Gauvain and *fin'amor* in the poems of Chrétien de Troyes", *Studies in Philology*, LXVII (1970), pp. 453-460; Morcovescu, N., *La légende de Gauvain dans les*

romans du Graal avant 1200, Diss. Pennsylvania, 1963; Nitze, W. A., "The Character of Gauvain in the Romances of Chrétien de Troyes", *Modern Philology*, L (1952-1953), pp. 219-225; Pitkin, M., *The biography of Gawain in French Literature*, Diss. Chicago, 1928; Thompson, R. H., "Gawain against Arthur: The Impact of a Mythological Pattern upon Arthurian Tradition in Accounts of the Birth of Gawain", *Folklore*, LXXXV (1974), pp. 113-121; Weston, J. L., *The Legend of Sir Gawain*, David Nutt, London, 1897.

GLINGAIN

Tamén coñecido polo alcume de 'O Belo Descoñecido', Glingain é fillo de Galván e dunha fada que ás veces se chama Blacemal e outras Helinor. As súas intervencións nos relatos artúricos son fugaces e episódicas, e tampouco aparece nun gran número de obras –*Segunda Continuación do Perceval* (ca. 1200), *Jaufre* (ca. 1225)–. De feito, Glingain sería un cabaleiro moi secundario na materia de Bretaña de non se-lo protagonista dun *roman* postclásico en verso, *Li Beaus Desconneus* (ca. 1185-1190) de Renaut de Beaujeu. En realidade, o motivo central deste relato forma parte dun conxunto de obras no que se inclúen a traducción ó inglés da obra de Beaujeu –titulada *Li beaus Desconeus*– (ca. 1325-1350), o tamén inglés *Carle off Carlile* (ca. 1400), o alemán *Wigalois* (ca. 1210) de Wirnt von Gravenberg ou o *Carduino* (1350-1400) do italiano Pucci.

Li Beaus Desconneus narra a chegada dunha doncela á corte de Artur en demanda de axuda para a súa señora, a filla do rei de Gales, que fora convertida en serpe por dous encantadores. Quen asume a empresa é un cabaleiro novel, acabado de chegar á corte e de quen se descoñece o nome e a condición, pero que, pola súa fermosura, recibe o alcume de Beaus Desconneus. A pesar das queixas da doncela, que se laia de que a sorte da súa señora se deixe nas mans dun cabaleiro inexperto, Glingain sae da corte e vai vencendo unha tras outra tódalas probas que lle saen ó encontro. Unha delas consiste en derruba-lo costume da Isle d'Or; a entrada a esta cidade estaba defendida por un cabaleiro contra o que debían enfrontarse tódolos que quixesen entrar na fortaleza. As cabezas dos vencidos eran cortadas e cravadas en estacas no camiño de acceso. O cabaleiro desapiadado esperaba manterse invicto durante sete anos e conseguir así que a señora do lugar, a Damoisele aux Blanches Mains, accedese a casar con el. A victoria de Glingain sobre aquel dálle o amor da doncela, pero o protagonista debe continuar para culmina-la súa empresa e, ó día seguinte, moi cedo, abandona a Illa de Ouro.

O destino final de Glingain é a cidade en ruínas de Senaudon. Alí supera as probas que lle permiten desencantar a Blonde Esmerée, a filla do rei de Gales. A derradeira é a aventura do Fier Baisier. Segundo esta, o cabaleiro debía bicar na boca unha serpe monstruosa que, en realidade, era unha doncela encantada. Nese momento o Biaus Desconneus accede á súa verdadeira identidade e á da súa liñaxe, sinal de que por fin acadou o mérito suficiente para ocupar un posto na sociedade cabaleiresca. En recompensa pola súa fazaña, Glingain obtén a man de

Blonde Esmerée e ámbolos dous parten cara á corte de Artur para celebrar alí os seus esponsais. Sen embargo, o protagonista lembra a Damoisele aux Blanches Mains e as circunstancias nas que partira do seu lado, polo que decide marchar cara á Illa de Ouro. O intento de recupera-lo amor da fada é inútil e, logo de quebrar un tabú, tanto a doncela como a súa fortaleza desaparecen. Glingain, daquela, acode á corte artúrica para casar con Blonde Esmerée.

Bibliografía: Alvar, *El rey Arturo*, pp. 38-39; Micha, A., "Miscellaneous French Romances in Verse", en Loomis, *Arthurian Literature*, pp. 358-392; West, *French Arthurian Prose Romances*, p. 84.

IVAN

O Iván do fragmento portugués de *Merlin* correspóndese co Yvain dos textos franceses, protagonista do *roman* de Chrétien de Troyes titulado *Le chevalier au Lion*. O seu antecedente sería o galés Owein, fillo de Uryen e Modron, que recollen as *Trioedd Ynys Prydein* ou *Tríades da Illa de Bretaña* –catálogo de personaxes e motivos da historia bretona agrupados de tres en tres e que os bardos utilizaban como recurso nemotécnico–. A pesar do que podería inferirse pola súa asociación con Modron, deusa galesa emparentada coa divindade galocelta matrona, as xenealoxías galesas demostran que as súas orixes non son mitolóxicas, senón históricas. Yvain pertencería á casa real de Reghed, da que, no século VII, foi monarca o seu pai Urien. De tódolos xeitos, a vinculación con Modron é máis profunda do que puidera pensarse nun primeiro momento. O *mabinogi* de *O soño de Rhonabwy* (1220-1225) presenta a Owein xogando unha partida de xadrez con Artur, mentres unha bandada de corvos ataca os guerreiros do rei. Do mesmo modo, outro relato integrado na colección dos *Mabinogion*, *A dama da fonte*, remata sinalando que os seus dominios se chamaban As Trescentas Espadas de Cenferchyn e O Voo dos Corvos. O parentesco coa deusa Modron debeu de ser unha manobra para exalta-la liñaxe de Urien e Owein, pois nas versións primixenias o fillo de Modron era Mabon, deus da morte. Daquela, estariamos ante a divinización dunha estirpe real que foi logo novelada.

Como se sabe, Modron correspóndese coa deusa irlandesa Morrigan –a Grande Raíña–, que preside unha tríade formada pola mesma Morrigan, Macha e Badh. Estas tres divindades, triple aspecto dunha mesma personalidade, represéntanse baixo a forma de pegas. Emparentada con estas figuras mitolóxicas estaría Morgana, nai de Yvain e muller de Urien. No primeiro texto en que esta aparece, a *Vita Merlini* de Geoffrey de Monmouth (1148-1151), destacan dous aspectos que resultan moi interesantes porque reforzan a asociación de Yvain con Modron e coa facultade que esta posúe para converterse en gralla. Por unha banda, é capaz de adopta-la forma de paxaro, mentres, por outra, é señora da Insula Pomorum, identificada coa Illa de Avalón. Ambas características amosan certa recorrencia nos *romans* artúricos. Así, no *Perceval en prose* (ca. 1200), cóntase como o protagonista se enfronta no

Gue Perellos a un cabaleiro chamado Urbain, que defende o paso para facerse merecedor do amor da súa dona. Cando Urbain está a punto de ser derrotado, unha bandada de paxaros negros ataca a Perceval; este consegue matar un deles e Urbain declara que as aves son as doncelas da súa dona, a señora de Avalón, e que o paxaro abatido será conducido á illa.

En xeral, Yvain ocupa un lugar de certo relevo na corte artúrica. Ademais de recibir, como lle sucedía a Galván, o título de *messires*, o seu nome adoita aparecer nas enumeracións de cabaleiros que abren boa parte dos *romans* artúricos. Da mesma maneira, no ciclo da *Vulgata*, participa nas empresas máis importantes do reino, como a busca do Santo Graal ou as guerras contra os saxóns e os romanos. Incluso cando Artur é capturado pola encantadora Gamille, Yvain ocupa o lugar do rei, ó mando do exército de Logres que asediaba a Roche des Saisnes. O feito de ser un dos últimos cabaleiros en morrer na batalla de Salesbières a mans de Mordred indica, así mesmo, a súa relativa importancia na materia bretona. Esta presencia continua non impide, sen embargo, que o seu posto estea sempre nun segundo plano con respecto ó doutros cabaleiros. Só no *Chevalier au Lion* –e no seu correspondente galés, o *mabinogi* de *A dama da fonte*– acada protagonismo.

A citada obra de Chrétien de Troyes conta como Yvain parte trala aventura da fonte que lle oíra contar ó seu curmán Calogrenant. Alí enfróntase a Esclados li Vermeil, ó que deixa malferido e ó que persegue ata o seu castelo. Yvain queda atrapado nas portas da fortaleza e é axudado por Lunette, doncela ó servicio de Laudine, a muller de Esclados. Lunette ocúltao dos habitantes do castelo, cheos de xenreira trala morte do seu señor a consecuencia das feridas recibidas no combate. A doncela aprecia as calidades de Yvain e decide que é un bo home para a súa señora, de aí que convenza a esta para que case co cabaleiro. As súas boas artes conseguen que Laudine pase da xenreira cara o asasino do seu esposo á paixón amorosa. Daquela, ambos casan e Yvain sucede a Esclados na custodia da fonte do bosque. Pasa o tempo e a corte de Artur mobilízase para buscar a Yvain. Tras atopalo na fonte, Galván convénceo para que volva á vida cabaleiresca de *questes* e torneos. Laudine dálle un prazo dun ano para volver ás súas posesións, pero o protagonista esquece a súa promesa; un día, unha doncela de Laudine acode á corte de Artur para comunicarlle a Yvain o repudio da súa señora. Este tolea e pasa un tempo vagando polo bosque ata que, recuperada a saúde, comeza unha carreira de trunfos cabaleirescos que lle devolverán o favor da súa dona. Nunha destas aventuras axúdalle a un león que loitaba cunha serpe; o animal, agradecido, convértese en compañeiro inseparable do cabaleiro, que a partir dese momento recibe o alcume de 'Chevalier ou Lion'.

Unha obra posterior, como é o *Lancelot propre*, dará outra explicación para o sobrenome de Yvain. Segundo este *roman*, o cabaleiro levaba no seu escudo a pel dun león que matara un curmán de Lanzarote chamado Lionel. Do mesmo xeito, outra obra serodia, a *Suite du Merlin*, concédelle novo relevo ó fillo de Urien e Morgana. Neste caso convértese nun dos protagonistas da triple aventura que protagonizan Galván, Morholt e o mesmo Yvain. Na fonte de Aroie atopan tres doncelas ás que se ofrecen a custodiar durante un ano. Pouco antes de cumprirse

o prazo, a doncela de Yvain morre no Perron du Cerf, pero, a pesar diso, el chega no tempo acordado á fonte de Aroie. Alí espera en van os seus compañeiros, ata que unha doncela o avisa de que ambos están presos na Roche aux Pucelles. Na Roche comproba que os dous están encantados e non o recoñecen; daquela marcha ata que é atopado polas doncelas da raíña Xenebra, que o conducen ante Artur. Yvain conta entón a desventura de Galván e Morholt.

O nome de Yvain serviu para designar unha multiplicidade de cabaleiros artúricos, o que provocou non poucas confusións nas diferentes obras co fillo de Urien e Morgana: Yvain o Bastardo, Yvain das Brancas Mans, Yvain de Cinel, Yvain o Doncel (tamén chamado Yvain de Esclain). Estes homónimos proceden, en moitos casos, dun desdobramento do Cabaleiro do León, como demostra o feito de que un feixe deles sexan os seus parentes, ás veces irmáns e outras curmáns.

Bibliografía: Alvar, *El rey Arturo*, pp. 409-413; Bromwich, R. (ed.), *Trioedd Ynys Prydein. The Welsh Triads*, University of Wales Press, Cardiff, 1978; Brugger, E., "Yvain and His Lion", *Modern Philology*, XXXVIII (1940-1941), pp. 267-287; Loomis, *Arthurian Tradition*, pp. 269-273; Tatlock, *The Legendary History*, p. 154; West, *French Arthurian Prose Romances*, pp. 308-311.

KEIA D'ESTRAUZ

Cabaleiro secundario da corte artúrica, aparece xa mencionado por Chrétien de Troyes en *Erec et Enide* (ca. 1170) e en *Le Chevalier de la Charrette* (ca. 1177-1181). As súas actuacións máis significativas teñen lugar, sen embargo, nos textos en prosa do século XIII. No *Lancelot propre* (ca. 1215) é un dos cabaleiros liberados por Lanzarote no curso da súa primeira grande fazaña, a conquista da Doloreuse Garde. Na mesma obra reaparece nun episodio paralelo ó do Val sanz Retor. Unha vez que Lanzarote desfixo os encantamentos que a fada Morgana establecera naquel lugar, cóntase que moi preto de alí, en Roevent, vive Keu d'Estraus. Cando Galván e Yvain lle comunican a este a chegada ó Val dun cabaleiro que liberara a tódolos prisioneiros de Morgana, Keu énchese de ledicia, en tanto que a súa amiga rompe a chorar desconsoladamente. Segundo conta o propio Keu, había xa moito tempo que lle outorgara un *don contraignant* á súa namorada. Esta, que desexaba telo sempre ó seu lado, reveloulle que a condición que acababa de aceptar era a de ficar con ela, sen saír do castelo, ata o día en que chegase un cabaleiro que fose quen de vence-las probas do Val sanz Retor. Nese momento, Keu séntese liberado e apréstase para saír do castelo, en tanto que a súa namorada se laia porque sabe que a abandonará para ir buscar aventuras.

O episodio anterior fai de Keu o prototipo de cabaleiro dividido por dous intereses de difícil equilibrio. Por unha parte, a obriga de exerce-lo oficio cabaleiresco; por outra, o amor, que permite acada-lo perfeccionamento moral necesario para chegar a ser un bo cabaleiro. Os problemas increméntanse cando a dona é unha muller excesivamente posesiva que antepón o seu interese particular

ó do seu namorado e ó da sociedade en xeral. Se o cabaleiro descoida os seus deberes guerreiros, cae na deshonra da *recreantise*, como lle sucedeu a Erec (que se deu a unha vida de molicie por culpa dos praceres conxugais) na correspondente obra de Chrétien de Troyes. A solución ó conflicto entre *amor et militia* estaría no establecemento dun costume, que lle permitise ó cabaleiro combater sen afastarse da súa amada. Isto conséguese ás veces coa defensa dun paso ou coa custodia dun castelo, feito que obriga a loitar a tódolos que pasan por alí. O modelo deste motivo é a Joie de la Cort de *Erec et Enide*, na que Mabonagrain combate contra tódolos que entran no verxel encantado no que viven el e maila súa dona. Sen embargo, a situación de Keu é aínda máis problemática, pois hai que ter en conta que, recluído no seu propio castelo, non pode saír para exercitarse nas armas.

Sen te-lo relevo que demostra a súa intervención no *Lancelot*, no *Livre d'Artus* (1234-1235) aínda mantén unha presencia destacada. Participa, por exemplo, nas loitas do rei contra os saxóns e está presente nos combates que se libran en Clarence, Vandeberes e no Pui de Malohaut; combate ó lado de Agloval contra as forzas do saxón Agripa, que atacaba as posesións da nai deste e de Perceval; así mesmo, é un dos cabaleiros que fracasa na aventura da Laide Semblance, un monstro mariño que causaba a devastación do país e que só Merlín foi quen de capturar. Así pois, Keu d'Estraus configúrase como un dos integrantes máis característicos da corte artúrica, afirmación esta que se ve apoiada pola súa aparición case constante nos elencos de cabaleiros que se insiren en moitas obras de materia bretona. Este feito vese corroborado, ademais, polas súas numerosas intervencións episódicas: pertence á Mesa Redonda, intervén nas guerras de mocidade do rei Artur, no *Tristan en prose* participa na busca do Santo Graal e, segundo a *Queste del Saint Graal* da *Post-Vulgata*, morre na batalla de Salesbières.

Por último, a súa feble entidade favoreceu as vacilacións á hora de establecerlle un parentesco. Segundo o *Lancelot en prose* era tío de Aiglin des Vaus, mentres que para a *Suite-Vulgata* e o *Livre d'Artus* o era de Kehedin. A *Suite-Vulgata* di tamén que era sobriño de Carados e parente de Brangoire.

Bibliografía: Alvar, *El rey Arturo*, pp. 251; West, *French Arthurian Prose Romances*, pp. 182.

LANÇAROTE

Lanzarote do Lago é, posiblemente, o cabaleiro máis coñecido da literatura artúrica. A orixe desta sona estivo, sen dúbida, nos seus amores coa raíña Xenebra, recollidos por primeira vez en *Le Chevalier de la Charrette* de Chrétien de Troyes, obra composta entre ca. 1177 e 1181. As alusións que a este cabaleiro fan os *romans* anteriores xa o situaban entre os máis senlleiros da corte de Artur, aínda que nada deixaba albisca-la impresionante fortuna que chegaría a acadar posteriormente. No *Cligès* (ca. 1176), por exemplo, é un dos tres adversarios ós que se enfronta o protagonista no torneo de Oxford. O propósito do episodio é encarece

la valía do fillo do emperador de Constantinopla, de aí que entre os cabaleiros contra os que loita estean tamén Galván e Perceval; tamén se atopa, citado en terceiro lugar, nun dos elencos de cabaleiros que inclúe *Erec et Enide*. Destas mencións pódese deducir que Lanzarote xa merecía, por parte de Chrétien, unha alta estima e consideración.

Dúas circunstancias configuran a biografía deste personaxe: a súa infancia baixo a protección dunha fada –motivo que a crítica denomina *enfances féeriques*– e o seu amor pola raíña Xenebra. No fondo, estes dous aspectos están conectados entre si: por unha banda, a fada que cría un mortal adoita facerse amante del unha vez que este acada a idade adulta, mentres que, por outra, é posible que a figura de Xenebra se remonte a unha orixe feérica. Todo apunta, pois, a que os amores entre a raíña e o cabaleiro agochan unha tradición máis antiga do que indican as datas dos *romans* artúricos conservados.

Polo que fai á crianza no reino de fadas, parece que foi o trazo primordial do personaxe e constitúe o elemento que permite busca-la súa posible ascendencia na mitoloxía celta. En efecto, Loomis opina que Lanzarote descende do deus irlandés Lug, fillo do deus do mar Mananann, que fora criado por unha fada. Os antecedentes máis próximos ó cabaleiro dos *romans* franceses estarían en Lluch Lleawc, un dos guerreiros que acompaña a Artur na expedición de *O botín de Annwfn* –poema galés de datación incerta, pero que é anterior á conquista normanda–, e en Lloch Llawwynnyawc, que aparece vinculado tamén ó círculo do rei en *Kulhwch e Olwen*, relato galés datado en ca. 1100 e incluído na compilación coñecida co nome de *Mabinogion*.

Para a reconstrucción destes primeiros estadios da tradición resulta fundamental o *Lanzelet* do suízo Ulrich von Zatzikhoven. Composto a finais do século XII e baseado tal vez nun orixinal anglonormando hoxe perdido, este relato conta a historia de Lanzarote dende un punto de vista independente do de Chrétien. Cando os pais de Lanzelet foxen do seu país a causa dunha revolta, unha fada chamada Yblis arrebata o neno dos brazos da nai e marcha con el cara ó seu reino marabilloso, unha illa cunha montaña de cristal coroada por un castelo no que habitan fermosas doncelas e que reúne as características das terras do Alén –as pedras protexen das enfermidades, non existe o inverno, o chan é moi fértil, etc.–. Cando o neno medra, Yblis equípao para que saia ó mundo a formarse como cabaleiro; tras vence-lo seu inimigo no primeiro combate, a súa protectora revélalle o seu nome e aconséllalle que marche á corte de Artur. Alí acada certa sona ó culminar varias aventuras, entre elas a do Castelo de Pluris. A señora do lugar decidira non tomar marido, en espera do cabaleiro que vencese nas aventuras do castelo. Lanzelet acada esa honra e xace coa raíña, pero esta, temerosa de que a abandone, mándao reter e o cabaleiro fica alí prisioneiro durante algún tempo. Ó final, o protagonista casa con Pluris e marcha con ela ó seu reino.

En cambio, *Le Chevalier de la Charrette* reduce o relato das *enfances féeriques* a unha alusión pasaxeira. Segundo conta o de Troyes, Lanzarote posuía un anel que lle permitía desfacer calquera encantamento e que era agasallo da súa nai adoptiva, unha fada chamada a Doncela do Lago.

Polo contraste que se percibe entre unha obra e a outra, o lóxico é pensar que, xa a mediados do século XII, existía unha tradición sobre o personaxe que tiña como motivo central a infancia en terra de fadas e que, mentres que Zatzikhoven se mantivo máis fiel ó esquema primitivo, Chrétien relegou este aspecto a un segundo termo e desenvolveu o motivo dos amores coa raíña. Do peso dos elementos primixenios na configuración do personaxe dá fe a reaparición do motivo das *enfances féeriques* no *Lancelot* da *Vulgata* (ca. 1215). Neste caso, o redactor anónimo ofrece outro aspecto da tradición e fai do reino feérico un lago, ben porque a historia orixinal contiña unha dobre variante do país acuático das fadas, ben polo desexo de explica-la segunda parte do nome do personaxe. Polo demais, a versión do *Lancelot* tradúcese nun notable labor de racionalización, de tal xeito que o lago deixa de ser un reino feérico para convertese nun simple encantamento, unha ilusión óptica que agocha o castelo da Dama do Lago. Por último, esta pasou a identificarse coa fada Viviana, personaxe ligado á historia de Merlín e ó encerro do profeta. Desta maneira afóndase na tendencia iniciada por Chrétien de diferenciar entre a nai adoptiva do cabaleiro e a amante, que agora será Xenebra.

Da comparación entre *Le Chevalier de la Charrette* e o *Lanzelet* dedúcese que, se o asunto dos amores entre o cabaleiro e a raíña non foi creación de Chrétien, alomenos non é moito máis temperán cá obra do escritor champañés. De feito, o motivo do rapto de Xenebra permite descubrir algunhas claves a este respecto. O relato do secuestro da raíña atópase nos estadios máis arcaicos da lenda artúrica, como reflicte o relevo da arquivolta da catedral de Modena –datada na primeira metade do século XII– e a *Vita Gildae*, que se remonta ó século XI e que foi reelaborada antes de 1136 por Caradoc de Llancarfan. En ámbolos casos é o propio Artur o que encabeza o rescate da súa dona, mentres que Lanzarote nin tan sequera se conta entre os guerreiros que acompañan o rei. Incluso Zatzikhoven, que relata o episodio do rapto, opta polo meigo Mabuz como liberador da muller de Artur.

Agora ben, hai que ter en conta que Lanzarote parece ser un personaxe predestinado para os amores feéricos e que Xenebra se pode remontar a un personaxe desa natureza. A etimoloxía do nome galés da raíña, Gwenwyvar, significaría 'pantasma branca', mentres que a historia do rapto estaría emparentada cunha posible tendencia ó adulterio que se reflectirá mellor, nun estadio posterior da tradición, no amor por Mordred. Daquela, nada máis fácil ca unir unha fada destas características cun amante de seres sobrenaturais como Lanzarote. Á marxe desta teoría, o certo é que os amores feéricos de Lanzarote predispúñano para facer del o amante perfecto. Non é casual que o primeiro relato da relación entre ámbolos dous estea dominado polas formulacións da *fin'amor*: amor adúltero, submisión do cabaleiro á dona, adoración case divina da muller, etc. A verdade é que, independentemente dunha posible orixe mitolóxica do motivo, só baixo a doutrina do amor cortés acada o asunto a grandeza que lle deu sona.

Tal como Chrétien presenta o amor entre Lanzarote e Xenebra, non hai carga moralizante que conleve unha condena implícita destas relacións. Daquela, non tería sentido pensar que o de Troyes deixou sen remata-lo *Chevalier de la Charrette* porque non lle agradaba o tema que a súa protectora, a condesa Marie

de Champagne, lle propuxera. Tódolos indicios insisten en exalta-lo protagonista do *roman* como o cabaleiro máis valoroso do mundo; mesmo aparece por primeira vez o motivo da aventura que só pode ser superada por un campión predestinado para ela –neste caso, a grande empresa de libera-los cativos no reino de Gorre–. A *queste* paralela de Galván acentúa aínda máis a *proesse* do cabaleiro do Lago, posto que nin o sobriño do rei, modelo de valor e cortesía, é quen de alcanza-lo reino de Bandemagus e Meleagant. Segundo se deduce disto, a diferencia entre un e outro estaría no perfeccionamento que se consegue gracias ó amor; sabido é que, fronte a Lanzarote, consagrado á súa paixón con Xenebra, Galván encarna o modelo de cortesía sen chegar nunca a comprometerse nunha relación estable. Dito noutros termos, o amor pola raíña non só non envilece o personaxe pola súa natureza adulterina ou polas humillacións ás que este se presta –por exemplo, montar nunha carreta–, senón que axuda ó seu enaltecemento.

As obras posteriores amosan certo desequilibrio á hora de achegarse á figura de Lanzarote. Os *romans* posclásicos en verso adoptan con preferencia a Galván como protagonista, en parte porque o amor sen ataduras que este cabaleiro vive o convertía en personaxe comodín, adaptable a unha grande variedade de situacións, ó tempo que gozaba do creto que lle outorgaba a súa condición de sobriño do rei, a súa antigüidade como personaxe da materia de Bretaña e a sona que acadara nos *romans* de Chrétien. Pola contra, Lanzarote estaba demasiado condicionado polo seu amor cara á raíña, de tal maneira que os *romans* biográficos en verso só lle concederán unha atención secundaria. O caso máis salientable a este respecto tal vez sexa *Les merveilles de Rigomer*, obra serodia composta no derradeiro tercio do século XIII. Polo que fai ás obras en prosa, haberá que ter en conta outras circunstancias. A penetración da ideoloxía cristiá neste tipo de composicións imporá a condena do amante adulterino, aínda que iso non supón a perda inmediata do favor dos autores por parte do personaxe. O *Perlesvaus* (1191-1212) fai del un dos catro protagonistas da busca do Santo Graal, xunto a Galván, Perlesvaus e ó mesmo rei Artur. A pesar desta circunstancia e de dispensarlle un tratamento favorable a Lanzarote, este *roman* inserta unha escena reveladora dos novos tempos: un eremita comínao a renegar do seu amor por Xenebra e o cabaleiro respondélle que non é capaz de renunciar á súa paixón.

O prestixio de Lanzarote e o atractivo da súa historia seguía intacto no primeiro tercio do século XIII, como revela a decisión de compoñer toda unha narrativa dedicada á súa figura. O *Lancelot* non cíclico, composto arredor de 1210, conta o nacemento do heroe, as *enfances féeriques* no lago de Viviana, a chegada á corte de Artur, o amor coa raíña e a amizade con Galehaut. A carreira de Lanzarote, daquela, lévao a converterse no cabaleiro máis destacado de Logres, merecedor do amor de Xenebra e salvador do reino na guerra contra Galehaut. Os capítulos iniciais, dedicados á súa crianza no mundo de fadas, xunto ó tema central do amor demostran que o redactor do *Lancelot* non cíclico se ativo ás grandes liñas trazadas dende Chrétien.

O cume das narrativas dedicadas ó personaxe prodúcese coa composición do ciclo coñecido como *Lancelot en prose* (1215-1230). Concibido como un relato

total, abrangue dende o nacemento do protagonista ata o seu retiro do mundo e a súa morte como eremita. A través da peripecia vital do cabaleiro relátase, así mesmo, a historia do esplendor e decadencia do reino artúrico, ata os tempos posteriores á batalla de Salesbières, e a súa destrucción. A amplitude dos materiais recollidos reflíctese na unión de tres narrativas en principio dispares: a historia de Lanzarote e Xenebra, incluíndo as *enfances féeriques* e o episodio da carreta, a busca do Santo Graal e o final do reino de Logres, así como a morte do rei. As dimensións do relato permiten tamén mostra-las dúas facetas da cabalería artúrica: a profana e cortés e a cristiá e celestial; a primeira, encarnación dun pasado glorioso; a segunda, representante das aspiracións escatolóxicas e transcendentes que culminarán na busca do Santo Graal. Esta dualidade, que deu pé á expresión do "dobre espírito" do *Lancelot en prose*, é responsable dun tratamento cando menos ambiguo da figura de Lanzarote. A primeira parte do *Lancelot propre*, ata o episodio da carreta, supón a exaltación do protagonista como o mellor cabaleiro do reino. A partir dese momento, na sección coñecida como *Agravain*, comeza o seu declive e os anuncios da chegada de Galahad. A *Queste del Saint Graal* dispénsalle ó personaxe un tratamento máis desfavorable. Lastrado polo pecado que cometeu coa raíña, debe someterse a duras penitencias para, alomenos, consegui-la contemplación fugaz da reliquia. Aínda que corre mellor sorte cá maior parte dos cabaleiros artúricos –pénsese, por exemplo, en Galván, que non ten opción ningunha de contempla-lo Graal e que é censurado polo seu comportamento traizoeiro–, Lanzarote vese superado por unha tríade de cabaleiros máis perfectos: Bohort, Perceval e Galahad. A inconstancia da conversión do protagonista compróbase na peza final da triloxía. Na *Mort Artu* Lanzarote retoma os seus amores con Xenebra e precipita a caída do reino e a morte do monarca.

Con todo, dende un punto de vista xeral, o *Lancelot en prose* é bastante condescendente co protagonista. A proba máis evidente é a de dedicarlle un ciclo de tal magnitude á súa figura. Non esquezamos, ademais, que Galahad, encarnación perfecta da cabalería cristiá, é fillo seu. A substitución de Perceval, que conquistaba o Graal nas versións tradicionais, por un cabaleiro da estirpe de Lanzarote supón xa unha clara exaltación deste último. Segundo se desprende disto, só a sona dos amores coa raíña apartou o cabaleiro do Lago de culmina-la máis grande empresa do reino de Logres. Nun ciclo dominado pola defensa dos valores da virxindade e da castidade, é o adulterio o que lle impide a súa consagración como cabaleiro celestial. Agás esta circunstancia, as demais calidades de Lanzarote mantéñense intactas: valor, cortesía, temperanza. Así, por exemplo, na *Mort Artu* a súa actitude respectuosa cara ó rei e a mesura coa que responde ás provocacións dos cabaleiros de Artur contrastan co orgullo e coa intransixencia de Galván, que incita o seu tío para que invada e devaste Benoic, o reino de Lanzarote. De feito, o punto de vista do relato é o de Lanzarote e o da súa liñaxe, oposto á casa de Artur. Deste modo xustifícanse as andanzas dos cabaleiros de Benoic e Gaunes, especialmente os do fillo do rei Ban: Lanzarote, por exemplo, é armado cabaleiro por Xenebra, de tal xeito que é a ela e non ó rei a quen lle debe fidelidade; o momento en que se consuma o amor entre ámbolos dous coincide coa estancia de Artur na

Roche des Saisnes en compañía de Gamille; no asunto da falsa Xenebra, o monarca adopta a decisión equivocada e a raíña vese na obriga de refuxiarse en Sorelois, baixo a protección de Lanzarote e Galehaut; a actitude de Lanzarote na guerra final contra o rei é de acatamento da vontade real, nun intento de evita-las hostilidades, mentres Artur, cegado pola xenreira dos cabaleiros da súa casa, insiste en atacalo.

Tralo ciclo do *Lancelot en prose* prodúcese certo esgotamento do personaxe, pois esta obra explotou tódalas posibilidades que ofrecía o amor tráxico entre o mellor cabaleiro da corte e a raíña. As obras posteriores optaron pola supresión desta trama e preferiron ben focaliza-lo centro da narración na persoa de Artur, como fai o ciclo da *Post-Vulgata*, ben desenvolve-los amores, non menos tráxicos, de Tristán e Isolda, ós que se lle dedica outra magna obra da materia de Bretaña, o *Tristan en prose* (a redacción curta data de 1225-1235 e a longa da segunda metade do século XIII). Daquela, a aparición de Lanzarote nas obras serodias comeza a ser episódica, aínda que mantén boa parte do prestixio que conseguira no medio século que media entre a composición de *Le Chevalier de la Charrette* e a do *Lancelot en prose*; dito con outras palabras, a fama acadada por Lanzarote reflíctese máis na ampla difusión do ciclo a el dedicado ca no protagonismo que ten en obras posteriores. A modificación máis evidente que introduce a *Post-Vulgata*, por exemplo, á hora de reelabora-lo *Lancelot-Graal* é a supresión da peza central da *Vulgata*, o *Lancelot propre*, e con ela o protagonismo do personaxe.

Bibliografía: Alvar, *El rey Arturo*, pp. 258-265; Frappier, *Étude sur la "Mort le Roi Artu"*; *Idem*, "Le cycle de la *Vulgate*", pp. 536-589; Kennedy, E. M., *Lancelot and the Grail. A Study of the Prose Lancelot*, Clarendon Press, Oxford, 1986; Loomis, *Arthurian Tradition*; *Idem*, "Estudio e notas", en *Ulrich von Zatzikhoven, Lanzelet: a Romance of Lancelot*", trad. de K. G. T. Webster, Columbia University Press, New York, 1951; Lot, *Étude*; Micha, A., *Essais sur le Cycle du Lancelot-Graal*, Droz, Genève, 1987; Pauphilet, A., *Études sur la Queste del Saint Graal atribuée à Gautier Map*, Honoré Champion, Paris, 1921; Stanesco, M., "L'enfant aimé des fées", en *Lancelot-Lanzelet hier et aujourd'hui. Recueil d'articles assemblés par D. Buschinger et M. Zink pour fêter les 90 ans de A. Micha*, Reineke Verlag, Greiswald, 1995, *Wodan*, LI, pp. 341-351.

MAROTH

Cabaleiro de Irlanda, de impoñente estatura, irmán da raíña daquel reino e tío de Isolda. Era o encargado de recolle-lo tributo que as xentes de Cornualles lles debían ós irlandeses. Este consistía na entrega anual de trescentos mozos e mozas, e foi pagado polos cornualleses durante quince anos, ata que Tristán se ofreceu a combater contra o xigante. A loita tivo lugar en Saint Sanson, illa non afastada de Tintagel. Tristán venceu e matou o campión irlandés, e liberou a súa patria do poder estranxeiro. Sen embargo, Morholt conseguiu feri-lo seu adversario cunha

lanza envelenada; ninguén en Cornualles era quen de cura-la ferida de Tristán, de aí que os seus compatriotas preparasen unha barca na que o protagonista iría á deriva. A embarcación chegou a Irlanda, onde Tristán foi recollido polo rei e curado por Isolda. Foi esta a que se decatou de que o cacho da espada que quedara incrustado na cabeza de Morholt coincidía co anaco que lle faltaba á espada de Tristán.

Este relato formaría parte dunha das lendas que configuraban o arquetipo da materia tristaniana, ó que se lle engadiu a historia do amor entre o estranxeiro e a sobriña do cabaleiro morto. O esquema foi recollido por unha obra irlandesa, *O cortexo de Emer* (datada no século X), na que o protagonista do episodio é Drust, o nome picto orixinal de Tristán. En cambio, no lugar da figura de Morholt aparecen tres piratas, que atemorizan o rei das illas Hébridas. Neste caso, o recoñecemento do heroe non se leva a cabo a través do anaco de espada, senón por unha fita que a filla do rei lle entregara.

No conxunto da materia de Bretaña, o Morholt ocupa unha posición moi secundaria. Confinado ó comezo da historia tristaniana, nin sequera aparece nos fragmentos que se conservan dos *romans* de Béroul e Thomas. Nestas obras, o personaxe en cuestión só intervén a través da evocación dos episodios do tributo e da loita contra Tristán, xa que a súa localización ó comezo dos relatos impediu que tales pasaxes chegasen ata nós. É nos textos serodios, que integran de xeito pleno a historia de Tristán na de Artur, nos que o cabaleiro irlandés atopa un pouco máis de acomodo. Aínda así, a súa presencia na narrativa será sempre accesoria, como demostran o *Tristan en prose* (composto entre 1225-1235 na súa primeira versión) ou *Guiron le Courtois* (ca. 1240). Nestas obras Morholt intervén en varias aventuras episódicas, como son os seus amores coa muller de Trarsin, que o levan a ser capturado polo marido; a participación en varios torneos, como o do castelo do Pin du Geant, ou a mesma aventura que emprende xunto a Yvain e Galván e que recolle o fragmento portugués da *Suite du Merlin*. A pesar deste tipo de intervencións e de que chega a ocupar posto de cabaleiro na Mesa Redonda, a presencia de Morholt nas diferentes obras estará sempre marcada pola súa morte a mans de Tristán. A perda de significación que sofre o motivo do tributo compénsase agora coa pertenza á famosa Mesa e, de feito, o sobriño de Marco ocupa, tras mata-lo cabaleiro irlandés, o posto que este deixara baleiro naquela.

Por outra banda, a vinculación de Morholt ó motivo do tributo dos mozos e mozas cornualleses conduciu a que, en ocasións, se presentase a este como un cabaleiro desmesurado e descortés, que raptaba doncelas para encerralas nunha prisión en Irlanda. Por esta causa era odiado e temido polas mulleres, e por isto mesmo foille dedicado un dos lais de Bretaña –*O Marot aja mal grado* (157,35)– contidos no cancioneiro galego-portugués da Biblioteca Nacional de Lisboa e no códice Vat. Lat. 7182. Neste caso, a rúbrica ofrece unha explicación das circunstancias de composición do lai e, retomando unha historia que aparece no *Tristan en prose*, conta que o cabaleiro de Irlanda se comportaba así para vingar nas mulleres a sorte de seu pai, morto mentres custodiaba unha dona.

Bibliografía: Alvar, *El rey Arturo*, pp. 310-311; Denomy, A., "Tristan and the Morholt: David and Goliath", *Medieval Studies*, XVIII (1956), pp. 224-232; Marx, J., "La triple quête et l'aventure du Morholt, de Gauvain et d'Yvain", en *Mélanges offerts à Rita Lejeune*, J. Duculot, Gembloux, 1969, pp. 1063-1066.

MERLIN

O personaxe do profeta bretón fórmase a partir de dúas tradicións heteroxéneas. Unha remóntase ó personaxe de Aurelio Ambrosio, que aparece na *Historia Brittonum* (século IX), ligado ó rei Guorthigirnus (Vortigern). Este intentaba construír unha fortaleza, pero o labor que se facía polo día era destruído pola noite. Os meigos aconselláronlle rega-los alicerces co sangue dun neno nacido sen pai e trouxeron a Ambrosio. O rapaz desvelou o misterio da torre: a construcción non avanzaba por causa de dous dragóns subterráneos, símbolos da loita entre os pobos saxón e bretón. A intervención do misterioso neno remataba anunciando un futuro no que os xermanos serían expulsados da illa de Bretaña e no que os celtas recuperarían a soberanía. Segundo parece, a estraña figura de Aurelio Ambrosio está baseada en lendas arredor de Ambrosius Aurelianus, ó que Gildas consideraba artífice da victoria do Monte Badon. Tal vez fose un caudillo de orixe romana que dirixiu os bretóns contra a invasión saxona e que, posiblemente, estivo enfrontado a Vortigern, pois este facilitou o asentamento dos saxóns en terras bretonas. De feito, o relato da *Historia Brittonum*, que se pode interpretar como unha loita figurada entre Ambrosio e Guorthigirnus, aclara que o pai do rapaz era un cónsul do pobo romano.

Unha segunda tradición está recollida nun ciclo de poemas galeses, que posiblemente se remontan ó período anterior á conquista normanda (1066). Nestas composicións fálase de Myrddin, un guerreiro que toleou durante unha batalla e que, iluminado co don da profecía, errou polos bosques durante anos. A lenda en cuestión atopa paralelos fóra de Gales: en Escocia cóntase unha historia similar para un personaxe chamado Lailoken, mentres que en Irlanda o protagonista se chama Suihbne. O máis probable é que estas tradicións se orixinasen no sudoeste de Escocia, na rexión de Strathclyde, poboada durante séculos por xentes de procedencia irlandesa. Dende o sudoeste escocés as tradicións pasarían a Irlanda e a Gales; neste último lugar callaron arredor da cidade de Carmarthen, para a que se buscou a etimoloxía de Caer Myrddin ou 'fortaleza de Myrddin'. Daquela, fronte á localización da lenda da fortaleza de Vortigern no norte de Gales –no monte Snowdon–, as tradicións sobre Myrddin concéntranse na rexión sur, no Dyvet.

O nacemento de Merlín como personaxe literario prodúcese coa obra de Geoffrey de Monmouth. Este escritor de ascendencia bretona compuxo en 1134 un opúsculo titulado *Prophetiae Merlini*, que integra unha serie de vaticinios que anuncian a caída do poderío saxón, a chegada normanda e o posterior restablecemento da soberanía celta. Cara a 1136-1139 Monmouth inseriu estas profecías nunha crónica fabulosa, a *Historia Regum Britanniae*, coa que pretendía enche-lo baleiro da historiografía

anglonormanda con respecto á época anterior á chegada dos xermanos. Nesta obra, Merlín, ás veces chamado Ambrosio Merlín, volve desentraña-lo misterio da torre de Vortigern e faise de novo o portavoz da "esperanza bretona". Pero Monmouth faino, ademais, protagonista doutros episodios de carácter máis novelesco, como o transporte das pedras de Stonehengue ou a concepción de Artur por medio dunha estrataxema idéntica á que permitiu que Xúpiter concibise a Hércules. Xa nos últimos anos da súa vida, o escritor galés compuxo un poema, a *Vita Merlini* (ca. 1148-1151), no que parece toma-las tradicións escocesas arredor de Myrddin-Lailoken. Merlín é aquí rei dos demecios e perde o sentido durante unha batalla. Foxe entón ó bosque de Calidon e leva unha vida salvaxe, ata que recupera a cordura e decide seguir coa vida humilde do bosque; renuncia, daquela, ó trono e faise eremita.

A disparidade nos retratos de Merlín trazados por Monmouth provocou que a conciencia da dobre tradición se mantivese máis alá do ano 1200. Así, Giraldus Cambrensis, escritor da corte de Henrique II Plantagênet, distinguía dúas personalidades de idéntico nome: Merlín Ambrosio, que viviu nos tempos de Vortigern, e Merlín Silvestre, que foi contemporáneo do rei Artur e que profetizou máis e mellor có anterior.

Durante a segunda metade do século XII, os escritores só viron en Merlín a faceta polémica e, a partir da súa fama de profeta infalible, fixérono responsable de todo tipo de predicción. O desenvolvemento novelístico do personaxe prodúcese coa triloxía atribuída a Robert de Boron, composta arredor do ano 1200. Este ciclo conságralle a súa peza central, titulada *Merlin*, e convérteo en profeta do Graal e en fundador da Táboa Redonda. A interpretación cristiá que lle deu Boron ó ciclo artúrico afectoulle, así mesmo, a Merlín. O antigo profeta político, mesías da restauración bretona, pasou a converterse en anunciador da marabilla do Santo Graal, engarzamento entre os tempos evanxelizadores de Xosé de Arimatea e os da cabalería cristiá, representada por Perceval. Merlín é agora un Anti-Cristo, concibido polos demos como medio para restaura-lo poder do Maligno que a Redención lle arrebatara. Sen embargo, a virtude da súa nai permítelle tamén a el redimirse e poñerse do lado do Ben, actúando como unha especie de apóstolo, semellante, en moitos casos, ó mesmo Xesús.

Merlín, erixido en portavoz da vontade divina, dirixe os pasos dos monarcas bretóns cara á maior aventura que nunca viu a cristiandade. O seu poder, multiplicado pola transcendencia da misión que desenvolve, fai que tódolos personaxes caian na máis absoluta dependencia con respecto a el. Deste xeito, os sucesivos soberanos británicos, Uther Pendragon e o mesmo Artur, delegan nas súas mans as decisións importantes relativas ó goberno do reino.

O carácter do personaxe, por outra banda, enriquécese con trazos insospeitados. A partir da ascendencia demoníaca, Boron fai do proteísmo un dos seus trazos máis característicos. En obras anteriores este poder estaba limitado á noite en que Uther Pendragon, coa aparencia do duque de Cornualles, penetraba en Tintagel, xacía con Igerna e concibía a Artur. Mais agora o poder da metamorfose desenvolve novas posibilidades; o Merlín de Robert amosa un grande sentido do

humor e gusta de confundi-los demais sementando a perplexidade ó seu arredor. As súas preferencias, ademais, decántanse cara ós tipos máis cómicos: vellos, nenos, pegureiros, homes salvaxes, etc. Respecto á vinculación coa maxia, que Monmouth apuntara e que Wace fixera explícita, Boron procura matizala. Os poderes que Merlín posúe pódense explicar gracias á súa ascendencia escatolóxica e sen necesidade de achegalo ó eido das artes prohibidas: de seu pai o demo proceden a metamorfose e o poder de coñece-las cousas pasadas; en canto ás posibilidades de adiviña-lo futuro, é un don que Deus lle concedeu gracias á virtude da súa nai. Sen embargo, Merlín non consegue despexar tódalas sospeitas. Non era necesario vinculalo a prácticas perigosas para que a súa figura fose ambigua e permitise interpretacións dispares, tendo en conta que, debido á natureza do seu pai, o Mal formaba parte da súa esencia.

No *Perceval en prose*, derradeira peza do ciclo atribuído a Boron, o profeta queda relegado a un segundo plano. Trala entronización de Artur e o comezo das aventuras, Merlín cédelle o protagonismo ó cabaleiro do Graal, pero a súa presencia é latente. Desde a sombra, dirixe os pasos do xove Perceval e corrixe os erros que este comete durante a busca do castelo do Rei Pescador. Despois da destrucción do reino de Logres, o profeta, xa cumprida a súa misión, retírase a un misterioso lugar, o *esplumoir*, no que espera a chegada da fin dos tempos.

A dobre interpretación que permitía a obra de Boron favoreceu a dispar etopeia do personaxe nas obras en prosa do século XIII. O *Perlevaus* (1191-1212), por exemplo, insiste no carácter traizoeiro do profeta e só aduce o seu nome co gallo da noite de Tintagel. A estrataxema de Merlín merece a maior das censuras por parte do narrador anónimo do *roman*, de tal xeito que se conta como o cadáver do meigo, que non podía repousar en terra santa, foi arrebatado por unha multitude de demos. O ciclo do *Lancelot en prose* (1215-1230) tamén insiste na vertente demoníaca do personaxe e na súa vida nas profundidades do bosque, no que, afastado do contacto cos humanos, aprende as artes da nigromancia. O relato inclúe, así mesmo, o encerro do adiviño, víctima das maquinacións da Dama do Lago, novelización esta que se desenvolve a partir do novo carácter luxurioso que lle atribúe a Merlín o *Lancelot* da *Vulgata*. Se exceptuamos esta pasaxe, as demais alusións que do meigo fai o ciclo carecen deste ton condenatorio e adoitan relacionalo co establecemento da Mesa Redonda ou con vaticinios puntuais, a miúdo baixo a forma de inscricións, que se van cumprindo no desenvolvemento do relato.

Pola contra, a chamada *Suite-Vulgata* (ca. 1230), ou continuación ó *Merlin* de Boron integrada na *Vulgata*, contradí boa parte dos trazos apuntados pola triloxía do *Lancelot en prose*. Este libro, o derradeiro en integrarse no vasto conxunto prosificado que é o *Lancelot-Graal*, non comparte as preocupacións doutrinais que orixinara a composición do ciclo. O tratamento que lle dispensa ó personaxe é, polo tanto, máis proclive ás demostracións de maxia e ás falcatruadas que aparecían no *Merlin* de Boron. Mesmo o final do protagonista é menos tráxico ca no *Lancelot*. A Dama do Lago encérrao nunha torre invisible situada no bosque de Broceliande, un lugar cheo de delicias ó que ela acode moitas veces para facerlle compañía ó seu namorado. A mesma tendencia segue o denominado *Livre d'Artus*, variante da *Suite-Vulgata* conservada nun só manuscrito.

O ciclo da *Post-Vulgata* (1230-1240) resulta, se cabe, máis tráxico para o personaxe. O pesimismo que impregna esta reelaboración do *Lancelot-Graal* aféctalle tamén ó retrato do encantador. A vinculación deste coa maxia –en detrimento da súa faceta profética–, que se producira trala obra de Robert de Boron, provoca que os seus poderes, considerados agora como perigosos, se vexan sensiblemente recortados. Por exemplo, as demostracións de maxia escasean con respecto a obras anteriores. Tamén o coñecemento do futuro ve limitada a súa marxe de manobra. Moitas veces, o meigo prefire non desvela-lo que vai suceder porque contraviría os plans divinos e poñería a súa alma en perigo de condenarse. En cambio, a posibilidade de saber as cousas pretéritas non sofre ningún tipo de restricción, circunstancia esta que se fai reveladora cando se lembra que tal calidade a herdara dos demos. Dito noutros termos, os poderes de orixe diabólica de Merlín son case os únicos que non se ven diminuídos; este aspecto hai que telo en conta para comprende-la sorte posterior que corre o personaxe. En efecto, a pesar das precaucións para non caer en prácticas ilícitas polas que perdería a alma, Merlín remata morrendo ás mans de Niviana tras ceibar un forte berro ou *brait* ('brado'). Este final desastroso está amplificado pola reelaboración que, no século XV, leva a cabo a versión castelá coñecida como *El baladro del sabio Merlín* –editada nas versións de Burgos (1498) e Sevilla (1535)–. Nesta obra, o meigo morre tras botar varios dos berros que lle dan nome ó libro e, a continuación, é arrebatado por unha multitude de demos que acoden á terra para devolve-lo personaxe ó Inferno.

A última obra francesa na que Merlín ten protagonismo é *Les Prophecies de Merlin* (1272-1279). A estructura do relato adopta a forma dunha longa sucesión de vaticinios políticos postos en boca do meigo, entre os que se intercalan episodios novelescos. A semellanza de versións anteriores, a Dama do Lago mata o meigo, pero isto non significa que o manancial profético se esgote. Durante algún tempo, aínda despois de podrece-lo corpo, o seu espírito segue lanzando anuncios dende a cova na que quedara encerrado. *Les Prophecies* é máis benévola co profeta ca algúns dos ciclos anteriores. A compoñente diabólica é parte importante da súa natureza e, nalgún episodio, vese como os demos obedecen as ordes que lles imparte o protagonista. Sen embargo, este contacto coas forzas do Mal non leva aparellada unha condena da súa figura. Sometido a exame por membros da Igrexa, estes comproban que Merlín é moi bo cristián. Permítese, por outra banda, aconsellar bispos e frecuenta-la súa compañía no interior dunha catedral. Incluso se di que, se non fose pola luxuria que o dominaba, podería ter sido santo. É, polo tanto, unha especie de apóstolo obrigado a perderse polo peso da tradición.

A evolución do personaxe, polo que se pode apreciar, esvara dende un estadio no que a profecía política é a súa razón de ser a outro no que predomina a condición de encantador. Polo medio queda a etapa de profeta do Graal, durante a que se produce a novelización da súa figura. A causa deste cambio progresivo hai que buscala na perda do referente que propiciara a consagración do personaxe como mesías do *espoir breton*. Este aínda se mantiña vivo na obra de Monmouth e, incluso, na dos cronistas que adaptaron a *Historia Regum Britanniae* durante a segunda metade do século XII. Pero os *romans* franceses do século XIII eran

alleos á realidade británica na que se forxara a personalidade do profeta, de aí que adaptasen o poder da clarividencia ós gustos novelísticos da época e que, co mesmo propósito, desenvolvesen novas facultades do personaxe. A rectificación que supón unha obra serodia como *Les Prophecies* non cambia esta visión de conxunto. Esta compilación, aínda que composta en francés, reflicte unha tradición á marxe como é a italiana. En efecto, o libro atribuído a Ricardo de Irlanda é obra, en realidade, dun monxe veneciano afín ás ideas de Gioacchino da Fiore. Daquela, o contexto no que se compuxo influíu na concepción da obra. Mentres que noutras terras Merlín coñeceu, durante o século XIII, un desenvolvemento esencialmente novelístico, en Italia, sumida no convulso ambiente das loitas entre o Imperio e o Papado, foi concibido como figura polémica, portavoz de todo tipo de vaticinios políticos. A confluencia desta dobre tradición, a polémica e a novelística, está recollida en *Les Prophecies*, obra na que, como xa se dixo, alternan pasaxes dun e doutro ton. Con este texto, composto a finais do século XIII, pódese dar por concluído o desenvolvemento novelístico do personaxe, que a partir dese momento só participará nos relatos como profeta de circunstancias.

Bibliografía: Alvar, *El rey Arturo*, pp. 296-299; Bogdanow, "The *Suite du Merlin*", pp. 325-335; García Gual, C., "Merlín", en *Lecturas y fantasías medievales*, Mondadori, Madrid, 1992, pp. 79-104; Harding, C. E., *Merlin and Legendary Romance*, Garland Publishing, New York-London, 1988; Jarman, A. O. H., "The Welsh Myrddin Poems", en Loomis, *Arthurian Literature*, pp. 20-30; Micha, A., "The Vulgate *Merlin*", en Loomis, *Arthurian Literature*, pp. 319-324; *Idem*, "*L'Estoire de Merlin*", pp. 590-500; *Idem*, *Étude sur le "Merlin"*; Zumthor, *Merlin le prophète*.

NEROVEIX

O Neroveix ou Renoveix do fragmento galego de *Tristan* correspóndese co Neroneus do *Tristan en prose* francés. A súa intervención na materia de Bretaña limítase a esta obra, na que a penas protagoniza un par de episodios. Neroneus de l'Ile, que fora armado cabaleiro por Lanzarote, prometeu na súa noite de vodas defende-la Pont du Geant durante un ano. Durante este tempo venceu trinta e catro cabaleiros e recibiu o alcume de Chevalier du Pont. A súa empresa rematou cando foi vencido por Lanzarote, episodio que precisamente aparece recollido no *Livro de Tristan* galego.

REIÑA (ISEO)

Amante de Tristán e filla do rei de Irlanda, a raíña Iseo tamén é coñecida polo alcume de Iseo (ou Isolda) a Loira. A súa figura atoparíase no arquetipo da lenda tristaniana, segundo demostran os paralelos coas historias irlandesas de *Diarmaid e Grainne* (séc. IX) e *O cortexo de Emmer* (séc. X). No primeiro caso

cóntase como Grainne estaba casada co rei Finn, moito maior ca ela, e como un feitizo a empurrou a amar a Diarmaid, sobriño de Finn; despois, ambos foxen da corte perseguidos polo rei. No segundo relato nárrase como o rei de Irlanda lles entregara a súa filla a uns piratas das Hébridas que fustrigaban o reino e como esta foi rescatada polo picto Drustan. Como cabía esperar, Iseo atopa os seus antecedentes máis remotos nos primeiros estadios da tradición tristaniana. Entre as características coas que a adornan os textos do século XII está a sabenza na arte de curar; ela, por exemplo, é a encargada de sanda-las feridas de Tristán cando este chega de incógnito a Irlanda nunha barca botada á deriva. Así mesmo, Thomas faina experta en compoñer poesía e música, trazo este que será retomado por obras posteriores, como o *Tristan en prose* (a primeira versión data de 1225-1235). Este motivo é, posiblemente, unha transposición das habilidades de Tristán á súa namorada, xa que o sobriño de Marco era célebre polo dominio da arpa e por ser autor de numerosos lais.

Pero, por encima de todas, a característica que sobresae en Iseo é a beleza, materializada na cor loira dos seus cabelos. A súa sona chegara ata Cornualles, impulsando o rei Marco a pedirlle ó rei de Irlanda a man da súa filla. Sen embargo, o amor desmesurado que a une a Tristán tiña que xustificarse cun vínculo máis forte có que podía suxeri-la simple aparencia externa. Por esta razón xorde, na coñecida como "versión común" –na que se integra a obra de Béroul (segunda metade do século XII)–, o filtro, que despoxa ós dous amantes do libre albedrío e que atopa unha causa á tolemia da súa paixón. A composición desta beberaxe parte nunhas versións da nai de Iseo e noutras de Brangien, a fiel servente que acompaña a princesa na súa viaxe a Bretaña. Este personaxe convértese no apoio máis firme co que conta a raíña nos momentos máis difíciles, chegando incluso a suplanta-la propia Iseo no leito nupcial e evitando así que Marco descubrise que a súa muller perdera a virxindade. Esta será a primeira dunha longa serie de estrataxemas que marca os amores furtivos dos amantes de Cornualles.

Saídas tan enxeñosas como a que se acaba de expoñer anteriormente van configurando a etopeia de Iseo como un personaxe sorprendentemente resoluto, caracterizado pola astucia e pola facilidade para atopar solucións urxentes en situacións de perigo. Isto non quere dicir que Iseo se mova a golpes de improvisación, nin tan sequera que estea dominada pola irreflexividade. Precisamente, o personaxe que nos ocupa érguese como contrapunto que matiza a conducta da súa parella. Así, no *roman* de Béroul, Tristán non dubida en acudir ó leito de Iseo, aínda sabendo que o anano Froncin e os *lauzengiers* lle tenderan unha trampa con fariña. Do mesmo xeito, cando Husdent atopa o refuxio de ambos nas profundidades do bosque de Morois, a primeira intención de Tristán é a de matalo, porque podería descubrilos cos seus ladridos; Iseo, pola contra, dificilmente perde a lucidez e, por exemplo, ante a chegada do can ó refuxio do bosque, convence o seu amante para que non o mate e para que o adestre, ensinándoo a permanecer en silencio.

Dende esta perspectiva, en Iseo reprodúcense boa parte dos prexuízos medievais acerca das mulleres, sobre todo porque esta inclinación cara ás argucias lembra a asociación das femias coa mentira e co engano en xeral. Daquela, fronte á

impetuosidade masculina –que atopamos en Tristán–, o carácter feminino vén definido pola maquinación, pola hipocrisía e pola astucia. De modo paralelo, ocontrol que de si mesma mostra Iseo desemboca ás veces en mostras de desapego e mesmo de crueldade. Así, por exemplo, segundo conta Thomas, chegou a ordena-la morte da fiel Brangien para que non a descubrise diante de Marco. E, no *Tristan en prose*, móstrase desconsiderada ante o sufrimento dos amantes non correspondidos, que, como Palamedes, a admiran sen a expectativa de obte-lo seu favor.

Con todo, o seu carácter dista de ser uniforme en tódalas obras. Así, Béroul amósanola ata certo punto contradictoria, polo xeral máis decidida ca Tristán e dotada dunha maior capacidade de iniciativa có seu namorado. Sen embargo, de cando en vez mostra momentos de febleza, como cando se derruba ante o eremita Ogrin durante a fuxida ó bosque do Morois, ou, durante o mesmo episodio, cando é presa do pánico ó ver que Marco descubriu o seu refuxio na foresta. As etapas de euforia e de confianza en si mesma alternan, xa que logo, con outras de crise e desesperanza. Nas primeiras, amosaríase quen de urdi-las artimañas e mentiras coas que evita-los perigos xurdidos da súa relación amorosa; nas segundas, deixaría ve-las profundas sombras da tristeza nas que se sume polo desgaste psicolóxico causado pola fuxida da corte. Euforia e desánimo marcarán dúas caras alternas dunha personalidade máis complexa do que puidera pensarse a primeira vista.

Mais, en xeral, pódese dicir que nos *romans* de Béroul e Thomas Iseo leva a iniciativa da acción, aínda que no segundo destes autores, por avatares da transmisión manuscrita, o seu protagonismo é máis limitado. En Béroul esta posición dominante fundaméntase no dominio da linguaxe equívoca, que encontra a súa mellor expresión no episodio da Blanche Lande. Iseo propuxéralle a Marco un *escondich* que servise para proba-la súa inocencia e que desbotase toda dúbida sobre un posible adulterio. Ó chegar ó lugar no que debía ter lugar a cerimonia, a raíña vese na obriga de cruzar un lameiro subida nos ombreiros dun leproso que resulta ser Tristán. Deste xeito, na fórmula do xuramento explica que nunca tivo entre as pernas a ninguén que non fose o rei Marco e o propio leproso que acababa de axudala, co que engana a toda a corte sen faltar á verdade. O dominio da linguaxe, polo demais, é característico da visión que a Idade Media tiña das mulleres, concibidas como mentireiras, astutas e enganadoras. Segundo a opinión dos teólogos, esta característica feminina manifestárase xa en Eva, que, coas súas palabras, levou á perdición a Adán e a toda a humanidade.

Se os equívocos verbais constitúen a característica máis salientable que Iseo amosa no *roman* de Béroul, Thomas, pola súa banda, dótaa dun maior raciocinio e clarividencia á hora de toma-las súas decisións. Non quere dicir isto que o dominio da palabra non estea presente no personaxe da "versión cortés". A discusión que a raíña mantén con Brangien, na que a servente a ameaza con contarlle todo a Marco, demostra, unha vez máis, que a súa habilidade dialéctica é o seu principal recurso para resolver situacións comprometidas. Sen embargo, a mellor perspectiva da realidade de que goza neste *roman* concédelle, no que se refire á súa propia vontade, unha marxe de manobra moito máis ampla, que se reflicte, por exemplo, na decisión de embarcarse rumbo á Pequena Bretaña cando sabe que

Tristán está ferido de morte. Neste mesmo sentido, a protagonista de Thomas incluso acepta a súa responsabilidade no amor que a une ó seu amigo e que constitúe unha fonte de desgracias para ambos. Tal actitude percíbese con claridade unha vez que o filtro perde o seu efecto. De tódolos xeitos, aínda que estamos ante unha *fin'amor* máis sólida, non deixa por iso de ser máis perigosa, pois ó final conduce á morte.

O redactor do *Tristan en prose* (a versión curta data de 1225-1235 e a longa da segunda metade do século XIII) retoma, e mesmo intensifica, esta visión do personaxe, de tal xeito que Iseo se mantén como elemento dominante na súa relación co sobriño do rei Marco. Nesta obra non só é a que posúe unha meirande capacidade de acción, senón que a miúdo é ela a que leva a iniciativa e sobre a que cae a responsabilidade á hora de resolve-las situacións conflictivas. Neste senso atopariámonos ante outro motivo de subversión da orde social medieval, xa que o pensamento cristián, a partir da interpretación da *Biblia* e das esexeses dos Padres da Igrexa, dispoñía a subordinación da muller fronte ó home, ben pola súa inferioridade natural, ben polo castigo imposto por Deus a causa do Pecado Orixinal.

Bibliografía: Alvar, *El rey Arturo*, pp. 233-235; Bertolucci Pizzorusso, V., "'L'arpa d'Isotta': variazioni testuali e figurative", *Mélanges Philippe Ménard*, Honoré Champion, Paris, 1998, vol. I, pp. 101-119; Curtis, R. L., "The Character of Iseut in the *Prose Tristan* (Parts I and II)", en *Mélanges Jeanne Lods*, Collection de l'École Normale Supérieure de Jeunes Filles, Paris, 1978, pp. 173-182; Frappier, J., "La reine Iseut dans le *Tristan* de Béroul", *Romance Philology*, XXVI (1972), pp. 215-228; Jonin, P., "La vengeance chez l'Iseut de Béroul et chez l'Iseut de Thomas", *Neophilologus*, XXXIII (1949), pp. 207-209; *Idem*, *Les personnages féminins dans les romans français de Tristan au XII^e siècle*, Éditions Orphys, Gap, 1958; Thompson, R. H., "Tristan and Isolde", en Lacy, *The New Arthurian Encyclopedia*, pp. 463-465; West, *French Arthurian Prose Romances*, p. 308.

SERALOIS

Reino limítrofe co de Logres, que se estende ó sur do reino de Norgales; do primeiro afástao o río Severn e do segundo a Calzada Galesa. A descrición máis detallada desta terra aparece no *Lancelot propre* (ca. 1215) e dela dedúcese que se estendería ó occidente de Logres, entre Gales e o señorío de Galahot, coñecido como as Estrañas Illas; ou, baseándonos en fitos máis concretos, entre a costa galesa e o río Severn. Segundo esta obra, Sorelois quedaba illado do reino de Artur por este río, que, de norte a sur, ía dun mar a outro seguindo a fronteira entre Gales e Inglaterra. Daquela, para acceder a Sorelois había que atravesa-lo citado rio, que era, segundo se di, longo, profundo e caudaloso, a través de dúas calza-

das fortemente vixiadas. A máis famosa delas era a que comunicaba con Norgales e recibía o nome de Calzada Galesa. Estas dúas vías coas súas fortificacións foran construídas no tempo de Merlín, xusto antes de que comezasen as aventuras do reino artúrico. Ó mesmo tempo, tódolos outros camiños de entrada foran inutilizados para, deste xeito, preservar a Sorelois dunha posible invasión. Quen ordenou facer todo isto foi o pai do rei Gloier, sobriño á súa vez do rei de Northumberland. Sen embargo, e a pesar das defensas do reino, Gloier perdeuno a mans de Galehant.

A protección deste reino non se limitaba ás bisbarras fronteirizas coas posesións de Artur. Todo el estaba cheo de grandes castelos e de moi boas fortalezas. Tamén era famoso polo abastado do seu solo e estaba considerado como unha das terras máis fértiles de Bretaña, abundante en ríos, pastos e bosques. No *Lancelot*, este é o lugar ó que se retira Galehant cando abandona a corte artúrica. Nunha ocasión vai alá con Lanzarote, ó pouco de xurdi-la amizade entre ambos; na outra, acolle tamén a raíña, durante o episodio da Falsa Xenebra, no que Artur repudia a súa muller en favor da filla de Leodagan e de Cleodalis, esposa do seu senescal.

Bibliografía: Alvar, *El rey Arturo*, pp. 367-368; Brugger, E., "Beiträge zur Erklärung der arthurischen Geographie. II. Gorre", *Zeitschrift für Französische Sprache und Literatur*, XXVIII (1905), pp. 16-18; Loomis, *Arthurian Tradition*, pp. 453-454; Lot, *Étude*, p. 145; West, *French Arthurian Prose Romances*, pp. 281-282.

TRISTAN

Tristán de Leonois é o sobriño do rei Marco de Cornualles e o amante da raíña Iseo. A súa figura é, case con seguridade, de procedencia picta; o seu antecedente sería un guerreiro de nome Drust ou Drustan, fillo dun xefe do devandito pobo chamado Talorc, que viviría no século VI. A historia de Tristán é, en principio, allea á materia estrictamente artúrica, á que se irá incorporando ó longo dos séculos XII e XIII.

A historia arquetípica do personaxe debía xirar arredor do combate co Morholt, como demostra *O cortexo de Emer*, relato irlandés do século X que incorpora nun dos seus episodios a historia do picto Drust. Este chega a Irlanda e rescata a filla do rei, que lles fora entregada como tributo a uns piratas das illas Hébridas. Sen saber quen a liberara, a princesa agasállao cunha fita, obxecto que lle permitirá recoñecelo máis tarde. O testemuño irlandés amosa a canle que permitiu a chegada das tradicións tristanianas ó sur de Gran Bretaña. De Irlanda pasaron, así mesmo, a Gales, onde, como recollen unha das *Tríadás* galesas (listas, algunhas de gran antigüidade, de personaxes e motivos da tradición bretona agrupados de tres en tres) e o *mabinogi* de *O soño de Rhonabwy* (relato galés composto entre 1220 e 1225), o protagonista adquiriu o nome de Drystan, fillo de Tallwch; dende as illas a tradición espallouse polo continente, a onde chegaría, polo menos, a comezos

do século XI. Ó longo deste percorrido o arquetipo foi modificado e enriquecido. Por exemplo, a historia de amor entre Tristán e Isolda, enfrontados ó tío deste, Marco, sería de procedencia irlandesa, segundo demostra a afinidade co relato dos amores entre Diarmaid e Grainne (séc. IX). O episodio da Salle aux Images (a Sala das Imaxes) que conta Thomas podería ser de orixe setentrional, aínda que tal vez lle servira de fonte inmediata un relato similar recollido no *Brut* de Robert Wace (1155). Outros engadidos proceden de Cornualles, como o personaxe do propio Marco, que segundo as tradicións nativas foi rei do país e tivo a súa residencia no castelo de Tintagel. En canto ó motivo das orellas de cabalo que, segundo Béroul, caracterizaban o rei, débese remontar a un estadio moi temperán da lenda, posto que a etimoloxía do nome do rei nas distintas linguas celtas remite ó termo 'cabalo'. Hai elementos que son de orixe bretona, como o combate contra o dragón pezoñento que deixa malferido o heroe -substituto da lanza envelenada de Morholt-, o nome do pai do protagonista, que pasa a chamarse Rivalen, ou o motivo do barco coas velas brancas e as velas negras, este último relacionado co mito de Teseo. En fin, certos motivos revelan unha procedencia allea á cultura celta, como a cita espiada dende a árbore ou o xuramento ambiguo, que se remontan a unha fonte oriental, ou o casamento de Tristán con Iseo das Brancas Mans, que é de orixe latina.

A grandes trazos, a historia de Tristán e Isolda resúmese nos intentos sempre baldíos de levar adiante o seu amor. A clave do relato radica no filtro de amor que a nai de Isolda preparara para a súa filla e Marco, o futuro esposo. A versión de Béroul establece un prazo de tres anos durante o que o bebedizo tería efecto. Nese período, o comportamento antisocial dos protagonistas parece xustificado; sen embargo, cando a beberaxe perde eficacia –feito que coincide coa estadía no bosque de Morois– queda claro que non hai remorso pola relación en si. O que xorde daquela é a nostalxia da súa vida anterior, así como certo arrepentimento polas consecuencias nefastas que esa paixón levou aparelladas, especialmente o abandono da vida cortesá. A caducidade dos efectos do filtro resulta importante porque preserva o libre albedrío da parella e fai do seu amor unha decisión consciente, o que equivale a exalta-la forza do sentimento por encima de posibles predeterminacións.

Despois de que no traxecto de Irlanda a Cornualles a parella bebera o filtro, sucédense os encontros secretos. O que se conserva do *roman* de Béroul (segunda metade do séc. XII) comeza coa escena da cita espiada, na que a parella se atopa unha noite no xardín, mentres Marco, por consello do anano Froncin, vixía dende a copa dunha árbore. Séguelle o episodio da fariña, no que os amantes son descubertos ó caer nunha trampa que así mesmo lles tendera Froncin. Tristán foxe, pero Isolda é capturada e entregada a uns leprosos; o protagonista acode ó seu rescate e refúxianse no bosque de Morois. Alí desaparece o efecto do filtro e, tras unha entrevista co eremita Ogrin, deciden separarse un do outro: Isolda volve á corte co seu marido, mentres Tristán, dende o desterro, urde diversas estrataxemas para achegarse á súa amada –entre elas, vestirse de leproso, como ocorre no episodio do xuramento ambiguo, ou de tolo, como sucede nas *Folies* de Berna e

Oxford (segunda metade do século XII)–. Segundo relata Thomas, no seu errar o heroe chega á corte de Hoel de Armórica e casa coa filla deste, Isolda das Brancas Mans. Con todo, non é quen de esquecer a Isolda a Loira e non chega a consumalo matrimonio. Nunha ocasión, mentres axudaba a Tristán o Anano, cae ferido por unha lanza envelenada e morre. A pesar de constituír un relato coherente, as aventuras que se suceden dende o momento en que os amantes toman o filtro semellan unha recompilación de pequenos relatos non integrados perfectamente baixo a forma dun só *roman*, e que aínda conservan certa autonomía. Esta sensación refórzase ó comprobar que cando se compoñen as primeiras narracións conservadas xa circulaban relatos curtos, ó estilo das *Folies* ou do *Lai du chevrefeuil* de Marie de France (ca 1160-1170).

A grande difusión da historia de Tristán reflíctese nas diversas versións que se datan no mesmo século XII: os *romans* fragmentarios de Béroul e Thomas, o de Eilhart von Oberge (ca. 1170), os relatos fragmentarios coñecidos como *Folies* –de Oxford e de Berna–, o *Lai du chevrefeuil* de Marie de France ou o *roman* sobre o rei Marco e a raíña Isolda que, segundo unha declaración contida no *Cligès* (ca. 1176), compuxo Chrétien de Troyes. Outras reelaboracións sitúanse xa no século XIII, como a de Gottfried de Strasbourg ou o longo *roman* do *Tristan en prose* francés. Nesta época prodúcese a integración de Tristán no universo artúrico, posiblemente antes do ano 1170. Os textos do século XII preséntano como integrante da corte de Artur e, de feito, aparece nalgúns dos elencos de cabaleiros que ofrece Chrétien. Do mesmo xeito, aínda que xa a comezos dos século XIII, o relato galés titulado *O soño de Rhonabwy* tamén alude a el como un cabaleiro artúrico. Sen embargo, o de Leonois non chega a intervir nas aventuras e nas súas aparicións limítase a ser un simple nome. Pola súa parte, os *romans* de asunto tristaniano, como os de Thomas e Béroul, dan a impresión de dous universos paralelos –o mundo de Tristán e o de Artur– que só se encontran en pasaxes ocasionais, como sucede no episodio do xuramento da Blanche Lande. A integración plena do ciclo de Tristán na materia artúrica chega co *Tristan en prose*, datado, na súa versión curta, arredor dos anos 1225-1235 e, na longa, na segunda metade do século XIII. Nesta obra Tristán non só é nomeado cabaleiro da Mesa Redonda, senón que a súa historia amorosa se dilúe nunha trasfega de aventuras cabaleirescas ó xeito dos cabaleiros de Logres. Entre estas inclúese a participación na busca do Santo Graal. Así mesmo, o final do protagonista vén da man dun personaxe artúrico, como é a fada Morgana. Tristán matara un cabaleiro que era amante da irmá de Artur; esta, en vinganza, róuballe a lanza, úntaa de veleno e entrégalla a Marco. Será con esta arma coa que o monarca de Cornualles mate o seu sobriño. Como se pode apreciar, a morte de Tristán aseméllase ós conflictos que Lanzarote e, sobre todo, Artur tiveran coa feiticeira. A *Suite du Merlin* contaba como Artur matara nun duelo a Accolon, amante de Morgana; en vinganza, esta arrebatáralle ó rei a súa espada Escalibur, pois a vaíña desta protexía o monarca da morte. Morgana convértese deste xeito en responsable indirecta do pasamento do rei na batalla de Salesbières, do mesmo xeito que no *Tristan en prose* provoca indirectamente a morte de Tristán.

